ESCOLA DE DOUTORAMENTO
INTERNACIONAL DA USC

Clara
Lago Caamaño

Tese de doutoramento

Cambio lingüístico en tempo real no léxico dispoñible do galego: a alimentación

Santiago de Compostela, 2024

Programa de Doutoramento en Lingüística

ESCOLA DE DOUTORAMENTO
INTERNACIONAL DA USC

TESE DE DOUTORAMENTO

CAMBIO LINGÜÍSTICO EN TEMPO REAL NO LÉXICO DISPOÑIBLE DO GALEGO: A ALIMENTACIÓN

Autora

Clara Lago Caamaño

Director: Xulio C. Sousa Fernández

PROGRAMA DE DOUTORAMENTO EN LINGÜÍSTICA

SANTIAGO DE COMPOSTELA

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Él la creyó ligue fácil,
la invitó a cenar en un lujoso restaurante.
Él tenía tela.
—Yo melón con jamón.
¿Y tú, gacela?
—Yo —dijo la obrera—,
sandía con mortadela.

Gloria Fuertes

USC
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Agradecementos

Son moitas as persoas que contribuíron, de distintas formas, a que esta tese fose posible e quérolles expresar o meu agradecemento.

Ó meu director Xulio Sousa. Grazas polos consellos, polo tempo e o esforzo dedicado ás correccións e por guiarme durante estes anos. Grazas tamén pola confianza neste proxecto e polos ánimos e o acompañamento ó longo de todo o proceso.

Ás profesoras María Álvarez de la Granja e Belén López Meirama, porque sen o seu traballo previo o meu non sería posible. Grazas por cederme os materiais necesarios para esta investigación e por resolver calquera dúbida que puidese ter sobre eles. A Guillermo Rojo, por toda a axuda que me proporcionou no inicio do proxecto, especialmente durante o proceso de lematización.

Ás persoas que me acolleron no Romanisches Seminar da Universidade de Zürich. A Carlota de Benito, a Johannes Kabatek e a todas as compañeiras coas que compartín tres meses inesquecibles. Grazas especialmente a Marisa Gago por coidarme tan ben lonxe da casa.

A José Antonio Bartol Hernández, Natividad Hernández Muñoz, Carmela Tomé Cornejo e Alba Aguete, por recibirme na Universidade de Salamanca no tramo final desta tese e por compartir comigo todo o que saben.

Ó profesorado dos institutos que colaboraron neste proxecto, pola disposición e por cederme o seu tempo de clase nun ano convulso. Ós centos de alumnas e alumnos protagonistas deste traballo, que me deron acceso ás palabras da súa mente.

Ó profesorado da Facultade de Filoloxía. Transmitístesme o amor pola lingüística e déstesme ferramentas teóricas coas que empezar a entender as linguas e o mundo.

A todas as persoas coas que fun feliz no ILG durante estes anos. Tiven a oportunidade de compartir cafés, petiscos e conversas con xente marabillosa da que aprendín moito de lingüística e de mil millóns de

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

cousas máis. Estarei eternamente agradecida por ter a sorte de traballar nun lugar tan especial no que impera o compañeirismo. Quero darlles as grazas especialmente ás persoas que fixeron unha tese antes ca min, que me axudaron en absolutamente todo o que puideron e que me facilitaron todo o posible este camiño.

Ás miñas amigas, grazas por sacarme da casa e por enlearme para facer todo tipo de plans. Quero seguir compartindo con vós arepas, bocatas, hamburguesas, pratos de embutidos, suxi, xeados, batidos, kebabs, tortillas, pizzas, tapas... e tamén memes, dramas, paseos, xogos de mesa, películas, concertos e excursións. Sodes as mellores. Quero dar as grazas en especial a Vanesa, empezamos unha tese xuntas e foi impresionante compartir este camiño. Grazas por estar para todo. Por moitos anos máis de cafés *fancy* e de debates transcendentais sobre tipos de bolígrafos!

A miña nai e a meu pai. Grazas polo apoio incondicional, por confiar en min máis do que confío eu moitas veces e por estar aí sempre. Grazas tamén polos *tuppers*, a froita e os ovos, porque o apoio emocional é importante, pero o apoio loxístico tamén axuda. A Iria, a artista da familia e a mellor irmá que me puido tocar, grazas por apoiarme e aturarme. De maior quero ser máis coma ti.

A Alex. Grazas por todo. Grazas pola paciencia, polo apoio loxístico e informático e por animarme a perderlle o medo ós números. Grazas por ensinarme a pescar, polos memes da máis alta calidade, por facerme rir, por tirar por min, por coidarme, por sacarme da casa e por obrigarme a descansar. Es o mellor compañeiro do mundo e non teño palabras para agradecerche que esteas aí sempre.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Resumo

Este traballo ten como finalidade contribuír a aumentar o coñecemento sobre o cambio lingüístico no léxico dispoñible do galego a partir da análise de datos do ámbito léxico da alimentación. O obxectivo fundamental desta investigación é coñecer as mudanzas que se observan entre dúas mostras de léxico dispoñible recollidas en 2008-2008 e en 2020-2021 e comprobar se algunhas das diferenzas que se rexistran gardan relación con cambios nos hábitos alimentarios. A metodoloxía que empregamos fundaméntase na documentación e análise das diferenzas que se observan entre as dúas mostras, cuxos datos foron obtidos a partir de probas de asociación libre realizadas a alumnado de 2º de bacharelato da provincia da Coruña. Tomamos como punto de partida as enquisas realizadas para o proxecto do *Léxico dispoñible do galego* (López Meirama & Álvarez de la Granja 2014) e reproducimos a metodoloxía deste proxecto para obter datos comparables. A análise cualitativa e cuantitativa da información rexistrada en ambas as mostras achegará información sobre a estabilidade do léxico dispoñible nun período de tempo breve, permitirá coñecer mellor a influencia do contexto no léxico que se rexistra nos cuestionarios e contribuirá a esclarecer aspectos relacionados co léxico dispoñible nunha lingua en situación de contacto para a que non hai moitos traballos previos sobre o tema.

Abstract

The aim of this dissertation is to contribute to increase the knowledge about linguistic change in the Galician available lexicon by analysing data from the lexical domain of food. The main objective of this research is to find out the changes observed between two samples from a lexical

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

availability task collected in 2008-2009 and in 2020-2021 and to check whether some of the differences found are related to changes in food habits. The methodology we used is based on the documentation and analysis of the differences observed between the two samples, containing data obtained from word association tests carried out with students in the 2nd year of bacharelato in the province of A Coruña. We take as a starting point the surveys carried out for the *Léxico dispoñible do galego* project (López Meirama & Álvarez de la Granja 2014) and reproduce the methodology of this project to obtain comparable data. The qualitative and quantitative analysis of the information recorded in both samples will provide information on the stability of the available lexicon over a short period of time, will provide a better understanding of the influence of context on the words collected in the questionnaires and will help to clarify aspects related to lexical availability in a language in contact situation for which there is not much previous work on the subject.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Índice xeral

Agradecementos **iii**

Resumo **v**

Índice de figuras **xi**

Índice de táboas **xiii**

Índice de abreviaturas **xxi**

1 Introdución **1**
1.1 Obxectivos e xustificación 2

2 Marco teórico **5**
2.1 Variación e cambio lingüístico 5
2.2 O léxico dispoñible 10
2.2.1 Léxico dispoñible e cambio lingüístico 16
2.3 Os estudos alimentarios 18
2.3.1 Contextualización 20
2.3.2 Lingua e alimentación 24

3 Aspectos metodolóxicos **27**
3.1 A enquisa e a recollida de datos 27
3.2 As variables estudadas 32
3.3 Características da mostra LD2020 33
3.3.1 Características sociolóxicas 34
3.3.2 Características sociolingüísticas 39
3.4 Procesamento dos datos 54
3.4.1 Criterios de edición xerais 56
3.4.2 Criterios de procesamento específicos dos CI 62
3.4.2.1 CI 02. A roupa 62
3.4.2.2 CI 05. Os alimentos e as bebidas 63

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

3.4.2.3 CI 06. Os obxectos colocados na mesa para a comida 64
3.4.2.4 CI 07. A cociña e os seus utensilios . . . 66
3.4.2.5 CI 15. Os xogos e as distraccións 67

4 Resultados **71**
4.1 Análise contrastiva dos principais valores das mostras LD2020 71
4.2 Produción segundo variables 76
4.2.1 Sexo 77
4.2.2 Lingua inicial 79
4.2.3 Lingua habitual 82
4.2.4 Nivel sociocultural 85
4.2.5 Tipo de centro 87
4.2.6 Tipo de poboación do centro 90
4.2.7 Tipo de poboación da residencia familiar 93
4.2.8 Localización do centro educativo 96
4.2.9 Tempo de residencia en Galicia 98
4.2.10 Resumo dos resultados de produción segundo as variables 100
4.2.11 Análise con modelos lineais de efectos mixtos . . . 101

5 Estabilidade e cambio no léxico dispoñible da alimentación en galego **109**
5.1 Os alimentos e as bebidas 110
5.1.1 Desaparicións 111
5.1.2 Innovacións 114
5.1.3 Frecuencia e posición 117
5.1.3.1 Cambios na frecuencia 117
5.1.3.2 Cambios na posición 122
5.2 Os obxectos colocados na mesa para a comida 126
5.2.1 Desaparicións 127
5.2.2 Innovacións 130
5.2.3 Frecuencia e posición 132
5.2.3.1 Cambios na frecuencia 133
5.2.3.2 Cambios na posición 135
5.3 A cociña e os seus utensilios 139
5.3.1 Desaparicións 140

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

5.3.2 Innovacións 142
5.3.3 Frecuencia e posición 145
5.3.3.1 Cambios na frecuencia 145
5.3.3.2 Cambios na posición 148
5.4 Resumo dos cambios no léxico dispoñible do galego relacionado coa alimentación e contraste cos CI *A roupa* e *Os xogos e as distraccións* 152
5.5 Cambios nas asociacións e teoría de grafos 165
5.5.1 Valores globais 168
5.5.2 Cambios nas asociacións 171
5.5.2.1 Os alimentos e as bebidas 172
5.5.2.2 Os obxectos colocados na mesa para a comida 176
5.5.2.3 A cociña e os seus utensilios 178
5.5.3 Análise de comunidades 180
5.5.3.1 Os alimentos e as bebidas 181
5.5.3.2 Os obxectos colocados na mesa para a comida 185
5.5.3.3 A cociña e os seus utensilios 189
5.5.4 Resumo dos resultados da análise con grafos e contraste cos CI *A roupa* e *Os xogos e as distraccións* 193

6 Cambio no léxico da alimentación: análise sociocultural 203
6.1 Dispoñibilidade e consumo 205
6.1.1 Bebidas 205
6.1.2 Carne e produtos cárnicos 209
6.1.3 Peixes e mariscos 210
6.1.4 Verduras, froitas e outros alimentos vexetais 212
6.2 Globalización, tradición e tendencias alimentarias nos sistemas alimentarios do S. XXI 214
6.2.1 Globalización e novos alimentos 215
6.2.2 O tradicional, o típico e a lingua galega 218
6.2.3 Os obxectos nas cociñas 221
6.2.4 Vexetarianismo e veganismo 223
6.2.5 Nutrición, saúde e aspecto físico 225
6.2.6 Produción, orixe, procesamento e adquisición dos alimentos 229
6.2.7 Outras tendencias 231

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

6.2.8 Resumo dos resultados 233

7 Conclusions **235**
7.1 Main findings and discussion 235
7.2 Future research 240

A Apéndices **247**

Bibliografía **249**

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Índice de figuras

3.1 Participantes da mostra LD2020 segundo a localidade da residencia familiar e comparación cos datos da mostra LDGC. 37
3.2 Participantes da mostra LD2020 segundo o NSC e comparación cos datos da mostra LDGC. 39
3.3 Comparación dos datos de LI da mostra LD2020 cos do IGE (2018) para toda Galicia 41
3.4 Participantes da mostra LD2020 segundo a LI e a LH. Porcentaxes. 45
3.5 Participantes da mostra LD2020 segundo a LH e o sexo. Porcentaxes. 46
3.6 Participantes da mostra LD2020 segundo a LH e o tipo de centro educativo. Porcentaxes. 48
3.7 Participantes da mostra LD2020 segundo a LH e o NSC. Porcentaxes. 49
3.8 Participantes da mostra LD2020 segundo a LH e a localidade do centro educativo. Porcentaxes. 51
3.9 Participantes da mostra LD2020 segundo a LH e a localidade da residencia familiar. Valores absolutos. 52
3.10 Participantes da mostra LD2020 segundo a LH e a localización do centro educativo. Porcentaxes. 53

5.1 Grafo lineal con filtro por peso de aresta >15 realizado a partir da mostra LDGC. CI *Os alimentos e as bebidas*. . . 184
5.2 Grafo lineal con filtro por peso de aresta >15 realizado a partir da mostra LD202.1. CI *Os alimentos e as bebidas*. . 185
5.3 Grafo lineal con filtro por peso de aresta >15 realizado a partir da mostra LDGC. CI *Os obxectos colocados na mesa para a comida*. 188

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

5.4 Grafo lineal con filtro por peso de aresta >15 realizado a partir da mostra LD2020.1. CI *Os obxectos colocados na mesa para a comida.* 189
5.5 Grafo lineal con filtro por peso de aresta >15 realizado a partir da mostra LDGC. CI *A cociña e os seus utensilios.* 192
5.6 Grafo lineal con filtro por peso de aresta >15 realizado a partir da mostra LD2020.1. CI *A cociña e os seus utensilios.* 193
5.7 Grafo lineal das asociacións do lema *san* en 2008. 201
5.8 Grafo lineal das asociacións do lema *san* en 2020. Mostra LD2020.1. 202

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Índice de táboas

3.1 Centros educativos nos que se obtiveron os datos das dúas mostras comparadas. 31
3.2 Participantes da mostra LD2020 segundo o sexo e comparación con datos do IGE (2020a). 34
3.3 Participantes da mostra LD2020 segundo o tipo de centro e comparación con datos do IGE (2020a). 34
3.4 Participantes da mostra LD2020 segundo a localidade do centro educativo e comparación cos datos da mostra LDGC. 36
3.5 Participantes da mostra LD2020 segundo a localidade da residencia familiar e comparación cos datos da mostra LDGC. 37
3.6 Participantes da mostra LD2020 segundo o NSC e comparación cos datos do LDGC. 38
3.7 Comparación dos datos de lingua inicial na mostra LD2020 cos do IGE (2018) de toda Galicia 40
3.8 Comparación dos datos de LI das mostras LDGC e LD2020. 42
3.9 Comparación dos datos de LH da mostra LD2020 cos do IGE (2018) da provincia da Coruña 43
3.10 Comparación dos datos de LH das mostras LDGC e LD2020. 43
3.11 Participantes da mostra LD2020 segundo a LI e a LH. Valores absolutos. 44
3.12 Participantes da mostra LD2020 segundo a LH e o sexo. Valores absolutos. 46
3.13 Participantes da mostra LD2020 segundo a LH e o tipo de centro educativo. Valores absolutos. 47
3.14 Participantes da mostra LD2020 segundo a LH e o NSC. Valores absolutos. 49
3.15 Participantes da mostra LD2020 segundo a LH e a localidade do centro educativo. Valores absolutos. 50
3.16 Participantes da mostra LD2020 segundo a LH e a localidade da residencia familiar. Valores absolutos. 52

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

3.17 Participantes da mostra LD2020 segundo a LH e a localización do centro educativo. Valores absolutos. 53

4.1 Valores para os principais índices cuantitativos nas dúas mostras estudadas. 71
4.2 CI ordenados de maior a menor segundo o número de palabras totais e a media de palabras por informante. . . 72
4.3 Media de respostas por informante en investigacións de distintas localidades. 74
4.4 Principais valores estatísticos para a variable sexo nos distintos CI da mostra LDGC. 77
4.5 Principais valores estatísticos para a variable sexo nos distintos CI da mostra LD2020. 78
4.6 Significación estatística da variable sexo nos cinco CI das dúas mostras. 78
4.7 Principais valores estatísticos para a variable lingua inicial nos distintos CI da mostra LDGC. 80
4.8 Principais valores estatísticos para a variable lingua inicial nos distintos CI da mostra LD2020. 81
4.9 Significación estatística da variable lingua inicial nos cinco CI das dúas mostras. 82
4.10 Principais valores estatísticos para a variable lingua habitual nos distintos CI da mostra LDGC. 83
4.11 Principais valores estatísticos para a variable lingua habitual nos distintos CI da mostra LD2020. 84
4.12 Significación estatística da variable lingua habitual nos cinco CI das dúas mostras. 85
4.13 Principais valores estatísticos para a variable nivel sociocultural nos distintos CI da mostra LDGC. 86
4.14 Principais valores estatísticos para a variable nivel sociocultural nos distintos CI da mostra LD2020. 87
4.15 Principais valores estatísticos para a variable tipo de centro educativo nos distintos CI da mostra LDGC. 88
4.16 Principais valores estatísticos para a variable tipo de centro educativo nos distintos CI da mostra LD2020. 89
4.17 Significación estatística da variable tipo de centro educativo nos 5 CI das dúas mostras 90

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

4.18 Principais valores estatísticos para a variable tipo de poboación en que se sitúa o centro educativo nos distintos CI da mostra LDGC. 91
4.19 Principais valores estatísticos para a variable tipo de poboación en que se sitúa o centro educativo nos distintos CI da mostra LD2020. 92
4.20 Significación estatística da variable tipo de poboación en que se sitúa o centro educativo nos cinco CI das dúas mostras 93
4.21 Principais valores estatísticos para a variable tipo de poboación en que se sitúa a residencia familiar nos distintos CI da mostra LDGC. 94
4.22 Principais valores estatísticos para a variable tipo de poboación en que se sitúa a residencia familiar nos distintos CI da mostra LD2020. 95
4.23 Significación estatística da variable tipo de localidade en que se sitúa a residencia familiar nas dúas mostras. 95
4.24 Principais valores estatísticos para a variable localización do centro educativo nos distintos CI da mostra LDGC. . . 97
4.25 Principais valores estatísticos para a variable localización do centro educativo nos distintos CI da mostra LD2020. . 97
4.26 Significación estatística da variable localización do centro educativo nos cinco CI das dúas mostras 98
4.27 Principais valores estatísticos para a variable tempo de residencia en Galicia nos distintos CI da mostra LDGC. . 99
4.28 Principais valores estatísticos para a variable tempo de residencia en Galicia nos distintos CI da mostra LD2020. 99
4.29 Variables que resultaron significativas nos cinco CI das dúas mostras 101

5.1 Lemas coincidentes e diferentes do CI *Os alimentos e as bebidas* nas mostras LDGC e LD2020 e número de respostas asociadas a estes lemas. 111
5.2 Lemas únicos do CI *Os alimentos e as bebidas* na mostra LDGC segundo distintos niveis de corte. 112
5.3 15 lemas máis dispoñibles do CI *Os alimentos e as bebidas* recollidos na mostra LDGC que non se recolleron na mostra LD2020. 113

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

5.4 Lemas únicos do CI *Os alimentos e as bebidas* na mostra LD2020 segundo distintos niveis de corte. 115
5.5 15 lemas máis dispoñibles do CI *Os alimentos e as bebidas* recollidos na mostra LD2020 que non se recolleron na mostra LDCG. 116
5.6 Unidades do CI *Os alimentos e as bebidas* cuxa frecuencia diminúe para as que se obtiveron valores de $p<0,05$ na proba de khi-cadrado 119
5.7 Unidades do CI *Os alimentos e as bebidas* cuxa frecuencia aumenta para as que se obtiveron valores de $p<0,05$ na proba de khi-cadrado 121
5.8 Lemas máis dispoñibles das mostras LDGC e LD2020 no CI *Os alimentos e as bebidas*. 124
5.9 Maiores descensos de posición para as unidades máis dispoñibles da mostra LDGC no CI *Os alimentos e as bebidas*. 125
5.10 Maiores subidas de posición para as unidades máis dispoñibles da mostra LD2020 no CI *Os alimentos e as bebidas*. 126
5.11 Lemas coincidentes e diferentes do CI *Os obxectos colocados na mesa para a comida* nas mostras LDGC e LD2020 e número de respostas asociadas a estes lemas. 127
5.12 Lemas únicos do CI *Os obxectos colocados na mesa para a comida* na mostra LDGC segundo distintos niveis de corte. 128
5.13 15 lemas máis dispoñibles do CI *Os obxectos colocados na mesa para a comida* recollidos na mostra LDGC que non se recolleron na mostra LD2020. 129
5.14 Lemas únicos do CI *Os obxectos colocados na mesa para a comida* na mostra LD2020 segundo distintos niveis de corte. 130
5.15 15 lemas máis dispoñibles do CI *Os obxectos colocados na mesa para a comida* recollidos na mostra LD2020 que non se recolleron na mostra LDCG. 131
5.16 Unidades do CI *Os obxectos colocados na mesa para a comida* cuxa frecuencia diminúe para as que se obtiveron valores de $p<0,05$ na proba de khi-cadrado 133

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

5.17 Unidades do CI *Os obxectos colocados na mesa para a comida* cuxa frecuencia aumenta para as que se obtiveron valores de $p<0{,}05$ na proba de khi-cadrado 135
5.18 Lemas máis dispoñibles das mostras LDGC e LD2020 no CI *Os obxectos colocados na mesa para a comida*. 137
5.19 Maiores descensos de posición para as unidades máis dispoñibles da mostra LDGC no CI *Os obxectos colocados na mesa para a comida*. 138
5.20 Maiores subidas de posición para as unidades máis dispoñibles da mostra LDGC no CI *Os obxectos colocados na mesa para a comida*. 139
5.21 Lemas coincidentes e diferentes do CI *A cociña e os seus utensilios* nas mostras LDGC e LD2020 e número de respostas asociadas a estes lemas. 140
5.22 Lemas únicos do CI *A cociña e os seus utensilios* na mostra LDGC segundo distintos niveis de corte. 140
5.23 15 lemas máis dispoñibles do CI *A cociña e os seus utensilios* recollidos na mostra LDGC que non se recolleron na mostra LD2020. 141
5.24 Lemas únicos do CI *A cociña e os seus utensilios* na mostra LD2020 segundo distintos niveis de corte. 143
5.25 15 lemas máis dispoñibles do CI *A cociña e os seus utensilios* recollidos na mostra LD2020 que non se recolleron na mostra LDGC. 144
5.26 Unidades do CI *A cociña e os seus utensilios* cuxa frecuencia diminúe para as que se obtiveron valores de $p<0{,}05$ na proba de khi-cadrado. 146
5.27 Unidades do CI *A cociña e os seus utensilios* cuxa frecuencia aumenta para as que se obtiveron valores de $p<0{,}05$ na proba de khi-cadrado. 148
5.28 Lemas máis dispoñibles das mostras LDGC e LD2020 no CI *A cociña e os seus utensilios*. 150
5.29 Maiores descensos de posición para as unidades máis dispoñibles da mostra LDGC no CI *A cociña e os seus utensilios*. 151

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

5.30 Maiores subidas de posición para as unidades máis dispoñibles da mostra LDGC no CI *A cociña e os seus utensilios*. 152
5.31 Lemas coincidentes e diferentes nas mostras LDGC e LD2020. 153
5.32 Respostas que se corresponden con lemas coincidentes e diferentes nas mostras LDGC e LD2020. 155
5.33 Unidades non coincidentes exclusivas da mostra LDGC nos cinco CI segundo distintos niveis de corte. 156
5.34 Voces desaparecidas máis dispoñibles nos cinco CI estudados. 158
5.35 Unidades non coincidentes exclusivas da mostra LDG2020 nos cinco CI segundo distintos niveis de corte. 160
5.36 Voces novas máis dispoñibles nos cinco CI estudados. . . . 161
5.37 Lemas sobre o total de coincidentes que experimentan cambios de frecuencia en cada CI. 162
5.38 Lemas coincidentes entre os 15 máis dispoñibles nas dúas mostras. 164
5.39 Número de persoas que produciron as asociacións máis frecuentes da mostra LD2020 en tres mostras aleatorias de 336 informantes xeradas a partir desta. 168
5.40 Valores globais para os grafos lineais dos CI alimentarios descartando os lemas producidos por un único informante 170
5.41 Comparación das coocorrencias máis frecuentes no CI *Os alimentos e as bebidas* en 2008-2009 e en 2020-2021. . . . 175
5.42 Comparación das coocorrencias máis frecuentes no CI *Os obxectos colocados na mesa para a comida* en 2008-2009 e en 2020-2021. 177
5.43 Comparación das coocorrencias máis frecuentes no CI *A cociña e os seus utensilios* en 2008-2009 e en 2020-2021. . 179
5.44 Valores globais para os grafos lineais dos CI *A roupa* e *Os xogos e as distraccións* descartando os lemas producidos por un único informante 194
5.45 Asociacións coincidentes entre as 10 máis frecuentes na mostra LDGC e na media das submostras de 2020-2021. . 195
5.46 Porcentaxe de asociacións producidas por máis do 2 % de participantes que só se recolleron nunha das mostras. . . . 196

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

5.47 Asociacións nas mostras LDGC e na mostra LD2020.1 segundo a súa frecuencia. 198

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Índice de abreviaturas

AD	Grao medio do grafo
APL	Lonxitude media do camiño do grafo
CC	Coeficiente de agrupamento do grafo
CI	Centro/s de interese
CI 05	Centro de interese *Os alimentos e as bebidas*
CI 06	Centro de interese *Os obxectos colocados na mesa para a comida*
CI 07	Centro de interese *A cociña e os seus utensilios*
Dispo.	Dispoñibles
DL	Dispoñibilidade léxica
DRAG	Dicionario da Real Academia Galega
Frec.	Frecuencia
Frec. abs. acum.	Frecuencia absoluta acumulada
Frec. acum.	Frecuencia acumulada
Frec./F. abs.	Frecuencia absoluta
GDXL	*Gran Dicionario Xerais da Lingua*
I. disp.	Índice de dispoñibilidade
IC	Índice de cohesión
IGE	Instituto Galego de Estatística
Inform./Inf.	Informante/s
LD	Léxico dispoñible
LD2020	Mostra de léxico dispoñible recollida na provincia da Coruña no curso 2020-2021
LDEG	*Léxico disponible en el español de Galicia*
LDG	*Léxico dispoñible do galego*
LDGC	*Léxico dispoñible do galego*. Datos da provincia da Coruña
LH	Lingua habitual
LI	Lingua inicial

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Loc. xeo.	Localización xeográfica
Mod.	Modularidade do grafo
NA	Non aplica
NSC	Nivel sociocultural
Pob. centro	Poboación do centro educativo
Pob. residencia	Poboación de residencia
Pos.	Posición
SD	Desviación estándar
SE	Erro estándar

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

1 Introdución[1]

A dispoñibilidade léxica (DL) é unha liña de investigación na que se estudan as unidades léxicas que máis facilmente veñen á mente dos falantes ó pensar nun determinado tema. Este ámbito de estudo resultou produtivo desde hai varias décadas e desde a DL fixéronse contribucións que tratan aspectos relacionados coa sociolingüística, coa dialectoloxía e coa aprendizaxe de linguas, entre outros ámbitos. A maioría destes traballos teñen como obxecto algunha das variedades do español.

Na recollida dos datos para estas investigacións, que maioritariamente se realizan en contextos escolares, pídeselles ás persoas participantes que escriban nun período breve de tempo as palabras que se lles ocorran en relación cun determinado estímulo. Son moitas as variables que poden influír en que respostas escribe unha determinada persoa nestes cuestionarios, algunhas delas teñen que ver co contexto e coas condicións en que se obteñen os datos. Nas enquisas recollidas para a realización do *Léxico dispoñible do galego* (López Meirama & Álvarez de la Granja 2014), por exemplo, 14 informantes de 2º de bacharelato incluíron (no curso 2008-2009) algunha variante do lema *MSN Messenger** na lista de palabras que produciron a partir do estímulo *Os xogos e as distraccións*. En 2013 este programa de mensaxería instantánea desaparece e, como era esperable, ningún dos estudantes da mesma idade ós que lles pedimos repetir a tarefa en 2020-2021 incluíu esta unidade no seu cuestionario.

[1]Esta investigación foi posible grazas á financiación recibida por parte das *Axudas de apoio á etapa predoutoral* da Xunta de Galicia (setembro 2020-novembro 2021) e das *Ayudas para la formación de profesorado universitario* (FPU20/01343) do Ministerio de Universidades (decembro 2021-setembro 2024). A investigación está vinculada ó grupo de investigación Filoloxía e Lingüística Galega (FILGA) da Universidade de Santiago de Compostela, con código GI-1743. Tamén se insire no proxecto Variación y cambio en los dominios gallego y portugués en el siglo XX: análisis del habla rural a partir de materiales geolingüísticos (PGC2018-095077-B-C44, 01/01/2019-31/12/2022).

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Neste traballo queremos coñecer se existen diferenzas semellantes nas enquisas de DL nos campos asociativos que teñen relación coa alimentación, un aspecto complexo fundamental na vida humana. Partimos da hipótese de que os cambios sociais e as mudanzas nos estilos de vida que afectan ós hábitos alimentarios da poboación (Contreras Hernández & Gracia Arnaiz 2005) terán repercusións no léxico que se recolle nas enquisas e decidimos poñer esta hipótese a proba contrastando dúas mostras de léxico dispoñible (LD) en galego da provincia de A Coruña. A primeira delas foi extraída dos datos para toda Galicia obtidos en 2008-2009 para o proxecto do *Léxico dispoñible do galego*, a segunda, conseguímola reproducindo a metodoloxía de recollida e procesamento deste proxecto en 2020-2021.

1.1. Obxectivos e xustificación

Os datos das dúas mostras que contrastamos tomámolos como punto de partida para conseguir os dous obxectivos principais deste proxecto de tese. O primeiro deles é coñecer os cambios ou diferenzas que se poden observar entre dúas mostras de dispoñibilidade léxica en galego obtidas en dous momentos distanciados doce anos no tempo en campos asociativos relacionados coa alimentación. O segundo, derivado deste, é comprobar se algunhas das diferenzas que se observan entre as dúas mostras contrastadas gardan relación con cambios que se produciron nos hábitos alimentarios. Para conseguilo botaremos man de traballos sobre a alimentación procedentes de distintas disciplinas.

Dentro destes obxectivos principais incluímos outros secundarios, como descubrir en que medida hai coincidencias entre o léxico recollido nas dúas mostras, coñecer as características do léxico que aparece exclusivamente nunha delas, comprobar se as unidades presentes en ambas son igual de frecuentes e dispoñibles e contrastar as principais diferenzas que se observan entre os datos de 2008-2009 e 2020-2021 coa información que achegan traballos sobre o consumo alimentario e sobre outras tendencias relacionadas coa alimentación. Así, responderemos cuestións sobre a estabilidade do léxico dispoñible (en galego) en ámbitos dependentes da cultura e poderemos entender mellor en que medida o contexto sociocultural podería explicar algunhas diferenzas no LD rexistrado.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Neste traballo contribuímos a explotar datos xa existentes sobre dispoñibilidade léxica en lingua galega, achegamos novos datos máis recentes sobre DL nesta lingua e exploramos esta liña de investigación nun idioma sobre o que este aspecto non foi moi estudado. Con esta contribución, tamén nos sumamos ós traballos anteriores ó noso sobre dispoñibilidade desde unha perspectiva diacrónica, ós que exploran a relación entre o LD e o contexto e a aqueles que estudan o feito alimentario a partir de datos lingüísticos.

Nos capítulos seguintes presentamos o marco teórico en que se fundamenta a nosa análise (Capítulo 2), describimos as características das mostras que contrastamos e explicamos as decisións metodolóxicas que tomamos durante o procesamento dos datos (Capítulo 3). A continuación, nos capítulos centrais da tese, presentamos unha descrición dos resultados globais obtidos e da influencia das variables sociais na produción de léxico dispoñible en 2008-2009 e en 2020-2021 (Capítulo 4), describimos as diferenzas máis destacables que observamos nos CI relacionados coa alimentación (Capítulo 5) e, por último, buscamos explicación a algunhas das diferenzas descritas, especialmente ás rexistradas a partir do estímulo *Os alimentos e as bebidas*, no contexto sociocultural en que se recolleron os datos (Capítulo 6). Finalmente, incluímos no traballo unha discusión sobre os resultados obtidos e unhas conclusións que recompilan os principais achados e mostran a significación das contribucións que achega esta tese no marco da investigación en dispoñibilidade léxica e do cambio lingüístico en galego (Capítulo 7).

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

2 Marco teórico

Este proxecto é fundamentalmente un traballo de dispoñibilidade léxica, mais toma tamén elementos doutras especialidades. Para a comparación e análise das dúas mostras botamos man de elementos da sociolingüística variacionista e do estudo do cambio lingüístico en tempo real. Tamén temos en conta as achegas que se fan desde os estudos alimentarios, que son imprescindibles para contextualizar os datos das nosas enquisas e indagar nas diferenzas entre as mostras que analizamos. Consideramos que combinar aspectos concretos destas dúas disciplinas lingüísticas, xunto coa información que nos proporcionan os distintos traballos existentes sobre o campo dos estudos alimentarios, é necesario para conseguir os obxectivos formulados neste proxecto e que esta aproximación combinada, que vai en liña co habitual nos estudos sobre a alimentación máis recentes, contribuirá a unha mellor análise dos datos das mostras.

2.1. Variación e cambio lingüístico

A variación é inherente á lingua, está presente en todos os idiomas do mundo e en todos os niveis de análise. Con todo, tardou en ser incorporada ós modelos e marcos teóricos da lingüística (Etxebarria Arostegui 2013). Entre 1925 e 1975, a intuición e a introspección dos falantes nativos eran as principais fontes a partir das que se realizaban as descricións lingüísticas. Estas intuicións resultaron ser limitadas e nalgúns casos erróneas (Turell 2003). En canto ó cambio, estudado pola lingüística histórica, traballábase con fontes textuais de momentos distintos e describíanse as diferenzas (Cukor-Avila & Bailey 2013), mais considerábase que as mudanzas só podían observarse despois de producirse e que estaban orixinadas por forzas que funcionaban de xeito aleatorio.

A partir dos anos 60 do século pasado produciuse o chamado xiro variacionista, un cambio de paradigma no que tivo especial relevancia a investigación de William Labov sobre as variedades do inglés utilizadas

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

na illa de Martha's Vineyard (Labov 1963). Labov introduciu unha serie de innovacións que determinaron o rumbo das investigacións sobre a variación e o cambio. O autor estudou, a partir de datos orais, a variación na realización dos ditongos do inglés /ay/ e /aw/ en relación con variables sociais. Formulou a hipótese de que, se se controlaban estas variables, observar a variación en xeracións etarias diferentes podería indicar futuros estadios de cambio da lingua. Esta hipótese deu lugar á perspectiva denominada estudo do cambio en tempo aparente (Cukor-Avila & Bailey 2013).

O estudo da variación como fenómeno sistemático e a introdución da posibilidade de hipotetizar sobre a dirección do cambio lingüístico antes de que este se producise foron as achegas máis destacables deste traballo pioneiro. A proposta de Labov foi exitosa e moitos traballos posteriores foron deseñados seguindo a mesma liña teórica e metodolóxica.

Explican parte do éxito deste enfoque a solidez teórica do marco proposto por Labov (Chambers 2013) e o feito de que se basease na estatística para abordar o estudo de grandes cantidades de datos. De feito, Moreno Fernández (1994) considera que non se pode entender o nacemento e desenvolvemento da sociolingüística variacionista sen a cuantificación e que o uso das matemáticas para procesar os datos foi determinante para o éxito do variacionismo.

A partir das análises empíricas inspiradas no modelo de Labov, baseadas en grandes cantidades de datos, comézanse a percibir regularidades no xeito en que varían as linguas e obsérvase que a variación está correlacionada con normas grupais, aínda que exista en certa medida variación libre que non permite sistematización (Etxebarria Arostegui 2013). Asúmese que, ás veces, se producen modificacións na distribución das variantes nas linguas e unhas adquiren preferencia sobre outras. A variación, a existencia de máis dunha forma de dicir o mesmo, é imprescindible para que se produza un cambio, mais non toda variación ocasiona mudanzas, a distribución das variantes pode manterse estable no tempo (Meyerhoff 2006). Os cambios que se producen na lingua poden estar motivados por factores internos ou externos (contacto entre linguas, prestixio aberto ou encuberto das variantes, por exemplo).

O estudo da variación "está nos inicios da lingüística galega" vinculado ó interese de recollida dialectal e etnográfica (Regueira & Fernández Rei 2017: 7). As investigacións sobre variación e cambio foron

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

e seguen a ser moi produtivas en lingua galega, de feito, algunhas das teses sobre o galego defendidas recentemente prestan atención a aspectos da variación e do cambio lingüístico (Aguete Cajiao 2019, Álvarez Pousa 2021, Dopazo Entenza 2022, Louredo Rodríguez 2019, Rodríguez Lorenzo 2022, Rodríguez Rodríguez 2022) e non é difícil atopar exemplos de traballos nesta liña sobre distintos niveis de análise (Aguete Cajiao 2022, Negro Romero 2013, Regueira 1999). Algunhas destas publicacións botan man dos datos dos atlas lingüísticos tradicionais para estudar o cambio en tempo real (Lago Caamaño & Sousa 2021, Rodríguez Lorenzo 2008, Sousa & Rodríguez Lorenzo 2017).

A creación do constructo do tempo aparente supuxo a aparición de dúas vías, que poden ser complementarias, no estudo do cambio lingüístico: a da análise en tempo real e a da análise en tempo aparente. No estudo en tempo real, a análise baséase na comparación de datos lingüísticos de dous momentos separados no tempo. Estes datos poden ser dos mesmos informantes en dous momentos diferentes (estudos de panel) ou, na maioría dos casos, de grupos comparables de informantes diferentes, recollidos en momentos históricos distintos (estudos de tendencia). O ideal nestes últimos é que tanto as características sociais das mostras coma a metodoloxía de enquisa sexan o máis semellantes posible (Meyerhoff 2006).

A vía do tempo aparente fundaméntase no estudo da variación en distintos grupos de idade e utiliza os resultados para aventurar posibles cambios en marcha nas linguas. É un modelo de análise que ten como vantaxe a posibilidade de estudar o cambio sen ter que esperar a que pase o tempo. Algúns traballos en tempo real contrastaron e verificaron hipóteses formuladas en investigacións en tempo aparente e isto fixo que se lle outorgase validez ó constructo, cando menos para predicir a dirección dos cambios (Cukor-Avila & Bailey 2013). Con todo, tamén se observou que hai diferenzas entre xeracións que se corresponden cun padrón de estratificación por idade e non cun cambio en marcha. Por exemplo, comprobouse que as persoas mozas e adolescentes empregaban máis variantes estigmatizadas ca as persoas de maior idade (Turell 2003), un feito que dificulta a interpretación dos resultados dos traballos que empregan a metodoloxía do tempo aparente. Outra limitación desta vía para o estudo da variación e do cambio no léxico é o feito de que as persoas poden aumentar o seu repertorio léxico ó longo da vida (Meyerhoff 2006).

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

A metodoloxía empregada na nosa investigación enmárcase, nos principios e obxectivos fundamentais, na vía do tempo real. A tese toma elementos da sociolingüística variacionista e do estudo do cambio lingüístico, mais non é un traballo de cambio en tempo real no sentido estrito. Pensamos que é necesario facer explícitas estas diferenzas, aínda que consideramos que algúns elementos da sociolingüística variacionista seguen sendo relevantes e útiles para a nosa análise.

A principal diferenza ten que ver coa natureza dos materiais recollidos para esta investigación. Estes son moi diferentes da lingua en uso tomada como base na maior parte dos estudos de análise do cambio lingüístico. As fontes deste traballo parten dunha tarefa de produción escrita e non natural: nos traballos de DL pídeselles ós participantes que escriban todas as palabras que lles veñan á mente en relación cunha lista de estímulos e non adoitamos ter que facer ese tipo de listas cando empregamos a lingua (Hernández Muñoz 2006). As persoas cuxos datos estudamos cubriron as enquisas nun contexto escolar e teñen entre 17 e 18 anos, son adolescentes ós que probablemente lles correspondan trazos lingüísticos propios da súa idade que non necesariamente son extrapolables á lingua galega en xeral. Ademais, son enquisas en galego, recollidas nun contexto de diglosia no que o galego é unha lingua marcada á que se asocian valores específicos e producidas por unha mostra na que unha parte dos informantes di usar pouco ou nada este idioma. Non sería prudente sacar conclusións sobre o cambio na lingua galega en uso a partir de listas de voces parcialmente descontextualizadas, das cales nin podemos afirmar con total seguridade que os os participantes coñezan o significado nin podemos saber sempre con exactitude que referente teñen.

A pesar destas diferenzas, consideramos que a combinación de principios e métodos de dous tipos de investigacións pode contribuír á consecución dos obxectivos do presente traballo. Esta é unha investigación comparativa, que contrasta os datos de dúas mostras de LD recollidas con doce anos de distancia e busca analizar as semellanzas e diferenzas entre elas. Somos plenamente conscientes da natureza da información que seleccionamos e procesamos e cremos que é válida e útil para dar resposta ás preguntas de investigación formuladas. Tendo en conta estas diferenzas entre a nosa metodoloxía e a habitual no estudo do cambio en tempo real, cremos que esta pode considerarse unha investigación de *cambio* en tempo real se facemos explícito que o *cambio* que é o

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

noso obxecto de investigación non fai referencia a mudanzas na lingua galega, senón que estamos a falar das mudanzas (ou diferenzas, cando menos) no repertorio de léxico dispoñible de dúas mostras representativas e comparables de alumnado galego de 2º de bacharelato da provincia da Coruña, que realizou unha determinada tarefa metalingüística en dous momentos diferentes. Tamén é de interese para esta investigación a realidade que queda reflectida nesas respostas, é dicir, as conexións que se descobren entre a DL e factores externos que inflúen no léxico rexistrado.

A transparencia e detalle das autoras do *Léxico Dispoñible do Galego* (López Meirama & Álvarez de la Granja 2014) na descrición do procesamento dos datos da mostra de 2008-2009 permite reproducir a metodoloxía na mostra máis recente con bastante exactitude. Ademais, os traballos de Orlando Alba sobre o español da República Dominicana (2013, 2014), que estudan tamén o cambio en tempo real a partir de datos de dispoñibilidade léxica, son un modelo para a nosa investigación e serven como exemplo da validez e utilidade de combinar a metodoloxía do tempo real coa metodoloxía do estudo do LD.

Sabemos que as palabras máis dispoñibles non son nin as máis frecuentes nin as máis empregadas. Así, aínda que é probable que algunhas diferenzas que observamos na distribución de variantes léxicas poidan ter que ver con cambios nos usos lingüísticos, explorar a relación destas mudanzas cos usos reais queda fóra do alcance desta tese e deberá ser tratado cunha metodoloxía diferente en investigacións posteriores.

Esta tese tamén ten orientación sociolingüística e cuantitativa, igual ca boa parte dos traballos existentes sobre LD, xa que, como indica Paredes García (2012: 3), a natureza dos datos das enquisas de dispoñibilidade favorece facer unha interpretación sociolingüística:

> Aunque la disponibilidad léxica no se plantea desde una perspectiva estrictamente sociolingüística, el planteamiento metodológico prevé obtener información sociológica de los encuestados (sexo, nivel sociocultural, centro público/privado en el que reciben la enseñanza, etc.), por lo que los materiales son susceptibles de recibir una interpretación en este sentido.

A análise estatística dos nosos datos será fundamental para atopar padróns e corroborar as hipóteses que formulamos no deseño da investigación.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

2.2. O léxico dispoñible

O estudo da dispoñibilidade léxica ten a súa orixe en Francia a mediados do século XX. O inicio do desenvolvemento deste tipo de investigacións estivo vinculado coa pretensión de obter un vocabulario básico do francés para ensinalo nas antigas colonias. Gougenheim et al. realizaron a selección do léxico que debería incluír este vocabulario baseándose no criterio de frecuencia. O resultado foi a obra *L'elaboration du Français élémentaire* (Gougenheim et al. 1956).

Os autores do traballo decatáronse de que o emprego exclusivo do criterio de frecuencia para a escolla non producía resultados satisfactorios, xa que había léxico básico e común que mostraba frecuencias mínimas ou que non aparecía nas listas finais. As palabras máis frecuentes eran aquelas ás que René Michéa se referiu co nome de *atemáticas*, palabras gramaticais, principalmente, que obtiñan frecuencias elevadas nos textos independentemente do tema. Chamoulles *temáticas* a aquelas palabras con frecuencias menores, que aparecían unicamente cando se trataba unha temática determinada. Estas palabras eran fundamentalmente substantivos, pero tamén algúns adxectivos e verbos (Michéa 1950). Así mesmo, este autor propuxo a noción de dispoñibilidade para referirse ás palabras que, sen ser especialmente frecuentes, aparecen inmediatamente na mente dunha persoa cando son necesarias: cando o tema o require (Michéa 1953: 340).

Como se explica en Gougenheim et al. (1964), para superar os inconvenientes de traballar unicamente coa frecuencia textual, estes autores decidiron empregar probas asociativas, populares na psicoloxía experimental da época, co obxectivo de obter o léxico fundamental do francés. Seleccionaron como estímulos 16 ámbitos, ou centros de interese (CI), cos que pretendían abranguer dominios universais do coñecemento. Estes centros de interese aínda son empregados en boa parte dos traballos de dispoñibilidade léxica realizados na actualidade.

A pesar da orixe francesa do estudo da DL, esta liña de traballo tivo un desenvolvemento moi produtivo principalmente en países hispanofalantes. As primeiras investigacións sobre o español foron realizadas por Humberto López Morales en Puerto Rico. O autor prestoulle especial atención nas súas investigación á variación sociolingüística no LD, liña que se convertería nunha das máis exploradas dentro do campo da dispoñibilidade. A partir dos 90 os estudos de

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

DL gañan impulso debido á creación do Proyecto Panhispánico de Disponibilidad Léxica, coordinado por López Morales, que xorde co obxectivo de crear un dicionario do léxico dispoñible do español a partir de dicionarios de LD de distintas localizacións de América e España (Cruz Ventura 2015). Para este proxecto establecéronse unha serie de directrices metodolóxicas co fin de garantir a comparabilidade dos datos dos diferentes territorios (Samper Hernández et al. 2003). Aínda que na actualidade non está elaborado este dicionario, arredor do proxecto desenvolveuse unha liña de traballo continuada e establecéronse unha serie de métodos que foron reproducidos en investigacións con distintas orientacións[1].

Moitas das investigacións producidas no marco da DL comparten algunhas pautas metodolóxicas. En xeral, nestes traballos os datos recóllense en enquisas escritas, que inclúen unha serie de cuestións sobre as características sociais dos participantes e varias páxinas destinadas á recollida do léxico. Nas investigacións que forman parte do Proyecto Panhispánico investíganse 16 estímulos ou centros de interese. As persoas participantes deben realizar a lista de palabras para cada CI nun tempo máximo de 2 minutos, co fin de garantir a espontaneidade das súas respostas. A recollida de datos realízase con informantes preuniversitarios, do último ano de bacharelato ou do curso equivalente. Algunhas das variables sociais que comparten as investigacións que seguen este método son o sexo, o nivel sociocultural, a titularidade do centro educativo e o lugar en que se sitúa o centro educativo. As respostas recollidas transcríbense e procésanse seguindo uns criterios de edición precisos, neste proceso algunhas voces que se consideran non pertinentes elimínanse e asígnaselles un lema ás que se decide manter. Sobre estes lemas calcúlase o índice de dispoñibilidade seguindo unha fórmula común que asigna un valor a cada unha das voces recollidas. Estas unidades son ordenadas de maior a menor dispoñibilidade e presentadas en listas. As directrices metodolóxicas do Proyecto Panhispánico foron empregadas, nalgúns casos con algunhas modificacións, por investigacións sobre DL producidas dentro e fóra deste proxecto, xa que a vantaxe da homoxeneidade

[1] No traballo de Samper Hernández et al. (2003) trátase a a orixe e desenvolvemento da dispoñibilidade léxica e proporciónase información detallada sobre o Proyecto Panhispanico. En Paredes García (2012) preséntanse algunhas das vías que se seguen nesta liña de traballo en investigacións recentes.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

dos criterios fai posible a comparación entre os resultados obtidos (Samper Hernández et al. 2003).

Os 16 centros de interese que se estableceron para o proxecto son os mesmos ca os empregados nos primeiros traballos franceses. Estes son *O corpo humano*[2], *A roupa*, *As partes da casa (sen mobles)*, *Os mobles da casa*, *Os alimentos e as bebidas*, *Os obxectos colocados na mesa para a comida*, *A cociña e os seus utensilios*, *A escola: mobles e materiais*, *A calefacción e a iluminación*, *A cidade*, *O campo*, *Os medios de transporte*, *Os traballos do campo e do xardín*, *Os animais*, *Os xogos e as distraccións* e *As profesións e os oficios*.

Algúns dos traballos que seguen esta metodoloxía engaden máis centros de interese. No *Léxico disponible en el Español de Galicia* (LDEG) (López Meirama 2008) súmanse os CI *As cores* e *O Mar*, estes dous campos asociativos tamén aparecen noutros estudos. Ademais, hai investigacións que utilizan centros escollidos *ad hoc* e adaptados a obxectivos específicos. No traballo de Rodríguez González et al. (2014), por exemplo, propóñense 3 CI novos e modifícase a enunciación de dous CI da lista dos 16 habituais para explorar o LD da tecnoloxía e da linguaxe usada nas SMS e en Internet. Outro exemplo é a investigación de Ávila Muñoz et al. (2020), na que empregaron os estímulos *Pandemia*, *Confinamiento*, *Futuro* e *Política* para analizar diferenzas nas percepcións dos estudantes segundo o seu contacto con distintos medios de comunicación durante a pandemia da Covid-19. Tamén é innovadora a proposta de estudo da dispoñibilidade de Tomé Cornejo & Recio Diego (2022), na que os CI investigados foron etiquetas gramaticais (*Verbos* e *Substantivos*). A súa análise revela que as voces máis dispoñibles se corresponden con unidades prototípicas (substantivos comúns e concretos, verbos predicativos e de acción) e as estratexias para recuperalos deixan ver relacións semánticas entre as unidades. Os autores consideran que a instrución formal gramatical permite "configurar categorías metateóricas de naturaleza metagramatical en la mente de los hablantes" (Tomé Cornejo & Recio Diego 2022: 300). Estas investigacións son exemplos de como o emprego de novos centros de interese abre as posibilidades de estudo.

[2]Esta relación está tomada do *Léxico dispoñible do galego* (López Meirama & Álvarez de la Granja 2014). Pode haber diferenzas coas denominacións que estes centros reciben noutros traballos.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

En canto á escolla da idade dos participantes, arredor dos 18 anos, tómase esta decisión no Proyecto Panhispánico porque se considera que a esta idade os informantes teñen un nivel de formación suficiente, pero non están influenciados por léxico especializado de profesións ou ámbitos de estudo específicos. En traballos máis recentes tamén se estuda a dispoñibilidade en informantes de distintas idades. Borrego Nieto (2008) traballa con persoas de máis de 60 anos e fai enquisas sobre cinco CI; Cruz Ventura (2015) analiza unha mostra de DL cuxos participantes teñen entre 45 e 87 anos. Estes informantes producen menos respostas ca as persoas mozas e ambas as investigacións mostran que, aínda que o repertorio léxico das persoas maiores poida ser máis amplo, parece que o seu acceso ás unidades léxicas é máis lento ou máis difícil. Os autores consideran que nestes resultados tamén inflúe a pouca familiaridade coa realización de tarefas escritas semellantes ás escolares nas persoas participantes. Outras investigacións estudan os datos de informantes de idades escolares diferentes e observan que a medida que aumenta o nivel académico, tamén hai un incremento no número de respostas que se producen (Jiménez Berrio 2019).

A maioría de investigacións sobre o LD tamén teñen en común o uso do índice de dispoñibilidade para ordenar e presentar as respostas rexistradas. Este índice obtense a partir da ponderación do número de participantes do total que produciron unha palabra e da posición que estas palabras ocupan en cada lista de respostas, para o que se emprega a fórmula proposta por López Chávez & Strassburger Frías (1987). Esta fórmula, que devolve un valor entre 0 e 1, é empregada amplamente nos traballos de DL e serve como referencia que posibilita o contraste entre valores de mostras de diferentes tamaños e procedentes de distintas localizacións. Na actualidade contamos con varias ferramentas informáticas que permiten aplicar esta fórmula, como Dispolex[3], Dispogal[4], Dispocen[5](Ávila Muñoz et al. 2021) e LexPro[6]. Tamén hai traballos que propoñen alternativas ó uso da fórmula e do

[3]http://www.dispolex.com/ (05/06/2024)
[4]https://gramatica.usc.es/dispogal/ (05/06/2024)
[5]https://github.com/jmss70/dispocen (05/06/ 2024)
[6]https://dispogram.usal.es/lexpro/ (05/06/2024)

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

índice de dispoñibilidade para analizar os lemas rexistrados nas enquisas (Ávila Muñoz & Sánchez Sáez 2014)[7].

O Proyecto Panhispánico serviu como uniformador de metodoloxía, pero a súa existencia actuou tamén como promotora das investigacións sobre o LD, o que levou a que se fose cubrindo o espazo hispanofalante de estudos de DL, vinculados ou non ó proxecto. Na actualidade pódense atopar exemplos de investigacións deste tipo sobre o español realizadas na maioría de países de Hispanoamérica (Alba 1995, 2014, Fasce et al. 2009, Henríquez Guarín et al. 2016) e en case todas as comunidades autónomas de España (Ávila Muñoz 2006, Ávila Muñoz & Villena Ponsoda 2010, Ayora Esteban 2006, Casanova Ávalos 2020, Fernández Juncal 2013, Hernández Muñoz 2006, López Meirama 2008, Mateo García 1998, Samper Padilla & Hernández Cabrera 2003, 2009). A pesar do desenvolvemento dos estudos sobre a dispoñibilidade en español, noutras linguas non se aprecia un interese similar en estudar o LD. Porén, hai algúns traballos esporádicos sobre idiomas distintos, entre os que se inclúen investigacións sobre áreas bilingües da península ibérica nas que se empregan datos doutras linguas distintas do castelán (Flores Pérez 2024, Gómez Devís & Llopis Rodrigo 2010, Llopis Rodrigo & Gómez Devís 2010, López Meirama & Álvarez de la Granja 2014, Serrano Zapata 2014)[8].

En canto á orientación dos traballos de dispoñibilidade, a DL xorde no ámbito da lingüística aplicada e na actualidade seguen a producirse investigacións de DL enfocadas a axudar no ensino e aprendizaxe de linguas, principalmente co obxectivo de deseñar materiais ou de avaliar o alumnado estudante (García Naranjo 2019, Santos Díaz 2017). Con todo, debe facerse notar que moitos dos traballos de DL se produciron en ámbitos vinculados á sociolingüística e á dialectoloxía. Con respecto ás investigacións baseadas no estudo de dialectalismos, estas están relacionadas coa vitalidade léxica e coa etnografía. As formas dialectais non adoitan ser moi frecuentes nin moi dispoñibles nos traballos de DL (Hernández Cabrera & Samper Padilla 2007, Hernández Muñoz

[7] No traballo de Callealta Barroso & Gallego Gallego (2016) explícanse os elementos que compoñen a fórmula de López Chávez & Strassburger Frías (1987) e analízanse as características e as limitacións do índice de dispoñibilidade e doutras medidas propostas para estudar o LD.

[8] En Casanova Ávalos (2020) recóllese unha relación detallada de traballos que estudan a dispoñibilidade léxica en España en contextos de contacto de linguas.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

2009). A razón desta ausencia está relacionada coa natureza das probas, realizadas, en xeral, no ámbito académico, que non favorecen a aparición de léxico non estándar. Porén, os dialectalismos que se producen aparecen naqueles CI máis vinculados con oficios e modos de vida tradicionais. Así, por exemplo, se unha comunidade é produtora de aceite, recóllense nos cuestionarios voces dialectais vinculadas coa produción deste, mentres que en localidades vitícolas moitos dialectalismos rexistrados están relacionados coa produción de viño (Hernández Cabrera & Samper Padilla 2007, Hernández Muñoz 2009). Nestes traballos presuponse que, se nas probas de DL non é frecuente a aparición de voces dialectais, aquelas que se recollan nas enquisas corresponderanse con dialectalismos que gozan de vitalidade na comunidade. Nos datos de persoas adultas estas voces son máis dispoñibles e máis frecuentes (Cruz Ventura 2015).

Na maioría de traballos de LD os datos acostuman ser analizados desde unha perspectiva sociolingüística. Isto débese, segundo Samper Padilla (2006: 106) á presenza de investigadores variacionistas nos equipos hispánicos de dispoñibilidade que "han considerado que los resultados de estas investigaciones lexicoestadísticas son muy útiles para analizar la variación léxica según distintos condicionantes sociales". Deste xeito, a partir dos materiais de DL é posible estudar se o lugar de residencia, a idade, o nivel de estudos ou o nivel sociocultural, por exemplo, teñen repercusións no número e no tipo de respostas que proporciona cada grupo de informantes.

Outra liña da DL, que se consolidou nas últimas dúas décadas, é a que analiza aspectos relacionados coa lingüística cognitiva a partir de datos de LD. Nalgúns destes traballos comprobouse que factores como unha maior tipicidade, unha maior familiaridade e unha temperá idade de adquisición, entre outros, favorecían que se recollesen nas enquisas unidades léxicas con estas características (Hernández Muñoz 2006, Hernández Muñoz et al. 2006, 2014). Outras investigacións relacionadas céntranse no proceso de recuperación do léxico nas probas de dispoñibilidade, no estudo dos CI como categorías e na análise das relacións entre as voces recollidas e da estrutura de redes que forman estas unidades (Gómez Molina 2021, Hernández Muñoz 2005, 2014, Hernández Muñoz & López García 2014, Hernández Muñoz & Tomé Cornejo 2017, Mahecha Mahecha & Mateus Ferro 2020, Paredes García 2006).

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

En Galicia o primeiro traballo co que contamos sobre DL é a obra de López Meirama *Léxico disponible en el español de Galicia* (2008). Esta investigación está enmarcada no Proyecto Panhispánico e segue os principios e métodos deste, aínda que inclúe algunhas especificidades coas que pretende representar mellor a realidade galega. Unha destas particularidades é a inclusión nos cuestionarios dunha pregunta sobre a lingua na que falan habitualmente os e as informantes. A outra obra fundamental sobre o LD en Galicia é o *Léxico dispoñible do galego* (LDG) (López Meirama & Álvarez de la Granja 2014). Este traballo é posterior, segue en gran medida a metodoloxía do LDEG e completa a visión que proporciona o proxecto sobre o español en Galicia mediante a achega de datos sobre a outra lingua presente na comunidade. Os datos do LDEG e do LDG poden consultarse na aplicación Dispogal[9]. Para os datos do galego, ademais, é posible acceder ás variantes que agrupa cada lema na web Ledigal[10]. Ambas as ferramentas permiten filtrar os resultados segundo distintas variables sociais.

Tamén hai outros traballos sobre DL en Galicia. A maioría deles explotan datos do LDEG, coma o traballo de Álvarez de la Granja & López Meirama (2013) ou os incluídos no volume *Estudios sobre disponibilidad léxica en el español de Galicia* (López Meirama 2013), e do LDG (Álvarez de la Granja & López Meirama 2021). Porén, tamén hai investigacións que empregan datos propios. En xeral son traballos de fin de grao e de mestrado coma o de Cid Blanco (2020).

2.2.1. Léxico dispoñible e cambio lingüístico

Os antecedentes máis claros do estudo de dispoñibilidade e cambio lingüístico son os traballos de Orlando Alba sobre o español da República Dominicana (2013, 2014). O autor contrastou dúas mostras de LD separadas no tempo 18 anos compostas por alumnado de ciclo básico ou de primeiro ano de distintas universidades. Nos resultados que obtivo observou que hai estabilidade na produtividade dos CI, mais que, desde o punto de vista cualitativo, non todos os campos asociativos son igual de susceptibles ás mudanzas. Entre os máis estables destacan *O corpo humano* e os *Os animais*; os que experimentan mudanzas importantes son *Os alimentos e as bebidas*, *A roupa* e *Os xogos e as distraccións*. Alba

[9] https://gramatica.usc.es/dispogal/ (05/06/2024)
[10] https://ilg.usc.gal/ledigal/ (20/06/2024)

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

explica que o feito de que haxa máis cambios nestes CI se debe a que fan referencia a "realidades cambiantes, condicionadas por una serie de circunstancias históricas, sociales, culturales y económicas" (2014: 143) e considera que inflúen nestas diferenzas as necesidades de comunicación, a influencia estranxeira e as modas.

Tamén contrastan datos de LD de dous momentos diferentes Mateo García & García Mateo (2018) no seu traballo sobre o léxico do deporte na provincia de Almería. Os seus resultados mostran como os cambios nas modas e na infraestrutura da área estudada repercuten na relación de voces recollidas nas enquisas. Os autores desta investigación consideran que:

> Como cualquier ciencia que analiza una realidad dinámica, los datos de la lingüística empírica también tienen fecha de caducidad. Los de la disponibilidad léxica no son una excepción, máxime en tiempos como los actuales, con una marcada aceleración histórica (Mateo García & García Mateo 2018: 58).

Tamén se estudan aspectos que teñen que ver coa dispoñibilidade e os cambios sociais no proxecto PULSO Andaluz[11], coordinado por Antonio Ávila Muñoz[12]. No proxecto combínase a metodoloxía de recollida de datos propia dos traballos de dispoñibilidade co emprego de grupos de discusión para estudar diferenzas ideolóxicas entre informantes andaluces de distintas idades e distintos perfís. Para obter os datos empregan centros de interese deseñados para o proxecto como *Cambio climático*, *Violencia de género* e *Movimientos independentistas de España*. Algunhas das publicacións derivadas deste proxecto exploran aspectos coma a percepción social da inmigración, do feminismo e doutros fenómenos socialmente relevantes (Ávila Muñoz & Segura Lores 2024, Extremera Pérez & Galloso Camacho 2023).

Noutras investigacións sobre DL que non teñen o cambio por obxecto tamén é posible atopar comentarios que fan referencia a mudanzas. Por exemplo, no traballo de Borrego Nieto (2008: 236), no que se contrastan datos de estudantes e de persoas maiores de 60 anos, o autor comenta

[11] https://pulsoandaluz.uca.es/ (27/05/2024)

[12] Nos traballos derivados deste proxecto emprégase, en xeral, a noción de centralidade léxica (Ávila Muñoz 2023), relacionada coa teoría dos conxuntos difusos, en lugar da de dispoñibilidade. Con todo, a recollida da información tamén se realiza a partir de probas asociativas.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

que, a partir dos datos obtidos en cada un dos grupos, "podría deducirse que han cambiado los hábitos alimenticios entre una generación y otra".

A nosa investigación segue a liña iniciada por estes traballos e pretende contribuír ó estudo conxunto da dispoñibilidade e o cambio lingüístico, que conta cun desenvolvemento relativamente curto, centrándose no estudo do léxico relacionado coa alimentación.

2.3. Os estudos alimentarios

Dado que este traballo estuda centros de interese relacionados coa alimentación, cremos imprescindible ter en consideración a complexidade do feito alimentario e botar man dos estudos alimentarios como marco. A nutrición é fundamental e obrigatoria para a supervivencia de todos os seres vivos. Con todo, é evidente que para as persoas comer é máis que nutrirse e que se lle outorga a este acto máis significado que o de obter enerxía suficiente para continuar vivindo. Durante a maior parte da historia, garantir os requirimentos nutricionais necesarios para a subsistencia ocupou boa parte das tarefas diarias de todos os membros das distintas sociedades (Albala 2014), mais, na actualidade, millóns de persoas no planeta teñen un bo subministro de produtos ós que acceder con facilidade e en abundancia, como precisan Alan Beardsworth e Teresa Keil "as long as we have the money, food is readily accessible" (1997: 34).

Moitos autores sinalan que a interdependencia entre os factores biolóxicos e culturais que inflúen na alimentación é clave para entender o feito alimentario (Barthes 2013, Contreras Hernández & Gracia Arnaiz 2005, Douglas 1972, Fischler 1980, 1988, Gerhardt 2013). As diferentes escollas que se poden facer para satisfacer os requisitos nutricionais enmárcanse nunha base cultural e dependen do que unha determinada sociedade conceptualiza como comestible ou non comestible (Fischler 1980, 1988). A posición da alimentación na fronteira do biolóxico e o cultural é un dos motivos que xustifican a necesidade de estudala interdisciplinariamente para obter unha visión holística do fenómeno (Contreras Hernández & Gracia Arnaiz 2005, Pilcher 2012a). É desde este punto de vista desde o que se aborda este tema na maioría de investigacións contemporáneas.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Pódese dicir que na actualidade os estudos alimentarios constitúen un campo de traballo consolidado e prolífico, do que participan diversas disciplinas. Existen revistas especializadas (*Food and Foodways*; *Anthropology of Food*; *Gastronomica*; *Food, Culture and Society*), monografías e manuais (Ashley et al. 2004, Chrzan & Brett 2017, Counihan & Van Esterik 2013, Freedman et al. 2014, Medina 2005, Pilcher 2012b) e celébranse eventos científicos periódicos que xiran en torno á alimentación. A maioría das publicacións periódicas mencionadas recollen investigacións enfocadas desde distintas disciplinas: nutrición, psicoloxía, estudos literarios, economía, antropoloxía, historia, socioloxía, ciencias do consumo, etc., co obxectivo de dar unha visión ampla deste obxecto de estudo multidimensional (Contreras Hernández & Gracia Arnaiz 2005). Pilcher (2012a) considera que o feito alimentario influencia virtualmente todos os aspectos que teñen que ver coa vida humana, o que permite que sexan case infinitas as posibilidades para abordalo desde a investigación.

Os estudos alimentarios como campo científico xorden a partir da segunda metade do século XX. O xiro cara á cultura material producido nas ciencias sociais foi fundamental para a aparición de investigacións centradas na vida cotiá (Freedman 2014) e tamén contribuíron á consolidación do campo o impulso do movemento feminista, o aumento da preocupación polo medio ambiente e a aparición de movementos antimodernidade e antiindustria (Belasco 2014).

A maioría dos traballos pioneiros previos á consolidación do campo dos estudos alimentarios enmárcanse na socioloxía e na antropoloxía. Autores coma Lévi-Strauss (1964, 2013), Roland Barthes (2013), Mary Douglas (1966, 1972), Pierre Bourdieu (1979), Malinowski (1922) e Audrey Richards (1939) déronlles un peso especial á comida e ás prácticas alimentarias nalgunhas das súas obras. Parte destas investigacións estaban orientadas á descrición da cultura material de sociedades concretas, outras centrábanse principalmente en aspectos simbólicos. Un dos traballos máis relevantes na orixe dos estudos alimentarios foi *Sweetness and Power: The Place of Sugar in Modern History* de Sidney Mintz (1985). Este antropólogo estadounidense centrouse no azucre como alimento e trazou o percorrido deste desde a súa chegada a Europa como artigo de luxo para as elites ata que acabou converténdose nun produto de consumo masivo entre as clases traballadoras. Analizou tamén o impacto das demandas europeas nos sistemas de produción escravistas no Caribe e as

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

transformacións globais que provocou o gusto por este produto. Esta obra foi moi influente e serviu como modelo que se reproduciu en traballos posteriores (Freedman 2014).

Algúns dos traballos actuais no campo dos estudos alimentarios céntranse en problemas xurdidos a partir dos cambios sociais nas sociedades postindustriais e tratan temas coma os trastornos da conduta alimentaria (Solmi et al. 2021), a relación entre alimentación e xénero (Counihan 2012), os cambios de hábitos (Díaz Méndez & García Espejo 2018) e a sostibilidade da produción alimentaria (Goodman 1999). Así mesmo, abundan as investigacións relacionados coas percepcións dos consumidores (Sandvik et al. 2018) e os estudos sobre alimentación e ética (Leroy & Praet 2017) e sobre novos modelos alimentarios populares coma o vexetarianismo e o veganismo (Cole 2008). Hai exemplos de traballos que estudan a alimentación que se centran no contexto galego (Cabana Iglesia & Freire Paz 2023, Castro 2010a,b, Fidalgo Santamariña & Simal Gándara 1993, Freire Paz 2017, 2023, Rodríguez Baixeras 2018) ou que inclúen información sobre Galicia (Medina 2005).

Desde a lingüística tamén se fixeron contribucións ó coñecemento do feito alimentario nas últimas décadas. Os paralelismos entre a linguaxe e a alimentación como fenómenos biolóxicos e sociais fomentaron esta abordaxe do feito alimentario desde os estudos lingüísticos. Na sección 2.3.2 explicamos algunhas das semellanzas que se observan entre ambos os fenómenos e presentamos exemplos de traballos que os abordan conxuntamente.

2.3.1. Contextualización

Se un dos obxectivos principais deste traballo é observar se as transformación sociais producidas nun período de tempo breve poden ter repercusións nas enquisas de dispoñibilidade léxica, cómpre coñecer e mencionar algunhas mudanzas que determinaron a alimentación contemporánea e algunhas das características específicas do sistema alimentario galego.

Beardsworth & Keil (1997: 33-34) sintetizaron as características comúns dos sistemas alimentarios que chamaron tradicionais fronte ós que chamaron modernos. A súa proposta non pretendía aplicar estas características a todas as sociedades por igual nin insinuar que o paso dun

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

a outro modelo fose inmediato, mais consideramos que a clasificación que estableceron é útil para definir algúns dos trazos do modelo de produción, distribución e consumo galego na actualidade e do modelo que o precedeu.

Nos sistemas alimentarios tradicionais prodúcense os alimentos a pequena escala e a maioría dos produtos que se consomen son producidos localmente: só se importan produtos de luxo. Outra característica da produción nestes sistemas é que ocupa unha grande parte da poboación, nomeadamente na agricultura. Como a maioría dos produtos son de orixe local, a dispoñibilidade dos alimentos depende do hábitat, da estacionalidade e de factores climáticos que poidan favorecer ou prexudicar as colleitas anuais. É frecuente que alternen períodos de maior abundancia e períodos de escaseza. Un dos factores que comparten os sistemas modernos e os tradicionais, segundo Beardsworth e Keil, son as desigualdades sociais no acceso ós alimentos dispoñibles.

O sistema alimentario que describe Xavier Castro (2010a) en Galicia entre 1850 e 1950 pertencería a esta categoría. A alimentación, para a maior parte da poboación, estaba baseada en produtos de orixe vexetal e, aínda que a carne era dos alimentos máis valorados, era pouco accesible e consumíase principalmente en celebracións. Cando se comía carne, esta era habitualmente de porco. O touciño salgado era máis accesible e máis habitual na dieta diaria. O peixe e o marisco eran relevantes na alimentación das áreas costeiras, pero non eran alimentos moi valorados. O autoconsumo constituía unha parte importante da inxesta habitual e só se mercaban uns poucos produtos: aceite, chocolate, garavanzos, azucre, condimentos. Para preparar a comida empregábase a graxa animal máis ca os aceites vexetais. Formaban parte fundamental da alimentación o pan e a pataca. No caso do pan, aínda que o de trigo era máis apreciado, eran máis comúns o pan de millo e o de centeo. En canto ós vexetais, ademais da pataca, Leis Trabazo et al. (2019) explican que a comezos do século XX eran frecuentes as verzas, os grelos, a coliflor, a leituga, a cebola e os nabos. O consumo de doces estaba restrinxido a festas concretas, cando menos para a maioría da poboación. Canto máis alto era o estrato social, máis variada era a dieta e máis rica en carne.

Algúns alimentos habituais en España neste período non chegaron ó noroeste da península ata máis tarde e tardaron en popularizarse. Medina (2005) explica que a introdución do arroz en áreas non mediterráneas non foi habitual ata finais do século XIX e que verduras coma a cabaciña, as

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

berenxenas ou as cenorias só empezaron a comerse no norte da península ben avanzado o século XX.

Os sistemas modernos que caracterizan Beardsworth & Keil (1997) contrapóñense ó que acabamos de describir. Estes novos sistemas baséanse nun modelo de produción global, na non dependencia da estacionalidade (hai alimentos dispoñibles todo o ano) e nunha ampla posibilidade de escolla sempre e cando sexa posible pagala.

A industrialización da produción alimentaria, o éxodo de poboación ás cidades (que desvinculou a moitas persoas do medio rural e da produción dos alimentos), a incorporación das mulleres ó traballo asalariado (que seguiron sendo as encargadas da maioría de responsabilidades domésticas, mais con menos tempo para dedicarlles a estas tarefas) e os cambios nos horarios das comidas (vinculados agora ás quendas de traballo máis ca ás horas do día) foron algunhas das mudanzas que deron lugar ó modelo alimentario que temos na actualidade (Contreras Hernández & Gracia Arnaiz 2005, Medina 2005). A maioría destas transformacións producíronse xa a partir de mediados do século XIX nalgunhas sociedades europeas (Oddy 2003), a galega comezou a experimentar estes cambios despois da posguerra (Medina 2005).

Os avances producidos na conservación e no transporte dos alimentos levaron á desaparición da restrición da estacionalidade e provocaron un aumento notable na variedade de alimentos dispoñibles. O supermercado e as grandes superficies desprazaron o autoconsumo, os mercados e feiras tradicionais e as tendas. Apareceron nos supermercados produtos envasados que poden conservarse moito tempo, alimentos listos para consumir e produtos precociñados. Os doces, alimentos antes consumidos de maneira esporádica en festividades, abaratáronse e pasaron a formar parte da alimentación cotiá; a carne tamén se fixo máis barata. En palabras de Jurafsky (2014: 143) "The rare imported luxury of yesterday is the local popular culture of today". Tamén aumentaron as persoas que comen fóra da casa debido ás xornadas laborais, o que segundo algúns autores levou a unha certa ruptura da transmisión das prácticas culturais alimentarias previas. Ademais, produciuse a entrada de alimentos doutras tradicións alimentarias (pizza, hamburguesa e máis tarde kebab, suxi, nachos, etc.) e apareceron as franquías de comida rápida, principalmente nas cidades. Algúns destes cambios repercutiron negativamente na calidade da dieta e na saúde das persoas (Beardsworth & Keil 1997,

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Contreras Hernández & Gracia Arnaiz 2005, Leis Trabazo et al. 2019, Medina 2005).

Porén, segue sen estar garantido o acceso ós alimentos para o total da poboación. No informe de Moragues-Faus & Magaña-González (2022), realizado con datos recollidos entre 2019 e 2021, preséntase información sobre a inseguridade alimentaria en España. No 6,9 % dos fogares da mostra as persoas participantes responderon que non podían pagar alimentos sans e nutritivos, nun 5,2 % dos fogares indicaron que tiveran que reducir a cantidade de alimentos que consumían pola falta de recursos. O informe indica que a Covid-19 agravou a situación.

Nas sociedades postindustriais, ademais dos problemas de saúde ligados á falta de alimentos, apareceron outras enfermidades crónicas dependentes de factores sociais e de condicionantes individuais relacionadas cos estilos de vida (Contreras Hernández & Gracia Arnaiz 2005). Así mesmo, nos sistemas alimentarios modernos destaca o feito de que no discurso sobre a comida inflúen as guías nutricionais, certas consideracións éticas e as tendencias cambiantes promovidas pola industria alimentaria, que pretenden dar resposta á demanda de información por parte dos consumidores sobre que deberían comer e que alimentos deberían evitar (Biltekoff 2012: 1-2). Estas pautas, que son cambiantes e incluso contraditorias, fan que aumente a percepción de risco relacionada coa alimentación, que é sobreestimada polos consumidores segundo algúns autores (Beardsworth & Keil 1997, Bisogni et al. 2012). En canto ós hábitos alimentarios, na actualidade parece que se avanza en dirección a unha progresiva homoxeneización, cando menos no sentido de que se consomen máis produtos industrializados e se empregan certas ferramentas e técnicas de conservación e preparación, pero seguen sendo moi fortes algunhas tradicións culinarias en todo o mundo (Contreras Hernández & Gracia Arnaiz 2005: 414).

Na alimentación, as escollas que fan os consumidores tamén están tamén ligadas á identidade. As decisións que as persoas toman sobre o que comen, igual que o xeito en que as persoas falan, marca a que grupos pertencen e a cales non (Contreras Hernández & Gracia Arnaiz 2005). Porén, fronte á idea posmoderna de liberdade de escolla individual, Warde (1997) postula que o consumo contemporáneo debe verse como un proceso de selección continua dun rango de produtos accesibles sen precedentes, mais afirma que na escolla seguen existindo semellanzas

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

entre individuos e diferenzas sistemáticas entre grupos. Os gustos seguen sendo en grande medida colectivos.

2.3.2. Lingua e alimentación

En 2013 foi publicado o volume *Culinary Linguistics: The Chef's Special*. Na introdución á obra que fai Cournelia Gerhardt a autora indica que comer e falar son trazos universais dos seres humanos, que todas as persoas comen e falan e que en todos os grupos sociais se come e se fala dunha determinada maneira (Gerhardt 2013: 3). Gerhardt continúa enumerando paralelismos entre os dous fenómenos: como comemos e como falamos depende de variables sociais e biolóxicas, cambia co tempo, é diferente segundo o espazo e en función da situación e permite marcar a pertenza das persoas a un determinado grupo. A existencia destes paralelismos, segundo a autora, favorece e xustifica que a lingüística poida ser de utilidade para contribuír a coñecer mellor o fenómeno complexo da alimentación.

Unha das características que a alimentación comparte coas linguas é a posibilidade de *descompoñer* a comida en unidades máis pequenas, que xa fora explorada por Lévi-Strauss. O autor, inspirado pola fonoloxía de Jakobson, propuxo un triángulo culinario de oposicións na comida, que incluía os trazos cru/cociñado/podre (Lévi-Strauss 2013). Tamén Barthes botou man da lingüística para estudar aspectos da comida. Este semiólogo concibía a alimentación como un sistema altamente estruturado no que as unidades que o compoñen significan: o viño non é só viño e o azucre non é só azucre, o valor que se lle dá en sociedades diferentes a cada un tamén distinto. Do mesmo xeito, que un alimento sexa crocante non ten o mesmo significado que que sexa brando e este significado pode variar segundo o alimento (Barthes 2013). Este estudoso propuxo a conmutación como recurso para identificar os elementos significativos da alimentación.

A maioría das investigacións que teñen por obxecto o estudo conxunto de lingua e alimentación foron publicadas nas últimas dúas décadas. Algunhas delas son recompilacións de traballos sobre o tema (Gerhardt et al. 2013, Lavric & Konzett 2009, Rüdiger & Mühleisen 2020), pero tamén hai artigos en publicacións sobre alimentación e en capítulos concretos de volumes de temática xeral (Lakoff 2006, Pollock 2011, Torres Montes 2003). Destaca o libro *The Language of Food: A Linguist*

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Reads the Menu (Jurafsky 2014), unha obra divulgativa destinada ó público non especializado que serve de exemplo do interese que as persoas, en xeral, temos pola comida. O libro chegou a ser un best-séller.

Tamén hai información sobre alimentos, ou sobre a produción e preparación destes, en traballos con orientación etnográfica ou que parten de fontes con esta orientación (Águila Escobar & Rico Castro 2015, Béjar Prados 2022, Fernández Morell s.d.). Habitualmente a gandaría e a agricultura forman parte dos costumes e modos de vida que se busca deixar rexistrados nestas investigacións, o que leva a recoller datos tanto das prácticas alimentarias coma do léxico relacionado con estas.

Contamos con información para o galego sobre alimentos, produtos e hábitos nos dous grandes proxectos de xeografía lingüística tradicional do século XX: o *Atlas Lingüístico de la Península Ibérica* (ALPI) e o *Atlas Lingüístico Galego*. En Rodríguez Lorenzo (2022) e en Sousa (2023) analízase unha parte destes materiais. No primeiro, inclúense variables que fan referencia a animais e vexetais comestibles, no segundo, estúdase a composición da primeira comida do día a partir dos datos do ALPI. Ademais, hai investigacións sobre lingua e alimentación desde a perspectiva da etnografía da comunicación: en Gestido de la Torre (2006) e en Gestido de la Torre & Acuña Trabazo (2009) estúdanse a matanza e a sobremesa como eventos comunicativos.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

3 Aspectos metodolóxicos

A maioría das decisións que tomamos en canto ó deseño da investigación, tanto as relacionadas coa recollida de datos coma as que teñen que ver coa edición dos materiais, seguen as das autoras do *Léxico dispoñible do galego* (LDG) (López Meirama & Álvarez de la Granja 2014), co obxectivo de garantir a comparación fiable das dúas mostras. Grazas á descrición detallada que fan as autoras do LDG do método que seguiron para obter e procesar os datos foi posible replicar a súa metodoloxía coas mínimas mudanzas posibles. Porén, no deseño da metodoloxía para esta tese tamén tomamos algunhas decisións propias que foron motivadas polos obxectivos do noso traballo.

Neste capítulo explicamos as características da enquisa empregada para rexistrar os datos e a metodoloxía que se empregou na recollida. Tamén presentamos as variables que temos en conta na análise cuantitativa e describimos as características da mostra que recollemos para realizar a comparación cos datos previos dispoñibles. Por último, explicamos os criterios empregados para o procesamento dos datos que contrastamos.

A metodoloxía empregada neste traballo está baseada na dos estudos de LD e en conceptos e ferramentas de análise da sociolingüística variacionista para o estudo do cambio en tempo real. A combinación destas dúas metodoloxías resultou produtiva nas investigacións sobre o español realizadas por Alba (2013, 2014). Na nosa investigación comparamos datos de dispoñibilidade léxica recollidos en dous momentos separados no tempo doce anos, que son a base sobre a que se analizan as mudanzas.

3.1. A enquisa e a recollida de datos

A enquisa que deseñamos para recoller os datos (Apéndice 1) só se diferencia da usada para a realización do LDG no número de CI que

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

inclúe. Ambos os cuestionarios conteñen unha primeira parte destinada a obter información sociolóxica sobre os participantes, na que se lles pregunta cal é o centro educativo no que estudan, en que localidade está situado o centro e cal é o lugar no que residen. Tamén se lles pregunta o seu sexo, a lingua na que aprenderon a falar e o nivel de estudos e a profesión dos seus pais. Ademais, pídeselles que indiquen se sempre viviron en Galicia ou, de non ser o caso, canto tempo levan vivindo na comunidade.

O resto das páxinas do cuestionario deseñáronse para recoller por escrito o léxico dos distintos centros de interese en follas cuadriculadas numeradas ata o 48. Na primeira destas páxinas, nas dúas recollidas de datos, preguntouse polo CI *Os deportes*, que non se transcribiu nin se procesou no LDG nin nos datos de 2020-2021. O obxectivo de incluílo era que as persoas enquisadas se familiarizasen co modo de cubrir o cuestionario. Ademais deste CI de exemplo, no LDG preguntouse por 18 CI: os 16 que levan utilizándose desde os inicios da DL e dous específicos polos que tamén se preguntou no LDEG (*As cores* e *O mar*). No caso da mostra de 2020-2021, só preguntamos por 5 centros de interese.

Os CI seleccionados na nosa enquisa para estudar o cambio no léxico alimentario foron *Os alimentos e as bebidas*, *Os obxectos colocados na mesa para a comida* e *A cociña e os seus utensilios*, porque consideramos que eran os campos asociativos máis claramente vinculados co ámbito da alimentación. Tamén incluímos no cuestionario dous CI non relacionados coa alimentación (*A roupa* e *Os xogos e as distraccións*) por dous motivos. En primeiro lugar, cremos que poderían actuar como distractores para que non fose tan evidente que o noso interese fundamental tiña que ver coa alimentación. En segundo lugar, considerámolos campos asociativos que poderían ser susceptibles de experimentar mudanzas vinculadas con cambios sociais e con modas e decidimos que sería de interese contar con datos destes para contrastar se as mudanzas que se observan entre 2020-2021 e en 2008-2009 son semellantes ás que se producen nos CI vinculados coa alimentación.

Incluímos os cinco CI no cuestionario seguindo a orde que se emprega no Proyecto Panhispánico. O alumnado cubriu en primeiro lugar as respostas do CI 00 *Os deportes*, seguidas das de *A roupa* (CI 02), *Os alimentos e as bebidas* (CI 05), *Os obxectos colocados na mesa para a*

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

comida (CI 06), *A cociña e os seus utensilios* (CI 07) e *Os xogos e as distraccións* (CI 15).

Algunhas das decisións que tomamos nesta investigación estiveron motivadas polas restricións sanitarias que se implantaron na pandemia da Covid-19. Unha destas decisións foi a de reducir o máximo posible a duración da enquisa. Deseñámola para que puidese realizarse en cada un dos centros educativos en aproximadamente 20 minutos. Consideramos que, se o tempo da enquisa era breve, sería máis fácil conseguir a colaboración dos centros. No curso anterior á recollida da mostra LD2020 (2019-2020) houbo períodos sen docencia presencial, o que aumentou a incerteza sobre as condicións da docencia en 2020-2021. Ademais, a finais de 2º de bacharelato parte do alumnado deste curso preséntase ás probas de acceso á universidade. Ante esta situación, anticipamos a posibilidade de que houbese reticencias a participar nos centros educativos por non restarlle tempo das horas de clase á preparación das probas ABAU.

Para reducir o tempo da enquisa seleccionamos os CI que consideramos máis adecuados, pero cremos que en futuros traballos nos que se investigue o cambio no léxico da alimentación a partir de datos de dispoñibilidade léxica podería ser de interese recoller información doutros CI. Consideramos especialmente interesantes os CI *O campo* e *O mar*, nos que se rexistran en 2008-2009 tanto lemas que dan nome a alimentos non recollidos no CI *Os alimentos e as bebidas* (*ervella*, *plantar balocas*, *vello*, *escacho*) coma lemas que se recolleron, pero son menos frecuentes neste CI (*millo*, *peixe sapo*). Algunhas destas voces teñen unha distribución xeográfica marcada.

As restricións sanitarias vixentes no momento de recollida dos datos fixéronnos descartar a opción de asistir ós centros para realizar presencialmente as enquisas. Todos os datos do curso académico 2020-2021 foron recollidos polo profesorado de Lingua galega e literatura de 2º de bacharelato. Tamén foron recollidos polo profesorado dos institutos a maioría dos datos empregados no LDG. López Meirama & Álvarez de la Granja (2014: 13) indican: "só esporadicamente se solicitou a nosa presenza".

As instrucións que enviamos ós institutos para a realización da recollida tamén son idénticas ás que se mandaron para a elaboración do LDG. Nelas incídese na importancia de que o alumnado siga a numeración das follas cuadriculadas que se entregan (para garantir que

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

recollemos as voces na orde correcta), indícase o tempo que debe dedicarse a cubrir as listas de cada centro de interese (máximo dous minutos), explícase que non se busca a orixinalidade nin a corrección ortográfica e pídeselles que exclúan nomes propios e marcas comerciais. En canto á maneira de interpretar os estímulos, indícase que non se deben considerar hiperónimos, senón que son un xeito de facer referencia a un ámbito de uso. Explícaselles que no CI *Os deportes*, por exemplo, serían adecuadas voces coma *tenis* e *fútbol*, pero tamén outras como *meta*, *bici* e *dopaxe* (Apéndice 2).

Seleccionamos os centros educativos para participar na mostra LD2020 en función dos que colaboraron nas enquisas para a elaboración do *Léxico dispoñible do galego*. Na nosa investigación comparamos unicamente os datos do LDG da provincia da Coruña cos datos recollidos en 2020-2021 na mesma provincia. Consideramos que estudar todo o territorio galego seguindo o método do LDG nos proporcionaría unha cantidade de datos para procesar excesiva, tendo en conta os límites temporais do noso proxecto, polo que decidimos centramos unicamente na provincia da Coruña. De agora en diante referirémonos ós datos do LDG para a provincia da Coruña co nome de mostra LDGC, dado que son os datos desta provincia os que imos considerar neste traballo, e ós datos recollidos no curso 2020-2021 como mostra LD2020. Na Táboa 3.1 presentamos os centros educativos enquisados en 2008-2009 e en 2020-2021, xunto coas características destes centros.

No LDG seleccionaron 21 centros educativos para a provincia da Coruña, nos que tiñamos a intención de volver recoller datos nesta investigación. Con todo, non foi posible conseguir información de todos os centros seleccionados doce anos antes. Nos catro casos en que non puidemos utilizar datos dos institutos enquisados en 2008-2009, escollemos no seu lugar centros da mesma titularidade (pública ou privada) e da mesma localidade para incluílos na mostra de 2020-2021. Na Táboa 3.1 relaciónanse os centros que participaron no LDG e os que finalmente se seleccionaron na mostra LD2020, xunto coa localidade, o tipo de poboación e a localización costeira ou interior. Os IES son centros públicos, os CPR son centros de titularidade privada.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Táboa 3.1. Centros educativos nos que se obtiveron os datos das dúas mostras comparadas[1].

Nº	Centros LDGC	Centros LD2020	Localidade	Tipo de pob.	Localización
1	IES Agra do Orzán	IES Agra do Orzán	A Coruña	urbana	costa
2	IES Salvador de Madariaga	IES Salvador de Madariaga	A Coruña	urbana	costa
3	**IES Eusebio da Guarda**	**IES Rafael Dieste**	A Coruña	urbana	costa
4	**CPR Cristo Rey**	**CPR San Juan Bosco**	A Coruña	urbana	costa
5	CPR Grande Obra de Atocha	CPR Grande Obra de Atocha	A Coruña	urbana	costa
6	CPR Santo Domingo	CPR Santo Domingo	A Coruña	urbana	costa
7	**IES Saturnino Montojo**	**IES Concepción Arenal**	Ferrol	urbana	costa
8	**IES Rodolfo Ucha Piñeiro**	**IES Ricardo Carvalho Calero**	Ferrol	urbana	costa
9	IES Pontepedriña	IES Pontepedriña	Santiago	urbana	interior
10	IES Antonio Fraguas	IES Antonio Fraguas	Santiago	urbana	interior
11	IES As Fontiñas	IES As Fontiñas	Santiago	urbana	interior
12	CPR La Salle	CPR La Salle	Santiago	urbana	interior
13	IES Fraga do Eume	IES Fraga do Eume	Pontedeume	periurbana	costa
14	IES Afonso X O Sabio	IES Afonso X O Sabio	Cambre	periurbana	costa
15	IES de Ames	IES de Ames	Bertamiráns	periurbana	interior
16	IES Isidro Parga Pondal	IES Isidro Parga Pondal	Carballo	vila	costa
17	IES Campo de San Alberto	IES Campo de San Alberto	Noia	vila	costa
18	IES Francisco Aguiar	IES Francisco Aguiar	Betanzos	vila	interior
19	IES Punta Candieira	IES Punta Candieira	Cedeira	rural	costa
20	IES Macías o Namorado	IES Macías o Namorado	Padrón	rural	interior
21	IES Terra do Xallas	IES Terra do Xallas	Santa Comba	rural	interior

A cada centro enviamos por correspondencia, igual ca no proxecto no que nos baseamos, 32 enquisas. Como a nosa metodoloxía de enquisa coincide coa do LDG, non realizamos unha sondaxe previa á recollida de 2020-2021. A diferenza dos traballos para o LDEG e o LDG, nos que se seleccionou un número determinado de enquisas entre as recibidas (entre 13 e 19 por centro educativo nos institutos da provincia da Coruña), nós consideramos preferible empregar na análise todas as enquisas que non tiñan ningunha característica que nos fixera desbotalas. Esta decisión tomouse co obxectivo de evitar intervir sobre os datos e poder contar coa máxima información posible para poñer a proba con maior seguridade as hipóteses das que partimos. As enquisas que descartamos foron aquelas nas que todas as formas recollidas estaban en castelán, as que non contiñan información para todas as variables requiridas e as de informantes que levaban vivindo en Galicia menos de 10 anos. Este último criterio de descarte foi introducido tamén no LDG para evitar incluír datos de participantes que puidesen ter carencias importantes no coñecemento do léxico galego (López Meirama & Álvarez de la Granja 2014: 20).

[1]Resaltamos os centros educativos que non coinciden entre as mostras.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Os datos que recollemos para este traballo obtivéronse entre decembro e maio do curso 2020-2021, doce anos despois ca os da mostra LDGC, rexistrados no curso 2008-2009.

3.2. As variables estudadas

A partir das preguntas da primeira parte da enquisa extraemos a información sobre as seguintes variables que empregamos na análise:

- Sexo (feminino ou masculino)[2]
- Titularidade (pública ou privada) do centro educativo[3]
- Tipo de localidade do centro educativo (rural, vila, periurbana ou urbana)
- Localización do centro educativo (costeira ou interior)
- Tipo de localidade de residencia (rural, vila, periurbana ou urbana)
- Nivel sociocultural (alto, medio ou baixo)
- Lingua inicial (galego, castelán, as dúas ou outra(s))[4]
- Lingua habitual (só galego, máis galego, galego e castelán indistintamente, máis castelán, só castelán ou outra(s))[5]

Na maioría das variables que consideramos asígnanse os informantes a un grupo en función da categoría que eles mesmos marcan. Non obstante, para asignar un nivel sociocultural (de agora en diante NSC) a cada

[2]Na maioría de traballos de LD pregúntase pola variable sexo. Para poder comparar a información da nosa mostra coa información recollida para o LDG e con outros traballos de dispoñibilidade léxica preguntamos tamén por esta variable coas opcións *masculino* e *feminino*. Porén, noutros traballos que teñen en conta o sexo na análise dos datos parece que son os factores sociais os que inflúen nos resultados de cada grupo e non os biolóxicos. As enquisas do alumnado que non escolleu ningunha das categorías para esta variable foron descartadas da nosa mostra.

[3]En Galicia non existe bacharelato concertado.

[4]Consideramos lingua inicial (LI) a resposta que deron os informantes á pregunta "En que lingua aprendiches a falar?".

[5]Consideramos lingua habitual (LH) a resposta que deron os informantes á pregunta "Que lingua falas habitualmente?".

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

participante empregamos as respostas que estes dan á pregunta "Estudos dos teus pais:". Nas enquisas inclúense dous cadros con distintas opcións para indicar os estudos e a profesión, pero, igual ca no LDG e no LDEG, a profesión non se considerou á hora de asignar un NSC ós participantes. O motivo de non ter en conta esta información débese á falta de respostas á pregunta "Ámbito profesional dos teus pais:" e á ambigüidade das respostas obtidas, que se dá tanto nos nosos datos coma nos datos previos dos proxectos LDG e LDEG.

No LDG e no LDEG asignaron un NSC alto ás persoas cuxo pai e nai tiñan estudos universitarios, un nivel baixo a aquelas persoas fillas de pais con estudos primarios e un NSC medio no resto dos contextos. Nos datos de 2020-2021 fixemos o mesmo. A nosa experiencia, despois de realizado este traballo, suxire que sería conveniente facer cambios na maneira de preguntar a profesión nas enquisas se se pretende ter en conta esta variable como factor para calcular o NSC.

3.3. Características da mostra LD2020

Nesta sección presentamos algunhas características dos e das informantes que participaron na recollida de datos de 2020-2021. En López Meirama & Álvarez de la Granja (2014: 14-30) as autoras explican que a mostra da que parte a súa análise é representativa tanto desde o punto de vista do seu tamaño como desde a perspectiva da estratificación da mostra segundo as variables consideradas. O LDG conta con datos de 800 estudantes, 336 deles son alumnado de centros educativos da provincia da Coruña. Estes útlimos constitúen o 41,02 % do total da mostra do proxecto e supoñen o 2,50 % do total de alumnado matriculado en bacharelato na provincia estudada no ano 2008 (IGE 2020a). Nos datos da mostra LD2020 contamos cun total de 485 enquisas. As persoas que participaron na recollida de 2020-2021 son o 3,63 % do total das matriculadas en bacharelato (IGE 2020a) na provincia da Coruña en 2020 e o 5,51 % das persoas de 17 anos desta provincia en 2020 (IGE 2020b). Centrámonos en expoñer que a distribución dos participantes segundo as variables que analizamos coincide en grande parte coas da poboación estudada que esta mostra pretende representar, para o cal empregamos principalmente datos do Instituto Galego de Estatística (IGE). Nalgúns casos tamén contrastamos as características dos participantes coas dos

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

informantes de 2008-2009, co obxectivo de coñecer se os datos que comparamos foron producidos por dous grupos de informantes semellantes. As mostras que analizamos son de tamaños diferentes, polo que prestamos atención a valores relativos coma as porcentaxes para comparar as súas características.

3.3.1. Características sociolóxicas

Para a variable sexo, os datos de 2020-2021 mostran unha distribución semellante á que recolle o IGE para a poboación estudada. As porcentaxes de homes e mulleres nos nosos datos son moi próximas ás que achega o IGE (2020a) para os estudantes matriculados en bacharelato no curso 2020 na provincia da Coruña (Táboa 3.2). As porcentaxes da nosa mostra tamén son consistentes cos valores que se proporcionan no IGE para o alumnado matriculado en centros públicos e privados neste nivel educativo na provincia estudada (2020a) (Táboa 3.3).

Táboa 3.2. Participantes da mostra LD2020 segundo o sexo e comparación con datos do IGE (2020a).

	LD2020		IGE 2020	
Sexo	Inform.	%	Estudantes	%
muller	271	55,88 %	7.105	53,12 %
home	214	44,12 %	6.271	46,88 %
Total	485		13.376	

Táboa 3.3. Participantes da mostra LD2020 segundo o tipo de centro e comparación con datos do IGE (2020a).

	LD2020		IGE 2020	
Tipo de centro	Inform.	%	Estudantes	%
público	398	82,06 %	10.745	80,33 %
privado	87	17,94 %	2.631	19,67 %
Total	485		13.376	

A maioría de traballos de dispoñibilidade léxica consideran pertinente empregar variables xeográficas. Dependendo do territorio estudado hai autores que traballan con variables coma norte e sur, urbano e rural e capital ou non capital, entre outras. Para a elaboración do LDEG,

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

López Meirama (2008) considerou pertinente clasificar a residencia do alumnado galego en catro tipos de núcleos de poboación: rural, vila, periurbano e urbano. Esta clasificación séguese no LDG e tamén na nosa mostra e aplícase á localidade na que están situados o centro educativo e a residencia familiar. Igual ca na clasificación empregada no LDG, consideramos rurais os municipios con menos de 15.000 habitantes, en situación de relativo illamento xeográfico respecto dos núcleos urbanos próximos e caracterizados por unha economía baseada no sector primario. Etiquetamos como vilas os núcleos de poboación con "máis de 15.000 habitantes e mesmo algúns de ata 10.000 que, pola súa proximidade a núcleos urbanos importantes ou polo sector económico que caracteriza o seu territorio, non corresponden ao prototipo de poboación rural" (López Meirama & Álvarez de la Granja 2014: 17). En canto ós concellos periurbanos, López Meirama (2008) indica que se basea para clasificalos na información da Federación Galega de Municipios e Provincias. Para manter a coherencia entre as dúas fontes desta investigación, revisamos as enquisas orixinais da mostra LDGC para comprobar como foran clasificadas cada unha das localidades e aplicamos o mesmo criterio ós nosos datos. Por último, clasificamos como núcleos de poboación urbanos as cidades de Ferrol, A Coruña e Santiago de Compostela.

A clasificación escollida no LDG e no LDEG para o tipo de poboación (aplicada ás localidades de residencia e do centro educativo) non ten correspondencia nos datos do IGE, polo que non podemos comprobar se a distribución das persoas da nosa mostra segundo a localidade na que está o seu instituto ou a súa casa é representativa da distribución real do total do alumnado da provincia da Coruña. Para coñecer se a distribución das persoas enquisadas en 2008-2009 e 2020-2021 é semellante neste senso, presentamos na Táboa 3.4 a distribución dos datos segundo a localidade do centro educativo para cada unha das mostras. Como se observa na táboa, os valores en ambas as fontes son semellantes e as maiores diferenzas danse entre as porcentaxes da poboación urbana. Máis da metade das persoas participantes estuda en centros urbanos tanto na mostra LDGC coma na mostra LD2020. En canto ós outros tipos de localidades, en 2008-2009 a porcentaxe de estudantes de centros educativos periurbanos, rurais e vilegos é a mesma: 14,29 %. Nos datos de 2020-2021 os valores para os centros non urbanos sitúanse entre o 14,85 % e o 16,49 % de informantes.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Táboa 3.4. Participantes da mostra LD2020 segundo a localidade do centro educativo e comparación cos datos da mostra LDGC.

	LDGC		LD2020	
Pob. centro	Inform.	%	Inform.	%
urbana	192	57,14 %	255	52,58 %
periurbana	48	14,29 %	72	14,85 %
vila	48	14,29 %	78	16,08 %
rural	48	14,29 %	80	16,49 %
Total	336		485	


Observamos algunhas diferenzas entre as mostras na distribución dos participantes segundo a localidade de residencia familiar (Táboa 3.5). Con respecto a esta variable, hai máis de oito puntos porcentuais de diferenza entre os datos para a poboación urbana das dúas mostras, como se observa na Figura 3.1. A poboación urbana supón unha maior proporción de informantes en 2008-2009. As diferenzas son menores entre os valores para as vilas e para os núcleos periurbanos e rurais das dúas fontes. López Meirama & Álvarez de la Granja (2014: 20) explican que seleccionaron as enquisas "con criterios de lexibilidade e compleción, sen manipular a selección baseándonos na información ofrecida en cada enquisa en relación co lugar de residencia familiar, a lingua inicial e habitual ou o nivel sociocultural dos pais". Aínda que os datos demográficos do IGE (2021) indican que entre os anos 2011 e 2021 diminuíu a poboación das zonas densamente poboadas na provincia da Coruña, este descenso é de menos do 1 %. Polo tanto, non consideramos que a diferenza entre as mostras se deba a un cambio no número de persoas que residen nas cidades e parece máis probable que garde relación ben co descarte dos cuestionarios en castelán en 2020-2021, ou ben co feito de que o número de enquisas por centro educativo é menos homoxéneo na mostra LD2020 ca na mostra LDGC.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Táboa 3.5. Participantes da mostra LD2020 segundo a localidade da residencia familiar e comparación cos datos da mostra LDGC.

	LDGC		LD2020	
Pob. residencia	Inform.	%	Inform.	%
urbana	161	47,92 %	188	38,76 %
periurbana	60	17,86 %	115	23,71 %
vila	27	8,04 %	44	9,07 %
rural	88	26,19 %	138	28,45 %
Total	332		485	

Figura 3.1. Participantes da mostra LD2020 segundo a localidade da residencia familiar e comparación cos datos da mostra LDGC.



Outra diferenza destacable entre as dúas mostras ten que ver coa representación segundo o nivel sociocultural. Esta é unha das variables que resultou ser útil para explicar diferenzas en moitos dos proxectos

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA


de dispoñibilidade léxica. Como se observa na Táboa 3.6 e na Figura 3.2, en 2020-2021 a porcentaxe de persoas do NSC medio é maior ca a da mostra LDGC, a porcentaxe de informantes de NSC baixo é menos dun terzo do que supuña en 2008-2009 e a porcentaxe de participantes de NSC alto duplícase. Esta diferenza probablemente garde relación co aumento no número de persoas que chegan a ter estudos superiores e a diminución do de persoas que só contan con estudos primarios que reflicten os datos do Instituto Nacional de Estatística (INE 2020). Entre 2008 e 2020 a poboación de entre 25 e 64 anos con estudos superiores en Galicia aumentou desde o 29,25 % ata o 40,31 %; a poboación con estudos inferiores á segunda etapa de secundaria decreceu desde o 52,50 % ata o 37,46 %.

Táboa 3.6. Participantes da mostra LD2020 segundo o NSC e comparación cos datos do LDGC.

	LDGC		LD2020	
NSC	Inform.	%	Inform.	%
baixo	97	28,87 %	45	9,28 %
medio	205	61,01 %	342	70,52 %
alto	34	10,12 %	98	20,21 %
Total	336		485	

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Figura 3.2. Participantes da mostra LD2020 segundo o NSC e comparación cos datos da mostra LDGC.



3.3.2. Características sociolingüísticas

Neste traballo estudamos a DL nun contexto no que coexisten dúas linguas e recollemos datos da lingua minorizada. Cremos necesario expoñer que uso fan das dúas linguas as persoas participantes e incluír un breve comentario da situación sociolingüística da comunidade estudada para contextualizar os datos que obtivemos. Comparamos os datos sociolingüísticos da nosa mostra cos do IGE para comprobar se son representativos da comunidade estudada en canto á lingua habitual e inicial e tamén achegamos información doutros traballos sociolingüísticos.

Na Táboa 3.7 e na Figura 3.3 expóñense os datos de lingua inicial dos informantes da mostra LD2020 e compáranse cos do IGE (2018) para toda Galicia do ano 2018. Esta información debe interpretarse tendo en consideración que os valores que proporciona o IGE representan un grupo

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA


de idade máis amplo ca o da nosa mostra (persoas de 15 a 29 de toda Galicia), xa que a idade condiciona fortemente a lingua inicial e habitual no contexto estudado (González González 2007a: 67, González González 2007b: 53-54). Ademais, cómpre ter en conta que foron descartadas da mostra LD2020 as enquisas cubertas integramente en castelán, cuxos autores se declaraban castelanfalantes iniciais e habituais.

Táboa 3.7. Comparación dos datos de lingua inicial na mostra LD2020 cos do IGE (2018) de toda Galicia (persoas entre 15 e 29 anos).

	LD2020		IGE 2018	
LI	%	Inform.	%	Inform.
galego	23,30 %	113	27,82 %	94.694
as dúas	35,88 %	174	31 %	105.507
castelán	39,18 %	190	38 %	129.360
outra(s)	1,65 %	8	3,18 %	10.830
Total		485		340.391

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Figura 3.3. Comparación dos datos de LI da mostra LD2020 cos do IGE (2018) para toda Galicia (persoas entre 15 e 29 anos).



A pesar das diferenzas metodolóxicas, os valores que se observan na Figura 3.3 e na Táboa 3.7 son semellantes. A maioría das persoas enquisadas na mostra LD2020 e nos datos do IGE respondeu que aprendera a falar en castelán. A seguinte porcentaxe máis alta é a das persoas que teñen como lingua inicial tanto o galego coma o castelán, seguidas das persoas que aprenderon a falar só en galego. Só unha pequena parte das persoas enquisadas (o 1,65 % na mostra LD2020 e o 3,18 % nos datos do IGE) respondeu que a súa lingua inicial era distinta do castelán e do galego. En canto ás diferenzas que se observan, na nosa mostra é menor a porcentaxe de persoas que teñen como lingua inicial o galego ca nos datos do IGE (2018) e é maior a dos participantes bilingües iniciais. Aínda que hai pouca diferenza entre os datos dos castelanfalantes iniciais da nosa mostra e no IGE, é moi probable que a

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

proporción de castelanfalantes iniciais na mostra LD2020 fose maior se non se descartasen os cuestionarios cubertos en castelán.

Os datos sociolingüísticos da mostra rexistrada en 2008-2009 reflicten unha situación parcialmente distinta á de 2020-2021 (Táboa 3.8). Na mostra LD2020 hai menos persoas que din que aprenderon a falar en galego e máis que din que aprenderon a falar nos dous idiomas (a porcentaxe é máis de dez puntos maior nos datos de 2020-2021). Neste caso, que o número de persoas que se consideran castelanfalantes iniciais sexa menor tamén pode ser resultado do descarte de enquisas en castelán que realizamos.

Táboa 3.8. Comparación dos datos de LI das mostras LDGC e LD2020.

	LDGC		LD2020	
LI	%	Inform.	%	Inform.
galego	30,95 %	104	23,30 %	113
as dúas	24,70 %	83	35,88 %	174
castelán	44,05 %	148	39,18 %	190
outra(s)	0,30 %	1	1,65 %	8
Total		336		485

En canto á lingua habitual, non hai correspondencia exacta entre as categorías seleccionadas no LDGC, que nós tamén empregamos, e as que se utilizan no IGE (2018). Nos datos do IGE non contamos con información para comparar co grupo das persoas que din falar galego e castelán indistintamente nin co grupo das persoas que falan outra ou outras linguas. Ademais, os datos que presentamos (igual que fixemos cos da lingua inicial) correspóndense cos valores para o grupo de idade de 15 a 29 anos (Táboa 3.9), aínda que neste caso hai dispoñibles datos específicos para a provincia que nos ocupa. Por estas dúas razóns cómpre tomar o contraste como orientativo e é esperable que se observen diferenzas. Destacamos que, como se mostra na táboa, nos nosos datos as persoas participantes que din que falan só galego ou máis galego son case a metade das que din que o falan nos datos do IGE. Tamén é maior na nosa mostra o grupo das persoas que din que falan máis castelán; a diferenza é de máis de dez puntos porcentuais. O grupo de informantes que falan só castelán é menor nos nosos datos ca nos do IGE, o que consideramos que pode estar relacionado co descarte das enquisas en castelán.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Táboa 3.9. Comparación dos datos de LH na mostra LD2020 cos do IGE (2018) da provincia da Coruña (persoas entre 15 e 29 anos)[6]. ND: sen datos.

	LD2020		IGE 2018	
LH	%	Inform.	%	Inform.
galego	11,34 %	55	22,2 %	30.275
máis galego	10,72 %	52	17,35 %	23.670
indistintamente	14,43 %	70	ND	ND
máis castelán	38,56 %	187	27,34 %	37.294
só castelán	24,12 %	117	33,11 %	45.159
outra(s)	0,82 %	4	ND	ND
Total		485		136.399

Así mesmo, consideramos necesario contrastar a información sobre a lingua habitual nos datos da mostra LD2020 cos da mostra LDGC, para coñecer se os informantes de ambas fan un uso das linguas semellante e consideralo na análise. A distribución das persoas participantes segundo a lingua habitual na nosa mostra e nos datos de 2008-2009 é similar, como se observa na Táboa 3.10. Con todo, nos nosos datos é menor o número de persoas que di falar só galego e máis galego e é maior a porcentaxe de informantes que falan máis castelán.

Táboa 3.10. Comparación dos datos de LH das mostras LDGC e LD2020.

	LDGC		LD2020	
LH	%	Inform.	%	Inform.
só galego	16,37 %	55	11,34 %	55
máis galego	14,58 %	49	10,72 %	52
indistintamente	13,39 %	45	14,43 %	70
máis castelán	33,04 %	111	38,56 %	187
só castelán	22,62 %	76	24,12 %	117
outra(s)	0 %	0	0,82 %	4
Total		336		485

Se contrastamos os datos de lingua inicial e habitual na nosa mostra (Táboas 3.11 e Figura 3.4), os resultados son moi semellantes ós que se obteñen nos datos da mostra LDGC e noutros proxectos de sociolingüística galega (González González 2007a: 43; Seminario de

[6]Nos datos do IGE (2018) non hai información para as opcións *indistintamente* e *outra(s)*.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA


Sociolingüística da Real Academia Galega 2018: 14): a maioría das persoas falan habitualmente na lingua na que aprenderon a falar e este mantemento é máis forte nos castelanfalantes iniciais. No caso das persoas que aprenderon a falar en galego e en castelán, a maioría fala máis castelán. Na Figura 3.4 obsérvase como a maioría das persoas galegofalantes iniciais falan só galego ou máis galego (suman o 69 % dos participantes con lingua inicial só galego), mentres que a distribución é claramente distinta entre os castelanfalantes e os bilingües iniciais en galego e castelán. En canto ás persoas que responderon que aprenderon a falar outra lingua, a metade delas tamén falan habitualmente unha lingua distinta ó castelán e ó galego.

Táboa 3.11. Participantes da mostra LD2020 segundo a LI e a LH. Valores absolutos.

LI ↓ LH →	só galego	máis galego	indistintamente	máis castelán	só castelán	outra(s)
galego	47	31	27	8	0	0
as dúas	6	17	35	94	22	0
castelán	2	4	8	83	93	0
outra(s)	0	0	0	2	2	4

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Figura 3.4. Participantes da mostra LD2020 segundo a LI e a LH. Porcentaxes[7].



Igual ca no LDG, para caracterizar a nosa mostra, presentamos a continuación a distribución segundo a lingua habitual dos participantes en función das outras variables sociais consideradas.

En canto á variable sexo, non se observan diferenzas importantes en canto á LH que empregan homes e mulleres (Táboa 3.12). Como se observa na Figura 3.5, hai menos diferenzas entre o comportamento segundo o sexo ca as que se percibían na intersección de LI e LH. Destaca

[7]Nesta sección empregamos mapas de calor para representar graficamente as características sociolingüísticas da mostra. Estas figuras, que constan de dous eixes, permiten ver cunha escala de cor as intersección entre as categorías de dúas variables: neste traballo usámolo para mostrar a interacción entre a LH e outras variables. Nas figuras que presentamos exprésase que porcentaxe das persoas das categorías da variable do eixe vertical empregan como LH cada unha das opcións que aparecen no eixe horizontal. Para mellorar a visualización non empregamos números decimais nas figuras, presentamos só números enteiros.


USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

o feito de que no grupo masculino a porcentaxe de participantes que din que usan o galego e o castelán indistintamente é maior ca no feminino. No grupo feminino é maior ca no masculino a porcentaxe de informantes que escollen a opción *só castelán* nos cuestionarios. Nos datos da mostra LDGC as diferenzas entre á LH dos dous grupos considerados na variable sexo tamén son mínimas.

Táboa 3.12. Participantes da mostra LD2020 segundo a LH e o sexo. Valores absolutos.

Sexo ↓ LH →	só galego	máis galego	indistintamente	máis castelán	só castelán	outra(s)
masculino	26	21	41	80	45	1
feminino	29	31	29	107	72	3

Figura 3.5. Participantes da mostra LD2020 segundo a LH e o sexo. Porcentaxes.




O tipo de centro e o nivel sociocultural están relacionados coa lingua habitual escollida na enquisa e os mapas de calor que presentamos reflicten esta distribución: os centros privados e o NSC alto asócianse a unha maior presenza do castelán (e unha menor presenza do galego) como lingua inicial e habitual. Os resultados tamén mostran relación na mostra LD2020 entre a titularidade do centro educativo e o NSC: a porcentaxe de persoas de NSC alto que estudan en centros privados (45,98 %) é moi superior á das persoas de NSC medio e baixo que estudan neste tipo de centro (13,45 % e 2,22 %). Nos nosos datos (Táboa 3.13 e Figura 3.6), en 2020-2021 non hai ningunha persoa nos centros privados estudados que fale só galego e só unha di que fala máis galego ca castelán. A porcentaxe de persoas que fala só castelán ou máis castelán nestes centros é do 94,25 %. Nos institutos públicos hai menos diferenzas entre os distintos grupos. Con todo, como se observa na figura, tanto nos centros privados coma nos públicos o grupo de persoas que din que falan habitualmente máis castelán ca galego é o que reúne máis informantes: supón o 36 % dos informantes nos centros públicos e o 50 % nos privados. En canto ás persoas que teñen como LH só o castelán, igual ca nos datos da mostra LDGC, a porcentaxe de persoas que falan só castelán e máis do dobre nos centros privados ca nos públicos. Álvarez de la Granja e López Meirama atribúen a escasa presenza do galego nos centros de titularidade privada a que todos os centros privados participantes están en núcleos urbanos, a que boa parte do alumnado destes pertence ó NSC alto e ó posible "menor compromiso, en termos xerais, deste tipo de ensino de cara á potenciación do emprego desta lingua" (2014: 27-28).

Táboa 3.13. Participantes da mostra LD2020 segundo a LH e o tipo de centro educativo. Valores absolutos.

Tipo centro ↓ LH →	só galego	máis galego	indistintamente	máis castelán	só castelán	outra(s)
público	55	51	66	143	79	4
privado	0	1	4	44	38	0

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Figura 3.6. Participantes da mostra LD2020 segundo a LH e o tipo de centro educativo. Porcentaxes.



Para a variable nivel sociocultural, na distribución das persoas segundo a súa LH percíbese unha tendencia moi clara (Táboa 3.14 e Figura 3.7): case non hai persoas de NSC alto que falen só galego ou máis galego ca castelán e a grande maioría teñen o castelán como LH única ou predominante: o 82 % das persoas de NSC alto din falar máis castelán ou só castelán, como se mostra na figura. En canto á LH das persoas de NSC medio, o grupo que usa habitualmente máis castelán é o maioritario, mais é maior ca no alto a porcentaxe de persoas que empregan habitualmente só galego, máis galego ca castelán ou unha ou outra lingua indistintamente. A porcentaxe de persoas de NSC medio que empregan só castelán é a máis baixa dos tres grupos considerados na variable NSC. Por último, no NSC baixo atópase a maior porcentaxe de persoas que falan máis galego ou só galego dos tres grupos. Son poucas as persoas de NSC baixo que usan as dúas linguas indistintamente: só


USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

o 4 % dos informantes deste nivel. Nos datos da mostra LDGC para a provincia estudada *só galego* era a opción maioritaria entre os estudantes do nivel sociocultural baixo, pero non había ningún informante de NSC alto que falase só galego ou máis galego.

Táboa 3.14. Participantes da mostra LD2020 segundo a LH e o NSC. Valores absolutos.

NSC ↓ LH →	só galego	máis galego	indistintamente	máis castelán	só castelán	outra(s)
alto	5	2	9	37	43	2
medio	41	36	59	139	65	2
baixo	9	14	2	11	9	0

Figura 3.7. Participantes da mostra LD2020 segundo a LH e o NSC. Porcentaxes.



En canto á LH dos participantes segundo a localidade en que viven e estudan, cómpre mencionar que, igual ca na mostra LDGC, hai

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA


coincidencias entre o tipo de poboación na que residen os participantes e o tipo de localidade en que se sitúa o centro no que estudan. A maioría do alumnado das cidades (73,33 %) estuda en institutos urbanos, a maioría do alumnado que vive en localidades periurbanas (84,72 %) asiste a centros de localidades periurbanas e o 100 % do alumnado de centros rurais vive en localidades rurais. Das persoas que asisten a institutos de vilas, o 56,41 % do alumnado reside tamén en vilas, o 26,92 % vive en poboacións rurais e o resto (16,66 %) vive en áreas periurbanas. Esta coincidencia explica parcialmente o feito de que, cando presentamos os datos de lingua habitual segundo estas variables, a distribución dos participantes en función a súa LH sexa semellante. As Táboas 3.15 e 3.16 e as Figuras 3.8 e 3.9 mostran unha distribución case idéntica. As principais diferenzas obsérvanse na poboación urbana: a porcentaxe de persoas que teñen como LH o galego é menor nas poboacións urbanas ca nos centros educativos urbanos. Isto pode gardar relación con que a estes últimos asisten tamén persoas doutros núcleos de poboación. Na nosa mostra obsérvase unha relación entre vivir ou estudar nunha poboación urbana ou periurbana e facer un maior uso de castelán e unha relación entre residir en localidades rurais e unha maior presenza do galego como LH. Esta asociación dáse tamén tanto nos datos da mostra LDGC coma noutros traballos de sociolingüística galega (González González 2007a: 51; Seminario de Sociolingüística da Real Academia Galega 2018: 25; Monteagudo et al. 2021: 203).

Táboa 3.15. Participantes da mostra LD2020 segundo a LH e a localidade do centro educativo. Valores absolutos.

Pob. centro ↓ LH →	só galego	máis galego	indistintamente	máis castelán	só castelán	outra(s)
urbana	17	16	31	110	79	2
periurbana	2	3	13	31	23	0
vila	13	16	14	24	10	1
rural	23	17	12	22	5	1

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Figura 3.8. Participantes da mostra LD2020 segundo a LH e a localidade do centro educativo. Porcentaxes.




Se temos en conta só a localidade de residencia (Táboa 3.16 e Figura 3.9), obsérvase claramente que nos núcleos urbanos e periurbanos o máis frecuente é que os informantes teñan como LH predominante o castelán ou que só empreguen esta lingua. Pola contra, nos núcleos rurais obsérvase a maior porcentaxe de persoas galegofalantes habituais de todos os grupos, aínda que a porcentaxe de informantes rurais bilingües habituais que empregan máis o castelán é un valor moi próximo. Nas vilas tamén é maior ca nas cidades ou nas localidades periurbanas a porcentaxe de persoas que din que falan só galego ou máis galego ca castelán.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Táboa 3.16. Participantes da mostra LD2020 segundo a LH e a localidade da residencia familiar. Valores absolutos.

Pob. casa ↓ LH →	só galego	máis galego	indistintamente	máis castelán	só castelán	outra(s)
urbana	1	4	24	87	70	2
periurbana	5	8	17	54	30	1
vila	8	8	6	15	7	0
rural	41	32	23	31	10	1

Figura 3.9. Participantes da mostra LD2020 segundo a LH e a localidade da residencia familiar. Valores absolutos.




Igual ca na mostra LDGC, en 2020-2021 son 13 os centros localizados en poboacións costeiras e 8 os centros situados en localidades de interior (Táboa 3.1). En canto á relación desta variable coa LH, nas localidades costeiras a presenza do galego é menor ca nas localidades interiores, como se observa nos datos da Táboa 3.17 e na densidade das cores da Figura 3.10. Seguramente inflúe nestes valores que a maioría dos centros urbanos incluídos na mostra están en poboacións costeiras e que só hai nos datos que comparamos un centro costeiro rural. Por este motivo, aínda que presentamos os datos igual que o fan no LDG, non parece que esta variable sexa especialmente produtiva para a análise.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Táboa 3.17. Participantes da mostra LD2020 segundo a LH e a localización do centro educativo. Valores absolutos.

Loc. xeo. ↓ LH →	só galego	máis galego	indistintamente	máis castelán	só castelán	outra(s)
interior	40	33	30	71	29	3
costa	15	19	40	116	88	1

Figura 3.10. Participantes da mostra LD2020 segundo a LH e a localización do centro educativo. Porcentaxes.



En conclusión, nos datos que presentamos obsérvase que hai características dos informantes que se asocian claramente cunha lingua habitual determinada. Igual ca nos datos da mostra LDGC, en 2020-2021 asistir a un centro costeiro, privado e urbano, residir en núcleos urbanos e pertencer a un NSC alto son variables relacionadas cun maior uso do castelán. Pola contra, nos centros interiores, públicos e rurais, nas localidades rurais e en persoas cun menor nivel sociocultural o uso do galego é maior (López Meirama & Álvarez de la Granja 2014: 31).

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Cómpre considerar na análise dos datos estas características e recordar que estamos estudando datos do galego en dúas mostras nas que, para máis da metade de persoas participantes, este idioma non é a súa LH predominante.

3.4. Procesamento dos datos

O datos recadados nas enquisas foron tratados seguindo os pasos habituais nos traballos de DL: transcribíronse as unidades léxicas rexistradas, tomáronse decisións sobre que unidades eliminar, asignóuselle un lema ó léxico que se conservou e procesáronse os datos informaticamente. Cando se traballa con datos de LD, as decisións que se toman á hora de editar os materiais son fundamentais, xa que determinan a interpretación do léxico recollido (Cruz Ventura 2015: 45). O número e o tipo de formas que se decide eliminar e o xeito en que se presentan as que se manteñen (os lemas baixo os que estas se agrupan) son decisións que afectan ós resultados das análises cuantitativa e cualitativa. Os criterios cos que se proceda deben depender dos obxectivos concretos de cada proxecto (Hernández Muñoz 2006: 266) e, por esta razón, hai diferenzas entre os criterios que se empregan en distintos traballos de dispoñibilidade léxica. No noso proxecto, garantir a comparación fiel das dúas mostras é o obxectivo que guía tanto o mantemento ou a supresión das formas recollidas como a escolla do lema no procesamento da mostra de 2020-2021. Non obstante, nalgúns casos houbo que tomar decisións para tratar o léxico que non fora rexistrado en 2008-2009, para o que foi necesario establecer criterios propios que consideramos coherentes cos que se tomaron na elaboración do LDG.

Ademais, producíronse algunhas mudanzas a nivel lexicográfico nos doce anos entre as dúas recollidas (apareceron novas obras e novas recomendacións normativas para algunhas voces) e hai diferenzas na frecuencia das formas rexistradas en ambas as fontes. Estes cambios repercuten necesariamente nos criterios de edición, como explicaremos máis detalladamente nas seccións 3.4.1 e 3.4.2 e provocan que, ás veces, incluso seguindo os criterios do LDG, existan diferenzas entre o lema asignado a unha mesma variante nos datos de 2008-2009 e o que nós asignamos en 2020-2021. No Apéndice 3 presentamos unha lista de lemas

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

que son distintos nas dúas mostras, pero que consideramos equivalentes na análise.

Os datos que recollemos foron transcritos e organizados en follas de cálculo e codificáronse para poder procesalos no lematizador usado no LDG, posteriormente tratáronse coa aplicación Dispogal, que extrae o índice de dispoñibilidade e outros valores cuantitativos do léxico rexistrado e permite filtrar os datos por variables. O uso do lematizador deseñado e operado por Guillermo Rojo permitiu automatizar unha parte importante do traballo, xa que o programa asigna un lema automaticamente ás variantes que xa se rexistraran en 2008-2009 en función dos criterios do LDG. Aínda que o lema asignado non sempre é o adecuado e foi necesario revisar e corrixir os erros, esta ferramenta axilizou o proceso de lematización. A revisión final da lematización rematou o 11 de marzo de 2022. En canto ós lemas da mostra LDGC citados neste traballo, cremos importante aclarar que son os que se asignaron no proxecto do LDG tendo en conta o total de variantes recollidas en toda Galicia. Por este motivo, nos casos en que a escolla do lema depende da frecuencia, é posible que este non coincida coa variante maioritaria rexistrada na provincia de A Coruña.

Durante a análise dos datos observamos algúns desaxustes no reconto da frecuencia de Dispogal, respecto dos datos recollidos nas follas de cálculo empregadas para a elaboración do LDG, e algúns erros na lematización tanto nos datos deste proxecto (nove das ocorrencias da variante *absenta* aparecen lematizadas como *absenta* e unha aparece baixo o lema *asente*, por exemplo) coma nos datos procedentes da nosa mostra. Aínda que estes desaxustes eran mínimos, non se rexistraron en todos os CI e só afectaban a un número de unidades ínfimo nos casos en que se observaron, decidimos resolvelos para volver obter as listas de dispoñibilidade coas correccións incorporadas. Por este motivo decidimos extraer as listas de LD que presentamos (Apéndice 4) —as do LDGC coas mudanzas e as dos datos de 2020-2021— empregando a ferramenta *Dispocen* (Ávila Muñoz et al. 2021), unha biblioteca de acceso aberto para o programa R que tamén emprega a fórmula habitualmente usada nos traballos de DL. Tomamos esta decisión porque en Dispogal non é sinxelo introducir cambios unha vez procesados os datos e porque tampouco poderiamos cambiar os valores dos datos publicados en aberto da mostra LDGC.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Como os cambios que introducimos son menores, a diferenza entre os índices de dispoñibilidade asignados ás unidades en Dispogal e nas listas que nós presentamos tamén é mínima. A modo de exemplo, no CI *A roupa*, no que efectuamos algúns cambios, o índice de dispoñibilidade de *camiseta* na mostra LDGC en Dispogal é 0,65663; nos resultados exportados con Dispocen o índice é 0,65662.

Na análise estatística tamén empregamos distintos paquetes do programa R (Apéndice 5) e utilizamos os programas LexPro e Gephi para a análise de grafos. Explicamos detalladamente os procedementos empregados na análise nos capítulos correspondentes. A continuación, expoñemos os criterios xerais de edición dos materiais e aqueles específicos do tratamento dos datos de cada un dos CI estudados.

3.4.1. Criterios de edición xerais

Os criterios que seguimos para decidir que palabras das recollidas aparecen nas listas finais da nosa mostra e que lemas se lles asignou ás respostas rexistradas seguen os expostos na sección 2.3. do *Léxico Dispoñible do Galego* (López Meirama & Álvarez de la Granja 2014: 31-129), aínda que introducimos algunhas diferenzas que xustificamos nas seccións correspondentes[8]. Os principais criterios que seguimos na lematización dos datos da mostra LD2020 son os seguintes:

- **Eliminación de formas repetidas**. En primeiro lugar, eliminamos as palabras que aparecían repetidas nas listas dun informante no mesmo CI. A aplicación que utilizamos no proceso de lematización identifica as repeticións e non permite que dúas variantes agrupables baixo un mesmo lema aparezan nos mesmo CI na mesma enquisa. Cando atopamos repeticións, borramos a segunda das ocorrencias. Nalgúns casos aparecen nas enquisas dúas formas transcritas nun mesmo cadro separadas por barras (*patacas cocidas/cachelos*). Cando son voces ás que lles corresponden lemas distintos segundo os criterios de edición do LDGC, transcribímolas como se fosen dúas respostas diferentes.
- **Eliminación de formas sen vínculo co CI**. O obxectivo fundamental deste traballo ten que ver coa comparación dos datos

[8] En Lago Caamaño (2023) explícanse algunhas das decisións concretas que se tomaron no proceso de lematización.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

da mostra LDGC cos datos recollidos en 2020-2021. Por este motivo as decisións que tomamos en canto á eliminación dalgunhas unidades léxicas seguen os criterios semánticos que se establecen no LDG para cada CI. No procesamento dos datos de 2008-2009, as autoras conservaron a maioría das formas rexistradas e só suprimiron aquelas nas que o vínculo semántico co CI era moi feble ou nas que a vontade de transgredir a tarefa era evidente (López Meirama & Álvarez de la Granja 2014: 31-32). Deste modo, a mostra LDGC non só ofrece un vocabulario de categorías pechadas, senón que conserva formas que se asocian secundariamente ós CI; conservan *anorexia* en *A roupa*, *vómito* en *Os alimentos e as bebidas* e *contar* en *Os xogos e as distraccións*, por exemplo. Esta concepción ampla dos CI permite que se manteñan nas listas voces que son menos típicas dentro das categorías, pero que poden proporcionar información sociolóxica sobre percepcións e actitudes que cremos relevante. Con todo, non todas as formas novas recollidas en 2020-2021 entran nas categorías que mencionan as autoras do LDG para eliminar ou manter. Nos casos dubidosos, antes de tomar a decisión sobre o seu mantemento, revisamos as enquisas orixinais de 2008-2009 para comprobar se foran recollidas e eliminadas na edición.

- **Selección de formas normativas**. En xeral, para facilitar as buscas, no LDG utilízanse como lemas formas normativas rexistradas en obras lexicográficas de referencia[9]. Para os lemas en galego, as autoras botaron man do *Dicionario da Real Academia Galega* (Real Academia Galega 1997) e de maneira puntual da versión en liña deste dicionario de 2012, do *Gran Dicionario Xerais da Lingua* (GDXL) (Carballeira Anllo 2009), dunha versión anterior do *Digalego* (Ir Indo 2008) e do *Vocabulario Ortográfico da lingua Galega* (VOLG) (González González & Santamarina 2004). Para procesar a mostra LD2020 tamén seguimos este criterio e escollemos preferentemente lematizar baixo formas recollidas en dicionarios e

[9]Aínda que o criterio de lematización lexicográfico permite facilitar as buscas cando se explotan os datos, unha das diferenzas do LDG respecto doutros traballos de dispoñibilidade léxica é que fai públicas as listas de variantes asociadas a cada lema. Ademais, esta información está dispoñible para filtrala segundo distintas variables sociais na web http://ilg.usc.gal/ledigal/ (20/06/2024).

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

outras obras lexicográficas. Porén, as ferramentas que utilizamos non coinciden exactamente coas que se empregaron para escoller os lemas do LDG. Partimos do *Dicionario da Real Academia Galega* (DRAG) en liña (González González 2022) como fonte principal e utilizamos as recomendacións do seminario TERMIGAL recollidas no banco de termos TERGAL (TERMIGAL 2016–) para asignarlles un lema a boa parte das formas recollidas aínda non introducidas no DRAG[10]. Empregamos este recurso, xa que está actualizado e contén propostas normativas para neoloxismos e tecnicismos que rexistramos nos datos de 2020-2021. Tamén empregamos de maneira secundaria o dicionario *Digalego* (Ir Indo & Xunta de Galicia 2013) e o GDXL. Para lematizar as voces en castelán utilizamos o *Diccionario de la lengua española* (Real Academia Española 2022) en liña, as autoras do LDG usaran unha edición anterior deste dicionario (Real Academia Española 2001). En canto ós estranxeirismos que non están nos dicionarios do galego, tamén utilizamos formas normativas como lema. Para o inglés utilizamos o *Oxford English Dictionary Online* (OED) (Oxford University Press 2022) e en casos puntuais o *Corpus of Global Web-Based English* (GloWbe) (Davies 2013)[11]. As diferenzas nas fontes empregadas levan a que, por exemplo, a forma rexistrada nos datos *albahaca*, á que no LDG lle corresponde o lema *alfabaca* (recollido no *Gran Dicionario Xerais da Lingua* (Carballeira Anllo 2009)), sexa lematizada na mostra LD2020 como *alfábega*, que é a única proposta do banco TERGAL (TERMIGAL 2016–). Polo tanto, seguir os criterios do LDG lévanos a distanciarnos da súa lematización nalgunhas formas. Isto dificulta a comparación dos datos das dúas mostras, xa que, por exemplo, cando se contrastan as unidades rexistradas en ambas, é necesario considerar lemas que lemas como *sushi* (LDGC) e *suxi* (LD2020) son equivalentes a efectos da análise.

- **Tratamento da variación flexiva**. Seguindo o criterio lexicográfico, lematizamos a maioría do léxico recollido baixo a

[10] Moitas formas que usamos vinculadas coa alimentación proceden do *Dicionario de alimentación e restauración* (González González 2012).

[11] O proceso de lematización rematou o 11 de marzo de 2022. Os recursos utilizados foron consultados antes desta data.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

forma de cita habitual nos dicionarios. No caso dos substantivos que designan seres sexuados, en xeral, se existe flexión de xénero, incluímos no lema as desinencias que se recollen: só o feminino, só o masculino ou os dous xéneros separados por guión. Porén, nos casos nos que aparecen as dúas variantes nunha mesma enquisa, só mantemos a primeira. Por este motivo, algúns nomes de profesións en feminino quedaron fóra dos datos procesados. Na mostra LD2020 as palabras que designan profesións nos CI seleccionados recóllense cos dous xéneros máis frecuentemente ca nos datos do LDG. En canto ó número, só lematizamos en plural as formas recollidas en plural nos dicionarios (*valores*), aquelas para as que os recursos lexicográficos indican que adoitan usarse en plural se se rexistran maioritariamente en plural nas enquisas (*complementos*) e as voces en plural que forman parte de sintagmas ou construcións complexas (*auga con burbullas*, *apoiavasos*). En canto ós verbos, usamos o infinitivo, en forma pronominal ou sen pronome segundo os rexistros, agás se a forma recollida é un participio ou forma parte dunha expresión lexicalizada.

- **Tratamento das variantes non flexivas**. Nos criterios deseñados para o LDG establécense unhas pautas a seguir para lematizar distintos tipos de variantes. Seguíndoas, lematizamos as variantes ortográficas baixo a forma dos dicionarios. Se distintas variantes son normativas e igual de recomendables, escollemos a máis frecuente nos datos como lema, se hai unha máis recomendable ca as outras, seleccionámola independentemente da frecuencia. Os criterios para decidir que formas se consideran variantes son que compartan cando menos o radical e a designación e que aparezan nalgún dos dicionarios usados como sinónimos. O último dos criterios non o aplicamos en todos os casos, dado que unha parte importante das voces que rexistramos non aparecen nos dicionarios (lematizamos conxuntamente, por exemplo, as variantes *pousa potas* e *repousapotas*). Na lematización das variantes con elementos do castelán, as autoras do LDG tomaron a decisión de lematizar as voces en castelán (ou con influencia do castelán) cognadas dunha forma galega co lema normativo en galego. Igual ca nas variantes do galego, considéranse cognadas as variantes se comparten raíz e designación. Pola contra, para as palabras

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

en castelán sen cognado galego, o lema escóllese en función da frecuencia. Se é máis frecuente a variante en castelán selecciónase esta, se é máis frecuente a adaptación escóllese o lema non estándar (escollemos o lema *vea* no CI *Os obxectos colocados na mesa para a comida* en lugar de *vela*). Nas expresións complexas seguimos o criterio anterior se todos os compoñentes teñen cognado en galego e non intervimos se un deles non o ten (*perrito quente* lematízase como *perrito quente*). Tamén lematizamos conxuntamente as formas que teñen a mesma designación e os mesmos radicais, pero difiren no tipo de modificador (*culler de sopa e culler sopeira*). Nas formas con morfemas avaliativos, mantémolos no lema se intuímos que a variante co diminutivo ou aumentativo pode ter un referente distinto da forma sen afixo (lematizamos *maquinita* como *maquinita* e non como *máquina* en *Os xogos e as distraccións*). En xeral respectamos os agrupamentos de variantes que realiza o LDG. Seguindo tamén os criterios deste proxecto, escollemos as terminacións en *-ería* e *-ble* fronte a *-aría* e *-bel* nos lemas. As autoras tomaron esta decisión porque estas eran as desinencias maioritarias nos seus datos. Con todo, nos nosos resultados existen palabras para as que as variantes *-bel* e *-aría* son as únicas ou as que predominan. Tamén usamos nos lemas unicamente a contracción *ao*.

- **Tratamento de siglas e abreviaturas**. Lematizamos as siglas en maiúsculas e sen puntos (*PC*). As abreviaturas, se se recollen xunto coa forma plena, lematizámolas agrupadas con esta utilizando parénteses (*mando da tele(visión)*).

- **Tratamento de marcas comerciais** As formas que teñen orixe nunha marca comercial, se aínda non están recollidas nos dicionarios, lematízanse co nome da marca rexistrada. Intentamos respectar o máis fielmente posible o nome rexistrado, agás nalgúns casos que explicamos na sección 3.4.2.5. Sinálanse graficamente todas as marcas cun asterisco despois do lema (*Cheetos**).

- **Mantemento e supresión de constituíntes**. Lematizamos as formas introducidas por preposición ou artigo, en xeral, sen estes e sen emprego de parénteses. Nalgúns casos é necesario recuperar un elemento nominal do contexto das enquisas que se engade ó lema. Por exemplo lematizamos *de realidade virtual* como *xogo de*

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

realidade virtual. Se a forma con preposición dunha expresión se recolle nos dicionarios, mantémola no lema. Tamén repoñemos no lema as preposicións que intuímos que non aparecen por aforrar tempo cubrindo a enquisa. Nestes casos non se inclúen parénteses, engádense cando son posibles formas con e sen preposición (*mando (de) control*). Cando un modificador achega información que consideramos redundante non o mantemos no lema (*distintos tenedores* lematízase baixo *tenedor*).

- **Aplicación de regras específicas para cada CI**. Outro aspecto que se debe destacar é que aplicamos os criterios de lematización a cada un dos CI separadamente. Polo tanto, a forma escollida como lema para unha mesma variante pode ser diferente segundo o centro de interese en función de parámetros coma a frecuencia ou de criterios específicos relacionados coas características de cada ámbito semántico. Por exemplo, no CI *Os xogos e as distraccións* lematízanse en plural formas que están en singular noutros CI, xa que se considerou que, a pesar de non estaren recollidas nos dicionarios, as variantes en singular e en plural non teñen o mesmo significado no contexto no que se recollen (López Meirama & Álvarez de la Granja 2014: 116).

- **Interpretación das variantes no contexto das enquisas**. Hai ocasións en que existen dúbidas sobre o sentido dunha palabra no CI no que aparece. Nestes casos comprobamos entre que unidades se recolle a resposta na enquisa orixinal para intuír o seu significado e telo en conta na lematización e posteriormente na análise. En *Os alimentos e as bebidas*, por exemplo, rexístrase a resposta *disolvente*. Aínda que parece que esta unidade está lonxe do núcleo semántico do CI, polo seu contexto consideramos que se produciu como sinónimo de *soluble* (aparece na secuencia *disolvente-cacao-pos*), polo que non eliminamos a palabra das listas.

- **Busca da coherencia global coas decisións do LDG**. Mantemos o mesmo lema que o escollido no LDG sempre que non sexa incongruente cos criterios anteriormente explicados.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

3.4.2. Criterios de procesamento específicos dos CI

Os criterios que expuxemos aplicáronse ós cinco CI dos que recollemos datos en 2020-2021, mais para cada un deles seguimos tamén uns criterios de procesamento específicos. A continuación expoñemos as particularidades na edición dos materiais dos tres CI relacionados coa alimentación e dos dous que non gardan relación con este ámbito semántico. Presentámolos ordenados segundo o código numérico que lles corresponde nas investigacións do Proyecto Panhispánico. Aínda que a nosa análise se centra nos CI alimentarios, expoñemos igualmente os criterios empregados para os CI non relacionados con este campo, xa que tamén achegamos datos destes na análise da investigación e nas listas procesadas que se presentan no Apéndice 4.

3.4.2.1. CI 02. A roupa

Nas listas do CI *A roupa* atopamos nomes de pezas de roupa (*suadoiro*, *abrigo*), calzado (*tacóns*, *mocasín*), accesorios (*pamela*, *tirantes*) e palabras relacionadas co ámbito da costura e da produción industrial téxtil (*dedal*, *padronaxe*, *fábrica*). Tamén recollemos nos datos formas relacionadas coa imaxe e coa moda como expresión da identidade (*identificación*, *individual*, *expresión*, *personalidade*). Igual ca no LDG, conservamos as palabras que fan referencia a aspectos psicolóxicos e sociolóxicos da roupa (*confianza*, *discriminación*, *prexuízo*, *materialismo*, *consumismo*). Nas enquisas hai tamén marcas de roupa (*SikSilk**, *Puma**, *Fila**), voces do ámbito semántico da alta costura (*marca de luxo*, *showroom*) e estranxeirismos para designar modelos concretos ou estilos de pezas de roupa (*joggers*, *balloon*, *mom*). Ademais, mantemos as palabras rexistradas que designan materiais (*neopreno*, *algodón*), estilos e tendencias (*street style*, *monocromático*), maneiras de adecuarse a roupa ó corpo (*cinguido, frouxo*), estados nos que poden estar as pezas (*novo*, *roto*), formas relacionadas con poñer a roupa ou quitala (*espir(se)*) e aspectos relacionados coa limpeza e a almacenaxe da roupa (*lavandería*, *armario*). Por último, en 2020-2021 inclúese no CI léxico relacionado coa moda en redes sociais (*influencer*).

Igual ca noutros ámbitos semánticos, nos datos de 2020-2021 recollidos a partir do estímulo *A roupa* hai formas que teñen que ver cunha visión crítica do sistema de produción e cos hábitos de consumo

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

(*explotación infantil*, *contaminación*, *capitalismo*) e con alternativas fronte ós anteriores (*reciclar*, *segunda man*). Estas formas non se interpretaron como unha transgresión da tarefa, senón como un novo ámbito semántico asociado ó CI.

Na mostra LD2020 aparecen as innovacións *Jenny* e *cayetana*, formas contrapostas que funcionan como categorías estéticas e políticas[12] que eran populares nas redes sociais no momento da recollida de datos. As dúas formas proceden da mesma enquisa, a primeira rexístrase en minúscula e a segunda en maiúscula. Aínda que as dúas teñen orixe nun nome propio, a segunda é amplamente usada en minúscula e con flexión de xénero como adxectivo e substantivo en castelán, polo que, a falta de orientación lexicografica, decidimos lematizalas tal e como estaban recollidas: *Jenny* en maiúscula e *cayetana* en minúscula e en feminino. Tamén se recolle nos nosos datos a forma *MDLR*, siglas do francés *mec de la rue* vinculadas á estética do rap e da música urbana. Eliminamos, pola contra, formas xenéricas como *tesoreiro*, *amigas* e nomes de produtos cosméticos. Suprimimos tamén o antropónimo *Amancio Ortega*, xa que no proxecto no que nos baseamos non conservaron os nomes de persoa.

3.4.2.2. CI 05. Os alimentos e as bebidas

No CI *Os alimentos e as bebidas* recollemos principalmente nomes de alimentos (*polo*, *cebola*), bebidas (*ron*, *infusión*), condimentos (*pementa*) e pratos cociñados (*carne con patacas*). Rexistramos tamén palabras que designan calidades, propiedades e estados dos alimentos (*bo*, *empalagoso*), formas que teñen que ver coa maneira de preparalos (*mesturar*, *relar*) e voces que designan utensilios para cociñar e consumir comidas e bebidas (*vaso*, *pota*). Neste CI, ademais, rexístrase léxico relacionado coa inxesta de alimentos de maneira xeral (*tragar*), aparecen os nomes das comidas do día (*almorzo*, *cea*) e recóllense respostas que designan establecementos e profesións relacionados coa adquisición e consumo de alimentos e bebidas (*tenda*, *restaurante*). Tanto nos datos da mostra LDGC coma nos da mostra LD2020 conservouse o léxico rexistrado en todos estes casos. Na

[12] A forma *Jenny* fai referencia á estética de mulleres de nivel sociocultural baixo e está vinculada coa esquerda política, a forma *cayetana* está relacionada coa dereita e cun nivel sociocultural alto. A extensión destas formas coincide parcialmente coa de *pija* e *choni*, respectivamente, voces que tamén se recollen nos datos de 2020-2021.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

mostra de 2020-2021 destaca, ademais dos grupos anteriormente citados, a aparición de formas relacionadas coa alta cociña (*estrela Michelín**, *alta cociña*), con aspectos nutricionais dos alimentos (*potasio*), coa imaxe (*engordar*) e coa saúde física e mental (*trastorno alimentario*, *obsesión*, *enfermidade*). Igual ca no CI *A roupa*, recollemos neste centro de interese formas que teñen que ver con aspectos éticos e ecolóxicos da produción (*maltrato animal*, *veganismo*, *ecolóxico*).

Algunhas das decisións adoptadas na edición dos datos de 2020-2021 que cómpre mencionar son a agrupación da variante *energuizante* xunto con *enerxética* e a conservación das formas *auga osixenada* e *disolvente* nas listas de dispoñibilidade. A primeira interpretámola como sinónimo de *auga con gas*, a segunda entendémola no seu contexto como sinónimo de *soluble*. Tamén é necesario comentar que, a diferenza da decisión que se toma no LDG, agrupamos as variantes *feixoa*, *freixoa* e *freixoas* baixo o lema *feixoa*. No LDG seleccionaran para as variantes *freixoa* e *freixoas* o lema *freixó*, mais no contexto dos nosos datos e segundo a área xeográfica na que aparecen as formas, parece que estas variantes fan referencia á froita de orixe suramericana cultivada nalgunhas zonas do occidente galego[13]. Utilizamos para o lema a forma proposta no banco de termos TERGAL (TERMIGAL 2016–).

En canto ás formas eliminadas, só suprimimos aquelas moi xerais ou cunha relación moi feble co CI. Unha das respostas que eliminamos foi *llorar* que suprimimos das listas porque *chorar* tamén foi eliminada neste CI no procesamento de datos do LDG. Esta palabra é a última dunha lista na que están presentes outras coma *peso* e *engordar* en 2020-2021. Aínda que é fácil comprender o sentido desta forma no contexto da enquisa, mantela nos datos non sería coherente cos criterios dos que partimos. Suprimimos as respostas *ouriños* e *Starbucks sobrevalorado*, a primeira pola falta de relación co estímulo proporcionado, a segunda porque no LDG tamén se eliminan as voces que teñen que ver con opinións.

3.4.2.3. CI 06. Os obxectos colocados na mesa para a comida

No CI *Os obxectos colocados na mesa para a comida* conservamos principalmente formas relacionadas cos cubertos (*culler*), utensilios

[13] Como *freixoa* e *freixoas* non se rexistraron en 2008-2009 na provincia estudada, a diferenza no lema asignado non inflúe no contraste dos datos estudados no noso traballo.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

(*cullerón*) e outros obxectos frecuentes na mesa cando se come (*azucreiro, cesta do pan*). Incluímos tamén nas listas os obxectos que poden utilizarse para cociñar, pero tamén para servir os alimentos (*espátula*, *pota*). Tamén mantemos nos datos verbos que fan referencia á inxesta de alimentos e bebidas (*beber*), voces vinculadas coa dimensión social da comida (*educación*) —aínda que se eliminan as formas que fan referencia a persoas— e elementos que teñen que ver coas distraccións que hai mentres se come (*móbil*, *televisión*, *radio*). Están presentes nas listas algúns nomes de alimentos que non constitúen un prato en si mesmos, senón que son ingredientes que poden servir para aderezar ou acompañar a comida (*limón*, *pan*). Igualmente, incluímos adxectivos sobre calidades dos alimentos e das bebidas (*quente*). En canto ós mobles, conservamos os nomes de asentos e mesas (*cadeira*, *mesa*).

Neste CI decidimos manter formas que teñen que ver coa medicación, que pode tomarse nos horarios das comidas e ser un elemento máis na mesa (*medicamento*). Tomamos esta decisión porque consideramos que a relación destas unidades co CI *Os obxectos colocados na mesa para a comida* é semellante á que gardan coa categoría outras unidades conservadas no LDG coma *cinceiro*, *mando* e *periódico*. Ademais, consérvanse nos datos das dúas mostras todos os nomes de envases de produtos que poden estar na mesa (*bolsa de leituga*, *caixa de cereais*, *cartón de leite*). Tamén conservamos os nomes de materiais que se recolleron (*metal*, *ferro*), xa que no LDG tamén mantiveron neste CI lemas como *cristal* e *prata*.

Eliminamos as formas cunha vinculación moi feble co CI (*primeiros auxilios*, *moitos*, *merda*). Suprimimos, ademais, as unidades que foron eliminadas nos datos de 2008-2009 ou que consideramos que teñen o mesmo tipo de relación co CI que outras eliminadas no proxecto anterior (*risas*, *felicidade*). Quedan fóra do CI, igual ca no LDG, os nomes de electrodomésticos (*forno*), os mobles de almacenamento (*armario*), os nomes que designan persoas e animais (*amigos*, *gato*) e o léxico que ten que ver coa limpeza e a orde (*ordeado*). Tanto este CI coma o CI *A cociña* fomentan a aparición de formas creadas *ad hoc* (*repousaquentes*) e de abundante variación, por este motivo algunhas das voces recollidas dificilmente lexibles son irrecuperables e foron eliminadas.

O CI *Os obxectos colocados na mesa para a comida* é habitualmente un dos centros menos produtivos dos 16 usados nos traballos

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

de dispoñibilidade léxica (Cruz Ventura 2015: 85). Ten tamén a particularidade de ser o único CI, segundo a caracterización de Hernández Muñoz (2006: 67), en que o elemento común que agrupa as unidades que se recollen nel é o feito de compartiren unha finalidade, "la referencia aglutinadora radica en el fin común de servir al desarrollo de una comida tradicional". Isto leva á aparición nas listas deste centro de voces dispares (*alioli*, *candelabro*, *hule*, *prato*), mais como o número de elementos que pode haber na mesa é limitado, é un centro que se caracteriza pola súa concreción (Casanova Ávalos 2020, Cruz Ventura 2015, López Meirama & Álvarez de la Granja 2014) a pesar da distinta natureza semántica das formas que se recollen nel. Con todo, as autoras do LDG decidiron conservar nas listas "rexistros que escapan do prototípico, sen perder a súa vinculación co CI" (López Meirama & Álvarez de la Granja 2014: 87).

Se comparamos as voces eliminadas nas dúas mostras seguindo os criterios do LDG, aínda que non contamos cun rexistro do número de formas que se suprimen respecto do total de respostas, estimamos que son máis nos datos de 2020-2021, especialmente as que fan referencia a persoas ou animais e a aspectos relacionados coa limpeza e a orde. En futuros traballos sería conveniente cuantificar o número de voces eliminadas e analizar o peso destas sobre o total das recollidas.

3.4.2.4. CI 07. A cociña e os seus utensilios

As formas recollidas no CI *A cociña e os seus utensilios* están relacionadas coas actividades diversas que poden realizarse nesta estancia da casa. Atopamos nas listas utensilios (*pelador*), electrodomésticos (*lavalouza*) e mobles habituais nas cociñas (*chineiro*). Mantivemos nestas, igualmente, os nomes de alimentos xenéricos que non se eliminaron no LDG (*froita*, *bebida*, *conserva*) e os nomes de alimentos recollidos máis de cinco veces (*xamón*). Ademais, conservamos outros elementos habituais na cociña (*calendario*, *cadro*). Nas enquisas tamén hai referencias ó acto de comer, beber e cociñar (*facer de comer*, *ferver*) e a profesións relacionadas coa cociña (*axudante de cociñeiro*, *chef*). A diferenza da decisión que se toma para o procesamento no CI *Os obxectos colocados na mesa para a comida*, no centro *A cociña e os seus utensilios*, nas dúas mostras, mantéñense as formas que teñen que ver coa limpeza en xeral —electrodomésticos, produtos, verbos relacionados (*cousas de limpeza*, *limpacristais*, *varrer*,

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

lavadora)— e algunhas voces vinculadas cos residuos (*lixo*). Conservamos tamén os nomes de materiais (*madeira*), igual ca no CI anterior.

Eliminamos deste CI voces demasiado xerais (*golpes*, *rascar, esixir*), antropónimos (*Chicote*, *Arguiñano*), adxectivos que fan referencia a estados e calidades dos alimentos e nomes de alimentos e condimentos que non se recollen máis de cinco veces (*mazá*, *salpicón*, *polo empanado*). O criterio de conservar os alimentos segundo a frecuencia explica que haxa nomes rexistrados nos cuestionarios orixinais da mostra LDGC que non aparecen nos datos procesados deste proxecto e que si debemos incluír na información procesada na mostra LD2020. No LDG eliminároнse deste CI as referencias ós medicamentos, así que nós tamén as suprimimos.

3.4.2.5. CI 15. Os xogos e as distraccións

Incluímos no CI *Os xogos e as distraccións* nomes e tipos de xogos (*dominó*, *(xogo) de mesa*, *shooter*), xoguetes (*Barbie**) e actividades relacionadas co movemento e o deporte (*andar en bici(cleta)*, *ximnasia rítmica*), coas relacións persoais (*estar con amigos*), coa natureza (*sendeirismo*), coa arte en xeral (*fotografía*, *debuxar un graffiti*), cos contidos audiovisuais (*ver Netflix**), con comer e beber (*comer pizza xuntos*), coa informática e a electrónica (*informática*), cos pasatempos (*sopa de letras*), cos animais (*pasear o can*), coa aprendizaxe (*aprender cousas novas*) con festas (*discoteca*), con atraccións (*Siam Park**), co descanso e a relaxación (*relaxar(se)*), cos traballos manuais e a decoración (*facer manualidades*, *papiroflexia*), coas viaxes (*ir de viaxe*), coa lectura e a escritura (*libro electrónico*, *escribir un diario*) e coas compras (*compras online*), entre outras. Ademais, consérvanse nas listas do CI voces vinculadas a estas actividades: emocións que provocan (*paz*, *rir*, *tristeza*), accións que se realizan nelas (*esbozar*, *enganar*), obxectos que se usan nestas actividades (*dado*) e lugares nos que se levan a cabo (*banco*, *pavillón*). A natureza semántica do CI fai que case non haxa léxico descartado neste.

No tratamento dos datos observamos algunhas diferenzas entre as dúas mostras. Son máis frecuentes nos datos de 2020-2021 as formas relacionadas coa competitividade e o esforzo (*competir*, *competitivo*, *competitividade*, *duro*), os rexistros de léxico de produtos de papelería e de traballos manuais (*papel*, *material de papelería*, *rotulador*), as palabras que teñen que ver coa relaxación (*respiración*, *meditación*)

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

e as voces relacionadas con animais de compañía (*can*, *xogar co can*, *sacar o can*, *mascota*, *ter unha mascota*, *xogar coa mascota*). Nos datos de 2020-2021, en canto ós lugares nos que se realizan as actividades, hai bastantes referencias a espazos interiores (*habitación*, *cama*, *sofá*). Rexístrase tamén léxico asociado a aspectos negativos (*aburrimento*, *ludópata*, *adicción*, *soidade*). É posible que o período de confinamento e restrición da interacción social durante a pandemia da Covid-19 influíra no número de voces destes ámbitos que aparecen nas enquisas. Na mostra LD2020 tamén aparece léxico que non fora recollido nos datos do LDG: actividades de orde e limpeza (*limpar*, *ordenar*), nomes de redes sociais e voces relacionadas (*Instagram**, *TikTok**), voces que teñen que ver co aproveitamento do tempo de ocio en termos de produtividade (*produtividade*, *improdutividade*, *procrastinar*) e xogos e distraccións novos (nomes de videoxogos, consolas, aplicacións e plataformas).

Aínda que este é un CI no que teñen cabida formas moi distintas semanticamente, descartamos palabras que teñen un vínculo feble cos xogos e as distraccións (*subordinación*, *mandato*), o nome *Messi* e as formas ás que lles correspondería un mesmo lema segundo os criterios do LDG (eliminamos *Nintento 2DS*, recollida na mesma enquisa que *Nintendo DS*).

A diversidade e o número de elementos que aparecen neste CI dificultan o proceso de lematización, e, ás veces, é complexo garantir a sistematicidade no tratamento do léxico deste ámbito. Un dos principais problemas ten que ver con que moitos xogos habituais non están recollidos nos dicionarios e a outros chámaselles, en xeral, polo seu nome en castelán ou por unha forma non normativa. Por este motivo, na lematización do LDG decidiron darlle máis peso ó criterio de frecuencia ca ó lexicográfico e conservaron como lema variantes non normativas para designar algúns xogos. Tamén decidiron lematizar en plural algunhas voces que, aínda que non se recollen con este número nos dicionarios, no ámbito deste CI contan con designación distinta en función do número. En xeral son pares nos que o plural fai referencia a un xogo e o singular a algo que se usa no xogo (*dado*/*dados*).

Outra peculiaridade deste centro de interese é que mantemos os sufixos apreciativos no lema (*casitas*). Seguimos tamén a decisión do LDG de separar os lemas *televisión* e *televisor* e *móbil*, *teléfono* e *teléfono móbil*. No primeiro dos casos a xustificación é lexicográfica, *televisión* ten

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

máis acepcións ca *televisor*, que só pode facer referencia ó aparello. Para o segundo dos casos, aínda que nos nosos datos parece que *teléfono*, *móbil* e *teléfono móbil* fan referencia ó mesmo obxecto, unificalos, tendo en conta que son formas altamente frecuentes, daría problemas na comparación cuantitativa coa mostra LDGC.

É característico do CI *Os xogos e as distraccións* que se rexistren nel moitos nomes de marcas. No tratamento destes, algunhas das decisións que tomamos son distintas ás do LDG. Nos nomes de consolas, mantivemos xuntas as voces que xa estaban agrupadas baixo un mesmo lema nos datos de 2008-2009. Porén, nas formas novas tomamos a decisión de agrupar coas antigas as consolas cun modo de xogo semellante á destas e de separar as que, aínda que son da mesma marca, teñen modos de xogo diferentes (táctiles ou non táctiles, portátiles ou non portátiles). Seguindo este criterio lematizamos *Play 5* baixo *PlayStation**, pero separamos deste lema a variante *P. Vita*, xa que fai referencia a unha consola portátil. Nas listas do LDG mantiveron separada a forma *PSP**, que tamén é unha consola portátil[14]. En cambio, no caso das variantes lematizadas baixo *Nintendo**, no LDG atopamos dúas consolas para xogar desde o televisor da década dos 90 e dúas versións dunha consola portátil lanzada ó mercado en 2005. Consideramos que podería ser interesante manter separadas na lematización estas ocorrencias nun traballo no que o obxectivo é medir os cambios, mais preferimos conservalas unidas para evitar desaxustes cuantitativos nun CI que non é o máis relevante para esta investigación. Só utilizamos outro lema distinto para as ocorrencias que unicamente aparecen na mostra LD2020 para nomear a consola semiportátil da mesma marca lanzada en 2017 *Nintendo Switch**.

Outra diferenza na lematización das dúas mostras ten que ver coa escolla do lema para as marcas comerciais. Atopamos neste CI marcas de electrónica, xogos de mesa, sagas de videoxogos e nomes dos distintos videoxogos dunha mesma serie, programas de televisión, nomes de consolas, etc. Igual ca no LDG, escollemos como lema o nome comercial completo en case todos os casos. Fixemos algunhas excepcións en casos

[14]Tanto na nosa mostra coma na anterior é habitual atopar nas enquisas listas do tipo *PS1, PS2, PS3, etc.*. Seguindo o criterio do LDG, Nestes casos nos que a intención do alumnado parece ser a de encher ocos rapidamente, só se conserva o primeiro dos rexistros (nos casos nos que lles correspondería a todos un mesmo lema). Isto provoca que os nomes de consolas máis antigas aparezan máis frecuentemente nas listas ca os de consolas novas.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

puntuais na lematización de nomes de videoxogos. Atopamos exemplos nos nosos datos en que aparecen formas abreviadas para referirse a nomes de xogos ás que habería que engadir varias palabras para reproducir o nome comercial completo. Comprobamos, por exemplo, que en espazos de Internet nos que se fala de videoxogos é habitual empregar o nome abreviado *Skyrim* para facer referencia ó xogo *The Elder Scrolls V: Skyrim*. *Skyrim* é a única variante rexistrada nos datos de 2020-2021 e é tamén a forma maioritaria rexistrada en inglés no corpus GloWbe (Davies 2013), polo que decidimos que estaba xustificado neste caso empregar como lema *Skyrim**. Tomamos a mesma decisión para os xogos *Tom Clancy's Rainbow Six Siege* (lematizámolo como *Rainbow Six Siege**) e *Fall Guys: Ultimate Knockout* (empregamos a denominación común no ámbito dos videoxogos *Fall Guys**).

Aínda que este ámbito semántico non forma parte do foco principal da tese, foi o CI que presentou máis complexidade para ser lematizado. Consideramos que un dos motivos que explican as dificultades que atopamos para aplicar os criterios establecidos por López Meirama & Álvarez de la Granja (2014) ós datos de 2020-2021 é a capacidade deste CI de reflectir cambios sociais relacionados con novidades tecnolóxicas e modas.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

4 Resultados

Neste capítulo presentamos e comparamos os valores globais obtidos nas enquisas das mostras analizadas. Tamén expoñemos os resultados de produción observados para as variables consideradas na investigación e empregamos distintos procedementos estatísticos para determinar a relación destas co número de respostas rexistradas nos cuestionarios.

4.1. Análise contrastiva dos principais valores das mostras LD2020

Os datos globais obtidos en ambas as mostras contrastadas para os indicadores cuantitativos usados habitualmente nos traballos de DL non revelan diferenzas destacables (Táboa 4.1). Non obstante, a mostra LDGC e a mostra LD2020 contan con información de distinto número de informantes (336 e 485 participantes, respectivamente), polo que se procurou prestar especial atención ós valores relativos (medias, porcentaxes, etc.) para comparalas.

Táboa 4.1. Valores para os principais índices cuantitativos nas dúas mostras estudadas.

	Respostas totais		Lemas		Respostas por informante		IC	
CI	LDGC	LD2020	LDGC	LD2020	LDGC	LD2020	LDGC	LD2020
02	6.727	9.735	510	794	20,02	20,07	0,04	0,03
05	8.404	12.299	736	1.140	25,01	25,36	0,03	0,02
06	4.629	6.614	326	404	13,78	13,64	0,04	0,03
07	5.372	8.198	482	578	15,99	16,90	0,03	0,03
15	5.368	7.779	962	1.423	15,98	16,04	0,02	0,01

Con respecto ás palabras totais rexistradas, como é previsible, estas son máis na mostra en que se incrementou o número de informantes. Porén, pódese observar que, se ordenamos os cinco CI das dúas mostras segundo o número de respostas obtidas, estes ocupan as mesmas posicións

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

en 2008-2009 e en 2020-2021. *Os alimentos e as bebidas* é o CI no que se producen máis palabras, séguenо *A roupa*, *A cociña e os seus utensilios*, *Os xogos e as distraccións* e *Os obxectos colocados na mesa para a comida*, no último lugar (Táboa 4.2). Na mostra LDGC hai unha diferenza de 3.774 respostas entre o centro máis produtivo e o menos e a diferenza na media de respostas por informante é de 11,23 entre estes dous CI. Na mostra LD2020 a diferenza é de 5.684 respostas e, de media, os informantes producen 11,72 palabras menos en *Os obxectos colocados na mesa para a comida* ca en *Os alimentos e as bebidas*.

Táboa 4.2. CI ordenados de maior a menor segundo o número de palabras totais e a media de palabras por informante.

	LDGC		LD2020	
CI	Palabras totais	Media	Palabras totais	Media
05	8.404	25,01	12.299	25,36
02	6.727	20,02	9.735	20,07
07	5.372	15,99	8.198	16,90
15	5.368	15,98	7.779	16,04
06	4.629	13,78	6.614	13,64

Non é sorprendente que os valores dos CI sexan semellantes nas dúas mostras, se temos en conta os resultados observados noutros traballos de dispoñibilidade. Así, por exemplo, na clasificación en cinco niveis que se establece en Samper Hernández et al. (2003) a partir de datos de doce investigacións do Proyecto Panhispánico, *Os alimentos e as bebidas* (o centro máis produtivo nas nosas mostras) atópase nun primeiro nivel de produtividade, xunto co CI *Os animais*. *A roupa*, o segundo CI en produción de respostas nos nosos datos, atópase no segundo nivel. No terceiro nivel da clasificación están os campos asociativos que non adoitan chegar á media de respostas global; *Os xogos e as distraccións* e *A cociña e os seus utensilios* atópanse neste nivel. Nun cuarto nivel, constituído polos CI que nunca conseguen sobrepasar a media das respostas, está o centro *Os obxectos colocados na mesa para a comida*, o menos produtivo das mostras LDGC e LD2020.

A clasificación deseñouse para os 16 CI empregados nas investigacións do Proyecto Panhispánico e inclúe no último nivel centros de moi baixa produtividade como *A calefacción e a iluminación*. Sobre os CI deste último nivel, os autores consideran que o feito de que "sistemáticamente

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

queden relegados a los últimos lugares implica que estamos ante áreas léxicas más cerradas y poco familiares para los informantes de este tipo de estudios" (2003: 59). Esta afirmación, cando menos a parte relacionada co carácter máis pechado do CI, tamén pode explicar a baixa produtividade dos CI do nivel inmediatamente anterior.

A distinta produtividade asociada ás categorías que se empregan como estímulos tamén se confirmou en traballos posteriores con informantes de distintas idades (Cruz Ventura 2015, Jiménez Berrio 2019), en diferentes linguas e en investigacións que estudan a dispoñibilidade en español como lingua estranxeira (Aabidi 2020, Herranz Llácer & Marcos Calvo 2019, Sifrar Kajan 2012).

As medias de palabras por informante recollidas nas dúas mostras para cada CI tamén son valores próximos. En todos os CI, agás en *Os obxectos colocados na mesa para a comida*, a media é maior na mostra máis LD2020, aínda que a diferenza é de menos dunha palabra por informante en todos os casos. Así mesmo, as medias obtidas para o galego presentan valores semellantes ás que se rexistran noutros traballos. Na Táboa 4.3 comparamos as medias que se obtiveron nas mostras que analizamos coas observadas, nos CI considerados nesta investigación, en datos do español da República Dominicana, de Almería, de Bilbao, de Salamanca e de Asturias (datos tomados de Samper Hernández et al. (2003)) e coas medias da investigación de Serrano Zapata (2014) sobre o catalán de Lleida. Tamén incluímos os datos obtidos no *Léxico disponible en el español de Galicia* (López Meirama 2008) e os valores para toda Galicia do *Léxico dispoñible do galego* (López Meirama & Álvarez de la Granja 2014). A táboa serve como exemplo da sistematicidade con que se observan resultados semellantes para os CI. En palabras de Tomé Cornejo (2015: 205):

> A pesar de que las diferencias metodológicas entre los distintos trabajos pueden aumentar o disminuir el número de palabras obtenidas en los promedios de respuesta por informante, la distribución proporcional entre los centros de interés se mantiene; con lo cual, la estructura del léxico se manifiesta por encima de las particularidades regionales.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Táboa 4.3. Media de respostas por informante en investigacións sobre o español de distintas localidades (Samper Hernández et al. 2003), sobre o catalán de Lleida (Serrano Zapata 2014) e sobre Galicia. R.D.: República Dominicana, Alm.: Almería, Bilb.: Bilbao, Sal.:Salamanca, Ast.: Asturias.

CI	R. D.	Alm.	Bilb.	Sal.	Ast.	Lleida (cat.)	LDEG	LDG	LDGC	LD2020
02	17,9	20,4	19,6	22,2	21,8	23,19	24,69	20,88	20,02	20,07
05	23,9	28,8	24,6	25,7	25,3	26,49	28,50	25,43	25,01	25,36
06	11,4	19,8	13,9	16,7	15	13,85	17,32	14,06	13,78	13,64
07	13,9	20,0	16,5	19,5	18,9	16,48	18,84	16,42	15,99	16,90
15	14,7	18,0	17,1	20,8	18,3	15,71	17,98	16,30	15,98	16,04

En canto ós lemas ou palabras diferentes, estes tamén son máis na mostra con máis informantes (LD2020). Cómpre ter en conta que nos traballos de dispoñibilidade léxica o número de lemas non aumenta proporcionalmente ó tamaño da mostra e que este depende en grande medida da existencia de informantes con comportamentos atípicos (Cruz Ventura 2015). En ambas as mostras o CI máis produtivo en número de lemas é *Os xogos e as distraccións*, que conta con 962 unidades diferentes na mostra de 2008-2009 e 1.423 na mostra LD2020. Entre o CI *Os obxectos colocados na mesa para a comida*, o menos produtivo en lemas, e o CI *Os xogos e as distraccións* hai unha diferenza de 636 lemas na mostra LDGC e de 1.019 lemas na mostra LD2020. En Samper Hernández et al. (2003) tamén se propón unha clasificación dos CI en función do número de respostas diferentes obtidas. Dos CI estudados, no primeiro nivel sitúanse *Os xogos e as distraccións*, no segundo *Os alimentos e as bebidas* e *A cociña e os seus utensilios* e no terceiro (que inclúe CI que non superan a cantidade media de respostas diferentes en ningún dos traballos considerados para a clasificación) están os CI *A roupa* e *Os obxectos colocados na mesa para a comida*. Nos nosos datos, nas dúas mostras hai máis respostas diferentes no CI *A roupa* ca en *A cociña e os seus utensilios*, pero o resto dos CI seguen a tendencia proposta na clasificación de Samper Hernández et al. (2003).

Outro indicador que incluímos na Táboa 4.1 é o índice de cohesión (IC) dos CI. Este valor serve para medir o grao de coincidencia entre as respostas e para distinguir entre CI máis compactos ou máis difusos, foi proposto por Max Echeverría (1991) e obtense dividindo a media de respostas por participante entre o número total de lemas. Como se explica en Hernández Muñoz (2006) e en López Meirama & Álvarez de la Granja

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

(2014), entre outros traballos, o número total de lemas vese afectado directamente polo tamaño da mostra, pero as medias de respostas por informante adoitan ser valores semellantes en distintas investigacións. Por este motivo, o índice de cohesión é un indicador que depende en gran medida do número de persoas participantes, o que dificulta empregalo para comparar mostras de tamaños distintos. Ademais, este índice ten en conta o número total de lemas e non a frecuencia con que aparecen ou o índice de dispoñibilidade que estes obteñen. Presentamos os resultados para este indicador na táboa inicial do capítulo, xa que o índice segue a ser usado en investigacións sobre dispoñibilidade léxica e achega información sobre a cohesión interna dos resultados dos CI de cada unha das mostras.

O IC do CI *Os obxectos colocados na mesa para a comida* é o valor máis alto dos recollidos para este indicador nas dúas mostras e coincide co do CI *A roupa* (0,04) na mostra de 2008-2009 e cos dos CI *A roupa* e *A cociña e os seus utensilios* (0,03) en 2020-2021. A cohesión é menor na mostra que conta con máis informantes, como consecuencia do explicado anteriormente sobre este índice. O CI con menos coincidencia entre as respostas dos informantes é *Os xogos e as distraccións*, cun índice de cohesión de 0,02 en 2008-2009 e de 0,01 en 2020-2021.

Como se explicou no Capítulo 2, o criterio que empregamos para seleccionar os CI dos que acabamos de presentar os valores globais é semántico: escollemos tres CI que gardan relación coa alimentación e dous que non forman parte deste ámbito, mais que están relacionados tamén coa cultura. Consideramos que, por seren dependentes de cambios sociais, poderían ser de interese para contrastalos cos campos asociativos que son o obxecto central do traballo. Porén, a pesar do vínculo semántico que une os CI *Os alimentos e as bebidas*, *Os obxectos colocados na mesa para a comida* e *A cociña e os seus utensilios*, estas son categorías distintas a nivel estrutural e tamén en canto á produtividade, o que explica que se obteñan resultados tan dispares entre elas coma os que presentamos. Sabemos que as categorías cognitivas son máis accesibles cantos máis lexemas específicos representan esa mesma categoría (Hernández Muñoz 2006: 39) e, neste sentido, resulta comprensible o comentario que escribiu un informante na páxina co estímulo *Os obxectos colocados na mesa para a comida* ó acabar de producir as unidades relacionadas: "Acaso tes ti 48 cousas cando vas comer???[1]". O feito de que as distintas áreas temáticas

[1]O número 48 fai referencia ó número de recadros de cada sección do cuestionario.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

non se comporten do mesmo xeito nin cuantitativa nin cualitativamente é un fenómeno que se leva observando desde os inicios dos estudos de dispoñibilidade (Hernández Muñoz 2006: 130) e nas últimas décadas houbo distintas propostas que describiron e interpretaron algunhas das diferenzas entre os CI (Hernández Muñoz 2006, Sánchez-Saus Laserna 2019, Santos Díaz et al. 2020).

Como conclusión, non hai diferenzas destacables entre os datos que comparamos nin entre os nosos datos e as tendencias xerais doutras investigacións de dispoñibilidade. O noso traballo é un exemplo máis da sistematicidade coa que operan as categorías en distintos momentos temporais nunha lingua sobre a que non hai traballos de dispoñibilidade con perspectiva diacrónica.

4.2. Produción segundo variables

Nesta sección presentamos os valores de produción de léxico asociados ás distintas variables que consideramos nesta investigación, que son as mesmas que as empregadas na elaboración do *Léxico dispoñible do galego* (López Meirama & Álvarez de la Granja 2014). Os datos da maioría dos CI das dúas mostras (todos excepto os do centro *A roupa* da mostra LDGC) seguen unha distribución que non pasa a proba de normalidade Shapiro-Wilk. Polo tanto, os valores de significación[2] que presentamos a continuación obtivéronse a partir de tests paramétricos para o CI *A roupa* da mostra de 2008-2009 (t de Student e ANOVA, dependendo de se a variable é binaria ou non binaria) e de tests non paramétricos (Wilcoxon-Mann-Whitney e Kruskal-Wallis) no resto dos campos asociativos.

Ademais, como consideramos que é posible que algunhas das diferenzas se deban a factores non controlados e que son moi altas as posibilidades de interacción entre as variables, complementaremos a información para cada unha das variables cunha análise multivariante, que realizamos mediante o emprego da técnica dos modelos lineais de efectos

[2]En estatística emprégase o valor de p para determinar se o resultado dunha proba é significativo ou se pode deberse ó azar. Habitualmente asúmese que, se $p<0{,}05$, é moi improbable que a diferenza que se observa entre os grupos comparados se deba ó azar, considérase estatisticamente significativa. A probabilidade de que a diferenza se deba ó azar é menor canto máis baixo é o valor de p (Levshina 2015: 11-12).

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

mixtos. Os resultados completos de todas as probas poden consultarse no Apéndice 6.

4.2.1. Sexo

Se observamos as medias producidas polos informantes en función da variable sexo (Táboas 4.4 e 4.5), os resultados indican que as participantes mulleres sistematicamente obteñen nos cuestionarios medias maiores ca os homes en todos os CI das dúas mostras[3]. Porén, en ningún dos CI das mostras a diferenza entre os dous grupos é de máis de dúas palabras por informante e hai algúns nos que é menor ca unha palabra (CI *Os obxectos colocados na mesa para a comida* e *Os xogos e as distraccións* na mostra LDGC e CI *Os alimentos e as bebidas* na mostra LD2020).

Táboa 4.4. Principais valores estatísticos para a variable sexo nos distintos CI da mostra LDGC.

CI	Sexo	Media	Máx.	Mín.	SD
02	feminino	20,64	36	7	5,85
	masculino	19,29	40	7	6,23
05	feminino	25,75	48	10	6,61
	masculino	24,14	45	6	7,24
06	feminino	13,99	32	6	4,22
	masculino	13,53	40	6	4,73
07	feminino	16,85	35	6	5,96
	masculino	14,97	26	5	4,82
15	feminino	16,32	32	3	5,11
	masculino	15,56	36	5	5,37

[3]Nas táboas deste capítulo presentamos un resumo dos valores de produción para cada unha das variables. Proporcionamos a media de respostas por informante, os valores mínimos e máximos de respostas producidas polos participantes e a desviación estándar (SD). Na análise centrámonos na media de respostas.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Táboa 4.5. Principais valores estatísticos para a variable sexo nos distintos CI da mostra LD2020.

CI	Sexo	Media	Máx.	Mín.	SD
02	feminino	20,77	37	8	5,64
	masculino	19,18	36	8	5,70
05	feminino	25,64	48	10	7,70
	masculino	25,00	47	6	7,63
06	feminino	14,18	29	6	4,62
	masculino	12,94	26	5	4,00
07	feminino	17,78	36	5	6,00
	masculino	15,79	34	3	6,09
15	feminino	16,65	37	2	6,30
	masculino	15,27	34	3	6,26

Na Táboa 4.6 márcanse os CI nos que esta variable é estatisticamente significativa nas dúas mostras, segundo as probas estatísticas mencionadas previamente. Empregamos o asterisco (*) naqueles casos en que $p<0,05$ e o dobre asterisco (**) se este valor é menor ca 0,01. Nos datos que analizamos, o sexo é unha variable significativa en tres dos cinco CI da mostra LDGC e en catro dos da mostra LD2020. En canto ós campos asociativos para os que o sexo é significativo en ambas as mostras, no CI *A roupa* é significativo, mais con diferente nivel de confianza e no CI *A cociña e os seus utensilios* o valor de p é menor ca 0,01 nas probas realizadas para as dúas mostras.

Táboa 4.6. Significación estatística da variable sexo nos cinco CI das dúas mostras. *=$p<0,05$ e **=$p<0,01$.

CI	LDGC	LD2020
02	*	**
05	*	
06		**
07	**	**
15		*

Algúns traballos previos de dispoñibilidade léxica mostran distintos resultados en función do sexo. Segundo os datos que indican os estudos, en xeral as mulleres producen máis respostas na maioría dos CI (Alba 2014, Casanova Ávalos 2020, Jiménez Berrio 2019, López Meirama &

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Álvarez de la Granja 2014), aínda que habitualmente os valores son moi próximos. Tamén hai exemplos de traballos en que son os homes os que obteñen medias maiores na maior parte dos CI (Cruz Ventura 2015, Hernández Muñoz 2006). Non todos estes traballos inclúen probas estatísticas para determinar a significación das diferenzas. Entre os traballos que as inclúen, algúns presentan valores de significación globais (Casanova Ávalos 2020, López Meirama & Álvarez de la Granja 2014) e outros presentan os resultados segundo o centro de interese (Hernández Muñoz 2006, Jiménez Berrio 2019). É frecuente que nestas investigacións se atopen as maiores diferenzas entre medias en campos asociativos que gardan relación con roles tradicionalmente asociados a cada xénero.

4.2.2. Lingua inicial

Os datos de produción para a variable lingua inicial preséntanse nas Táboas 4.7 e 4.8. Nestas incluímos os resultados obtidos para as persoas que teñen como lingua inicial un idioma distinto do castelán e do galego, mais é pertinente explicar que se trata dun grupo de informantes reducido (1 persona na mostra LDGC e 8 na mostra LD2020), polo que é probable que os valores deste grupo, especialmente os da mostra de 2008-2009, sexan pouco representativos.

En ambas as mostras contrastadas as persoas galegofalantes iniciais presentan unha media de respostas superior ás castelanfalantes iniciais en todos os CI. En canto ás persoas que responderon na enquisa que aprenderon a falar tanto en galego coma en castelán, nalgúns CI da mostra de 2008-2009 producen máis respostas ca o grupo de galegofalantes iniciais (*A roupa*, *Os alimentos e as bebidas*, *A cociña e os seus utensilios*) e só producen menos nos CI *Os obxectos colocados na mesa para a comida* e *Os xogos e as distraccións*. Os castelanfalantes iniciais son o grupo con menos respostas por informante en todos os CI.

A distribución das respostas por informante segundo a lingua inicial na mostra LD2020 é semellante. O grupo das persoas que aprenderon a falar en galego tamén produce máis respostas ca o grupo das que aprenderon a falar en castelán en todos os CI. Porén, a principal diferenza coa mostra de doce anos antes é que o grupo de bilingües iniciais ten unha media menor ca a dos galegofalantes iniciais nos cinco CI. As 8 persoas que aprenderon a falar nunha lingua distinta obteñen, de media,

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

valores menores ca os dos castelanfalantes en todos os campos asociativos agás en *A roupa*.

Táboa 4.7. Principais valores estatísticos para a variable lingua inicial nos distintos CI da mostra LDGC. NA: non aplica[4].

CI	LI	Media	Máx.	Mín.	SD
02	galego	20,09	37	7	5,97
	as dúas	20,27	34	7	6,13
	castelán	19,82	40	7	6,12
	outra(s)	22,00	22	22	NA
05	galego	24,47	39	6	6,94
	as dúas	26,71	48	14	7,55
	castelán	24,40	44	9	6,46
	outra(s)	31,00	31	31	NA
06	galego	14,98	40	6	5,26
	as dúas	13,66	24	6	3,95
	castelán	13,00	24	6	3,94
	outra(s)	13,00	13	13	NA
07	galego	15,88	29	6	4,74
	as dúas	16,94	35	5	6,71
	castelán	15,50	32	5	5,30
	outra(s)	21,00	21	21	NA
15	galego	16,26	28	6	5,23
	as dúas	16,10	36	3	5,23
	castelán	15,69	32	5	5,28
	outra(s)	19,0	19	19	NA

[4]Indicamos que a desviación estándar non aplica na lingua inicial *outra(s)* porque só hai un informante nesta categoría na mostra LDGC.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Táboa 4.8. Principais valores estatísticos para a variable lingua inicial nos distintos CI da mostra LD2020.

CI	LI	Media	Máx.	Mín.	SD
02	galego	21,27	36	11	5,14
	as dúas	20,64	37	8	5,84
	castelán	18,88	35	8	5,77
	outra(s)	19,25	27	13	5,06
05	galego	25,75	43	7	7,54
	as dúas	25,69	48	10	6,87
	castelán	24,86	48	6	8,40
	outra(s)	24,38	41	14	8,48
06	galego	14,35	26	6	4,08
	as dúas	14,01	27	7	4,31
	castelán	12,91	29	5	4,61
	outra(s)	12,75	18	9	3,24
07	galego	18,19	36	7	5,62
	as dúas	17,30	34	3	6,29
	castelán	15,83	34	4	6,14
	outra(s)	15,63	25	11	4,27
15	galego	17,46	36	6	6,41
	as dúas	16,35	37	4	6,43
	castelán	14,99	30	2	6,09
	outra(s)	14,13	16	13	1,25

En resumo, as persoas que aprenderon a falar en galego producen máis respostas nas probas asociativas ca as que aprenderon a falar en castelán nas dúas mostras consideradas, pero na mostra máis recente os monolingües iniciais producen sistematicamente máis resposta ca os bilingües iniciais en galego e castelán, a diferenza do que sucedía na mostra de doce anos antes, na cal os bilingües galego-castelán tiñan medias superiores ás das persoas que aprenderon a falar en galego en tres dos cinco CI estudados.

En canto ás diferenzas entre as medias, na mostra de 2008-2009, se excluímos o informante que ten unha lingua distinta como LI, son dous os CI nos que hai unha distancia de máis de dúas palabras entre o grupo que máis respostas produce e o que menos (*Os alimentos e as bebidas* e *A cociña e os seus utensilios*). Na mostra LD2020, se excluímos tamén os valores da categoría *outra(s)*, hai tres CI nos que a diferenza é de máis de dúas palabras. Estes son *A roupa*, *A cociña e os seus utensilios* e *Os*

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

xogos e as distraccións. Como se mostra na Táboa 4.9, a variable lingua inicial resultou ser significativa só no CI *Os obxectos colocados na mesa para a comida* da mostra LDGC (p<0,01), mais na mostra LD2020 é significativa en catro CI (en todos excepto en *Os alimentos e as bebidas*) e en tres deles obtense para a diferenza un valor de p<0,01.

Táboa 4.9. Significación estatística da variable lingua inicial nos cinco CI das dúas mostras. *=p<0,05 e **=p<0,01.

CI	LDGC	LD2020
02		**
05		
06	*	**
07		**
15		*

4.2.3. Lingua habitual

Nas enquisas realizadas para a recollida do léxico preguntóuselles ós informantes que lingua falaban habitualmente. As medias de respostas por informante para cada unha das opcións preséntanse nas Táboas 4.10 e 4.11. Nos datos de 2008-2009 non hai participantes que responderan que falan outra ou outras linguas distintas ó galego e ó castelán e nas enquisas de 2020-2021 este grupo é pequeno (catro persoas).

Na mostra LDGC, as persoas galegofalantes habituais obteñen a media de respostas máis alta en todos os CI agás en *Os alimentos e as bebidas*, no que o valor máis alto é o dos informantes que din que empregan as dúas linguas indistintamente. As persoas que só falan castelán obteñen a media máis baixa nos CI *Os obxectos colocados na mesa para a comida*, *A cociña e os seus utensilios* e *Os xogos e as distraccións*. Aínda que non observamos unha relación directa entre maior uso de galego e medias máis elevadas, e hai casos nos que os informantes que falan máis castelán obteñen valores máis altos que os que falan máis galego (como no CI *A roupa*), as persoas que teñen o galego como lingua habitual única obteñen medias máis altas ca as monolingües en castelán e ca as que son bilingües con predominio do castelán.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Táboa 4.10. Principais valores estatísticos para a variable lingua habitual nos distintos CI da mostra LDGC.

CI	LH	Media	Máx.	Mín.	SD
02	só galego	21,25	37	8	6,14
	máis galego	19,37	34	7	6,42
	indistintamente	19,11	31	7	6,11
	máis castelán	20,46	40	8	5,41
	só castelán	19,45	35	7	6,55
05	só galego	26,13	39	6	6,72
	máis galego	23,63	38	10	7,40
	indistintamente	26,36	48	16	8,22
	máis castelán	25,38	44	14	6,53
	só castelán	23,76	40	9	6,35
06	só galego	15,33	32	6	4,92
	máis galego	14,86	40	8	5,84
	indistintamente	14,04	21	9	3,38
	máis castelán	13,12	23	6	3,80
	só castelán	12,76	24	6	4,17
07	só galego	16,65	32	6	5,66
	máis galego	15,96	35	7	5,20
	indistintamente	16,38	34	5	6,06
	máis castelán	15,84	31	5	5,28
	só castelán	15,51	32	7	5,78
15	só galego	16,71	27	7	5,22
	máis galego	16,33	28	6	5,61
	indistintamente	15,89	27	5	5,03
	máis castelán	15,87	36	3	5,01
	só castelán	15,42	29	5	5,50

Na mostra LD2020, o grupo de informantes que só fala galego é o que ten a media máis alta nos CI *A roupa*, *Os obxectos colocados na mesa para a comida*, *A cociña e os seus utensilios* e *Os xogos e as distraccións*. No CI *Os alimentos e as bebidas*, o grupo coa media máis alta é o dos informantes que empregan as dúas linguas por igual. Nesta mostra, os estudantes que falan outra ou outras linguas distintas do galego e do castelán presentan as medias máis baixas en todos os CI, aínda que non consideramos que o grupo de informantes que marcaron esta opción nos cuestionarios sexa suficientemente grande para extraer conclusións ó respecto. En todos os campos asociativos o seguinte grupo con menor número de palabras por informante é o das persoas que só falan castelán.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Nesta mostra podemos observar unha relación directa entre máis uso de galego e máis respostas só no CI *Os obxectos colocados na mesa para a comida*, aínda que sistematicamente as persoas monolingües habituais en galego e as bilingües con predominio do galego producen máis palabras ca as monolingües habituais en castelán.

Táboa 4.11. Principais valores estatísticos para a variable lingua habitual nos distintos CI da mostra LD2020.

CI	LH	Media	Máx.	Mín.	SD
02	galego	21,71	32	11	5,09
	máis galego	19,85	36	11	4,96
	indistintamente	21,17	36	10	6,05
	máis castelán	19,81	37	8	5,57
	só castelán	19,32	35	8	6,20
	outra(s)	15,50	18	13	2,38
05	só galego	26,42	47	12	8,30
	máis galego	24,60	40	11	6,58
	indistintamente	27,24	44	10	6,92
	máis castelán	25,19	48	6	7,16
	só castelán	24,43	48	7	8,87
	outra(s)	22,75	29	17	5,68
06	só galego	14,29	23	6	3,95
	máis galego	14,23	26	8	4,07
	indistintamente	14,06	26	7	4,02
	máis castelán	13,56	27	5	4,37
	só castelán	12,98	29	5	4,94
	outra(s)	12,25	18	9	4,03
07	só galego	18,11	29	7	5,97
	máis galego	17,13	36	6	5,70
	indistintamente	17,67	34	5	6,34
	máis castelán	16,87	34	3	6,12
	só castelán	15,92	31	4	6,21
	outra(s)	14,00	16	11	2,16
15	só galego	18,33	36	6	7,05
	máis galego	17,25	27	7	5,33
	indistintamente	17,09	34	5	6,02
	máis castelán	15,40	37	2	6,42
	só castelán	14,89	29	3	6,08
	outra(s)	14,25	16	13	1,50

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Aínda que parece que se observa que a lingua habitual garda relación co número de respostas que se obteñen nos cuestionarios, os valores dos informantes que escolleron as distintas opcións para a LH son similares e a diferenza entre os grupos só resultou significativa no CI *Os obxectos colocados na mesa para a comida* en 2008-2009 e nos CI *A roupa* e *Os xogos e as distraccións* na mostra de 2020-2021 (Táboa 4.12).

Táboa 4.12. Significación estatística da variable lingua habitual nos cinco CI das dúas mostras. *=p<0,05 e **=p<0,01.

CI	LDGC	LD2020
02		*
05		
06	**	
07		
15		**

4.2.4. Nivel sociocultural

En canto á variación relacionada co nivel sociocultural (NSC), nos datos de 2008-2009, en xeral, as persoas de NSC alto teñen unha media de palabras por informante maior ca as de NSC baixo (nos CI *A roupa*, *Os alimentos e as bebidas*, *A cociña e os seus utensilios* e *Os xogos e as distraccións*). As persoas de NSC baixo producen máis unidades ca as de nivel alto no CI *Os obxectos colocados na mesa para a comida*. O grupo de NSC medio produce menos palabras ca o de NSC baixo en todos os CI agás en *Os xogos e as distraccións* na mostra LDGC. Só no CI *Os xogos e as distraccións* da mostra LDGC se observan medias máis altas canto máis alto é o NSC (Táboa 4.13).

En canto á mostra LD2020, en ningún caso observamos unha relación directa entre un maior nivel sociocultural e unha media de respostas máis alta (Táboa 4.14). Ó contrario, as persoas de NSC baixo producen máis ca as de NSC alto nos CI *A roupa*, *A cociña e os seus utensilios* e *Os xogos e as distraccións*. Nos CI *Os alimentos e as bebidas* e *Os obxectos colocados na mesa para a comida*, o grupo de NSC alto produce máis respostas ca o de NSC baixo. En canto ás persoas participantes de NSC medio, a media de respostas respecto dos outros grupos depende do CI. En *Os alimentos e as bebidas* os informantes deste grupo teñen a media

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

máis alta, pola contra, nos CI *A cociña e os seus utensilios* e *Os obxectos colocados na mesa para a comida* producen os valores máis baixos.

Igual ca no caso das outras variables anteriormente analizadas, non hai grandes diferenzas entre as medias dos grupos e só hai unha distancia de máis de dúas palabras entre os valores dos niveis alto e medio no CI *A roupa* da mostra LDGC e entre os niveis baixo e alto no CI *Os xogos e as distraccións* da mostra LD2020.

Táboa 4.13. Principais valores estatísticos para a variable nivel sociocultural nos distintos CI da mostra LDGC.

CI	NSC	Media	Máx.	Mín.	SD
02	alto	22,15	40	11	6,74
	medio	19,63	37	7	5,94
	baixo	20,09	36	7	5,95
05	alto	25,71	44	15	6,59
	medio	24,75	48	6	7,21
	baixo	25,33	43	10	6,50
06	alto	13,38	24	7	3,96
	medio	13,74	31	6	4,35
	baixo	14,00	40	6	4,87
07	alto	16,09	32	8	5,50
	medio	15,94	35	5	5,74
	baixo	16,05	30	6	5,15
15	alto	16,59	28	5	5,18
	medio	16,00	36	3	5,46
	baixo	15,71	28	7	4,77

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Táboa 4.14. Principais valores estatísticos para a variable nivel sociocultural nos distintos CI da mostra LD2020.

CI	NSC	Media	Máx.	Mín.	SD
02	alto	19,78	35	8	5,71
	medio	20,11	36	8	5,69
	baixo	20,42	37	10	6,02
05	alto	24,80	45	7	8,50
	medio	25,67	48	6	7,32
	baixo	24,20	48	10	8,31
06	alto	14,14	29	5	4,74
	medio	13,51	27	5	4,25
	baixo	13,53	27	6	4,77
07	alto	17,44	34	4	6,34
	medio	16,55	34	3	5,96
	baixo	18,42	36	8	6,61
15	alto	15,73	30	3	5,87
	medio	15,89	36	2	6,25
	baixo	17,80	37	5	7,45

Estes resultados son distintos ós que se obteñen nalgúns traballos de dispoñibilidade previos. A variable NSC é unha das que máis inflúen na produción de LD e os niveis socioculturais altos ou medio-altos son os que máis palabras por informante producen en moitas investigacións (Alba 2014, Casanova Ávalos 2020, Hernández Muñoz 2006), incluso no traballo de López Meirama (2008) sobre o español de Galicia os resultados da media do NSC alto son maiores ca os do grupo de NSC baixo en todos os CI, aínda que hai exemplos de traballos cuxos datos non seguen este comportamento (Jiménez Berrio 2019). A explicación para as diferenzas coas investigacións citadas posiblemente garde relación coa interacción entre o nivel sociocultural e outras variables relacionadas coa lingua ou co hábitat. A análise estatística para a variable NSC revelou que en ningún dos CI das dúas mostras é significativa para explicar o número de palabras producidas polos informantes.

4.2.5. Tipo de centro

É habitual que a variable tipo de centro educativo (público ou privado) se relacione cunha diferenza na produción de palabras. Como acabamos de comentar, nos traballos sobre dispoñibilidade é frecuente que as persoas

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

dun nivel sociocultural alto produzan máis palabras ca as de niveis socioculturais máis baixos e os centros educativos de titularidade privada concentran máis persoas de NSC alto.

En Galicia os centros privados tamén tenden a concentrar poboación de NSC alto, especialmente no bacharelato, un nivel educativo no que non existe nesta comunidade autónoma educación concertada. Nos datos dos centros educativos que analizamos neste traballo (Táboa 3.1) son poucas as persoas que clasificamos como de NSC baixo que asisten a este tipo de centros (o 14,06 % dos informantes do LDGC e o 1,15 % dos da mostra LD2020). Porén, nos traballos de LD en galego é frecuente que nos centros privados se obteñan medias de palabras por informante máis baixas ca nos centros educativos públicos. Na mostra LDGC os informantes de centros públicos conseguen medias máis altas ca os dos privados en todos os CI escollidos, na mostra LD2020 producen máis palabras en catro CI —en todos agás no CI 06 (Táboas 4.15 e 4.16)—.

Táboa 4.15. Principais valores estatísticos para a variable tipo de centro educativo nos distintos CI da mostra LDGC.

CI	Tipo de centro	Media	Máx.	Mín.	SD
02	privado	17,66	40	7	6,76
	público	20,58	37	7	5,75
05	privado	23,81	44	9	6,54
	público	25,29	48	6	7,01
06	privado	12,50	22	6	4,02
	público	14,08	40	6	4,51
07	privado	14,08	26	5	5,00
	público	16,44	35	5	5,57
15	privado	14,72	28	5	4,87
	público	16,27	36	3	5,28

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Táboa 4.16. Principais valores estatísticos para a variable tipo de centro educativo nos distintos CI da mostra LD2020.

CI	Tipo de centro	Media	Máx.	Mín.	SD
02	privado	19,74	35	8	6,63
	público	20,15	37	8	5,50
05	privado	23,47	45	7	8,27
	público	25,77	48	6	7,48
06	privado	13,78	29	5	5,10
	público	13,61	27	5	4,23
07	privado	15,95	31	4	5,59
	público	17,11	36	3	6,21
15	privado	14,64	30	3	6,40
	público	16,34	37	2	6,26

Nos datos de 2008-2009 a maior diferenza entre as medias dáse no CI *A roupa* (2,92 palabras) e no CI *A cociña e os seus utensilios* (2,36). Nos outros CI hai unha diferenza de máis dunha palabra. Nos resultados de 2020-2021, en xeral, hai menos diferenzas entre os dous grupos. Só no CI *Os alimentos e as bebidas* a diferenza é de máis de dúas palabras e no CI *A roupa*, que era no que se observaba máis distancia entre os grupos nos datos previos, a diferenza non chega a unha palabra. En canto ó CI *Os obxectos colocados na mesa para a comida*, o único no que a media dos centros privados é maior ca a dos públicos (só na mostra LD2020), a diferenza é de 0,17 palabras.

Hai distintos factores que poden explicar por que a media dos centros públicos supera á dos privados en distintos traballos de dispoñibilidade en galego, mentres que nos datos do LDEG (López Meirama 2008) a tendencia é a contraria nos 18 centros de interese analizados. Como apuntan López Meirama & Álvarez de la Granja (2014: 27-28), isto podería gardar relación coa pouca presenza da lingua galega na educación privada e concertada e co menor compromiso coa promoción do idioma galego destes centros. Ademais, os centros privados que seleccionamos son de áreas urbanas, un tipo de hábitat no que o galego adoita ter unha menor presenza e unha parte importante do seu alumnado pertence a niveis socioculturais en que o galego tampouco é moi empregado (na mostra LD2020 non hai ningún informante de centros privados que teña o galego como lingua habitual única e só o 1 % dos informantes destes centros di que emprega as dúas linguas e ten a galega como predominante).

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

A variable titularidade do centro educativo resultou significativa na mostra LDGC en catro CI (en todos agás no CI *Os alimentos e as bebidas*), na mostra LD2020 resultou significativa nos CI *Os alimentos e as bebidas* e en *Os xogos e distraccións* (Táboa 4.17). En tres dos catro CI nos que resultou significativa en 2008-2009 p é menor ca 0,01; na mostra de 2020-2021 p é menor ca 0,05, pero maior ca 0,01, nos dous CI nos que a variable resulta significativa.

Táboa 4.17. Significación estatística da variable tipo de centro educativo nos 5 CI das dúas mostras. *=p<0,05 e **=p<0,01.

CI	LDGC	LD2020
02	**	
05		*
06	**	
07	**	
15	*	*

4.2.6. Tipo de poboación do centro

Tendo en conta os resultados de produción segundo as variables lingua inicial e lingua habitual, considerabamos posible que os valores máis altos para a variable tipo de poboación en que se sitúa o centro educativo estivesen concentrados nos núcleos de poboación con máis porcentaxe de persoas galegofalantes iniciais e habituais, mais os resultados que obtivemos son máis complexos. Nas Táboas 4.18 e 4.19 presentamos os valores de produción obtidos segundo o tipo de poboación do centro educativo en ambas as mostras.

En 2008-2009 o grupo que ten a media de palabras por informante máis alta en todos os CI é o das persoas que asisten a centros educativos de poboacións periurbanas. Isto pode estar relacionado co feito de que na mostra LDGC para a provincia da Coruña non hai datos de ningún informante de centros periurbanos que teña como LH única o castelán. Posiblemente isto se deba ó azar na selección da mostra, mais podería explicar a grande diferenza nos valores de produción entre este grupo e os outros. Esta diferenza chega ás 7,12 palabras entre a media dos participantes de centros periurbanos e de centros de vilas no CI *Os alimentos e as bebidas*.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

As diferenzas son menores entre os alumnos e alunas de centros do resto de localidades, pero os valores tampouco seguen un padrón que indique que a produción é maior nos centros de localidades en que máis galego se fala. Nos datos de 2008-2009, no CI *A roupa*, por exemplo, os informantes de centros vilegos producen máis respostas ca os de centros urbanos e estes teñen unha media superior á dos participantes de centros rurais. No CI *Os alimentos e as bebidas* o alumnado de institutos rurais produce máis respostas ca o das cidades e ca os das vilas, que é o grupo coa menor media nos CI *A cociña e os seus utensilios* e en *Os xogos as distraccións*. López Meirama & Álvarez de la Granja (2014: 170) xa comentaran o comportamento irregular das categorías incluídas nesta variable e o feito de que, polo xeral, as diferenzas entre grupos son mínimas.

Táboa 4.18. Principais valores estatísticos para a variable tipo de poboación en que se sitúa o centro educativo nos distintos CI da mostra LDGC.

CI	Pob. centro	Media	Máx.	Mín.	SD
02	urbana	19,55	40	7	6,09
	periurbana	24,67	37	11	5,99
	vila	19,98	29	13	4,75
	rural	17,31	29	7	4,67
05	urbana	24,18	44	9	6,23
	periurbana	30,54	45	10	7,48
	vila	23,42	38	10	6,02
	rural	24,40	48	6	7,50
06	urbana	13,14	24	6	3,99
	periurbana	16,73	40	7	6,46
	vila	13,54	22	6	3,56
	rural	13,60	22	8	3,47
07	urbana	15,59	32	5	5,22
	periurbana	18,00	35	5	6,17
	vila	14,08	26	6	5,43
	rural	17,46	34	7	5,42
15	urbana	15,88	36	3	5,45
	periurbana	17,50	32	8	4,93
	vila	15,02	27	7	4,94
	rural	15,79	28	6	4,73

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Nos datos da mostra LD2020 o alumnado de centros rurais produce medias máis altas ca o resto dos grupos en catro dos cinco CI: en todos excepto no CI *Os alimentos e as bebidas*, no que os informantes de centros periurbanos son o grupo coa maior media (Táboa 4.19). Igual ca nos datos de 2008-2009, é difícil extraer xeneralizacións, mais neste caso non se observa que os valores do grupo periurbano sexan sistematicamente os máis altos, como sucedía nos datos previos da mostra LDGC. Os valores de cada un dos grupos nos distintos CI son, polo xeral, moi similares.

Táboa 4.19. Principais valores estatísticos para a variable tipo de poboación en que se sitúa o centro educativo nos distintos CI da mostra LD2020.

CI	Pob. centro	Media	Máx.	Mín.	SD
02	urbana	19,79	35	8	5,71
	periurbana	19,68	37	8	6,30
	vila	20,10	32	11	5,55
	rural	21,29	36	12	5,27
05	urbana	24,69	45	7	7,50
	periurbana	27,85	48	11	8,51
	vila	25,96	43	10	7,87
	rural	24,65	47	6	6,77
06	urbana	13,75	29	5	4,50
	periurbana	13,08	24	5	4,30
	vila	13,12	23	6	4,35
	rural	14,30	27	6	4,15
07	urbana	16,27	31	4	5,59
	periurbana	17,82	34	5	7,77
	vila	15,76	29	3	5,57
	rural	19,20	36	8	5,96
15	urbana	15,22	34	2	6,03
	periurbana	15,40	37	3	6,72
	vila	16,35	28	5	6,01
	rural	18,91	36	6	6,34

Nas probas estatísticas realizadas para a variable tipo de poboación do centro educativo, esta resulta significativa en catro dos cinco CI da mostra LDGC. Posiblemente influía neste resultado a grande diferenza dos valores do grupo de centros periurbanos respecto dos demais. Nos tests realizados cos datos da mostra LD2020 p é menor ca 0,05 en tres CI (Táboa 4.20).

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Táboa 4.20. Significación estatística da variable tipo de poboación en que se sitúa o centro educativo nos cinco CI das dúas mostras. *=p<0,05 e **=p<0,01.

CI	LDGC	LD2020
02	**	
05	**	*
06	**	
07	**	**
15		**

4.2.7. Tipo de poboación da residencia familiar

Nos resultados para a variable tipo de poboación en que se sitúa a residencia familiar, os habitantes de núcleos rurais producen de media máis respostas ca os participantes de núcleos urbanos en todos os CI das dúas mostras (Táboas 4.21 e 4.22). Nalgúns dos casos esta diferenza é mínima, coma no CI *A roupa* da mostra LDGC (0,34 palabras), pero tamén hai exemplos de diferenzas maiores (2,89 palabras no CI *Os xogos e as distraccións* da mostra LD2020). Observamos un comportamento regular dos grupos que supoñen os extremos en canto ó grao de urbanización (nas localidades rurais a media é maior ca nas urbanas), mais, igual ca para o tipo de localidade do centro educativo, non se observa unha asociación entre un maior grao de urbanización e unha menor produción de respostas nas vilas e nas localidades periurbanas.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Táboa 4.21. Principais valores estatísticos para a variable tipo de poboación en que se sitúa a residencia familiar nos distintos CI da mostra LDGC.

CI	Pob. residencia	Media	Máx.	Mín.	SD
02	urbana	19,25	40	7	6,23
	periurbana	22,80	37	10	5,73
	vila	19,81	29	14	5,20
	rural	19,59	34	7	5,73
05	urbana	23,67	44	9	6,15
	periurbana	28,32	44	17	6,77
	vila	22,96	36	12	5,35
	rural	25,84	48	6	7,96
06	urbana	12,77	24	6	3,92
	periurbana	15,88	40	7	6,04
	vila	13,37	20	6	3,35
	rural	14,31	24	6	3,86
07	urbana	15,21	32	5	5,13
	periurbana	16,95	32	5	5,57
	vila	14,19	26	6	6,01
	rural	17,31	35	7	5,77
15	urbana	15,53	36	3	5,40
	periurbana	16,57	32	5	4,63
	vila	15,56	27	7	5,10
	rural	16,52	28	6	5,35

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Táboa 4.22. Principais valores estatísticos para a variable tipo de poboación en que se sitúa a residencia familiar nos distintos CI da mostra LD2020.

CI	Pob. residencia	Media	Máx.	Mín.	SD
02	urbana	19,65	35	8	5,91
	periurbana	19,55	37	8	6,07
	vila	20,66	32	11	5,53
	rural	20,90	36	10	5,13
05	urbana	24,61	45	7	7,93
	periurbana	26,32	48	10	7,78
	vila	26,98	43	10	8,64
	rural	25,07	47	6	6,76
06	urbana	13,66	29	5	4,74
	periurbana	13,23	24	5	4,32
	vila	12,75	23	6	4,64
	rural	14,23	27	6	3,82
07	urbana	16,49	31	4	5,66
	periurbana	16,68	34	5	6,82
	vila	15,86	29	3	6,16
	rural	17,98	36	5	6,01
15	urbana	15,20	34	2	6,10
	periurbana	14,95	37	3	6,35
	vila	16,05	27	5	5,44
	rural	18,09	36	5	6,40

Os resultados que obtivemos cos tests estatísticos indican que a variable é significativa en catro dos cinco CI na mostra de 2008-2009 e en dous CI na mostra LD2020 (Táboa 4.23).

Táboa 4.23. Significación estatística da variable tipo de localidade en que se sitúa a residencia familiar nas dúas mostras. *=p<0,05 e **=p<0,01.

CI	LDGC	LD2020
02	**	
05	**	
06	**	*
07	**	
15		**

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

4.2.8. Localización do centro educativo

Unha das variables que consideramos na nosa investigación é a localización costeira ou interior do centro[5]. Empregámola, principalmente, porque tamén se usa nos traballos de dispoñibilidade galegos previos (López Meirama 2008, López Meirama & Álvarez de la Granja 2014), aínda que nestas investigacións non se presentan os datos de produción de palabras asociados a esta variable. Non cremos que o contraste destes valores sexa especialmente relevante para a nosa investigación desde o punto de vista da produción, xa que é probable que as diferenzas entre os resultados das localidades costeiras e interiores poidan explicarse por outros factores coma o tipo de poboación ou as variables lingüísticas. Porén, podería ser de interese empregar a localización costeira ou interior do centro educativo en análises cualitativas futuras, dado que, por exemplo, nos traballos sobre a presenza do galego no léxico dispoñible do español en Galicia (Álvarez de la Granja 2011, Álvarez de la Granja & López Meirama 2013), considérase que esta variable é unha peza relevante para a análise, pois explica a alta aparición de nomes de peixes en galego en probas de dispoñibilidade en castelán, nalgúns casos en hábitats maioritariamente castelanfalantes. En Álvarez de la Granja & López Meirama (2013: 75) as autoras explican que nas enquisas "os rapaces ata certo punto retratan o seu hábitat a través do léxico" e, desde este punto de vista, o carácter costeiro ou interior dunha localidade podería ter repercusión nas voces que se recollen nos cuestionarios realizados nela.

Nos nosos datos, obsérvase que o alumnado de centros non costeiros ten medias superiores ás do alumnado costeiro nos cinco CI en 2008-2009 (Táboa 4.24). Na mostra LD2020, a media do alumnado do interior supera á do da costa en todos os CI agás en *Os alimentos e as bebidas* (Táboa 4.25). Só no CI *Os obxectos colocados na mesa para a comida* da mostra LDGC a diferenza entre as medias é de máis dunha palabra, no resto dos casos a diferenza é menor.

[5]Na Táboa 3.1 indicamos que centros educativos se consideran costeiros e cales consideramos interiores na nosa análise.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Táboa 4.24. Principais valores estatísticos para a variable localización do centro educativo nos distintos CI da mostra LDGC.

CI	Loc. xeo.	Media	Máx.	Mín.	SD
02	costa	19,78	35	7	5,95
	interior	20,43	40	8	6,23
05	costa	24,84	48	9	6,72
	interior	25,30	44	6	7,31
06	costa	13,22	24	6	3,89
	interior	14,71	40	6	5,17
07	costa	15,93	35	5	5,85
	interior	16,08	32	6	4,99
15	costa	15,92	36	5	5,28
	interior	16,06	28	3	5,18

Táboa 4.25. Principais valores estatísticos para a variable localización do centro educativo nos distintos CI da mostra LD2020.

CI	Loc. xeo.	Media	Máx.	Mín.	SD
02	costa	19,65	37	8	6,10
	interior	20,64	36	8	5,10
05	costa	25,77	48	7	8,30
	interior	24,80	47	6	6,70
06	costa	13,62	29	5	4,72
	interior	13,66	24	6	3,94
07	costa	16,63	36	4	5,96
	interior	17,27	34	3	6,32
15	costa	15,64	37	3	6,08
	interior	16,58	36	2	6,59

Esta variable resultou significativa só nun CI en cada unha das mostras (Táboa 4.26): na mostra LDGC no CI *Os obxectos colocados na mesa para a comida* e na mostra LD2020 no CI *A roupa*.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Táboa 4.26. Significación estatística da variable localización do centro educativo nos cinco CI das dúas mostras. *=p<0,05 e **=p<0,01.

CI	LDGC	LD2020
02		*
05		
06	*	
07		
15		

4.2.9. Tempo de residencia en Galicia

Hai 15 persoas da mostra LDGC (4,64 % dos participantes) que non residiron sempre en Galicia, na mostra LD2020 hai 33 (6,80 %). Como se explicou anteriormente, as persoas que viviron durante algún tempo fóra da comunidade cuxas enquisas analizamos son alumnos e alumnas que levaban residindo en Galicia máis de 10 anos. En 2008-2009, no 80 % das persoas deste grupo predominaba o castelán como lingua habitual (só castelán ou máis castelán), na mostra de 2020-2021 esta porcentaxe é do 57,58 %.

En xeral, como se observa nas Táboas 4.27 e 4.28, as persoas que viviron sempre en Galicia producen de media máis palabras, excepto no CI *Os xogos e as distraccións* da mostra LDGC e no CI *Os alimentos e as bebidas* da mostra LD2020. Nestes dous casos, as persoas que non viviron toda a vida na comunidade superan a media das que residiron en Galicia sempre. Os valores dos dous grupos son similares e as diferenzas entre as medias non chegan ás dúas palabras en ningún caso e son de menos dunha palabra nalgúns CI.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Táboa 4.27. Principais valores estatísticos para a variable tempo de residencia en Galicia nos distintos CI da mostra LDGC[6].

CI	Residencia en Galicia	Media	Máx.	Mín.	SD
02	sempre	20,10	40	7	6,06
	non sempre	18,67	26	7	6,25
05	sempre	25,07	48	6	6,98
	non sempre	24,07	32	12	6,68
06	sempre	13,79	40	6	4,50
	non sempre	13,73	20	9	3,95
07	sempre	16,01	35	5	5,60
	non sempre	15,80	22	9	4,52
15	sempre	15,97	36	3	5,20
	non sempre	17,07	29	9	5,56

Táboa 4.28. Principais valores estatísticos para a variable tempo de residencia en Galicia nos distintos CI da mostra LD2020.

CI	Residencia en Galicia	Media	Máx.	Mín.	SD
02	sempre	20,13	37	8	5,75
	non sempre	19,30	28	11	5,22
05	sempre	25,36	48	6	7,66
	non sempre	25,39	43	10	7,94
06	sempre	13,72	29	5	4,40
	non sempre	12,45	25	6	4,24
07	sempre	16,99	36	3	6,13
	non sempre	15,76	33	8	5,81
15	sempre	16,06	37	2	6,36
	non sempre	15,76	30	7	5,63

Esta variable é unha das que non resulta significativa para explicar as diferenzas en ningún CI de ningunha das mostras. En todos os casos o valor de p é superior a 0,05.

[6]Dúas das persoas participantes da mostra LDGC non responderon a se viviran toda a vida en Galicia. Non se inclúen os seus datos en ningunha das categorías da Táboa 4.27.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

4.2.10. Resumo dos resultados de produción segundo as variables

Na comparación dos resultados de produción das dúas mostras pódense observar semellanzas. En canto á variable sexo, as mulleres producen máis palabras ca os homes en todos os CI tanto na mostra LDGC coma na mostra LD2020. Tamén é semellante o comportamento da variable tipo de centro educativo nas mostras de 2008-2009 e 2020-2021: os informantes dos centros públicos producen máis respostas de media ca os dos privados en todos os CI da mostra LDGC e en catro da mostra LD2020, esta tendencia é contraria á que se observa noutros traballos sobre o español.

As persoas que viviron en Galicia toda a vida obteñen medias máis altas nas probas asociativas ca as que non en catro dos cinco CI nas dúas mostras, mais a diferenza non resulta significativa en ningún CI. Así mesmo, non é significativa a variable nivel sociocultural e a distribución das medias dentro dos grupos desta variable tampouco segue o observado nalgunhas investigacións que se centran no español. Esta diferenza posiblemente estea relacionada coa situación sociolingüística do galego e coa interacción entre variables.

En canto á localización costeira ou interior dos centros educativos, como era esperable, non é significativa na maioría de CI das mostras, mais os informantes de interior producen, en xeral, máis respostas por informante ca os da costa. Nas variables relacionadas co hábitat (tipo de localidade en que se sitúan o centro educativo e a poboación de residencia) custa atopar padróns regulares. Nos resultados para o tipo de localidade do centro educativo, na mostra LDGC destaca o feito de que os valores dos informantes de poboacións periurbanas son máis altos ca os do resto de grupos, mais este fenómeno non se observa en 2020-2021 e pode estar relacionado cunha distribución anómala segundo a LH dos participantes da mostra de 2008-2009. No referido ó tipo de núcleo de poboación en que reside o alumnado, as persoas que viven en localidades rurais producen máis respostas por informante que as que viven en núcleos urbanos.

En canto ás variables que gardan relación coa lingua, parece que as persoas que teñen como lingua inicial o galego obteñen medias máis altas ca as que teñen o castelán, mais, só na mostra LDGC, os informantes bilingües iniciais presentan valores máis altos ca os galegofalantes iniciais na maioría de campos asociativos. O comportamento é semellante nos valores das medias segundo a lingua habitual.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Na Táboa 4.29 mostramos as variables que resultaron ser significativas segundo o CI e a mostra. Na mostra LDGC as variables tipo de centro e tipo de localidade do centro educativo foron as que obtiveron valores de $p<0{,}05$ en máis CI (en catro dos cinco), na mostra LD2020 as variable con valores significativos en máis campos asociativos (tamén en catro) foron o sexo e a lingua inicial. O nivel sociocultural e o tempo de residencia en Galicia foron as únicas variables para as que se obtiveron nos tests estatísticos valores de p superiores a 0,05 en todos os CI das dúas mostras. A análise multivariante que presentamos a continuación dá outra perspectiva nova que complementa a análise segundo as variables tomadas individualmente.

Táboa 4.29. Variables que resultaron significativas nos cinco CI das dúas mostras. *=$p<0{,}05$ e **=$p<0{,}01$.

	Roupa		Alimentos		Mesa		Cociña		Xogos	
Variable	LDGC	LD2020	LDGC	LD2020	LDGC	LD2020	LDGC	LD2020	LDGC	LD2020
Sexo	*	**	*			**	**	**		*
LI		**			*	**		**		*
LH		*			**					**
NSC										
Tipo centro	**			*	**		**		*	*
Pob. centro	**		**	*	**		**	**		**
Pob. residencia	**		**		**	*	**			**
Loc. xeo.		*			*					
Resid. Gal.										

4.2.11. Análise con modelos lineais de efectos mixtos

Nas seccións anteriores presentamos as variables que resultaron significativas e non significativas, de maneira independente, para explicar a produción de palabras nos CI que escollemos. Dado que é posible que exista interacción significativa entre as variables e que, ademais, algúns factores non considerados inicialmente poidan influír nos resultados de produción, empregamos a técnica dos modelos de efectos mixtos para obter unha visión global máis completa do impacto das variables analizadas na produción de palabras.

Os chamados modelos lineais mixtos son un tipo de regresión cunha estrutura complexa. As regresións son ferramentas estatísticas que permiten entender a relación entre variables. Con estas é posible observar como inflúen unha ou máis variables independentes nunha variable dependente. Este procedemento matemático calcula o modelo

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

que mellor se axusta ós datos, é dicir, permite obter a relación que mellor describe o vínculo entre as variables independentes e a dependente que se observa nos datos. Estas ferramentas poden empregarse tanto para coñecer a relación entre unhas variables dadas como para facer predicións sobre o comportamento esperado destas.

Nos modelos de efectos mixtos considéranse dous tipos de variables: as fixas e as aleatorias. Constitúen os factores fixos as variables independentes controladas na investigación. Ó contrario, os factores aleatorios constitúenos aquelas variables non controladas experimentalmente ou cuxos niveis cambiarían se repetimos o experimento, como poden ser os informantes. A posibilidade de ter en conta a variación aleatoria nestes modelos, ademais da controlada, fai que sexan ferramentas robustas de grande utilidade para a análise que nos ocupa. Así mesmo, estes modelos tamén permiten incluír como factor a interacción entre dúas variables, xa que algunhas delas poden ser interdependentes.

Na nosa investigación empregamos estes modelos co obxectivo de entender a relación entre o número de palabras producidas por CI (variable dependente) e as variables presentadas anteriormente (variables independentes). Na análise que presentamos nas seccións previas comprobamos se cada unha destas variables era significativa para explicar o número de palabras producidas en cada CI de maneira independente, mais neste caso consideramos os datos de todos os CI conxuntamente. Realizamos este axuste debido ó interese de ter en conta a variación individual asociada a cada informante no modelo, algo que non sería posible se non contásemos con varios valores de produción asociados a cada participante.

Para coñecer o impacto dos factores fixos e aleatorios na variable número de palabras producidas fixemos probas con varios modelos para cada unha das mostras, co obxectivo de comprobar cal era o que mellor se axustaba ós datos de 2008-2009 e de 2020-2021, entendendo o axuste como a combinación de variables que mellor explica a variación da variable dependente. Incluímos no modelo aquelas variables que resultaron significativas na proba ANOVA nos casos en que contribuían a aumentar a porcentaxe de varianza explicada. Cómpre aclarar que, como queremos explicar a produción de palabras por CI, non nun CI concreto, consideramos o centro de interese coma unha variable máis, que se suma

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

ás asociadas ós informantes (sexo, LI, LH, NSC, etc.), para a que tamén comprobamos se inflúe no número de respostas.

Os resultados que obtivemos contrastan cos presentados nas seccións anteriores, xa que as variables significativas nos modelos da mostra LDGC e LD2020 son moi semellantes.

En canto ós factores aleatorios, en ambos os modelos incluímos as variables informante e centro educativo como factores non controlados. A variable informante permite ter en conta a variación individual no modelo, a ligada a cada un dos informantes; a variable centro educativo (referida ó instituto concreto e non ó tipo de centro) permite considerar tanto aspectos non controlados que gardan relación coas características das persoas que estudan nun determinado centro coma posibles diferenzas metodolóxicas na recollida de datos realizada polo profesorado destes, xa que non podemos asegurar que a metodoloxía de recollida fose idéntica en todos, a pesar das instrucións enviadas. Observamos que incluír ambas as dúas variables (informante e centro) melloraba significativamente o axuste dos modelos, polo que as incluímos nos modelos para as mostras LDGC e LD2020. Tanto nos datos de 2008-2009 coma nos de 2020-2021 ambas as variables resultaron estatisticamente significativas na proba ANOVA e obtiveron un valor de $p<0{,}001$ nos modelos das dúas mostras.

En canto ós factores fixos, para cada unha das variables fixas incluídas nos modelos presentamos o estatístico F, os graos de liberdade, o denominador dos graos de liberdade e o valor de p. Algúns destes indicadores poden ser difíciles de interpretar para un público non especializado, mais presentámolos por convención e para manter a transparencia. O realmente relevante para a nosa investigación é que mostran un efecto significativo das variables. Os modelos máis axustados para as dúas mostras non inclúen exactamente as mesmas variables fixas, mais hai semellanzas entre estas, tal e como veremos a continuación. Os resultados completos das probas estatísticas realizadas para esta sección poden consultarse no Apéndice 6.

O modelo que mellor se axusta á mostra de 2008-2009 inclúe como variables fixas significativas o CI ($F(4, 1312)=28{,}38$; $p<0{,}001$, o sexo ($F(1, 315{,}15)=6{,}35$; $p<0{,}05$) e a interacción entre CI e LI ($F(12, 1312)=2{,}40$; $p<0{,}01$), entre CI e poboación do centro ($F(12, 1312)$, 6,86; $p<0{,}001$) e entre CI e tipo de centro ($F(3, 1312)=2{,}80$; $p<0{,}05$). De acordo cos valores obtidos no test R-cadrado, a varianza explicada polos factores

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

fixos neste modelo é o 39,23 %, mais esta acada o 71,36 % cando se inclúen os aleatorios (informante e centro educativo). Isto significa que as variables incluídas no modelo teñen a capacidade de explicar a maioría das diferenzas de produción observadas nos datos.

Para os datos de 2020-2021, no modelo con mellor axuste tamén son significativas as variables fixas CI ($F(4, 1924)=462{,}07$; $p<0{,}001$) e sexo ($F(1, 465{,}88)=15{,}74$; $p<0{,}001$). Neste caso a LI é significativa sen interacción co CI ($F(3, 469{,}84)=2{,}84$; $p<0{,}05$). En canto á poboación do centro educativo, igual ca no modelo anterior, esta só é significativa en interacción co CI ($F(12, 1924)=6{,}98$; $p<0{,}001$). Este modelo permite explicar o 69,03 % da varianza observada, o 32,97 % da cal é explicada polos efectos fixos.

As principais diferenzas entre o modelo escollido para os datos da mostra LD2020 e o seleccionado para a mostra LDGC son o modo en que se inclúe no modelo a lingua inicial e a ausencia no modelo máis recente da variable fixa tipo de centro educativo. En canto á maneira de incluír a LI no modelo, na mostra de datos de 2020-2021 esta variable é significativa sen interacción, mais en 2008-2009 só é significativa a interacción CI e LI. Con respecto á variable tipo de centro educativo, esta só foi produtiva para explicar a variabilidade no modelo empregado para os datos de 2008-2009. Nun primeiro momento consideramos a posibilidade de incluíla no modelo que aplicamos á mostra LD2020, tanto porque axudaba a aumentar lixeiramente a porcentaxe de varianza explicada (69,27 %) coma porque se obtivo para interacción entre as variables CI e tipo de centro un valor de p na proba ANOVA próximo á significación estatística ($p=0{,}055$). Porén, despois de contemplar ambas as posibilidades, escollemos o modelo máis simple para evitar o sobreaxuste deste. Tomamos a decisión ó observar que co modelo máis sinxelo se obtiñan valores máis baixos para o AIC (criterio de información de Akaike) e o BIC (criterio de información bayesiano). Estes indicadores son de utilidade para orientar na selección de modelo, xa que axudan a equilibrar o axuste e a complexidade deste.

A pesar da significación das variables que presentamos, non se atopan diferenzas significativas entre todos os niveis destas nas comparacións por pares. Por exemplo, aínda que o CI é significativo nos modelos das dúas mostras, non necesariamente é significativa a diferenza entre cada par de CI. A continuación presentamos os interceptos obtidos para

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

os modelos de cada mostra, así como os coeficientes estimados (β)[7], o erro estándar (SE) e o valor de p para aqueles casos en que se observan diferenzas significativas entre variables. O intercepto do modelo de efectos mixtos representa o valor estimado da variable a explicar, que aquí se corresponde co número de palabras, cando as outras variables preditoras están no seu nivel de referencia. No modelo que empregamos para os datos de 2008-2009 o intercepto é 25,59.

Nos datos da mostra LDGC, para a variable CI, a metade das comparacións por pares son significativas e obteñen valores de $p<0{,}001$. Son significativas as diferenzas entre os CI *A roupa* e *Os alimentos e as bebidas*, *A roupa* e *Os obxectos colocados na mesa para a comida*, *Os alimentos e as bebidas* e *Os obxectos colocados na mesa para a comida*, *Os alimentos e as bebidas* e *A cociña e os seus utensilios*, *Os alimentos e as bebidas* e *Os xogos e as distraccións*. Estas diferenzas concordan co esperable considerando os niveis de produtividade xa coñecidos asociados a estes CI Apéndice 6.

Tamén é significativa para a variable sexo a diferenza entre os niveis feminino-masculino (β=1,09; SE=0,43; $p<0{,}05$). Os valores obtidos indican que as informantes do grupo feminino producen un número de palabras significativamente maior ca os participantes do outro grupo. En canto ás diferenzas entre niveis das variables que interactúan, na combinación CI e tipo de centro non se observan diferenzas significativas entre os distintos niveis e só se obtén un valor próximo a 0,05 no contraste entre os grupos público-privado no CI *A roupa* (β=2,967; SE=1,49; p=0,059). Os valores obtidos na comparación indican que as persoas dos centros públicos producen máis palabras ca as dos privados neste CI. Con respecto á interacción entre CI e LI, só son significativas as diferenzas entre a lingua inicial as dúas-galego (β=3,05; SE=0,82; $p<0{,}01$) no CI *Os alimentos e as bebidas* e no CI *A cociña e os seus utensilios* (β=2,27; SE=0,82; $p<0{,}05$). Nos dous casos os resultados indican que as persoas que din que aprenderon a falar nas dúas linguas producen máis

[7] Os valores dos coeficientes estimados que presentamos correspóndense coa diferenza estimada na variable dependente entre cada par de niveis da variable, se se manteñen as outras variables do modelo constantes. Así, por exemplo, o feito de que o coeficiente estimado para o par feminino-masculino sexa 1,09 quere dicir que, de media estimada, o grupo de mulleres produce 1,09 palabras máis ca o dos homes se se manteñen constantes as outras variables. Cando o valor é negativo, o resultado indica que o primeiro dos grupos produce menos palabras ca o segundo.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

palabras nestes CI ca as galegofalantes iniciais. Na interacción entre CI e poboación do centro todas as diferenzas significativas que se observan involucran o grupo de participantes de centros periurbanos. Obteñen un valor de $p<0{,}05$ os contrastes entre os niveis periurbana-rural ($\beta=7{,}34$, SE=1,98; $p<0{,}01$) e periurbana-urbana ($\beta=4{,}63$; SE=1,66; $p<0{,}05$) no CI *A Roupa* e as diferenzas entre periurbana-rural ($\beta=5{,}80$, SE=1,98), periurbana-urbana ($\beta=6{,}38$; SE=1,66; $p<0{,}01$) e periurbana-vila ($\beta=6{,}90$; SE=1,98; $p<0{,}05$) en *Os alimentos e as bebidas*. En todos os casos é o grupo dos centros periurbanos o que máis palabras produce.

Nos resultados para os datos da mostra LD2020 o intercepto do modelo é 21,03, catro puntos e medio máis baixo ca na mostra LDGC. Na comparación entre pares de grupos da variable CI observamos que hai diferenzas entre a gran maioría de campos asociativos, todas elas cun nivel de confianza moi alto ($p<0{,}0001$). Só se obtén un valor de $p>0{,}05$ no contraste entre os CI *A cociña e os seus utensilios* e *Os xogos e as distraccións*. As diferenzas observadas (Apéndice 6) son consistentes coa distinta produtividade asociada a cada CI que xa comentamos.

Tanto nesta mostra coma na outra as mulleres producen máis palabras ca os homes independentemente das outras variables en xogo. A diferenza feminino-masculino ($\beta=1{,}58$; SE=0,40; $p<0{,}001$) tamén é significativa na mostra LD2020. En canto á lingua inicial, só hai unha comparación de todos os pares que obtén un valor de $p<0{,}05$: o contraste entre os grupos de LI castelán-galego ($\beta=-1{,}51$; SE=0,58; $p<0{,}05$), cuxos resultados indican que o alumnado castelanfalante inicial produce un número significativamente inferior de palabras ca o que di que aprendeu a falar en galego. Por último, para a interacción entre CI e poboación do centro, non se recolle ningunha diferenza significativa no contraste entre os niveis.

En resumo, os modelos das dúas mostras explican unha parte importante da varianza nos datos de 2008-2009 e 2020-2021. A porcentaxe é maior na mostra LDGC (71,36 %) ca na mostra LD2020 (69,03 %), mais os valores son moi próximos e moi elevados en ambos os dous casos. Das dúas mostras, a máis recente é aquela na que máis porcentaxe da varianza explicada depende dos efectos aleatorios, mentres que na mostra LDGC os efectos fixos teñen máis peso. Como explicamos anteriormente, tanto o centro educativo concreto coma os factores individuais que dependen do informante melloran significativamente o axuste do modelo. No traballo de

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Paredes García (2023) sobre a descentralización léxica tamén se observou que os centros educativos concretos explicaban mellor as diferenzas na produción ca o feito de que estes fosen públicos ou privados. No noso caso, a motivación das diferenzas podería estar relacionada cunha maneira distinta de aplicar os criterios de recollida de datos por parte do persoal docente dos centros, coas características socioculturais das persoas que asisten a un determinado centro educativo e coas particularidades da formación que reciben as persoas en cada instituto. Como explicamos, é un factor non controlado, mais podemos asegurar que é relevante para predicir o número de palabras que se recollen nos cuestionarios. En canto á variable informante, para este factor aleatorio tamén poderiamos listar unha serie de hipóteses sobre que características individuais poderían estar repercutindo na produción, mais, igual ca no centro educativo, esta é unha variable non controlada e non poderiamos poñer a proba estas hipóteses cos datos cos que contamos. Simplemente, podemos afirmar cun grao de seguridade moi alto (p<0,001) que hai falantes cunha maior facilidade de producir palabras ca outros.

Tamén hai aspectos en común en canto ás variables fixas de ambos os modelos. Nos dous son significativas as variables CI, sexo, a interacción de CI e poboación do centro e a LI. En 2008-2009, a LI só é significativa na interacción CI e LI, pola contra, nos datos de 2020-2021 é unha variable significativa sen interacción. En canto ó tipo de centro educativo, esta variable é significativa en interacción co estímulo só en 2008-2009. En ningunha das dúas mostras obtivemos melloras no modelo nas probas en que incluímos nel as variables NSC, LH, localización (costeira ou interior) do centro e tempo de residencia en Galicia. En canto ó tipo de poboación de residencia familiar, os valores que se obteñen se incluímos no modelo esta variable, en lugar da poboación do centro, son semellantes. Porén, incluír ambas non mellora o axuste do modelo e empregar a poboación do centro axuda a obter un axuste lixeiramente mellor.

Parece que sistematicamente teñen relación co número de palabras que se producen, tanto en 2008-2009 coma en 2020-2021, o CI (o que resulta esperable tendo en conta a coincidencia entre valores para os distintos estímulos nos traballos existentes sobre dispoñibilidade), o sexo, a lingua inicial e o tipo de localidade do centro educativo. En ambas as mostras son as mulleres as que producen máis respostas ca os homes. En canto á lingua inicial, nos datos de 2008-2009 producen máis palabras as

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

persoas bilingües iniciais ca as que só aprenderon a falar en galego (en dous CI), porén, en 2020-2021 a diferenza significativa dáse sen interacción co CI e afecta ó contraste galego-castelán: son os galegofalantes os que producen máis palabras ca os castelanfalantes. Con respecto á localidade do centro, en 2020-2021 non se atopan diferenzas significativas entre pares e en 2008-2009 toda as que se atopan involucran ó grupo periurbano. Aínda que a variable é significativa nas dúas mostras, non podemos descartar que quizais o feito de que non haxa informantes de centros periurbanos que escolleran a opción LH *só castelán* en 2008-2009 poida incidir nestes resultados.

As variables que non resultaron significativas individualmente en ningún, ou en case ningún, dos CI nos resultados dos tests paraméricos e non paramétricos presentados tampouco foron significativas na análise co modelo mixto (tempo de residencia en Galicia, NSC, localización). A variable LH, que resultou significativa en dous CI da mostra LD2020 e nun da mostra LDGC, tampouco se probou como relevante para o modelo, nin por si mesma nin en interacción. As variables incluídas finalmente no modelo, en xeral, tamén foron significativas nun número importante de casos nos resultados da análise individual (sexo, LI[8], poboación do centro). Esta análise, que emprega un procedemento máis robusto, contribúe a completar a visión que nos daban as probas que consideraban cada unha das unidades individualmente e achega información sobre o peso na variabilidade observada de factores non controlados. Ademais, o feito de que a significación de boa parte das variables se comprobe nos datos de ambas as mostras reforza a evidencia de que factores coma o centro, o individuo, o CI, o sexo, a LI e o tipo de localidade do centro educativo son relevantes para entender a produción de palabras nas tarefas metalingüísticas de dispoñibilidade léxica en galego.

[8] A LI na mostra LDGC só é significativa no CI *Os obxectos colocados na mesa para a comida*, nos datos de 2020-2021 é significativa en catro dos CI.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

5 Estabilidade e cambio no léxico dispoñible da alimentación en galego

Neste capítulo presentamos as principais diferenzas entre os datos de dispoñibilidade léxica da provincia da Coruña de 2008-2009 e de 2020-2021 nos CI *Os alimentos e as bebidas*, *Os obxectos colocados na mesa para a comida* e *A cociña e os seus utensilios*. Un dos obxectivos principais desta tese é observar en que medida os resultados das enquisas das mostras comparadas son semellantes e estables e comprobar se experimentan cambios relevantes nun período de doce anos. Con esta finalidade, identificamos cantas unidades de cada mostra son únicas, describimos as características destas voces e mostramos os principais índices cuantitativos asociados a estas. Dedicamos os seguintes apartados a expoñer tanto as unidades non coincidentes máis frecuentes e dispoñibles como aquelas que se rexistran con índices de dispoñibilidade e frecuencia moi baixos que poden interpretarse como parte dunha tendencia máis ampla. No Apéndice 7 presentamos unha lista de todas as voces que aparecen só nunha das mostras e proporcionamos os valores cuantitativos asociados con estas para cada un dos CI considerados neste traballo.

Entre as voces que están nunha única mostra hai unidades léxicas que son en certa maneira anecdóticas e outras cuxos índices de frecuencia e dispoñibilidade nos impulsan a indagar sobre as posibles motivacións da diferenza entre os datos de 2008-2009 e 2020-2021. Neste capítulo da tese centrámonos na descrición das diferenzas e só expoñemos os principais cambios. Interpretarémolos e proporemos hipóteses sobre a relación destas mudanzas co seu contexto no Capítulo 6.

Así mesmo, no capítulo presentamos as principais diferenzas de frecuencia e de posición que se perciben entre algunhas unidades presentes nos datos de 2008-2009 e de 2020-2021. O lema *coitelo*, por exemplo, aparece nas dúas mostras e ten o índice de dispoñibilidade máis alto

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

de todas as unidades recollidas no CI *Os obxectos colocados na mesa para a comida* (0,8576 na mostra LDGC e 0,7809 na mostra LD2020). O lema *mando* tamén está nas dúas mostras no mesmo CI e ten valores de dispoñibilidade e frecuencia baixos en ambas (o seu índice de dispoñibilidade é 0,0012 na mostra LDGC e 0,0013 na mostra LD2020 e a súa frecuencia frecuencia absoluta é 1 e 2 respectivamente). Porén, a unidade *comida*, que tamén está recollida nas dúas mostras, foi producida por 20 persoas (5,95 % da mostra) en 2008-2009 e por 77 (15,88 %) en 2020-2021, o seu índice de dispoñibilidade era 0,0347 na mostra LDGC e é 0,0751 na mostra LD2020 e, nos doce anos que pasan entre a realización das dúas enquisas, sobe desde a posición 40 á 18 da lista de lemas máis dispoñibles.

Ademais, presentamos un resumo dos cambios observados nos CI relacionados coa alimentación e contrastamos os resultados dos CI alimentarios cos outros dous campos asociativos que escollemos para a investigación (*A roupa* e *Os xogos e as distraccións*). Esta comparación é útil para coñecer se o comportamento dos CI en que se centra este traballo é semellante ó doutros CI que tamén son dependentes de modas e cambios sociais.

Por último, neste capítulo empregamos ferramentas da teoría de grafos para comprobar se, ademais de existir diferenzas entre as unidades que se rexistran, tamén hai cambios nas asociacións que se establecen entre estas e nas características das redes que conforman.

5.1. Os alimentos e as bebidas

Como se explicou no Capítulo 4, o CI *Os alimentos e as bebidas* é o máis produtivo das mostras que comparamos e é un dos CI con máis respostas rexistradas na maioría de traballos de dispoñibilidade que o inclúen. Os valores de produción asociados con este CI son semellantes nas dúas mostras que analizamos e tamén se observan similitudes nas unidades léxicas concretas rexistradas en ambas. En canto ós lemas recollidos a partir deste estímulo, 525 deles foron rexistrados tanto en 2008-2009 coma en 2020-2021 (Táboa 5.1). Estes lemas supoñen o 71,33 % do total de lemas da mostra LDGC e o 46,05 % dos da mostra LD2020.

Porén, se temos en conta os índices cuantitativos destes lemas, os resultados mostran que, aínda que o 53,95 % dos lemas da mostra LD2020

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

son novos, a maioría deles son pouco frecuentes e dispoñibles. Polo tanto, o feito de que máis da metade dos lemas rexistrados na mostra de 2020-2021 non se recollesen en 2008-2009 non debe levar a pensar na falta de estabilidade do LD. Os datos que se presentan na Táboa 5.1 indican que, se consideramos a frecuencia destes lemas, máis do 90 % das respostas recollidas en ambas as mostras correspóndense con lemas presentes nas dúas: no CI *Os alimentos e as bebidas* a suma das frecuencias dos lemas coincidentes supón o 96,30 % das respostas recollidas na mostra LDGC e a suma das da mostra LD2020 dá como resultado o 91,12 % do total de respostas rexistradas. Non obstante, debido á natureza da nosa investigación, prestamos especial atención ás características das unidades non coincidentes, a pesar de que estas ocupen, nalgúns casos, posicións marxinais nas listas de DL. Estas voces constitúen o 3,70 % das respostas da mostra LDGC e o 8,88 % das respostas da mostra LD2020.

Táboa 5.1. Lemas coincidentes e diferentes do CI *Os alimentos e as bebidas* nas mostras LDGC e LD2020 e número de respostas asociadas a estes lemas.

	Lemas			Respostas		
	Coincidentes	Non coincidentes	Total	Coincidentes	Non coincidentes	Total
LDGC	71,33 % (525)	28,67 % (211)	736	96,30 % (8.093)	3,70 % (311)	8.404
LD2020	46,05 % (525)	53,95 % (615)	1.140	91,12 % (11.207)	8,88 % (1.092)	12.299

A continuación, describimos as unidades non coincidentes entre as mostras e presentamos aquelas que, estando presentes en ambas, se recollen asociadas a valores de frecuencia e dispoñibilidade distintos.

5.1.1. Desaparicións

Nesta sección centrámonos nas voces que estaban presentes na mostra LDGC na provincia da Coruña e que non se recollen en 2020-2021. De agora en diante referirémonos a elas como *desaparicións* ou *unidades que desaparecen*, mais queremos deixar claro que o emprego desta denominación non pretende facer referencia nin a que estas unidades desapareceran da lingua nin a que teñan unha baixa vitalidade, só é a forma que escollemos para nomear de forma concisa os lemas recollidos na primeira das mostras que non foron rexistrados nos datos máis recentes. Como manifestamos anteriormente, a maioría destas unidades son voces

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

pouco frecuentes e pouco dispoñibles e a ausencia destas na segunda das mostras puido deberse nalgúns casos ó azar.

Como se mostra na Táboa 5.1, no CI *Os alimentos e as bebidas* hai 211 lemas que non teñen continuidade (aparecen en 2008-2009 e non aparecen en 2020-2021). Os lemas que desaparecen supoñen o 28,67 % dos lemas recollidos e correspóndense co 3,70 % das respostas totais. Para completar esta visión inicial das diferenzas entre unidades do CI e contextualizar a importancia dos cambios, presentamos a continuación unha táboa co número de unidades exclusivas da mostra LDGC segundo distintos niveis de corte empregados habitualmente en traballos de dispoñibilidade (Táboa 5.2).

Táboa 5.2. Lemas únicos do CI *Os alimentos e as bebidas* na mostra LDGC segundo distintos niveis de corte.

Criterio	Lemas únicos LDGC
Producidos por máis dun inform.	25,12 % (53)
Dispoñibilidade >0,02	0 % (0)
Presente nos 100 máis dispo.	0 % (0)
Presente nos 200 máis dispo.	0,47 % (1)
Presente entre o 80 % frec. acum.	0 % (0)

Se facemos o reconto dos lemas que foron producidos por máis dunha persoa, 53 dos 211 lemas desaparecidos (o 25,12 %) teñen unha frecuencia absoluta de máis de 1. En canto ós outros valores de corte, ningunha das unidades que desaparecen ten un índice de dispoñibilidade maior ca 0,02 e ningunha está presente entre as 100 primeiras palabras máis dispoñibles nin entre as unidades con máis do 80 % de frecuencia acumulada. Entre as 200 unidades máis dispoñibles só hai unha unidade desaparecida: o lema *coñac*. Os distintos valores presentados serven de exemplo para mostrar a baixa frecuencia e dispoñibilidade coa que aparecían en 2008-2009 as palabras que non están na mostra LD2020. Na Táboa 5.3 presentamos, a modo de exemplo, as 15 unidades desaparecidas máis dispoñibles da mostra LDGC, xunto cos índices cuantitativos asociados con estas. Só sete destas voces foron producidas por máis do 1 % de informantes.

Nesta lista destaca a presenza de lemas que fan referencia a nomes de bebidas alcólicas (marcas e nomes xenéricos)[1]. Unicamente cinco

[1]Aínda que hai versións sen alcol dalgunha das bebidas que designan os lemas da lista (*cóctel*, *licor de mazá*), así como doutras que teremos tamén en conta na

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

das unidades que mostramos da táboa non teñen relación co alcol: *seta*, *tortellini*, *(queixo de) tetilla*, *bebida refrescante* e *pincho*, todas elas excepto *bebida refrescante* fan referencia a alimentos.

Táboa 5.3. 15 lemas máis dispoñibles do CI *Os alimentos e as bebidas* recollidos na mostra LDGC que non se recolleron na mostra LD2020.

Pos.	Lema	I. disp.	Frec. abs.	Frec. rel.	% de inform.	Frec. abs. acum.
179	coñac	0,01379	9	0,00107	2,68	7.040
203	seta	0,01087	7	0,00083	2,08	7.237
216	tortellini	0,00953	6	0,00071	1,79	7.319
218	Licor 43*	0,00943	4	0,00048	1,19	7.327
220	100 Pippers*	0,00927	5	0,00059	1,49	7.340
223	licor de melocotón	0,00907	5	0,00059	1,49	7.357
242	oruxo	0,00779	5	0,00059	1,49	7.471
243	Ballantine's*	0,00775	3	0,00036	0,89	7.474
270	(queixo de) tetilla	0,00680	3	0,00036	0,89	7.607
280	Negrita*	0,00658	3	0,00036	0,89	7.652
281	cóctel	0,00652	3	0,00036	0,89	7.655
288	bebida refrescante	0,00627	3	0,00036	0,89	7.683
291	licor de moras	0,00615	3	0,00036	0,89	7.696
297	licor de mazá	0,00576	3	0,00036	0,89	7.718
303	pincho	0,00563	3	0,00036	0,89	7.738

Con respecto ó total das unidades léxicas desaparecidas, independentemente da súa dispoñibilidade, o 25,12 % dos 211 lemas recollidos en 2008-2009 que non se rexistran en 2020-2021 son nomes de bebidas alcólicas (*brandy*, *vermú*), de combinados que as conteñen (*mojito*, *Malibú* con piña*) e de marcas de alcol (*Cacique**, *Absolut**). Se consideramos a frecuencia absoluta das voces rexistradas só na mostra LDGC, o 32,15 % das 311 respostas que se corresponden con lemas non coincidentes (case un terzo) son bebidas alcólicas. Tamén desaparece o lema relacionado co alcol *borracheira*.

Así mesmo, en canto ás unidades desaparecidas de posicións máis baixas, hai 25 lemas que fan referencia a peixes que se rexistran unicamente na mostra de 2008-2009 (*mero*, *panga*, *sargo*, *peixe fresco*) e 41 que teñen como referentes produtos cárnicos ou preparacións con carne (*unto*, *salame*, *capón*, *carne guisada*). No caso dos peixes, estas unidades supoñen o 8,04 % dos lemas únicos da mostra LDGC, no da

análise (*cervexa*), presupomos, tendo en conta o contexto en que aparecen nos cuestionarios, que o alumnado que as produciu pretendía facer referencia a bebidas con alcol.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

carne, son o 19,43 % dos lemas. Tamén desaparecen outras unidades fóra destes ámbitos semánticos coma *piruleta*, *loureiro*, *Petit Suisse**, *cebolo*, *garrapiñada*, *tabasco*, *té de melocotón* e *ración*, entre outras. Un dos lemas que desaparece, e que só foi producido por unha persoa, é o verbo *aliñar*. Aínda que ten un peso mínimo sobre o total das respostas, garda relación semántica con outras unidades que desaparecen ou cuxa frecuencia tamén é menor nos CI *Os obxectos colocados na mesa para a comida* e *A cociña e os seus utensilios*, polo que consideramos pertinente mencionalo.

5.1.2. Innovacións

No CI *Os alimentos e as bebidas* hai 615 unidades na mostra de 2020-2021 que non foron recollidas na mostra LDGC; o 53,95 % dos lemas desta mostra son unidades non rexistradas anteriormente na mesma área. En canto ó seu peso sobre o total das respostas, as voces novas supoñen o 8,88 % do total; o 91,12 %, a gran maioría, correspóndense con lemas que xa foran recollidos en 2008-2009. Como se observa na Táboa 5.4, 192 das unidades novas (o 31,22 %) foron producidas por máis dun informante, non hai ningunha que se atope entre as 100 primeiras palabras máis dispoñibles, só unha ten un índice de dispoñibilidade maior ca 0,02 (*salgado*) e só o 1,14 % destas unidades (7) está entre as 200 palabras máis dispoñibles e entre as que suman o 80 % de frecuencia acumulada[2].

[2]Tal e como fixemos anteriormente coas voces desaparecidas, de agora en diante falaremos de unidades novas ou innovacións para referirnos de forma concisa ás voces que aparecen exclusivamente na mostra LD2020 e que non aparecían na provincia da Coruña na mostra LDGC. Non consideramos necesariamente que sexan innovacións léxicas ou neoloxismos, nin que a súa aparición signifique que son voces máis frecuentes en 2020-2021 na lingua en uso e, igual que no caso das desaparicións, a maioría das unidades novas son voces pouco dispoñibles e frecuentes nos resultados das enquisas. A non coincidencia, en moitos casos, tamén podería deberse ó azar.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Táboa 5.4. Lemas únicos do CI *Os alimentos e as bebidas* na mostra LD2020 segundo distintos niveis de corte.

Criterio	Lemas únicos LD2020
Producidos por máis dun inform.	31,22 % (192)
Dispoñibilidade >0,02	0,16 % (1)
Presente nos 100 máis dispo.	0 % (0)
Presente nos 200 máis dispo.	1,14 % (7)
Presente entre o 80 % frec. acum.	1,14 % (7)

Aínda que empregamos os mesmos valores para exemplificar a importancia das desaparicións e das innovacións nas mostras, cómpre lembrar unha vez máis que os datos de 2008-2009 e de 2020-2021 proceden de grupos cun número de participantes diferente. Así, valores coma a porcentaxe de unidades novas producidas por máis dun informante non son exactamente comparables cos que proporcionamos para as unidades desaparecidas. Cremos igualmente que incluír estes valores é de utilidade para coñecer mellor as características das unidades non coincidentes sobre o total da mostra na que se rexistran e este é o motivo de que os presentemos.

Na Táboa 5.5, seguindo o modelo da sección anterior, presentamos a modo de exemplo as 15 unidades novas máis dispoñibles. A máis dispoñible e máis frecuente é o adxectivo *salgado*, que foi producida por máis do 5 % dos participantes da mostra e que se atopa na posición 108 da lista de voces máis dispoñibles da mostra LDGC.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Táboa 5.5. 15 lemas máis dispoñibles do CI *Os alimentos e as bebidas* recollidos na mostra LD2020 que non se recolleron na mostra LDCG.

Pos.	Lema	I. disp.	Frec. abs.	Frec. rel.	% inform.	Frec. abs. acum.
108	salgado	0,02999	25	0,00203	5,15	8.173
157	gas	0,01761	11	0,00089	2,27	9.196
171	comida basura	0,01615	13	0,00106	2,68	9.404
175	supermercado	0,01570	11	0,00089	2,27	9.459
191	saúde	0,01367	12	0,00098	2,47	9.685
195	botella	0,01339	9	0,00073	1,86	9.727
199	bar	0,01281	11	0,00089	2,27	9.778
213	bebida azucrada	0,01169	8	0,00065	1,65	9.935
224	kebab	0,01090	10	0,00081	2,06	10.043
257	engordar	0,00870	7	0,00057	1,44	10.344
258	tragar	0,00867	6	0,00049	1,24	10.350
259	vexetariano	0,00866	6	0,00049	1,24	10.356
271	nutrición	0,00831	6	0,00049	1,24	10.449
272	dieta	0,00828	8	0,00065	1,65	10.457
274	cociñeiro	0,00811	10	0,00081	2,06	10.477

Parte do léxico novo máis dispoñible parece gardar relación coa saúde (*saúde*), a nutrición e a calidade ou composición nutricional (*nutrición*, *dieta*, *comida basura*, *bebida azucrada*) e o peso (*engordar*)[3]. Tamén aparecen entre as innovacións máis dispoñibles nomes de establecementos relacionados coa comida (*bar*, *restaurante*) e unha profesión relacionada con estes (*cociñeiro*). As voces que teñen que ver con lugares e profesións relacionados coa comida (*tenda*, *mercado*, *ultramarinos*, *camareiro*, *peixeiro-a*, *caixeiro*) e o léxico da nutrición e da saúde (*alerxia*, *comida saudable*, *insán*, *bulimia*, *nutriente*, *caloría*) son tamén frecuentes entre as unidades novas que atopamos en posicións inferiores das listas en 2020-2021. En canto ó lema *gas*, esta unidade, que se rexistra no 2,27 % dos cuestionarios da mostra LD2020, aparece nas enquisas próxima a outras relacionadas coas bebidas (*auga*, *refresco*, *alcol*), mais tamén cerca de léxico relacionado coa nutrición (*graxa*) e coa saúde (*saúde*, *san*).

Queremos chamar a atención sobre o feito de que só hai entre estas 15 unidades unha que sexa propiamente un alimento, *kebab*, que só fora producido polo 0,38 % (tres informantes, ningún deles da provincia da Coruña) da mostra completa do LDG para toda Galicia e que en 2020-2021

[3]Non descartamos que a aparición do adxectivo *salgado* tamén poida estar relacionada co léxico sobre a nutrición, mais o contexto no que aparece nas enquisas lévanos a considerar que foi incluído, en xeral, como antónimo de *doce*.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

produciron o 2,06 % dos informantes enquisados. Probablemente fose un produto máis coñecido, e seguramente máis consumido, en 2020-2021 do que o era doce anos antes.

En posicións máis baixas da lista de unidades novas, destacamos a aparición de voces relacionadas coa orixe dos alimentos (*ecolóxico*, *natural*), o seu procesamento (*comida procesada*, *industria*) e o seu estado de conservación (*caducidade*, *mal estado*). Tamén hai unidades non coincidentes que fan referencia a aspectos éticos da produción de alimentos (*maltrato animal*, *explotación económica*) e a pautas alimentarias nas que non se consomen produtos animais (*ovolactovexetariano*, *veganismo*). Ademais, hai na mostra máis recente algúns verbos que non foran rexistrados anteriormente (*inxerir*, *gustar*, *adelgazar*, *tragar*, *quentar*).

Por último, como esperabamos, tendo en conta os cambios que observou Alba (2014) neste mesmo campo asociativo, atopamos na lista de unidades novas distintos nomes de alimentos e preparacións que non se recolleran en 2008-2009 e que en moitos casos proveñen de distintas culturas gastronómicas (*hummus*, *xenxibre*, *brownie*, *faláfel*, *kimchi*, *mochi*).

5.1.3. Frecuencia e posición

Existen unidades presentes nas dúas mostras que se recollen nas enquisas dos informantes cunha frecuencia e dispoñibilidade semellantes e outras que se rexistran con diferente frecuencia ou que ocupan postos distanciados nas listas de lemas máis dispoñibles. A continuación presentamos as principais diferenzas na frecuencia, entendida como o número de persoas que produce a palabra respecto do total de informantes de cada mostra, e na dispoñibilidade, mediante a comparación das posicións nas listas das unidades rexistradas nas dúas mostras.

5.1.3.1. Cambios na frecuencia

Hai unidades que están presentes na mostra de 2008-2009 e na de 2020-2021 que foron producidas por unha proporción distinta do total das persoas participantes. Así, por exemplo, o lema *xantar* aparece no 0,30 % das enquisas na mostra LDGC e no 3,71 % delas na mostra LD2020. Nesta sección presentamos unicamente aquelas diferenzas de frecuencia que resultaron significativas estatisticamente na proba de khi-cadrado.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Este test permite comprobar se a diferenza entre a proporción de persoas que producen unha determinada unidade en cada unha das mostras é significativa. Para realizar a proba foi necesario obter unha matriz para cada un dos lemas rexistrados tanto en 2008-2009 coma en 2020-2021, que incluíse o número de persoas que os produciron na mostra LDGC e na mostra LD2020 e o número de persoas que non o produciron en cada mostra. Nas Táboas 5.6 e 5.7 presentamos dúas listas de unidades para as que a diferenza entre as proporcións de persoas que as producen é significativa, é dicir, aquelas para as cales se obtiveron na proba de khi-cadrado valores de $p<0{,}05$. Ordenamos os resultados que presentamos de menor a maior tendo en conta o valor de p. O resumo dos resultados completos pode consultarse no Apéndice 8.

Polo tanto, de agora en diante, cando indiquemos que, por exemplo, o lema *xantar* experimenta un aumento significativo de frecuencia, estaremos facendo referencia a que a proporción de persoas que inclúen este lema no seu cuestionario no CI *Os alimentos e as bebidas* é diferente nas dúas mostras, que esta diferenza é estatisticamente significativa e que a tendencia é ascendente: son máis as persoas que a produciron na mostra LD2020 (fronte ás que non) ca as que a produciron na mostra LDGC (fronte ás que non). Aínda que realizamos as probas cos valores absolutos, incluímos nas táboas de resultados as porcentaxes para facilitar a interpretación destes.

Neste CI hai 89 lemas cuxa frecuencia experimenta diferenzas significativas, son o 16,95 % (89/525) das unidades presentes nas dúas mostras. Destas 89 unidades, 42 son producidas por unha porcentaxe maior de persoas na mostra LD2020 e 47 son producidas por unha porcentaxe de persoas menor nesta mostra.

Entre as unidades cuxa frecuencia é menor na mostra LD2020 para as que se obtiveron valores significativos na proba de khi-cadrado (Táboa 5.6), atopamos na lista unicamente substantivos e frases substantivas. Varios destes lemas cuxa frecuencia diminúe son nomes de bebidas alcólicas (*whisky*, *vodka*, *viño*, *ron*, *licor café*, *Bacardí**, *licor*). A presenza abundante de lemas relacionados semanticamente co alcol na lista de unidades cuxa frecuencia diminúe significativamente, sumada ó feito de que boa parte das unidades exclusivas da mostra LDGC son nomes de bebidas alcólicas, dan conta da clara menor presenza do léxico relacionado co alcol na mostra LD2020. De feito, pódese observar na táboa que a

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

porcentaxe de persoas que incluíron *whisky* nos cuestionarios é 4,91 veces maior na mostra máis antiga e a porcentaxe das que responderon *vodka* é 3,46 veces maior ca a das persoas que o fixeron en 2020-2021. Para estas dúas unidades hai máis de 14 puntos porcentuais de diferenza entre os valores de porcentaxe de aparición nos cuestionarios das dúas mostras.

Táboa 5.6. Unidades do CI *Os alimentos e as bebidas* cuxa frecuencia diminúe para as que se obtiveron valores de $p<0,05$ na proba de khi-cadrado. *=$p<0,05$ e **=$p<0,01$.

Lema (LD2020)[4]		Frec. LDGC		Frec. LD2020	
	p	abs.	% inform.	abs.	% inform.
whisky	**	68	20,24	20	4,12
vodka	**	67	19,94	28	5,77
bisté	**	52	15,48	20	4,12
viño	**	159	47,32	137	28,25
iogur	**	96	28,57	69	14,23
cola	**	47	13,99	24	4,95
laranxada	**	20	5,95	3	0,62
coello	**	31	9,23	11	2,27
pataca	**	217	64,58	241	49,69
ron	**	60	17,86	40	8,25
ameixa	**	45	13,39	28	5,77
nabo	**	16	4,76	3	0,62
Coca-Cola*	**	62	18,45	46	9,48
ovo	**	88	26,19	76	15,67
licor café	**	20	5,95	6	1,24
limoada	**	33	9,82	17	3,51
chourizo	**	106	31,55	99	20,41
Bacardí*	**	13	3,87	2	0,41
licor	**	30	8,93	16	3,30
Fanta*	**	41	12,20	27	5,57
champaña	**	18	5,36	6	1,24
touciño	**	27	8,04	14	2,89
lagosta	**	16	4,76	5	1,03
carne de porco	**	10	2,98	1	0,21
augardente	**	27	8,04	16	3,30
percebe	**	29	8,63	18	3,71
leite	**	135	40,18	148	30,52
faneca	**	8	2,38	1	0,21
mexillón	*	32	9,52	23	4,74
mosto	*	12	3,57	4	0,82

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

berberecho	*	15	4,46	7	1,44
lagostino	*	28	8,33	20	4,12
tequila	*	10	2,98	3	0,62
zume	*	149	44,35	174	35,88
carne	*	172	51,19	208	42,89
cana	*	13	3,87	6	1,24
centola	*	14	4,17	7	1,44
carne asada	*	8	2,38	2	0,41
sardiña	*	41	12,20	36	7,42
pan	*	125	37,20	144	29,69
nabiza	*	21	6,25	14	2,89
rape	*	19	5,65	12	2,47
filete	*	50	14,88	47	9,69
zamburiña	*	10	2,98	4	0,82
anís	*	6	1,79	1	0,21
albóndega	*	23	6,85	17	3,51
canelóns	*	13	3,87	7	1,44

Tamén diminúe a frecuencia dalgúns lemas que dan nome a produtos cárnicos (*coello*, *touciño*, *carne*, *carne asada*, *chourizo*) e a peixes e mariscos (*faneca*, *percebe*, *berberecho*, *sardiña*, *centola*). Son máis as voces de alimentos de orixe animal cuxa frecuencia diminúe que as que aumentan, se só temos en conta as diferenzas significativas. Ademais, é menor a frecuencia dalgúns nomes de refrescos (*cola*, *laranxada*, *limoada*, *Coca-Cola**), aínda que entre as unidades que incrementan a súa frecuencia está o nome non específico *refresco*, e dalgúns produtos lácteos (*leite*, *iogur*). Aparecen tamén con menos frecuencia as voces *ovo*, *pan* e *canelóns* e algúns nomes de produtos vexetais fundamentais na alimentación no modelo alimentario galego do século XX (*pataca* —cuxa frecuencia diminúe a pesar de que segue sendo a segunda unidade máis frecuente e dispoñible do CI—, *nabo* e *nabiza*) (Castro 2010a, Leis Trabazo et al. 2019).

Entre as unidades cuxa frecuencia aumenta significativamente (Táboa 5.7), igual ca nas listas de unidades novas deste CI, hai lemas que non designan alimentos nin bebidas. Aparecen na táboa nomes de utensilios (*vaso*, *prato*, *coitelo*, *culler*), lugares relacionados coa comida (*restaurante*,

[4]Na táboa incluímos o lema de 2020 xunto coa posición que ocupa este, ou o lema que interpretamos como equivalente, en 2008-2009 e en 2020-2021. As equivalencias preséntanse no Apéndice 3.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

cociña), verbos (*beber*, *comer*, *cociñar*, *xantar*[5]), adxectivos (*doce* nalgúns contextos, *amargo*), nomes das comidas do día (*xantar* —só nalgunhas ocorrencias—, *cea*, *almorzo*) e nomes de alimentos e elaboracións.

Táboa 5.7. Unidades do CI *Os alimentos e as bebidas* cuxa frecuencia aumenta para as que se obtiveron valores de $p<0{,}05$ na proba de khi-cadrado. *=$p<0{,}05$ e **=$p<0{,}01$.

Lema (LD2020)		Frec. LDGC		Frec. LD2020	
	p	abs.	% inform.	abs.	% inform.
beber	**	5	1,49 %	48	9,90 %
bebida enerxética	**	2	0,60 %	37	7,63 %
vaso	**	2	0,60 %	37	7,63 %
cocido	**	24	7,14 %	89	18,35 %
amorodo	**	9	2,68 %	51	10,52 %
prato	**	4	1,19 %	37	7,63 %
restaurante	**	1	0,30 %	26	5,36 %
comer	**	8	2,38 %	44	9,07 %
hamburguesa	**	27	8,04 %	80	16,49 %
coitelo	**	3	0,89 %	27	5,57 %
ensalada	**	23	6,85 %	69	14,23 %
cabaza	**	6	1,79 %	33	6,80 %
azucre	**	25	7,44 %	72	14,85 %
brócoli	**	12	3,57 %	45	9,28 %
xantar	**	1	0,30 %	18	3,71 %
salsa	**	5	1,49 %	26	5,36 %
doce	*	10	2,98 %	36	7,42 %
cea	*	2	0,60 %	17	3,51 %
berenxena	*	4	1,19 %	22	4,54 %
culler	*	4	1,19 %	22	4,54 %
dourada	*	4	1,19 %	22	4,54 %
mandarina	*	16	4,76 %	47	9,69 %
froita	*	51	15,18 %	108	22,27 %
tenreira	*	28	8,33 %	68	14,02 %
cabaciña	*	4	1,19 %	21	4,33 %
paella	*	10	2,98 %	34	7,01 %
graxa	*	2	0,60 %	16	3,30 %
amargo	*	1	0,30 %	13	2,68 %

[5]A unidade *xantar* pode funcionar como verbo ou como nome, mais observamos que 12 das 18 ocorrencias que se recollen na mostra LD2020 neste CI aparecen contiguas a outro verbo nas enquisas, polo que consideramos que o significado do verbo está presente na maioría dos contextos en que é rexistrada a unidade.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

arando	*	1	0,30 %	13	2,68 %
cociña	*	1	0,30 %	13	2,68 %
refresco	*	86	25,60 %	162	33,40 %
cociñar	*	3	0,89 %	18	3,71 %
sal	*	21	6,25 %	54	11,13 %
uva	*	16	4,76 %	44	9,07 %
sandía	*	21	6,25 %	53	10,93 %
améndoa	*	8	2,38 %	28	5,77 %
melón	*	19	5,65 %	49	10,10 %
almorzo	*	2	0,60 %	14	2,89 %
aguacate	*	6	1,79 %	23	4,74 %
garavanzo	*	35	10,42 %	76	15,67 %
caqui	*	1	0,30 %	11	2,27 %
bocadillo	*	13	3,87 %	36	7,42 %

Entre os nomes de alimentos da lista de lemas significativamente máis frecuentes hai principalmente produtos de orixe vexetal: verduras (*cabaza*, *brócoli*, *berenxena*, *cabaciña*, *aguacate*[6]), froitas (*amorodo*, *mandarina*, *arando*, *uva*, *sandía*, *melón*, *caqui*), un legume (*garavanzo*) e un froito seco (*améndoa*). Outras voces que fan referencia a alimentos e bebidas cuxa frecuencia aumenta son tipos de bebidas (*bebida enerxética*, *refresco*), condimentos (*sal*, *salsa*, *azucre*) e unidades que designan carne e peixe (*tenreira* e *dourada*). A frecuencia dalgúns lemas que dan nome a preparacións tamén aumenta de maneira significativa (*cocido*, *hamburguesa*, *paella*, *bocadillo*, *ensalada*).

5.1.3.2. Cambios na posición

Para contrastar as diferenzas que afectan á dispoñibilidade dos lemas recollidos, comparamos as posicións que ocupan os lemas coincidentes nas listas procesadas das dúas mostras. Como a dispoñibilidade depende en gran medida da frecuencia, é esperable que no contraste destes dous aspectos obteñamos resultados semellantes ós que xa presentamos, mais consideramos que proporcionar as diferenzas relativas á posición achega unha perspectiva complementaria á da análise da frecuencia. Unha vez máis, cómpre ter en conta o tamaño das mostras, xa que estar na posición

[6] Incluímos *aguacate* entre as verduras e non entre as froitas pensando nos modos habituais de consumilo no contexto estudado e non na clasificación botánica.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

700 dunha lista con 736 lemas ou dunha de 1.140 non ten o mesmo valor. Por este motivo, ante a dificultade de decidir que diferenzas de posición comentar, a análise que presentamos céntrase, por unha parte, nos cambios que afectan ás unidades presentes entre as 15 máis dispoñibles en 2008-2009 e en 2020-2021 e, por outra parte, nas maiores diferenzas absolutas de posición que afectan ás 200 unidades con máis dispoñibilidade de cada unha das mostras.

Se prestamos atención ás diferenzas entre os lemas máis dispoñibles, na Táboa 5.8 obsérvase que coinciden 12 unidades das 15 que ocupan as primeiras posicións en cada mostra. As dúas unidades máis dispoñibles en ambas as mostras son *auga* e *pataca*. Tamén coincide a posición que ocupan *zume* e *leituga*. Os lemas *laranxa*, *tomate* e *carne* non ocupan a mesma posición, pero hai menos de tres lugares de diferenza entre os postos en que se sitúan. A diferenza é maior entre outras unidades das coincidentes: soben máis postos *mazá* (da posición 8 á 3) e *refresco* (da 12 á 6). Entre as que baixan posicións, *viño* pasa do posto 4 ó 12, *leite* do 6 ó 11 e *pan* do 9 ó 15.

Por último, en canto ós lemas que só están entre os 15 máis dispoñibles nunha das dúas mostras, nalgúns casos non hai diferenzas de posición especialmente acusadas: *queixo* pasa de situarse no posto 14 en 2008-2009 a rexistrarse no 19 en 2020-2021, *polo* pasa do 15 ó 16, *arroz* do 19 ó 10 e *plátano* do 18 ó 13. Porén, no caso de *chourizo* e de *macarróns* a diferenza é maior. O lema *chourizo* ocupa a posición 13 na mostra LDGC e a 32 na mostra LD2020, o lema *macarróns* sitúase na posición 14 na mostra LD2020 e estaba no posto 35 na outra mostra.

Con respecto ás maiores diferenzas de posición que afectan ós lemas que estaban entre os 200 máis dispoñibles, centrámonos nos maiores descensos de posicións dos lemas de 2008-2009 (presentamos 15 a modo de exemplo) e nos maiores ascensos dos lemas máis dispoñibles de 2020-2021.

O nome de peixe *faneca* é o lema que máis postos baixa na mostra LD2020 respecto dos datos previos (Táboa 5.9). Pasa da posición 198 á posición 1.023. Esta é a diferenza máis grande de toda a mostra, incluso se consideramos as unidades de postos baixos. Tamén hai diferenzas de posición destacables noutros nomes de peixes e mariscos (*zamburiña*, *cigala*, *rape*). Ademais, na lista hai tres lemas que fan referencia a produtos cárnicos —dous relacionados co porco— (*carne de porco*, *friame* e o castelanismo *cerdo*) e nomes de bebidas non alcólicas (*mosto*, *Kas**,

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Táboa 5.8. Lemas máis dispoñibles das mostras LDGC e LD2020 no CI *Os alimentos e as bebidas*.

(a) Lemas máis dispoñibles LDGC

Pos.	Lema	I. disp.	% inform.	Frec. abs.
1	auga	0,67	84,82	285
2	pataca	0,42	64,58	217
3	carne	0,37	51,19	172
4	viño	0,32	47,32	159
5	zume	0,30	44,35	149
6	leite	0,25	40,18	135
7	leituga	0,24	41,96	141
8	mazá	0,24	41,07	138
9	pan	0,22	37,20	125
10	laranxa	0,20	34,82	117
11	tomate	0,20	34,52	116
12	refresco	0,19	25,60	86
13	chourizo	0,18	31,55	106
14	queixo	0,17	30,95	104
15	polo	0,17	30,95	104

(b) Lemas máis dispoñibles LD2020

Pos.	Lema	I. disp.	% inform.	Frec. abs.
1	auga	0,69	86,80	421
2	pataca	0,31	49,69	241
3	mazá	0,29	45,57	221
4	carne	0,29	42,89	208
5	zume	0,24	35,88	174
6	refresco	0,24	33,40	162
7	leituga	0,23	38,97	189
8	tomate	0,22	37,32	181
9	laranxa	0,20	34,02	165
10	arroz	0,20	31,34	152
11	leite	0,18	30,52	148
12	viño	0,18	28,25	137
13	plátano	0,17	28,04	136
14	macarróns	0,15	22,27	108
15	pan	0,15	29,69	144

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

*Pepsi**, *tónica*, *limoada*). Todos os lemas da táboa son nomes de alimentos ou de bebidas, a diferenza do que sucede coas unidades que pasan a ocupar posicións máis altas (Táboa 5.10).

Táboa 5.9. Maiores descensos de posición para as unidades máis dispoñibles da mostra LDGC no CI *Os alimentos e as bebidas*.

Lema 2020	Pos. 2008	Pos. 2020	Diferenza
faneca	198	1.023	825
carne de porco	134	846	712
mosto	160	445	285
zamburiña	161	395	234
cana	138	359	221
champaña	106	318	212
cigala	200	407	207
calimocho	192	348	156
Kas*	119	247	128
friame	174	301	127
rape	116	233	117
Pepsi*	154	265	111
tónica	184	283	99
limoada	49	147	98
cerdo	162	256	94

Se consideramos as maiores diferenzas absolutas sen ter en conta a posición das unidades afectadas, as unidades que máis postos baixan son *faneca* (que xa mencionamos), *lingua* (baixa do posto 314 ó 1.129), *asente* (do 208 ó 1.006), *anís* (do 234 ó 1.005) e *carne de porco* (pasa da posición 134 á 846).

Entre as 200 primeiras voces de 2020-2021 que soben de posición respecto de 2008-2009, a diferenza do observado entre as que máis postos baixan, hai moitos lemas que non designan alimentos. Como se observa na Táboa 5.10, entre as unidades listadas hai nomes de utensilios (*vaso*, *restaurante*, *tenedor*, *prato*, *coitelo*, *garfo*), de tipos de nutrientes (*graxa, proteína*) e das comidas do día (*cea*, *almorzo* e *xantar*, este último na maioría dos contextos parece funcionar como verbo). Así mesmo, tamén soben de posición o adxectivo *amargo* e o nome de lugar relacionado coa comida *restaurante*. Os únicos lemas da lista que dan nome a un alimento ou a unha bebida son *berenxena*, *dourada* e *bebida enerxética*.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Táboa 5.10. Maiores subidas de posición para as unidades máis dispoñibles da mostra LD2020 no CI *Os alimentos e as bebidas*.

Lema 2020	Pos. 2008	Pos. 2020	Diferenza
vaso	621	75	546
restaurante	644	113	531
xantar	514	117	397
bebida enerxética	392	72	320
tenedor	500	194	306
amargo	489	185	304
prato	370	70	300
cea	387	139	248
dourada	375	135	240
graxa	382	151	231
almorzo	374	152	222
coitelo	318	99	219
garfo	385	172	213
berenxena	328	119	209
proteína	344	165	179

Se só temos en conta a diferenza absoluta de posicións, as unidades que máis postos soben son as xa comentadas *vaso* e *restaurante* e mais os lemas *polbo á feira* (pasa da 672 á 203), *ollomol* (da 700 á 260) e *peituga de polo* (da 618 á 200).

5.2. Os obxectos colocados na mesa para a comida

No CI *Os obxectos colocados na mesa para a comida* recolléronse 326 lemas na mostra LDGC e 404 lemas na mostra LD2020. Deses lemas, 210 son compartidos entre ambas. Os lemas rexistrados nas dúas mostras supoñen o 64,42 % do total de respostas diferentes da mostra LDGC e o 51,98 % das da mostra LD2020 (Táboa 5.11). O 35,58 % (116) dos lemas da mostra LDGC só se rexistraron en 2008-2009 e a porcentaxe de lemas non coincidentes na mostra LD2020 é 48,02 % (194). Con todo, igual que sucede no CI *Os alimentos e as bebidas*, o peso que teñen estas voces é reducido se temos en conta a súa frecuencia sobre o total de respostas. En 2008-2009, o 96,22 % (4.454) das 4.629 respostas rexistradas correspóndese con lemas recollidos tamén en 2020-2021. Os 116 lemas

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

que desaparecen son só o 3,78 % das respostas totais (175). O mesmo sucede coas innovacións: das 6.614 respostas recollidas en 2020-2021, o 95,16 % (6.294) son unidades que xa estaban presentes na mostra anterior e unicamente son innovacións respecto dos datos de 2008-2009 320 respostas, o 4,84 % delas.

Táboa 5.11. Lemas coincidentes e diferentes do CI *Os obxectos colocados na mesa para a comida* nas mostras LDGC e LD2020 e número de respostas asociadas a estes lemas.

	Lemas			Respostas		
	Coinciden	Non coinciden	Total	Coinciden	Non coinciden	Total
LDGC	64,42 % (210)	35,58 % (116)	326	96,22 % (4.454)	3,78 % (175)	4.629
LD2020	51,98 % (210)	48,02 % (194)	404	95,16 % (6.294)	4,84 % (320)	6.614

5.2.1. Desaparicións

Con respecto ás unidades das que dicimos que desaparecen, no CI *Os obxectos colocados na mesa para a comida* a maioría destes lemas foron producidos por unha única persoa (igual ca nos datos do CI que presentamos anteriormente) e só o 25 % dos lemas non coincidentes foi recollido nos cuestionarios de máis dun informante (Táboa 5.12). Destas unidades, ningunha ten un índice de dispoñibilidade maior ca 0,02 e ningunha está presente entre os lemas que suman o 80 % de frecuencia acumulada. En canto ás posicións que ocupan nas listas, só 6 destes 116 lemas están entre as 100 unidades máis dispoñibles do CI e 41 sitúanse entre os primeiros 200 postos (o 35,34 % dos lemas que desaparecen). Como este é un CI cun alto grao de cohesión e cunha produtividade baixa, entran nas 100 primeiras posicións voces con índices de dispoñibilidade inferiores a 0,01 e pouco frecuentes (producidas por menos do 2 % de informantes). Isto non sucede noutros CI, como por exemplo *Os alimentos e as bebidas* e *A roupa*, nos que as voces que están nos 100 primeiros postos teñen valores de frecuencia e de dispoñibilidade superiores.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Táboa 5.12. Lemas únicos do CI *Os obxectos colocados na mesa para a comida* na mostra LDGC segundo distintos niveis de corte.

Criterio	Lemas únicos LDGC
Producidos por máis dun inform.	25 % (29)
Dispoñibilidade >0,02	0 % (0)
Presente nos 100 máis dispo.	5,17 % (6)
Presente nos 200 máis dispo.	35,34 % (41)
Presente entre o 80 % frec. acum.	0 % (0)

Das unidades que desaparecen (Táboa 5.13), a máis frecuente e dispoñible é *pratiño*, que foi producida por 13 persoas e ocupa a posición 56. Todos os lemas presentados na táboa son nomes de obxectos e varios gardan relación coa sobremesa, tanto cos doces coma co momento posterior á comida (*pratiño*, *taza do café*, *taciña*, *culleriña de postre*). Algúns dos lemas que desaparecen, igual ca no CI *Os alimentos e as bebidas*, teñen que ver con bebidas alcólicas (*vaso de chupito*, *cunca de viño*) e hai dous lemas que teñen que ver cos escarvadentes (*escarvadentes*, *palilleiro*). Como hipótese, pode partirse de que quizais a situación de pandemia, que trouxo consigo un maior illamento, puido provocar que situacións de socialización coma as sobremesas estivesen menos presentes na mente dos falantes de 2020-2021 como recurso para recuperar as palabras ó cubrir a enquisa, mais cumpriría contrastar estes resultados con datos máis recentes. Porén, só 8 das 116 respostas exclusivas de 2008-2009 foron producidas por máis dun 1 % de informantes, polo que as posibles interpretacións dos resultados deben facerse con cautela e as xeneralizacións que podemos extraer a partir destes datos son necesariamente limitadas. Tamén están entre as unidades desaparecidas máis dispoñibles *portavelas*, *machete*, *vaso de tubo* e *aliñador*.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Táboa 5.13. 15 lemas máis dispoñibles do CI *Os obxectos colocados na mesa para a comida* recollidos na mostra LDGC que non se recolleron na mostra LD2020.

Pos.	Lema	I. disp.	Frec. abs.	Frec. rel.	% inform.	Frec. abs. acum.
56	pratiño	0,01900	13	0,00281	3,87	3.987
86	taza do café	0,00843	5	0,00108	1,49	4.225
89	baixoprato	0,00777	4	0,00086	1,19	4.239
91	taciña	0,00740	4	0,00086	1,19	4.248
93	aliñador	0,00731	5	0,00108	1,49	4.258
100	vaso de chupito	0,00665	4	0,00086	1,19	4.285
102	palilleiro	0,00648	5	0,00108	1,49	4.293
105	perola	0,00619	3	0,00065	0,89	4.302
107	vaso de tubo	0,00602	4	0,00086	1,19	4.309
123	machete	0,00470	2	0,00043	0,60	4.358
131	portavelas	0,00432	3	0,00065	0,89	4.382
147	culleriña de postre	0,00353	2	0,00043	0,60	4.420
148	escarvadentes	0,00353	2	0,00043	0,60	4.422
149	cuberto de postre	0,00351	2	0,00043	0,60	4.424
150	cunca de viño	0,00351	2	0,00043	0,60	4.426

En posicións máis baixas, atopamos outras unidades non recollidas na mostra LD2020 que designan elementos que poden estar presentes nunha comida. Entre estes lemas identificamos máis voces relacionadas co alcol (*lata de cervexa*, *vaso para coñac*, *vaso de whisky*, *bebida alcólica*, *botella de cervexa*), elementos da vaixela (*poncheira*, *prato do marisco*), nomes de alimentos, condimentos e envases que os conteñen (*baguette*, *galleta*, *bote de salsa*, *Tetra Brik**), léxico relacionado con bebidas non alcólicas (*lata de Coca-Cola**, *bote de zume*) e nomes de utensilios (*tenaces*, *coitelo xamoneiro*). Ademais, hai tamén lemas desaparecidos que nomean elementos para distraerse presentes na mesa (*periódico*, *revista*), que fan referencia á comida como evento social (*comida familiar*), que designan profesións (*camareiro*) e que gardan relación coa decoración e co aspecto estético da comida ou da mesa (*boa presentación*, *incenso*). A maioría dos elementos que desaparecen son substantivos, pero hai exemplos nas listas de verbos (*mastigar*, *nutrirse*) e de adxectivos (*fresco*, *rico*). Todos os lemas que acabamos de mencionar foron producidos por poucos informantes e son léxico de ámbitos semánticos que tamén están presentes na mostra LD2020, aínda que non se recollesen exactamente os mesmos elementos como representantes destas categorías.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

5.2.2. Innovacións

Como se expuxo anteriormente, no CI *Os obxectos colocados na mesa para a comida* hai 194 lemas rexistrados na mostra LD2020 que non foron recollidos na mostra LDGC. A maioría destas voces novas teñen unha baixa frecuencia: dos 194 lemas novos, 152 foron producidos por un informante (Táboa 5.14) e só 42 (o 21,65 %) foron producidos por máis dun. Con respecto á dispoñibilidade das innovacións, o índice de dispoñibilidade de 191 lemas dos 194 non chega a 0,01 e ningún ten un índice maior ca 0,02. Ademais, ningunha destas palabras novas está entre as que suman o 80 % da frecuencia acumulada e só cinco aparecen entre os 100 lemas máis dispoñibles, pero hai 37 (19,07 %) que están na lista das 200 primeiras palabras con maior índice de dispoñibilidade. Como comentamos, pola natureza do CI *Os obxectos colocados na mesa para a comida*, hai unidades entre as 100 primeiras palabras con índices de frecuencia e dispoñibilidade máis baixos ca noutros CI máis produtivos e menos cohesionados.

Táboa 5.14. Lemas únicos do CI *Os obxectos colocados na mesa para a comida* na mostra LD2020 segundo distintos niveis de corte.

Criterio	Lemas únicos LD2020
Producidos por máis dun inform.	21,65 % (42)
Dispoñibilidade >0,02	0 % (0)
Presente nos 100 máis dispo.	2,58 % (5)
Presente nos 200 máis dispo.	19,07 % (37)
Presente entre o 80 % frec. acum.	0 % (0)

A unidade nova que ocupa a posición máis alta é *garrafa*, que está no posto 56 e foi producida por 14 persoas (Táboa 5.15). Esta unidade xa fora recollida nos datos do *Léxico dispoñible do galego* (López Meirama & Álvarez de la Granja 2014), rexistráronse neste proxecto 13 ocorrencias en toda Galicia (o 1,63 % dos informantes incluíuna nos seus cuestionarios), mais ningunha delas se produciu na provincia da Coruña. Na mostra LD2020 a palabra foi producida polo 2,89 % dos participantes. Aínda que *garrafa* é o lema novo máis dispoñible, *salsa* é o máis frecuente e o segundo máis dispoñible dos lemas novos e foi producido por 16 informantes (3,30 % da mostra). A unidade *salsa* tamén foi rexistrada na

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

mostra LDG completa, mais só foi producida por catro informantes (o 0,5 % da mostra).

Así mesmo, entre as 15 unidades novas máis dispoñibles aparecen outros substantivos que fan referencia a elementos que poden ser comúns nas mesas (*pano da man*, *mando da tele(visión)*, *sobremantel*, *cuenco*, *batedor*, *froita*, *especia*), dous deles son nomes relacionados coa iluminación (*candea* e *candil*) e rexístrase tamén o lema ambiguo *sobremesa*, que polo contexto das enquisas non sabemos se fai referencia ós alimentos doces que se toman despois de comer ou ó momento posterior á comida. Recóllense tamén os nomes de materiais *metal* e *prata* (en postos máis baixos das listas aparecen outros coma *ferro*, *ouro* e *cerámica*). O único verbo que está entre os 15 lemas non coincidentes máis dispoñibles neste CI é *colocar.*

Táboa 5.15. 15 lemas máis dispoñibles do CI *Os obxectos colocados na mesa para a comida* recollidos na mostra LD2020 que non se recolleron na mostra LDCG.

Pos.	Lema	I. disp.	Frec. abs.	Frec. rel.	% inform.	Frec. abs. acum.
56	garrafa	0,01629	14	0,00212	2,89	5.551
63	salsa	0,01360	16	0,00242	3,30	5.668
68	candea	0,01167	9	0,00136	1,86	5.733
85	cuenco	0,00899	10	0,00151	2,06	5.926
96	froita	0,00636	9	0,00136	1,86	6.026
102	especia	0,00570	9	0,00136	1,86	6.071
107	colocar	0,00532	6	0,00091	1,24	6.102
110	sobremantel	0,00523	5	0,00076	1,03	6.120
111	prata	0,00514	5	0,00076	1,03	6.125
118	candil	0,00396	2	0,00030	0,41	6.154
121	metal	0,00372	4	0,00060	0,82	6.171
122	sobremesa	0,00366	4	0,00060	0,82	6.175
127	mando da tele(visión)	0,00345	5	0,00076	1,03	6.194
129	pano da man	0,00343	2	0,00030	0,41	6.199
131	batedor	0,00333	4	0,00060	0,82	6.208

En posicións máis baixas da lista de lemas novos aparecen verbos e frases verbais (*agarrar*, *atragoarse*, *encher*, *colocar*, *bendicir a mesa*, *sentar*, *repartir*), adxectivos (*asqueroso*, *antigo*, *feo*, *educado*), nomes de distintos prebes e especias (*alioli*, *bote de maionesa*, *bote de mostaza*, *mostaza*), nomes xenéricos (*colocación*) e outros lemas que fan referencia a distintos elementos que poden estar na mesa (*queixeira*, *sacarina*, *pinzas para a ensalada*, *medicamento*). Posiblemente algúns deles, como é o caso

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

de *(teléfono) móbil*, designen obxectos máis frecuentes nas mesas de 2020-2021 do que o eran para os informantes de doce anos antes.

Un dos padróns que consideramos de interese destacar, ó ter en conta globalmente todas as unidades novas, é a aparición de distintos lemas relacionados coa decoración e con aspectos estéticos nesta mostra (*combinación*, *candea*, *bonito*, *estética*, *herdanza*, *minimalista*, *sofisticado*, *ramo*, *xerriña con flores*, *xarrón con flores*, *ramo*) e tamén coa educación na mesa (*educado, maleducado*). Quizais a aparición de nomes de materiais entre os 15 lemas novos máis dispoñibles (*metal*, *prata*) e en posicións máis baixas das listas (*ouro*, *cerámica*, *mimbre*, *ferro*) garde relación co feito de que algúns informantes tiveron presentes aspectos estéticos ó cubrir os cuestionarios deste CI. Tamén son máis frecuentes ca na mostra anterior os nomes que teñen que ver con envases (*envase*, *bote de aceite*, *bote de vinagre*, *bolsa de patacas*, *bote de Cola Cao**, *bote de maionesa*, *bote de mostaza*, *bote de maínzo*, *bolsa de leituga*).

Igual ca nos datos da mostra LDGC, neste CI obsérvase moita variación nos nomes que se dan ós obxectos que serven para protexer a mesa dos recipientes con comida quente. É posible que algunhas destas unidades sexan voces creadas *ad hoc* durante a proba ou teñan un alcance limitado na lingua en uso, mais, como indican López Meirama & Álvarez de la Granja (2014: 35), dan conta dos mecanismos que poden empregar os informantes para verbalizar un concepto concreto. Entre os nomes recollidos só en 2020-20201, que pode interpretarse que dan nome a estes obxectos, atópanse *repousador*, *sobremantel*, *repousamanteis*, *protector da calor*, *repousaquentes*, *parrilla para a pota*, *obxecto para a calor*, *apoiador*, *salvamesas*, *pousabandexas* e *suxeitador para non queimar o mantel*. Tamén observamos neste CI outras denominacións ou creacións, para as que ás veces non é sinxelo recuperar o referente con total seguridade, como *portapotas*, *bebedoira*, *forco*, *portavasos*, *recobrevasos* e *tridente*.

5.2.3. Frecuencia e posición

Nesta sección presentamos as principais diferenzas que observamos entre as unidades coincidentes nas mostra LDGC e LD2020 no CI *Os alimentos e as bebidas*. Prestamos especial atención ós cambios na frecuencia (entendemos frecuencia como o número de persoas que producen un lema concreto respecto do total de informantes de cada mostra) e na posición que experimentan as unidades presentes en 2008-2009 e 2020-2021.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

5.2.3.1. Cambios na frecuencia

No CI *Os obxectos colocados na mesa para a comida* hai 32 unidades rexistradas nas dúas mostras para as que existen diferenzas significativas na proporción de persoas que as producen en ambas. Isto quere dicir que o 9,82 % dos 326 lemas de 2008-2009 e o 7,92 % dos 404 recollidos na mostra de 2020-2021 teñen unha frecuencia distinta e que a diferenza é significativa estatisticamente. Son o 15,24 % dos lemas presentes en ambas as mostras. Destas voces, 16 teñen unha tendencia ascendente e outras 16 seguen a tendencia contraria. Na Táboa 5.16 presentamos aquelas producidas por unha menor porcentaxe de informantes na mostra de 2020-2021 ca na anterior.

Táboa 5.16. Unidades do CI *Os obxectos colocados na mesa para a comida* cuxa frecuencia diminúe para as que se obtiveron valores de $p<0{,}05$ na proba de khi-cadrado. *=$p<0{,}05$ e **=$p<0{,}01$.

Lema		Frec. LDGC		Frec. LD2020	
	p	abs.	% de inform.	abs.	% de inform.
ensaladeira	**	48	14,29	20	4,12
prato sopeiro	**	37	11,01	12	2,47
pocillo	**	30	8,93	11	2,27
sopeira	**	28	8,33	11	2,27
vinagreira	**	14	4,17	2	0,41
servilleteiro	**	43	12,80	27	5,57
prato de postre	**	31	9,23	17	3,51
salseira	**	23	6,85	10	2,06
tazón	**	23	6,85	11	2,27
espumadeira	**	40	11,90	29	5,98
culleriña	**	79	23,51	76	15,67
aceiteira	**	15	4,46	6	1,24
palillo	*	29	8,63	20	4,12
xerra de viño	*	9	2,68	2	0,41
fonte	*	147	43,75	175	36,08
copa de viño	*	10	2,98	4	0,82

Na lista inclúense diferentes nomes de obxectos desde os que servir ou consumir as comidas e bebidas (*ensaladeira*, *prato sopeiro*, *pocillo*, *sopeira*, *prato de postre*, *tazón*, *fonte*), utensilios (*espumadeira*, *culleriña*), recipientes para aliñar os alimentos (*vinagreira*, *salseira*, *aceiteira*) e outros elementos que poden estar presentes na mesa (*servilleteiro*).

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Cando contrastamos a lista de unidades cuxa frecuencia diminúe significativamente coa lista de lemas que desaparecen deste mesmo CI, atopamos algúns paralelismos. Igual ca na lista das unidades que desaparecen, hai nomes relacionados co alcol cuxa frecuencia diminúe significativamente (*copa de viño*, *xerra de viño*) —entre as unidades léxicas máis dispoñibles exclusivas da mostra LDGC estaban *vaso de chupito* e *cunca de viño*—. O léxico relacionado con este ámbito semántico tamén é menos frecuente nas enquisas da mostra LD2020, respecto das de 2008-2009, no CI *Os alimentos e as bebidas*.

No CI *Os obxectos colocados na mesa para a comida* tamén desaparece a unidade relacionada co aliñado *aliñador* (é a quinta máis dispoñible das que desaparecen) e no CI *Os alimentos e as bebidas* desaparece *aliñar*. Así mesmo, entre as palabras que presentamos na Táboa 5.16 hai varias unidades que dan nome a elementos coa función de aderezar alimentos. Por último, queremos destacar que entre as voces que desaparecen no CI están *palilleiro* e *escarvadentes* e na Táboa 5.16 observamos como diminúe a frecuencia de aparición de *palillo*.

En canto ás unidades cuxa frecuencia aumenta significativamente (Táboa 5.17), aparecen na lista principalmente utensilios e recipientes para cociñar e comer (*bol*, *espátula*, *prato fondo*, *cazo*, *sartén*), algúns deles en formas non específicas (*recipiente*, *cuberto*, *vaixela*). Tamén están nesta lista algúns nomes de alimentos e bebidas (*auga*, *azucre* e *postre*) e os nomes dos obxectos para limparse *pano de mesa*, *papel* e *pano*. O único nome de moble que experimenta un aumento significativo na proporción de persoas que o producen é *cadeira*.

Nalgúns dos casos presentados nas táboas, o aumento da frecuencia dun lema prodúcese en paralelo coa diminución da frecuencia doutro e podemos interpretalos como variantes en distribución complementaria (cómpre recordar que cada lema pode agrupar varias variantes nas nosas mostras). Así, por exemplo, a frecuencia de *prato fondo* aumenta e a de *prato sopeiro* diminúe. Noutros casos prodúcese un fenómeno semellante, pero que non afecta a lemas que comparten referente, senón a nomes de obxectos cos cales pode realizarse unha mesma función. Por exemplo, o lema *espátula* (cuxa frecuencia aumenta) e o lema *espumadeira* (cuxa frecuencia diminúe) designan obxectos que poden empregarse para servir a comida no contexto deste CI.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Táboa 5.17. Unidades do CI *Os obxectos colocados na mesa para a comida* cuxa frecuencia aumenta para as que se obtiveron valores de $p<0{,}05$ na proba de khi-cadrado. *=$p<0{,}05$ e **=$p<0{,}01$.

Lema		Frec. LDGC		Frec. LD2020	
	p	abs.	% de inform.	abs.	% de inform.
comida	**	20	5,95	77	15,88
pano de mesa	**	1	0,30	21	4,33
bol	**	9	2,68	40	8,25
azucre	**	2	0,60	21	4,33
espátula	**	3	0,89	23	4,74
cadeira	**	1	0,30	17	3,51
vaixela	**	13	3,87	45	9,28
prato fondo	**	71	21,13	144	29,69
auga	**	18	5,36	52	10,72
cazo	*	9	2,68	33	6,80
sartén	*	14	4,17	43	8,87
papel	*	2	0,60	16	3,30
postre	*	2	0,60	16	3,30
recipiente	*	2	0,60	15	3,09
cuberto	*	12	3,57	35	7,22
pano	*	26	7,74	60	12,37

5.2.3.2. Cambios na posición

Nesta sección, igual ca na que adicamos ós cambios de posición no CI *Os alimentos e as bebidas*, presentamos as principais diferenzas de posición que sofren as unidades máis dispoñibles das dúas mostras. Con todo. neste CI exporemos os maiores cambios de posición que experimentan os lemas das 100 primeiras posicións das mostras analizadas. Tomamos esta decisión, que aplicaremos tamén ó CI *A cociña e os seus utensilios*, debido á distinta produtividade e cohesión dos CI que seleccionamos. No CI *Os alimentos e as bebidas* todas as unidades que están entre as 200 máis dispoñibles foron producidas por cinco ou máis informantes, porén, no CI *Os obxectos colocados na mesa para a comida*, nestas posicións, hai lemas con frecuencia 1 e en *A cociña e os seus utensilios* hai lemas cuxa frecuencia é 2. Deste xeito, consideramos que nestes CI menos produtivos é máis coherente presentar as diferenzas maiores de posición entre unidades que ocupaban postos máis altos.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Entre as 15 unidades máis dispoñibles, no CI que nos ocupa, as cinco primeiras están situadas exactamente na mesma posición nas dúas mostras (Táboa 5.18). Das outras, *tenedor* baixa un posto, *mantel* sobe un, *garfo* e *xerra* conservan as posicións 7 e 8 e *prato chan* mantense na 14. Tamén baixan un posto *fonte*, *copa* e *pota*. Neste CI hai unha coincidencia total entre as 15 unidades que ocupan as primeiras posicións das listas de dispoñibilidade, cambian as posicións dalgunha delas, mais na maioría dos casos non hai máis dun posto de diferenza. As maiores diferenzas experiméntanas *botella*, que pasa da posición 13 á 15, e *prato fondo*, que sobe da 15 á 10.

Dos descensos de posición que se producen neste CI e que afectan ós 100 lemas máis dispoñibles da mostra LDGC, presentamos as diferenzas máis destacables na Táboa 5.19. As unidades que máis posicións baixan son *tenedor para carne* e *tenedor de pescado*, que pasan de estar entre as 100 primeiras unidades (nos postos 78 e 80, respectivamente) a ocupar as posicións 263 e 214. Na táboa obsérvanse coincidencias entre as unidades que cambian de frecuencia e as que máis mudan de posición, como era esperable debido á dependencia da dispoñibilidade respecto da posición. Así, algunhas das unidades que descenden máis postos aparecían tamén na lista daquelas cuxa frecuencia diminúe significativamente: son *vinagreira*, *tazón*, *aceiteira*, *xerra de viño* e *copa de viño*. Entre as unidades que máis postos baixan hai outro lema que fai referencia ó viño: *botella de viño*. En canto á unidade *pocillo do café*, presente na lista, o valor de p obtido na proba de khi-cadrado para esta unidade é maior ca 0,05, mais este valor si é significativo para a unidade *pocillo*, como comentamos anteriormente. Outro lema dos que experimentan as maiores baixadas de posición, que ten que ver con recipientes para beber, é *copa de auga*. Así mesmo, os lemas *paleta*, *cubremantel*, *segundo prato*, *centro (de mesa)* e *sopeira* baixan de posición nas listas.

As unidades que máis postos descenden en termos absolutos son *copa de champaña* (que pasa da posición 130 á 373), *embude* (da 141 á 338), *tenedor para carne* (xa mencionado), *cazolo* (da 144 á 315) e *palla* (da 182 á 340). Para interpretar estes valores, convén recordar que a lista completa de lemas para este estímulo temático en 2008-2009 contén 326 unidades e a lista de 2020-2021 contén 404.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Táboa 5.18. Lemas máis dispoñibles das mostras LDGC e LD2020 no CI *Os obxectos colocados na mesa para a comida.*

(a) Lemas máis dispoñibles LDGC

Pos.	Lema	I. disp.	% inform.	Frec. abs.
1	coitelo	0,86	97,92	329
2	culler	0,80	94,64	318
3	vaso	0,75	94,35	317
4	prato	0,65	76,79	258
5	servilleta	0,54	76,79	258
6	tenedor	0,50	55,95	188
7	mantel	0,45	67,56	227
8	garfo	0,40	44,64	150
9	xerra	0,26	42,56	143
10	fonte	0,26	43,75	147
11	copa	0,24	36,31	122
12	pota	0,19	31,55	106
13	botella	0,17	27,98	94
14	prato chan	0,16	22,02	74
15	prato fondo	0,16	21,13	71

(b) Lemas máis dispoñibles LD2020

Pos.	Lema	I. disp.	% inform.	Frec. abs.
1	coitelo	0,78	96,08	466
2	culler	0,76	97,32	472
3	vaso	0,68	93,81	455
4	prato	0,63	77,11	374
5	servilleta	0,47	74,23	360
6	mantel	0,46	71,96	349
7	tenedor	0,44	53,81	261
8	garfo	0,37	43,30	210
9	xerra	0,22	38,56	187
10	prato fondo	0,19	29,69	144
11	fonte	0,19	36,08	175
12	copa	0,18	33,40	162
13	pota	0,18	35,46	172
14	prato chan	0,13	20,00	97
15	botella	0,11	22,68	110

Táboa 5.19. Maiores descensos de posición para as unidades máis dispoñibles da mostra LDGC no CI *Os obxectos colocados na mesa para a comida.*

Lema 2020	Pos. 2008	Pos. 2020	Diferenza
tenedor para carne	78	263	185
tenedor de pescado	80	214	134
vinagreira	57	191	134
copa de auga	69	193	124
paleta	84	196	112
pocillo do café	83	176	93
copa de viño	58	149	91
xerra de viño	70	159	89
cubremantel	82	163	81
segundo prato	97	169	72
centro (de mesa)	81	140	59
tazón	38	89	51
sopeira	32	80	48
aceiteira	59	106	47
botella de viño	53	98	45

Con respecto ás palabras que máis posicións soben, igualmente, hai unidades coincidentes con aquelas cuxa frecuencia aumenta significativamente. Entre as voces presentadas na Táboa 5.20 aparecen os lemas mencionados na sección 5.2.3.1 *pano de mesa*, *cadeira*, *papel*, *postre*, *recipiente*, *azucre*, *espátula* e outras relacionadas. Por exemplo, *cuberto* experimenta un aumento significativo de frecuencia e *cubertería* sobe 43 postos. Tamén están en posicións máis altas os verbos *comer* e *recoller*, a frase verbal *poñer a mesa* e os nomes de obxectos *cazarola*, *fonte de comida*, *cunco* e *pano de papel*. Hai varias unidades relacionadas semanticamente coa limpeza dos comensais tanto entre as que máis soben de posición coma entre as que aumentan de frecuencia. Porén, a frecuencia do lema *servilleteiro* diminúe significativamente.

As unidades que máis postos soben sen ter en conta a posición incial son *cadeira*, *pano de mesa*, *entrante* (da 303 á 130), *culler de servir* (da 310 á 145), *poñer a mesa* e *maionesa* (da 254 á 100). Só presentamos as posicións das que non están incluídas na Táboa 5.20.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Táboa 5.20. Maiores subidas de posición para as unidades máis dispoñibles da mostra LDGC no CI *Os obxectos colocados na mesa para a comida.*

Lema 2020	Pos. 2008	Pos. 2020	diferenza
cadeira	260	46	214
pano de mesa	216	35	181
poñer a mesa	228	72	156
comer	211	81	130
cunco	213	91	122
postre	191	78	113
pano de papel	205	99	106
azucre	146	59	87
papel	135	51	84
recipiente	152	71	81
recoller	167	95	72
espátula	103	49	54
cazarola	126	79	47
cubertería	117	70	47
fonte de comida	125	82	43

5.3. A cociña e os seus utensilios

No CI *A cociña e os seus utensilios*, igual ca nos dous CI anteriores relacionados coa alimentación, algúns dos lemas rexistrados aparecen unicamente nas enquisas dunha das mostras. Están presentes en ambas 325 dos lemas recollidos nas listas deste CI (Táboa 5.21). Estes lemas supoñen o 67,43 % dos totais da mostra LDGC e o 56,23 % dos rexistrados na mostra LD2020. Se temos en conta o número total de respostas, o 96,11 % das da mostra LDGC correspóndense con lemas que tamén están presentes na mostra LD2020, nos datos de 2020-2021 este valor é o 94,72 %. A continuación, seguindo o modelo que aplicamos ós CI anteriores, presentamos as principais diferenzas que se observan neste campo asociativo.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Táboa 5.21. Lemas coincidentes e diferentes do CI *A cociña e os seus utensilios* nas mostras LDGC e LD2020 e número de respostas asociadas a estes lemas.

	Lemas			Respostas		
	Coinciden	Non coinciden	Total	Coinciden	Non coinciden	Total
LDGC	67,43 % (325)	32,57 % (157)	482	96,11 % (5.163)	3,89 % (209)	5.372
LD2020	56,23 % (325)	43,77 % (253)	578	94,72 % (7.765)	5,28 % (433)	8.198

5.3.1. Desaparicións

Entre os lemas rexistrados na mostra LDGC a partir do estímulo *A cociña e os seus utensilios* hai 157 que non se recolleron nos cuestionarios de 2020-2021. Estes lemas constitúen o 32,57 % dos lemas recollidos neste CI na mostra e, se contamos o número de ocorrencias, supoñen o 3,89 % das respostas totais. Como mostran os valores da Táboa 5.22, a maioría destas unidades foron producidas, igual ca nos CI *Os alimentos e as bebidas* e *Os obxectos colocados na mesa para a comida*, por un único informante e só o 22,93 % destas aparece nos cuestionarios de máis dunha persoa. Tal e como observamos nos outros dous campos asociativos relacionados coa alimentación, ningún destes lemas ten un índice de dispoñibilidade superior a 0,02 e ningún está presente entre as unidades que suman o 80 % de frecuencia acumulada. Neste CI só hai unha unidade das que desaparecen presente entre as 100 palabras máis dispoñibles e son oito as que están entre as 200 primeiras.

Táboa 5.22. Lemas únicos do CI *A cociña e os seus utensilios* na mostra LDGC segundo distintos niveis de corte.

Criterio	Lemas únicos LDGC
Producidos por máis dun inform.	22,93 % (36)
Dispoñibilidade >0,02	0 % (0)
Presente nos 100 máis dispo.	0,64 % (1)
Presente nos 200 máis dispo.	5,10 % (8)
Presente entre o 80 % frec. acum.	0 % (0)

En canto ás unidades desaparecidas máis dispoñibles, que presentamos na Táboa 5.23, só dúas foron producidas por máis do 1 % dos participantes. Nestas primeiras posicións hai utensilios (*macheta*, *pa*, *cortafriames*, *tenedor de pau*, *garfo de madeira*, *culler de servir*), o

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

nome de alimento *pan*, o moble *mesa de comer*, produtos de limpeza (*fregasuelos* e *lixivia*), a peza de vaixela *fonte para a comida* e os nomes *extintor*, *electricidade*, *mampara* e *cambota*. *Cambota* fai referencia á peza inferior da cheminea que se sitúa enriba do lume e pola que sae o fume e tamén ó bordo desta que serve como estante, *macheta* fai referencia a unha machada pequena. Estas dúas unidades que desaparecen parecen propias dunha cociña rural tradicional[7]. En canto á unidade léxica *mampara*, é difícil identificar inequivocamente o referente deste lema, pero consideramos que o máis probable é que o alumnado quixese facer referencia á campá extractora da cociña. Consideramos esta hipótese tanto pola similitude fónica coa forma do castelán *campana* coma polo feito de que ningunha das persoas que incluíu esta unidade nos seus cuestionarios proporcionou ningún outro nome para este electrodoméstico. Tamén chama a atención que o lema *fonte para a comida* estea entre os máis dispoñibles dos que desaparecen neste CI, xa que no CI *Os obxectos colocados na mesa para a comida* o lema semellante *fonte de comida* está entre as unidades que máis postos soben nas listas de dispoñibilidade.

Táboa 5.23. 15 lemas máis dispoñibles do CI *A cociña e os seus utensilios* recollidos na mostra LDGC que non se recolleron na mostra LD2020.

Pos.	Lema	I. disp.	Frec. abs.	Frec. rel	% inform.	Frec. abs. acum.
100	macheta	0,01589	7	0,00130	2,08	4.412
140	mampara	0,00981	5	0,00093	1,49	4.728
169	pan	0,00652	3	0,00056	0,89	4.877
174	pa	0,00637	3	0,00056	0,89	4.894
186	electricidade	0,00543	3	0,00056	0,89	4.940
192	cortafriames	0,00488	3	0,00056	0,89	4.961
193	mesa de comer	0,00487	2	0,00037	0,60	4.963
199	tenedor de pau	0,00461	3	0,00056	0,89	4.982
205	fregasuelos	0,00439	2	0,00037	0,60	4.999
208	cambota	0,00429	3	0,00056	0,89	5.009
216	garfo de madeira	0,00401	3	0,00056	0,89	5.031
219	extintor	0,00384	2	0,00037	0,60	5.037
223	lixivia	0,00368	2	0,00037	0,60	5.047
224	fonte para a comida	0,00364	3	0,00056	0,89	5.050
226	culler de servir	0,00358	2	0,00037	0,60	5.054

Con respecto ás unidades desaparecidas rexistradas en postos máis baixos das listas, queremos destacar a presenza de voces relacionadas co

[7]Segundo o contexto en que se recolle o lema nas enquisas é posible que *macheta* faga referencia a unha machada de cociña para algúns informantes.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

gas e con cociñas que empregan lume (*gas butano*, *chave do gas*, *fogueira*, *forno de pedra*, *trespés*, *tiro*). Algunhas das unidades desaparecidas tamén son nomes que se pode considerar que fan referencia a elementos da cociña tradicional como é o caso de *artesa*. Así mesmo, desaparecen algunhas voces diferenciais que designan utensilios rexistrados con outro nome máis próximo á forma do castelán en 2020-2021. Por exemplo, o lema *freganzo*, non se recolle na mostra LD2020, pero si que se rexistra *estropallo*, que era xa máis frecuente ca *freganzo* en 2008-2009. Do mesmo xeito, desaparece o lema *tacho*, que só fora producido por unha persoa na mostra LDGC. Esta unidade pode facer referencia a unha fonte para servir comida ou a un asento, mais o contexto do cuestionario no que se recolle leva a pensar que fai referencia a unha fonte.

Entre os lemas que desaparecen son frecuentes as unidades léxicas relacionadas coa limpeza (*cubo da roupa sucia*, *limpasolos*, *Mistol**, *lixivia*, *guante de goma*) e hai unidades que fan referencia a pasar o ferro (*mesa de pranchar*, *pranchar*). Tamén hai exemplos de obxectos decorativos (*xarrón*, *espello*) e de mobles, utensilios e recipientes empregados para cociñar (*arcón*, *moble da cociña*, *xamoneiro*, *cazola de barro*). Os nomes dalgúns pequenos electrodomésticos non se recollen en 2020-2021 (*Minipimer**).

Cómpre recordar que hai abundantes exemplos de lemas relacionados cos ámbitos que acabamos de mencionar na mostra LD2020 (*cociña de ferro*, *cociña de butano*, *pote*, *chineiro*, *Fairy**, *lavadora*, *pranchar*, *estante*, *tesoiras*, *tostadora*), mais hai algúns que unicamente se recollen na de 2008-2009. Nalgúns casos, a presenza de unidades non coincidentes ten que ver coa aparición de creacións *ad hoc* ou doutras variantes non maioritarias que dan nome a obxectos que tamén están en 2020-2021, mais con outra designación distinta (*quitafume*, *campá da cociña*, *cousa do pan*, *máquina de punto de neve*). Así, *paneira* está presente nas dúas mostras, pero a denominación *cousa do pan* é exclusiva da mostra LDGC.

5.3.2. Innovacións

O número de lemas do CI *A cociña e os seus utensilios* presentes só na mostra LD2020 é 253. Estas unidades constitúen o 43,77 % dos lemas rexistrados neste campo asociativo en 2020-2021 e supoñen o 5,28 % das respostas totais, se temos en conta a súa frecuencia de aparición. Destas unidades léxicas, o 28,06 % ten unha frecuencia absoluta superior a 1, o

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

resto delas foron producidas por un único informante. Só un dos lemas da lista (*robot (de cociña)*) presenta un índice de dispoñibilidade superior a 0,02 e esta unidade tamén está situada entre as 100 máis dispoñibles e aparece entre as que suman o 80 % de frecuencia acumulada (Táboa 5.24).

Táboa 5.24. Lemas únicos do CI *A cociña e os seus utensilios* na mostra LD2020 segundo distintos niveis de corte.

Criterio	Lemas únicos LD2020
Producidos por máis dun inform.	28,06 % (71)
Dispoñibilidade >0,02	0,40 % (1)
Presente nos 100 máis dispo.	0,40 % (1)
Presente nos 200 máis dispo.	4,74 % (12)
Presente entre o 80 % frec. acum	0,40 % (1)

As 15 palabras máis dispoñibles das que chamamos novas preséntanse na Táboa 5.25. A que ten o índice de dispoñibilidade máis alto é *robot (de cociña)*, que ocupa a posición 67 das listas e que é tamén o lema máis frecuente dos rexistrados exclusivamente na mostra LD2020: producírono 24 persoas, case o 5 % da mostra. En segunda posición aparece o lema *funil*, que é máis frecuente e máis dispoñible en 2020-2021 que o lema co que comparte referente *embude*. Este último está presente nas dúas mostras. Na lista atopamos tamén o nome *illa*, que fai referencia a unha superficie de traballo da cociña que non está en contacto coa parede. Na cuarta posición da lista de voces novas está *varillas*, que non podemos saber se fai referencia a un batedor manual ou ás partes dun batedor automático que se empregan especialmente en repostería. Tamén aparecen nomes de alimentos (*xamón* e *fariña*), o nome de condimento *salsa* e a voz xenérica *ingredientes*.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Táboa 5.25. 15 lemas máis dispoñibles do CI *A cociña e os seus utensilios* recollidos na mostra LD2020 que non se recolleron na mostra LDGC.

Pos.	Lema	I. disp.	Frec. abs	Frec. rel.	% inform.	Frec. abs. acum.
67	robot (de cociña)	0,03245	24	0,00293	4,95	5.979
131	funil	0,00979	9	0,00110	1,86	7.136
140	illa	0,00903	9	0,00110	1,86	7.213
143	varillas	0,00866	10	0,00122	2,06	7.240
151	pano de mesa	0,00784	6	0,00073	1,24	7.304
160	papel de aluminio	0,00681	7	0,00085	1,44	7.363
169	xamón	0,00642	7	0,00085	1,44	7.426
171	indución	0,00630	5	0,00061	1,03	7.438
189	almacén	0,00522	5	0,00061	1,03	7.533
191	ingrediente	0,00505	4	0,00049	0,82	7.542
194	ferver	0,00486	6	0,00073	1,24	7.561
200	termo	0,00459	6	0,00073	1,24	7.590
201	salsa	0,00456	4	0,00049	0,82	7.594
203	brasa	0,00436	4	0,00049	0,82	7.604
205	fariña	0,00433	6	0,00073	1,24	7.614

En canto ós lemas relacionados con cociñar os alimentos, atopamos na lista *indución*, *brasa* e o verbo *ferver*. A unidade *papel de aluminio*, que é máis frecuente que a denominación *papel Albal** (o outro nome que existe nos datos de 2020-2021 para denominar o mesmo referente) rexístrase entre as unidades novas máis dispoñibles, así como tamén están na lista as voces *pano de mesa*, *almacén* e *termo*.

Ademais destas 15 unidades, destacan os lemas novos que nomean utensilios, algúns deles con funcións moi especializadas (*untador*, *termómetro*, *temporizador*, *centrifugadora de leituga*, *molde para os cubitos de xeo*, *tamizador do tomate*, *pedra de afiar*, *cortagalletas*, *soprete*), e outros aparellos e electrodomésticos (*fritideira de aire*, *iogureira*, *arroceira*, *máquina de café*, *panificadora*, *pota intelixente*) que non necesariamente gardan relación coa preparación dos alimentos (*deshumidificador*). En 2020-2021 tamén se rexistran nomes de obxectos habituais na cociña (*móbil*, *radio*, *bolígrafo*). Aínda que hai unidades novas que fan referencia a cociñar con lume (*forno de leña*), destaca na mostra LD2020 a aparición de varios lemas relacionados coas cociñas que empregan a electricidade (*indución*, *cociña de vitrocerámica*, *placa*, *cociña de indución*, *fogón eléctrico*).

Queremos destacar tamén a aparición de léxico novo relacionado coa panadería e a repostería (*levedar*, *repostería*, *molde de biscoito*), que,

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

xunto coa aparición de voces como *varillas* e *fariña* entre as unidades innovadoras máis dispoñibles, parecen indicar que o alumnado galego enquisado tiña máis presente este ámbito semántico ó cubrir as enquisas en 2020-2021 ca en 2008-2009. Porén, hai unidades do léxico da repostería compartidas entre as mostras (*manga pasteleira*, por exemplo) e outras exclusivas da mostra LDGC (*molde de tartas*).

Así mesmo, entre as innovacións hai verbos relacionados con distintos pasos que poden seguirse na elaboración dunha receita, que seguramente foi un dos fíos condutores das asociacións que empregaron algúns participantes para cubrir as enquisas (*arrefriar*, *quecer*, *prequentar*, *revolver*, *escaldar*, *afumar*, *selar*, *cortar cebola*, *bater a mestura*, *meter no forno*). Chama tamén a atención que hai alumnado que cando escribe as palabras que lle veñen á mente a partir do estímulo *A cociña e os seus utensilios* parece pensar na cociña como 'práctica de cociñar' ou como o 'lugar no que se desenvolve esta práctica como actividade profesional', máis ca na cociña como espazo doméstico. Atopamos nos cuestionarios voces como *alta cociña*, *profesional*, *empratado*, *axudante de cociñeiro*, *prato innovador* e *camareiro*. Tamén aparece o adxectivo relacionado coa cociña *culinario*. Quizais a popularización de programas de cociña na televisión e de contidos en internet relacionados, destinados á franxa de idade da que forman parte os informantes, garden relación coa maior presenza de léxico especializado da cociña na mostra máis recente.

5.3.3. Frecuencia e posición

En canto ás diferenzas que afectan ás unidades que si se recollen nas dúas mostras, nesta sección presentamos as principais diferenzas que observamos de frecuencia e de dispoñibilidade. Para a frecuencia, preséntanse as unidades para as que se obtiveron valores de $p<0{,}05$ na proba do khi-cadrado ó contrastar as proporcións de persoas que as produciron en 2008-2009 e 2020-2021, para a dispoñibilidade, comentamos as diferenzas de posición que consideramos destacables.

5.3.3.1. Cambios na frecuencia

No CI *A cociña e os seus utensilios* hai 45 unidades que experimentan cambios significativos de frecuencia. Destes lemas, 22 son producidos por unha proporción menor de persoas na mostra LD2020 e 23 son producidos

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

por un grupo proporcionalmente maior de informantes. Se temos en conta que son 325 os lemas comúns entre as mostras de 2008-2009 e 2020-2021, o 13,85 % dos lemas compartidos entre ambas recóllese con frecuencias cuxa diferenza é estatisticamente significativa. Na Táboa 5.26 preséntanse aquelas unidades léxicas para as que a proporción de persoas que as producen é menor na mostra máis recente.

Táboa 5.26. Unidades do CI *A cociña e os seus utensilios* cuxa frecuencia diminúe para as que se obtiveron valores de $p<0{,}05$ na proba de khi-cadrado. *=$p<0{,}05$ e **=$p<0{,}01$.

Lema LD2020		Frec. LDGC		Frec. LD2020	
	p	abs.	% de inform.	abs.	% de inform.
cociña	**	65	19,35	25	5,15
espumadeira	**	97	28,87	74	15,26
lavadora	**	51	15,18	28	5,77
cazola	**	31	9,23	17	3,51
tixola	**	117	34,82	117	24,12
lavalouza	**	58	17,26	51	10,52
bombona	**	16	4,76	7	1,44
quentador	**	11	3,27	3	0,62
vinagreira	**	8	2,38	1	0,21
cociña eléctrica	*	9	2,68	2	0,41
pocillo	*	9	2,68	2	0,41
fritideira	*	50	14,88	45	9,28
cociña de butano	*	7	2,08	1	0,21
tarteira	*	11	3,27	4	0,82
silla	*	62	18,45	62	12,78
espremedor	*	42	12,50	38	7,84
escoba	*	10	2,98	4	0,82
banco	*	6	1,79	1	0,21
paneira	*	18	5,36	12	2,47
fregona	*	15	4,46	9	1,86
cociña de ferro	*	16	4,76	10	2,06
lareira	*	16	4,76	10	2,06

Neste CI diminúe a frecuencia dalgúns nomes de recipientes que serven para cociñar (*cazola*, *tixola*, *tarteira*), de utensilios (*espremedor*, *espumadeira*) e de electrodomésticos (*lavadora*, *lavalouza*, *fritideira* —esta última unidade é ambigua e pode dar nome a un electrodoméstico ou a un recipiente para frixir alimentos—). Outros nomes de elementos

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

presentes na cociña que diminúen de frecuencia son *paneira*, *pocillo* e *vinagreira*; *vinagreira* e *pocillo* están tamén presentes entre as unidades cuxa diminución de frecuencia resultou significativa no CI *Os obxectos colocados na mesa para a comida* e *pocillo do café* e *vinagreira* están entre os lemas que máis baixan de posición dos situados entre os 100 máis dispoñibles na mostra LDGC neste mesmo CI. Na táboa tamén se observa que algúns lemas que fan referencia a utensilios de limpeza (*escoba* e *fregona*) e os nomes de asentos *silla* e *banco* son producidos por unha porcentaxe menor de informantes. Ademais, na lista hai distintos nomes de cociñas (*cociña eléctrica*, *cociña de butano*, *cociña de ferro*), incluído o lema *cociña*. Por último, consideramos de interese sinalar que en 2020-2021 é menor a porcentaxe de persoas que inclúen nas súas enquisas os lemas relacionados co calor *lareira*, *bombona* e *quentador*.

Na Táboa 5.27, na que se presentan as unidades cuxa frecuencia aumenta de xeito significativo, aparecen nomes de utensilios de cociña e de recipientes para cociñar ou consumir os alimentos (*espátula*, *coitelo*, *culler*, *táboa de cortar*, *molde*, *cuberto*, *coador*, *pelador*, *pinzas*, *sartén*, *ola*, *cazo*, *bol*, *prato fondo*), o nome dun tipo de cociña (*vitro(cerámica)*), electrodomésticos (*refrixerador*), mobles (*encimeira*, *armario*) e outros obxectos presentes na cociña (*lámpada*, *papel de cociña*). Así mesmo, aumentan de frecuencia significativamente os verbos *cociñar* e *quentar* e o nome dun tipo de alimento (*froita*). En *Os alimentos e as bebidas* tamén identificamos diversos nomes de froitas entre as unidades que experimentaron un aumento de frecuencia significativo (*amorodo*, *mandarina*, *arando*, *uva*, *sandía*, *melón*, *caqui*). Ademais, igual ca no CI *Os obxectos colocados na mesa para a comida*, en *A cociña e os seus utensilios* hai unidades que dan nome a un mesmo obxecto (ou a obxectos coa mesma función) e que unha delas aumenta de frecuencia e outra (ou outras) son producidas por menos persoas. Obsérvase este fenómeno na distribución de *tixola* e *sartén* e nos nomes de distintas cociñas, cuxa frecuencia diminúe ó mesmo tempo que aumenta a de *vitro(cerámica)*.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Táboa 5.27. Unidades do CI *A cociña e os seus utensilios* cuxa frecuencia aumenta para as que se obtiveron valores de $p<0{,}05$ na proba de khi-cadrado. *=$p<0{,}05$ e **=$p<0{,}01$.

Lema		Frec. LDGC		Frec. LDGC	
	p	abs.	% de inform.	abs.	% de inform.
espátula	**	18	5,36	129	26,60
vitro(cerámica)	**	85	25,30	189	38,97
sartén	**	138	41,07	269	55,46
coitelo	**	176	52,38	318	65,57
refrixerador	**	2	0,60	27	5,57
culler	**	150	44,64	275	56,70
táboa de cortar	**	9	2,68	37	7,63
molde	**	3	0,89	22	4,54
ola	**	27	8,04	69	14,23
bol	*	13	3,87	42	8,66
cuberto	*	7	2,08	29	5,98
encimeira	*	25	7,44	64	13,20
coador	*	16	4,76	47	9,69
lámpada	*	6	1,79	26	5,36
pelador	*	2	0,60	16	3,30
pinzas	*	5	1,49	23	4,74
armario	*	13	3,87	39	8,04
papel de cociña	*	2	0,60	15	3,09
quentar	*	1	0,30	12	2,47
froita	*	3	0,89	17	3,51
cociñar	*	18	5,36	47	9,69
prato fondo	*	6	1,79	23	4,74
cazo	*	59	17,56	114	23,51

5.3.3.2. Cambios na posición

En canto ós cambios de posición observados no CI *A cociña e os seus utensilios*, se contrastamos as 15 primeiras unidades máis dispoñibles rexistradas en 2008-2009 e en 2020-2021, hai 13 que coinciden nestas posicións (Táboa 5.28). Destas 13, os lemas cuxa posición cambia máis son *tixola*, que baixa catro postos; *(forno) micro(ondas)*, que baixa tres; *vitro(cerámica)*, que sobe do posto 15 ó 8; e *garfo*, que pasa do 14 ó 11. Para a maioría das unidades da táboa a diferenza é de menos de tres postos, mais só a unidade máis dispoñible (*pota*) ocupa o mesmo lugar nas dúas listas. Con respecto ás unidades que só están presentes

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

nestas posicións nunha das listas, o lema *lavavaixelas* sitúase no posto 10 na mostra LDGC e no 16 na mostra LD2020, *espumadeira* está na posición 13 nos datos máis antigos e na 23 nos máis recentes e *vaso* ocupa a posición 20 na mostra LDGC e chega á 15 na mostra LD2020. A diferenza máis destacable prodúcese na posición do lema *espátula*, que é a décimo terceira unidade máis dispoñible na mostra L2020 e nos datos previos ocupaba o posto 57.

Para as unidades cuxa localización nas listas descende máis postos (Táboa 5.29), presentamos, igual ca no CI *Os obxectos colocados na mesa para a comida*, os cambios que afectan ós lemas presentes entre os 100 máis dispoñibles da mostra LDGC. Na análise das voces que acadan posicións máis altas na mostra de 2020-2021 tamén nos centramos nas diferenzas que afectan ás 100 unidades desta mostra cunha maior dispoñibilidade. A xustificación desta decisión débese a que, aínda que este CI é máis produtivo ca o analizado na sección anterior, os valores das unidades que se rexistran entre as primeiras posicións son máis próximos ó comportamento dos lemas do CI *Os obxectos colocados na mesa para a comida* ca ós do CI *Os alimentos e as bebidas*.

Os catro lemas que máis postos baixan dos 100 primeiros da mostra de 2008-2009 tamén estaban na lista das palabras para as que se obtiveron valores significativos na proba de khi-cadrado (*cociña eléctrica*, *bombona*, *quentador* e *tarteira*). As tres primeiras descenden máis de 100 postos. Tamén coinciden coas que baixaron de frecuencia *espumadeira*, *cociña de ferro*, *fregona*, *cazola*, *lavadora*, *cociña* e *paneira*. O lema *leña* non experimenta unha diminución de frecuencia significativa, mais si que baixa a frecuencia do lema *lareira* e desaparece neste CI o lema *macheta*; ambos teñen unha relación semántica estreita con *leña*[8]. Entre as palabras que non estaban nos datos presentados previamente para outros indicadores, as unidades que máis baixan de posición respecto dos 100 primeiros postos das listas son *secadora*, *mandil* e *fornelo*.

Se temos en conta todas as voces recollidas, as unidades que máis posicións baixan en termos absolutos son *cubo do lixo* (da posición 185 á 560), *taburete* (da 178 á 552), *banco* (da 136 á 495), *aliño* (da 236 á 567) e *toalla* (da 214 á 491).

[8] O lema *macheta* non garda relación con *leña* en todos os cuestionarios nos que se recolle.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Táboa 5.28. Lemas máis dispoñibles das mostras LDGC e LD2020 no CI *A cociña e os seus utensilios.*

(a) Lemas máis dispoñibles LDGC

Pos.	Lema	I. disp.	% inf.	F. abs.
1	pota	0,58	72,62	244
2	forno	0,42	62,50	210
3	(forno) microondas	0,36	57,44	193
4	coitelo	0,36	52,38	176
5	neveira	0,34	49,70	167
6	culler	0,31	44,64	150
7	sartén	0,30	41,07	138
8	tixola	0,27	34,82	117
9	mesa	0,23	33,93	114
10	lavavaixelas	0,20	32,14	108
11	prato	0,19	32,44	109
12	fregadeiro	0,19	30,06	101
13	espumadeira	0,19	28,87	97
14	garfo	0,18	26,19	88
15	vitro(cerámica)	0,17	25,30	85

(b) Lemas máis dispoñibles LD2020

Pos.	Lema	I. disp.	% inf.	F. abs.
1	pota	0,56	71,34	346
2	coitelo	0,47	65,57	318
3	forno	0,44	65,98	320
4	culler	0,42	56,70	275
5	sartén	0,41	55,46	269
6	(forno) micro(ondas)	0,33	55,05	267
7	neveira	0,28	43,30	210
8	vitro(cerámica)	0,26	38,97	189
9	prato	0,24	34,85	169
10	mesa	0,23	34,02	165
11	garfo	0,22	30,10	146
12	tixola	0,19	24,12	117
13	espátula	0,17	26,60	129
14	fregadeiro	0,16	26,19	127
15	vaso	0,16	26,39	128

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Táboa 5.29. Maiores descensos de posición para as unidades máis dispoñibles da mostra LDGC no CI *A cociña e os seus utensilios*.

Lema 2020	Pos. 2008	Pos. 2020	Diferenza
cociña eléctrica	88	222	134
bombona	55	183	128
quentador	92	216	124
tarteira	77	157	80
leña	73	150	77
secadora	94	155	61
escumadeira	82	137	55
cociña de ferro	64	114	50
fregona	95	144	49
cazola	35	82	47
mandil	66	112	46
lavadora	26	69	43
paneira	74	117	43
cociña	18	58	40
fornelo	58	97	39

As catro unidades que máis posicións soben, das 100 máis dispoñibles na mostra LD2020 (Táboa 5.30), son palabras cuxa frecuencia tamén aumenta significativamente (*refrixerador*, *molde*, *lámpada*, *pinzas*). Outros lemas presentes nas dúas listas son *prato fondo*, *cuberto*, *táboa de cortar*, *espátula*, *bol* e *armario*. Ademais de naqueles lemas que experimentan aumentos de frecuencia significativos, tamén se observan cambios de posición que consideramos destacables nas unidades *relador*, *prato chan*, *teteira* e *especia*.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Táboa 5.30. Maiores subidas de posición para as unidades máis dispoñibles da mostra LDGC no CI *A cociña e os seus utensilios*.

Lema baixa	Pos. 2008	Pos. 2020	Diferenza
refrixerador	218	64	154
molde	202	90	112
lámpada	164	68	96
pinzas	161	83	78
relador	162	84	78
prato fondo	142	77	65
cuberto	110	60	50
táboa de cortar	99	53	46
espátula	57	13	44
prato chan	130	86	44
teteira	141	98	43
cunca	97	59	38
bol	86	50	36
armario	80	47	33
especia	116	88	28

Do total das unidades, os lemas que máis postos soben en termos absolutos neste CI son *cadro* (do 467 ó 232), *salvamanteis* (do 423 ó 192), *cortapizzas* (do 379 ó 152), *remexer* (do 462 ó 241) e *táboa de picar* (do 474 ó 253).

5.4. Resumo dos cambios no léxico dispoñible do galego relacionado coa alimentación e contraste cos CI *A roupa* e *Os xogos e as distraccións*

Nesta sección recompilamos os resultados obtidos no contraste das diferenzas entre os CI relacionados coa alimentación da mostra LDGC e LD2020. Tamén comparamos os cambios observados cos que se producen nos CI non relacionados coa alimentación considerados na análise (*A roupa* e *Os xogos e as distraccións*), para coñecer se hai semellanzas no comportamento dos distintos campos asociativos en canto á estabilidade destes. Como explicamos anteriormente, limitámonos a mostrar as diferenzas observadas, interpretámolas no Capítulo 6.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Os datos presentados sobre o LD dos CI relacionados coa alimentación, desde o punto de vista cuantitativo global, reflicten unha situación de relativa estabilidade. Hai unha parte do total de lemas recollidos que non coincide entre as dúas mostras. As palabras que desaparecen supoñen entre o 28,67 % e o 35,58 % dos lemas nos CI *Os alimentos e as bebidas*, *Os obxectos colocados na mesa para a comida* e *A cociña e os seus utensilios*. Con respecto ós outros dous CI dos que contamos con datos, en *A roupa* a porcentaxe é semellante ás dos outros CI (31,18 %), en *Os xogos e as distraccións* o valor é bastante superior (47,09 %) (Táboa 5.31).

Táboa 5.31. Lemas coincidentes e diferentes nas mostras LDGC e LD2020.

		Coinciden		Non coinciden	
Mostra	CI	lemas	%	lemas	%
LDGC	02	351	68,82 %	159	31,18 %
	05	525	71,33 %	211	28,67 %
	06	210	64,42 %	116	35,58 %
	07	325	67,43 %	157	32,57 %
	15	509	52,91 %	453	47,09 %
LD2020	02	351	44,21 %	443	55,79 %
	05	525	46,05 %	615	53,95 %
	06	210	51,98 %	194	48,02 %
	07	325	56,23 %	253	43,77 %
	15	509	35,77 %	914	64,23 %

Se observamos o que sucede cos lemas novos, a porcentaxe destes sobre o total dos datos de 2008-2009 é maior ca a que supuñan os lemas desaparecidos. O máis probable é que esta diferenza garde relación, cando menos en certa medida, co tamaño maior da mostra LD2020 e coa presenza en 2020-2021 de máis informantes con comportamento atípico, que inclúen nas súas listas moitas voces non producidas por outros participantes. Nos CI relacionados coa alimentación, a porcentaxe de lemas novos é maior no CI máis produtivo (tanto en lemas coma en respostas) e é menor no campo asociativo no que menos lemas e respostas se rexistran. A diferenza entre o peso dos lemas novos sobre os totais no CI *Os alimentos e as bebidas* e o peso destes no CI *Os obxectos colocados na mesa para a comida* é de máis de 10 puntos porcentuais. Igual ca no reconto de lemas desaparecidos, o CI *Os xogos e as distraccións* é aquel

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

no que os lemas novos supoñen a maior porcentaxe: o 64,23 % dos lemas da mostra LD2020 neste campo asociativo só se recolleron en 2020-2021. Este CI é o que ten un maior número de lemas, mais non é especialmente produtivo se temos en conta a media de respostas por informante.

No CI *A roupa*, a porcentaxe de lemas novos tamén supera o 50 %. Porén, neste campo asociativo non se observa a relación entre un maior número de lemas totais e unha maior porcentaxe de lemas novos que identificamos noutros.

Se avaliamos a estabilidade dos campos asociativos, tendo en conta só os lemas, aqueles nos que máis lemas desaparecen respecto do total son, por orde, os CI *Os xogos e as distraccións*, *Os alimentos e as bebidas*, *A roupa*, *A cociña e os seus utensilios* e *Os obxectos colocados na mesa para a comida*. Se os ordenamos segundo a porcentaxe de unidades novas, o primeiro CI é *Os xogos e as distraccións*, seguido de *A roupa*, *Os alimentos e as bebidas*, *Os obxectos colocados na mesa para a comida* e *A cociña e os seus utensilios*. Nos dous casos *Os xogos e as distraccións* parece un ámbito especialmente inestable en canto ós lemas rexistrados, unha característica que seguramente teña que ver coa natureza cambiante das preferencias de ocio do alumnado, que dependen tanto das afeccións populares no momento como da aparición de novos produtos audiovisuais e dos avances e lanzamentos tecnolóxicos recentes.

O CI *Os alimentos e as bebidas* perde poucos lemas sobre o total (é o CI no que menos lemas desaparecen), pero é máis susceptible á incorporación de lemas novos (é o terceiro CI no que máis lemas novos se recollen). Con respecto ós CI *Os obxectos colocados na mesa para a comida* e *A cociña e os seus utensilios*, estes son os únicos campos asociativos da mostra LD2020 cuxa porcentaxe de lemas novos é inferior ó 50 %, mais teñen porcentaxes de unidades desaparecidas maiores ca outros CI; son o segundo e o terceiro CI con máis unidades desaparecidas, respectivamente. O CI *A roupa* é o segundo CI no que máis unidades léxicas novas se incorporan sobre o total de lemas, mais é o penúltimo campo en canto ó número de unidades desaparecidas.

Non obstante, repetimos unha vez máis que, aínda que unha parte importante dos lemas das dúas mostras non coincide, son máis do 90 % as respostas de ambas que se corresponden con lemas presentes tanto na mostra LDGC coma na mostra LD2020, cando menos nos CI relacionados coa alimentación (Táboa 5.32). Os tres CI analizados presentan valores de

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

respostas desaparecidas próximos, todos están entre 3,70 % e 3,89 %. Os valor das respostas exclusivas da mostra LD2020 sobre o total de respotas desta mostra tamén é semellante no CI *A roupa*, mais o comportamento de *Os xogos e as distraccións* destaca unha vez máis.

As respostas non coincidentes neste CI supoñen unha porcentaxe sobre o total moi superior ás dos outros campos asociativos nas dúas mostras. Na mostra de 2008-2009, o 11,57 % das respostas recollidas correspóndense con lemas que non foron recollidos doce anos despois, na mostra máis recente, o 22,18 % das respostas están asociadas a un lema que non se rexistrara anteriormente. A maior inestabilidade do CI *Os xogos e as distraccións* volve destacar respecto dos outros catro CI, aínda que tamén se observan diferenzas entre estes. Por exemplo, mentres que os valores das respostas que se corresponden con unidades desaparecidas son moi semellantes (entre 3,70 % e 3,98 %), nos valores asociados con lemas novos hai máis distancia entre estes. Despois de *Os xogos e as distraccións*, *Os alimentos e as bebidas* e *A roupa* son os centros que máis respostas novas sobre o total rexistran. Os CI con menos respostas novas, que tamén tiñan menos lemas novos, son *Os obxectos colocados na mesa para a comida* e *A cociña e os seus utensilios*.

Táboa 5.32. Respostas que se corresponden con lemas coincidentes e diferentes nas mostras LDGC e LD2020.

		Coinciden		Non coinciden	
Mostra	CI	Respostas	%	Respostas	%
LDGC	02	6.459	96,02 %	268	3,98 %
	05	8.093	96,30 %	311	3,70 %
	06	4.454	96,22 %	175	3,78 %
	07	5.163	96,11 %	209	3,89 %
	15	4.747	88,43 %	621	11,57 %
LD2020	02	8.886	91,28 %	849	8,72 %
	05	11.207	91,12 %	1.092	8,88 %
	06	6.294	95,16 %	320	4,84 %
	07	7.765	94,72 %	433	5,28 %
	15	6.054	77,82 %	1.725	22,18 %

En canto ás unidades non coincidentes propias da mostra LDGC, presentamos na Táboa 5.33 datos cuantitativos sobre a presenza destas nos cinco CI estudados. Pódese observar que a maioría dos lemas novos

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

son voces con frecuencia 1 en todos os campos asociativos, o CI con máis unidades sobre o total producidas por máis dun informante é *Os alimentos e as bebidas* (25,12 %), o CI en que as unidades producidas por unha única persoa supoñen unha maior porcentaxe sobre o total dos lemas novos é *A roupa*. Con todo, os valores de respostas únicas dos cinco CI son próximos. En canto ó seguinte valor de corte representado na táboa, só no CI *A roupa* hai unidades que desaparecen (dúas) cun índice de dispoñibilidade superior a 0,02.

Táboa 5.33. Unidades non coincidentes exclusivas da mostra LDGC nos cinco CI segundo distintos niveis de corte.

	CI 02	CI 05	CI 06	CI 07	CI 15
Producidas por máis dun inform.	18,24 % (29)	25,12 % (53)	25 % (29)	22,93 % (36)	20,97 % (95)
Dispoñibilidade >0,02	1,26 %(2)	0 % (0)	0 % (0)	0 % (0)	0 % (0)
Presente nos 100 máis dispo.	1,89 % (3)	0 % (0)	5,17 % (6)	0,64 % (1)	0 % (0)
Presente nos 200 máis dispo.	9,43 % (15)	0,47 % (1)	35,34 % (41)	5,10 % (8)	1,99 % (9)
Presente entre o 80 % frec. acum.	0,63 % (1)	0 % (0)	0 % (0)	0 % (0)	2,65 % (12)

Os valores que presentamos sobre as palabras non coincidentes rexistradas entre as 100 e 200 primeiras posicións non son de moita utilidade para o contraste entre os CI, debido ó diferente comportamento, desde o punto de vista cuantitativo, de cada un dos campos asociativos. Presentámolas igualmente para seguir o modelo que empregamos nas seccións previas, mais os datos que proporcionamos deben interpretarse para cada CI en particular. Hai exemplos de léxico que desaparece que estaba entre os 100 primeiros postos nos CI *A roupa*, *Os obxectos colocados na mesa para a comida* e *A cociña e os seus utensilios*. As tres unidades presentes entre as 100 máis dispoñibles no CI *A roupa* foron producidas por 26, 18 e 10 informantes; en canto ás seis que están nas 100 primeiras posicións do CI *Os obxectos colocados na mesa para a comida*, unha delas producírona 13 informantes, pero as outras obtiveron frecuencias absolutas de 3 e 4. Por último, no caso do CI *A cociña e os seus utensilios*, a única unidade que desaparece entre as 100 primeiras posicións é *macheta*, que foi producida por 10 persoas en 2008-2009.

Entre os lemas desaparecidos das 200 primeiras posicións, no CI *Os obxectos colocados na mesa para a comida* o 35,34 % dos lemas desaparecidos estaban situados nestes postos. Porén, dos 41 lemas, 19 foron producidos só por dous informantes e 12 por un único; nos outros catro CI non hai ningunha unidade entre as 200 máis dispoñibles con

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

frecuencia 1 e nos CI *A roupa* e *A cociña e os seus utensilios* hai nestes postos un lema con frecuencia 2 en cada un. O resto das unidades rexistradas nestas posicións teñen frecuencias maiores. Os resultados para este indicador non son moi útiles para contrastar os CI polas grandes diferenzas cuantitativas que hai entre os lemas que acadan estes lugares nas listas en cada un deles.

Por último, no referido ás unidades que están entre as máis dispoñibles que suman o 80 % de frecuencia acumulada, só nos CI non relacionados coa alimentación hai dentro deste nivel de corte unidades non coincidentes entre mostras. No CI *A roupa* só unha das unidades desaparecidas está nesta lista, no CI *Os xogos e as distraccións*, que é máis difuso, hai 12 unidades exclusivas da mostra LDGC que pasan o corte.

Na Táboa 5.34 presentamos as cinco unidades máis dispoñibles desaparecidas de cada CI. Pódese observar que a unidade máis frecuente que non ten continuidade na seguinte mostra é *(pantalóns) piratas* no CI *A roupa*. Os cinco primeiros lemas desaparecidos deste CI son nomes de pezas de roupa. Destes lemas, tres estaban entre as 100 primeiras unidades máis dispoñibles na mostra LDGC e dous teñen un índice de dispoñibilidade superior a 0,02. Aínda que xa comentamos que calquera extrapolación dos datos das enquisas á lingua en uso debe facerse con cautela, no caso deste CI parece posible que a desaparición destes nomes das enquisas se deba á aparición doutros para denominar os mesmos referentes ou a cambios nas modas. En 2022 buscamos algunhas destas palabras en tendas de roupa en liña populares entre a franxa de idade que estudamos (tendas cuxo nome foi recollido nas enquisas de dispoñibilidade) e comprobamos que ningunha destas cinco unidades era empregada polas marcas[9]. De feito, a busca *torera* devolvía resultados, mais as pezas de roupa que atopaba o buscador nese momento aparecían con distintos nomes. Unha das marcas empregaba a denominación *manguito*. No caso das saias, *falda* era o nome por defecto que se usaba paras designar as saias curtas nas webs en castelán, fronte a outras denominacións como *falda midi* ou *falda maxi* para saias de distinta lonxitude. Aínda que esta apreciación é anecdótica, consideramos de interese explorar no futuro que relación hai entre o léxico que se rexistra

[9]Consultamos as webs tanto en castelán coma en galego, nas páxinas en que existía a opción.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

nas enquisas e as denominacións cambiantes que empregan as marcas e que usan *influencers* de moda en redes sociais.

Táboa 5.34. Voces desaparecidas máis dispoñibles nos cinco CI estudados.

CI	Lema	Pos.	I. disp.	% inform.
02	(pantalóns) piratas	51	0,038	7,74 % (26)
	minifaldra	65	0,027	5,36 % (18)
	minisaia	91	0,015	2,98 % (10)
	(chaqueta) torera	108	0,012	2,98 % (10)
	zamarra	115	0,010	2,08 % (7)
05	coñac	179	0,014	2,68 % (9)
	seta	203	0,011	2,08 % (7)
	tortellini	216	0,010	1,79 % (6)
	Licor 43*	218	0,009	1,19 % (4)
	100 Pippers*	220	0,009	1,49 % (5)
06	pratiño	56	0,019	3,87 % (13)
	taza do café	86	0,008	1,49 % (5)
	baixoprato	89	0,008	1,19 % (4)
	taciña	91	0,007	1,19 % (4)
	aliñador	93	0,007	1,49 % (5)
07	macheta	100	0,016	2,08 (7)
	mampara	140	0,010	1,49 (5)
	pan	169	0,007	0,89 (3)
	pa	174	0,006	0,89 (3)
	electricidade	186	0,005	0,89 (3)
15	MSN Messenger*	107	0,017	2,98 % (10)
	pillada	135	0,012	1,79 % (6)
	diábolo	154	0,010	2,08 % (7)
	diana	160	0,010	1,49 (5)
	Hotel*	164	0,009	1,79 % (6)

No CI *Os xogos e as distraccións* tamén hai unha unidade cuxa desaparición é facilmente interpretable no seu contexto. O feito de que sete informantes en 2008-2009 incluísen *MSN Messenger** e ninguén o fixera doce anos despois explícase pola desaparición deste popular servizo de mensaxería e chat no ano 2013. Do mesmo xeito, as unidades *Nintendo Switch** (unha videoconsola que saíu á venda en 2017), *Whatsapp* (unha aplicación de mensaxería cuxo uso se xeneralizou en 2012) e *Among Us** (un xogo multixogador en liña de 2018 que se popularizou especialmente durante a pandemia) non puideron ser rexistradas na mostra máis antiga.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

En canto ás unidades *diábolo*, *diana* e *Hotel**, é posible que estas designen xogos e distraccións menos comúns ou menos populares (ou quizais incluso descoñecidas) entre o alumnado do curso 2020-2021. A desaparición do lema *pillada*, que segundo o contexto parecen empregar os participantes como sinónimo de *(pilla) pilla*, seguramente garde relación coa diminución significativa de frecuencia dalgúns xogos tradicionais (*escondite*, *mariola*, *pillar*, *canicas*, *brilé*, *pita cega*) e de deportes grupais (*fútbol*, *baloncesto*, *tenis*, *balonmán*), que se produce en paralelo co aumento significativo da frecuencia de lemas que designan actividades que poden facerse de xeito individual (*móbil*, *videoxogo*, *serie*, *debuxar*) e que non están relacionadas coa actividade física (*(xogo) de mesa*).

En canto ós CI relacionados coa alimentación, a unidade máis frecuente dos tres campos asociativos é *pratiño*, que se rexistra no CI *Os obxectos colocados na mesa para a comida* e que foi producida por 13 informantes. Séguena en frecuencia os lemas *coñac* en *Os alimentos e as bebidas* e as unidades *seta* e *macheta* nos CI *Os alimentos e as bebidas* e *A cociña e os seus utensilios*. Entre as unidades desaparecidas máis dispoñbles do CI *Os alimentos e as bebidas* destacan os nomes de bebidas alcólicas. Como comentamos na sección correspondente a cada un destes CI, a maioría dos lemas que só se recolleron en 2008-2009 nos distintos campos asociativos foron producidos por un número reducido de persoas e quizais o rexistro destes unicamente nunha mostra é parcialmente azaroso. Por este motivo, no seguinte capítulo, na medida do posible, centrámonos na análise de padróns e no comportamento de unidades con certa dispoñibilidade e frecuencia cuxa recollida non parece ser explicable só polo azar.

Con respecto ós valores cos que se rexistran as unidades novas ou exclusivas da mostra máis recente, en case todos os CI a porcentaxe de lemas novos producidos por máis dunha persoa está entre o 28,06 % e o 31,22 % (Táboa 5.35). Só no CI *Os obxectos colocados na mesa para a comida* esta porcentaxe está afastada dos valores obtidos nos outros campos asociativos (21,65 %). En todos os CI menos neste hai unidades novas entre as que obteñen índices de dispoñibilidade superiores a 0,02: son dous lemas no CI *A roupa*, un en *Os alimentos e as bebidas*, un en *A cociña e os seus utensilios* e sete en *Os xogos e as distraccións*.

En catro dos cinco CI hai unidades novas que chegan ás 100 primeiras posicións, en todos excepto en *Os alimentos e as bebidas*. Isto lévanos a

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

pensar que é máis doado que unha unidade nova chegue a ocupar postos relevantes nas listas ca que unidades situadas en posicións altas deixen de recollerse, cando menos na maioría de CI estudados. Nas 200 primeiras posicións hai exemplos de lemas novos en todos os CI. Por último, en canto ás unidades que están entre as que suman o 80 % de frecuencia acumulada, neste nivel de corte hai algún lema novo en todos os CI, agás en *Os obxectos colocados na mesa para a comida*, mais a porcentaxe de lemas que entran neste valor de corte no CI *Os xogos e distraccións* é moi superior e lévanos a volver incidir na natureza cambiante deste campo.

Táboa 5.35. Unidades non coincidentes exclusivas da mostra LDG2020 nos cinco CI segundo distintos niveis de corte.

	CI 02	CI 05	CI 06	CI 07	CI 15
Producidas por máis dun inform	30,93 % (137)	31,22 % (192)	21,65 %(42)	28,06 % (71)	28,45 % (260)
Dispoñibilidade 0,02	0,45 % (2)	0,16 % (1)	0 % (0)	0,40 % (1)	0,77 % (7)
Presente nos 100 máis dispo.	0,90 % (4)	0 % (0)	2,58 % (5)	0,40 % (1)	0,88 % (8)
Presente nos 200 máis dispo.	6,32 % (28)	1,14 % (7)	19,07 % (37)	4,35 % (11)	2,41 % (22)
Presente entre o 80 % frec. acum.	0,67 % (3)	1,14 % (7)	0 % (0)	0,40 % (1)	8,10 % (74)

Igual ca no caso das unidades desaparecidas, na Táboa 5.36 presentamos os cinco lemas máis dispoñibles que só foron recollidos na mostra LD2020. O máis frecuente é *rede social*, que incluíron nos seus cuestionarios 81 dos 485 informantes da mostra LD2020. O segundo lema máis frecuente dos novos, *tableta*, rexístrase no mesmo CI e foi producido por 72 persoas. Todos os lemas novos máis dispoñibles do CI *Os xogos e as distraccións* teñen que ver co ocio relacionado coa tecnoloxía. Isto tamén se observa en postos máis baixos da lista de unidades novas deste CI. Os lemas *aplicación*, *Instagram**, *ver series*, *Netflix**, *Among Us**, *pantalla*, *Twitter**, *League of Legends**, *WhatsApp**, *Minecraft**, *TikTok**, *Nintendo Switch**, *Twitch**, *HBO** e *online* son algúns dos exemplos de lemas novos relacionados coa tecnoloxía máis dispoñibles.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Táboa 5.36. Voces novas máis dispoñibles nos cinco CI estudados.

CI	Lema	Pos.	I. disp.	% inform.
	estampado	89	0,01995	4,12 (20)
	calzado	76	0,025	3,92 (19)
02	cárdigan	87	0,020	3,92 (19)
	sobrecamisa	107	0,014	3,30 (16)
	cortaventos	115	0,012	2,68 (13)
	salgado	108	0,02999	5,15 (25)
	gas	157	0,018	2,27 (11)
05	comida basura	171	0,016	2,68 (13)
	supermercado	175	0,016	2,27 (11)
	saúde	191	0,014	2,47 (12)
	garrafa	56	0,01629	2,89 (14)
	salsa	63	0,014	3,30 (16)
06	candea	68	0,012	1,86 (9)
	cuenco	85	0,009	2,06 (10)
	froita	96	0,006	1,86 (9)
	robot (de cociña)	67	0,03245	4,95 (24)
	funil	131	0,010	1,86 (9)
07	illa	140	0,009	1,86 (9)
	varillas	143	0,009	2,06 (10)
	pano de mesa	151	0,008	1,24 (6)
	rede social	16	0,10671	16,70 (81)
	tableta	18	0,094	14,85 (72)
15	Fortnite*	54	0,033	4,95 (24)
	teléfono móbil	63	0,029	3,92 (19)
	YouTube*	75	0,024	4,33 (21)

No CI *A roupa*, se anteriormente comentamos que non atopamos exemplos dos nomes que desaparecen en páxinas webs de tendas de roupa populares, sucede o contrario cos lemas *cárdigan*, *sobrecamisa* e *cortaventos*, que eran amplamente usados polas marcas para denominar algunhas das pezas de roupa que vendían cando o comprobamos en 2022. A recollida de *estampado* e *calzado* só en 2020-2021 quizais garde relación coa irrupción de lemas novos inespecíficos e co aumento significativo da frecuencia deste tipo de lemas na mostra máis recente.

Nos CI relacionados coa alimentación, en *Os alimentos e as bebidas* consideramos especialmente relevante o feito de que moitas das unidades novas máis dispoñibles non designan alimentos nin bebidas. Parece que, á hora de cubrir os cuestionarios, hai máis informantes de 2020-2021

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

que interpretan a categoría dun xeito máis amplo do que o facían os participantes en 2008-2009.

En canto ós CI *Os obxectos colocados na mesa para a comida* e *A cociña e os utensilios*, quizais a aparición dalgúns dos lemas novos (*robot (de cociña)*, *garrafa*) se deba á unha maior presenza destes nas mesas e cociñas do alumnado galego e quizais o aumento ou diminución dalgunhas destas unidades nas enquisas (a frecuencia de *cociña de butano* diminúe, a de *vitro(cerámica)* aumenta) ou algunhas desaparicións (*macheta*) tamén poidan explicarse polo mesmo motivo.

Aínda que a maioría das respostas son unidades rexistradas en ambas as mostras, a análise das diferenzas de frecuencia mediante a proba de khi-cadrado (entendidas como diferenzas na proporción de persoas que producen unha unidade nas dúas mostras) deixa ver que unha parte das unidades que si teñen continuidade nas mostras non se rexistran en ambas con valores de frecuencia comparables (Táboa 5.37). Os CI en que máis lemas experimentan cambios (de frecuencia e dispoñibilidade) non son os mesmos ca os CI con menos unidades coincidentes entre as mostras. De feito, o CI no que menos unidades cambian de frecuencia significativamente (*Os xogos e as distraccións*) é aquel que mostrou máis inestabilidade desde o punto de vista do total de lemas e respostas coincidentes. Neste campo asociativo hai moitas unidades que aparecen e desaparecen nun período curto, mais aquelas que se manteñen obteñen, en xeral, valores semellantes nos datos que analizamos.

Táboa 5.37. Lemas sobre o total de coincidentes que experimentan cambios de frecuencia en cada CI.

CI	Cambios significativos frec.
02	15,67 % (55)
05	16,95 % (89)
06	15,24 % (32)
07	13,85 % (45)
15	8,84 % (45)

O CI *Os alimentos e as bebidas*, que é aquel no que máis unidades sobre o total das compartidas experimentan cambios significativos de frecuencia, é o campo asociativo con menos porcentaxe de lemas desaparecidos dos cinco estudados e é tamén o segundo con menos porcentaxe de lemas novos. Neste caso, parece que non hai tantas

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

diferenzas nas unidades rexistradas, pero entre os lemas presentes nas dúas mostras hai cambios de frecuencia destacables. Consideramos de interese comentar que, na maioría dos CI, entre os lemas cuxa frecuencia muda significativamente, aproximadamente a metade deles aumenta de frecuencia e a outra metade diminúe. Isto non sucede en *Os xogos e as distraccións*. Neste centro, só o 26,66 % dos lemas cuxa frecuencia cambia significativamente son máis frecuentes; o 73,33 % deles diminúen de frecuencia. Isto parece indicar que, quizais debido ó feito de que se rexistran neste CI nomes relacionados co ocio que dependen de modas, algunhas unidades documentadas poderían aparecer cunha frecuencia inferior en recollidas de datos posteriores en maior medida ca noutros CI.

A modo de resumo, tamén decidimos presentar o número de unidades coincidentes entre as 15 máis dispoñibles dos cinco CI que estudamos (Táboa 5.38). Só no CI *Os obxectos colocados na mesa para a comida* a coincidencia é total, pero en todos os CI hai máis de 10 que están nas primeiras posicións en ambas as mostras. Parece que, cando menos no período breve de tempo que pasa entre as dúas recollidas, a estabilidade das unidades das primeiras posicións mantense en gran medida. O CI *Os xogos e as distraccións* é no que menos unidades coinciden entre os primeiros postos (11 das 15 máis dispoñibles). As diferentes que só estaban nestas posicións iniciais en 2008-2009 son *baloncesto* (baixa do posto 7 ó 24), *petanca* (do 10 ó 23), *mariola* (do 13 ó 25) e *cine(ma)*, que é un dos cambios que máis destaca e pasa de situarse na posición 14 a estar na 60. As que só están entre as 15 primeiras na mostra LD2020 son *móbil*, que ocupaba o posto 104 na mostra LDGC e é a terceira unidade máis dispoñible dos datos máis recentes[10];*(xogo) de mesa*, que sobe do posto 24 ó 8; *música*, pasa do 19 ó 14; e *libro*, que estaba no posto 29 e sobe ata a posición 15. Das que coinciden, chama a atención o descenso de *fútbol*, que era o lema máis dispoñible da mostra LDGC neste CI e baixa en 2020-2021 ata o posto 13.

[10]Os criterios de lematización empregados separan os lemas *móbil*, *teléfono* e *teléfono móbil*. Se consideramos que seguramente teñan o mesmo referente, a suma das frecuencias destas tres unidades é 236, que é superior á do lema máis dispoñible e frecuente deste CI (*parchís*, recollido 225 veces). Os lemas *móbil* e *teléfono* están entre as unidades cuxa frecuencia aumenta significativamente. O lema *teléfono móbil*, que clasificamos como novo aínda que se rexistrara nos datos de 2008-2009 só en dous cuestionarios da mostra completa de toda Galicia, é a cuarta unidade nova máis dispoñible do CI *Os xogos e as distraccións*.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Táboa 5.38. Lemas coincidentes entre os 15 máis dispoñibles nas dúas mostras.

	Lemas coincidentes
CI 02	12/15
CI 05	12/15
CI 06	15/15
CI 07	13/15
CI 15	11/15

En canto ó CI *A roupa*, as unidades *bragas*, *calzón* e *media* están nestes postos iniciais na mostra LDGC, pero non están en postos tan altos na mostra LD2020. O primeiro dos lemas baixa do posto 8 ó 21, o segundo do 14 ó 29 e o terceiro do 15 ó 20. Hai outros indicadores da menor presenza de lemas relacionados coa roupa interior na mostra LD2020. Entre as unidades cuxa frecuencia diminúe significativamente están os lemas *calzoncillos*, *tanga*, *bragas*, *calzón*, *suxeitador*, *faixa*, *media*, *culote*, *gayumbos*, *panty* e *sostén*, mais aumenta significativamente a frecuencia do lema *roupa interior*. A diminución de nomes específicos fronte ó aumento dunha denominación non específica tamén se observa no CI *Os alimentos e as bebidas*, coa menor frecuencia de nomes de refrescos e o aumento do número de persoas que producen o lema *refresco*. As voces que só acadan as 15 posicións máis dispoñibles no CI *A roupa* na mostra LD2020 son *vestido*, *saia* e *bota*, que ocupaban na mostra LDGC os postos 20, 17 e 16 e que soben ás posicións 10, 11 e 14 na mostra máis recente.

No CI *Os alimentos e as bebidas*, en canto ás diferenzas entre os lemas máis dispoñibles, consideramos necesario destacar as baixadas de posición de *viño*, *leite* e *pan* e as subidas de *mazá* e *refresco*. Das que só están nestes postos nunha das mostras, *chourizo* ocupa a posición 13 na mostra LDGC e a 32 na mostra LD2020 e o lema *macarróns* ocupa a posición 14 na mostra LD2020 e estaba no posto 35 na outra mostra. Das diferenzas de posición do CI *A cociña e os seus utensilios*, as unidades que máis postos baixan das 15 máis dispoñibles son *tixola* e *(forno) micro(ondas)* e ás que máis soben son *vitro(cerámica)* e *garfo*.

A análise dos tres CI que tratamos en profundidade e o contraste dos resultados obtidos nestes campos asociativos cos outros sobre os que tiñamos datos contribuíron a esclarecer algunhas das cuestións sobre a estabilidade do léxico dispoñible do galego (no contexto estudado

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

e no período sobre o que temos información) das que parte esta tese. O panorama que observamos dá unha visión estable do LD do galego. A maioría das respostas das dúas mostras correspóndense con lemas coincidentes, a maioría das desaparicións e innovacións son lemas pouco frecuentes e pouco dispoñibles, a maioría de unidades coincidentes obteñen valores de frecuencia semellantes en 2008-2009 e en 2020-2021 e máis de 10 das 15 unidades con maior índice de dispoñibilidade dos cinco CI estudados coinciden entre as mostras.

Porén, non todos os CI parecen igual de propensos a esta estabilidade, aínda que indicar que un CI é máis ou menos susceptible ós cambios depende dos parámetros que escollamos para cuantificalos. *Os xogos e as distraccións*, por exemplo, é o CI no que hai máis diferenzas de lemas entre as mostras e no que máis porcentaxe de respostas se corresponde con lemas non coincidentes; pola contra, *Os alimentos e as bebidas* non experimenta tantas diferenzas entre as unidades que se recollen, pero é o CI con máis lemas coincidentes que experimentan cambios de frecuencia significativos. Como propuxemos anteriormente, seguramente inflúen no grao de cambio ou estabilidade que experimentan cada un dos campos asociativos aspectos relacionados coa realidade que designa cada un, así como con outras características intrínsecas das categorías que funcionan como CI.

No seguinte capítulo propoñemos algunhas explicacións posibles (lingüísticas e socioculturais) que cremos que poden gardar relación cos cambios identificados. Para isto, recuperamos algúns dos padróns que observamos e comentamos para afondar neles. A análise, neste sentido, presta especial atención ó CI *Os alimentos e as bebidas*, que é dos que consideramos máis ricos en información relacionada co contexto alimentario. Os CI *A roupa* e *Os xogos e as distraccións* tamén proporcionan información sociolóxica valiosa e, aínda que unha análise en profundidade dos cambios nestes campos asociativos queda fóra do alcance desta tese, consideramos que será de interese estudalos en traballos futuros.

5.5. Cambios nas asociacións e teoría de grafos

Os resultados que presentamos neste capítulo ata o momento centráronse na exposición das diferenzas entre as dúas mostras en canto ás respostas

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

que se recolleron nelas. Para complementar esta información, nesta sección botamos man de ferramentas da teoría de grafos para coñecer se a situación de estabilidade (con certos cambios) que observamos nos CI alimentarios tamén se observa nas redes que conforma o léxico das dúas mostras e nas relacións máis frecuentes que se establecen entre as unidades rexistradas nestas.

Os grafos están compostos por conxuntos de nodos e arestas que os unen e que marcan relacións entre eles. En relación coa nosa área de interese, as redes son un recurso útil para facer unha análise cualitativa e cuantitativa, xa que permiten ver as relacións que se establecen entre as unidades das enquisas, mais tamén posibilitan a obtención de valores cuantitativos sobre a natureza da rede (Blanco Correa et al. 2020). Na lingüística, son unha ferramenta amplamente utilizada no marco do paradigma conexionista. Desde as ciencias cognitivas empregáronse procedementos semellantes ós das tarefas de asociación empregadas na DL para intentar coñecer mellor como podería estar organizado o lexicón mental, aínda que o emprego de probas experimentais e artificiais con esta finalidade ten limitacións:

> Experiments, then, can give interesting insights into the mental lexicon, but cannot be trusted blindly, since quite misleading conclusions may be drawn from unnatural or badly designed experiments (Aitchison 2012: 56).

Hai numerosos exemplos de traballos de DL que empregan grafos con distintas finalidades (Henríquez Guarín et al. 2016, Hernández Muñoz & Tomé Cornejo 2017, Mahecha Mahecha & Mateus Ferro 2020, Manjón-Cabeza Cruz 2008, 2010, Tomé Cornejo & Recio Diego 2022). Á produción deste tipo de traballos contribuíu a aparición de programas informáticos específicos para estudar o LD con redes coma Dispografo (Echeverria et al. 2008) e, máis recentemente, LexPro, deseñado no grupo de dispoñibilidade da Universidade de Salamanca ó abeiro do proxecto Dispogram, que ofrece máis posibilidades de análise e visualización ca Dispografo. A aparición destas ferramentas gratuítas e accesibles impulsou o emprego dos grafos como ferramentas de análise, unha vía de investigación en auxe na actualidade.

Afondar nos aspectos cognitivos da produción de listas de palabras en galego non está entre os obxectivos desta investigación, o que buscamos co emprego dos grafos é coñecer se hai estabilidade no tipo de redes e

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

nas asociacións máis frecuentes que forma o LD rexistrado en 2008-2009 e en 2020-2021. Para a análise con redes, o tamaño diferente das mostras dificulta especialmente a comparación, polo que tomamos distintas decisións co obxectivo de garantir a fiabilidade do contraste.

De entre os distintos algoritmos e programas dispoñibles para realizar análises de grafos, no noso traballo empregamos LexPro, pola facilidade de uso para o tratamento de datos de LD, e tamén botamos man do programa Gephi para aspectos concretos da visualización da información. Nesta sección presentamos os principais cambios que observamos empregando a análise con grafos. A incorporación desta perspectiva na nosa investigación foi tardía e, debido ás limitacións dun traballo da natureza dunha tese, o espazo que dedicamos a presentar e explorar estes resultados é menor ca o dedicado a outros aspectos da análise. Con todo, cremos que este enfoque é de interese para a investigación en DL e consideramos necesario exploralo en profundidade en futuras investigacións.

En primeiro lugar, para avaliar as características globais dos grafos que forman os datos da mostra LDGC e LD2020, xeramos aleatoriamente tres mostras co mesmo número de informantes ca a de 2008-2009 a partir dos datos de 2020-2021. A estas mostras chamámoslles LD2020.1, LD2020.2 e LD2020.3. Esta re-mostraxe posibilitou a comparación dos valores globais sen perder tanta información da mostra de maior tamaño. Ademais, permitiunos observar que o comportamento destas submostras era moi semellante en canto ós valores obtidos.

En segundo lugar, para a análise das palabras contiguas nas enquisas, decidimos contrastar se había asociacións frecuentes que eran únicas dunha das mostras ou se as parellas de palabras que aparecían con máis frecuencia nas enquisas eran compartidas entre as mostras LDGC e LD2020. Neste caso empregamos grafos con bigramas non dirixidos. Neste tipo de grafos, o programa que os procesa asigna un peso 1 ás unidades adxacentes nunha determinada enquisa. O peso da asociación que presentamos é a suma de todos os estudantes que produciron estas unidades xuntas nas súas enquisas. Queremos precisar que esta análise se realizou sobre datos xa procesados, así que nalgúns casos a aplicación asigna peso 1 a unidades que non estaban contiguas realmente na mostra, senón que posiblemente estaban a unha distancia de unha ou máis palabras, que foron descartadas no proceso de edición. Para intentar

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

minimizar o impacto deste inconveniente, centramos a nosa análise en asociacións producidas por un número de participantes que consideramos suficiente. Nas mostras LD2020.1, LD2020.2 e LD2020.3 coinciden en grande medida as asociacións máis frecuentes e estas coinciden tamén coas máis frecuentes recollidos no total da mostra de 485 informantes LD2020 (Táboa 5.39). Na análise das voces adxacentes contrastamos o peso medio das asociacións nas tres mostras co peso que estas obtiveron nos datos da mostra LDGC.

Táboa 5.39. Número de persoas que produciron as asociacións máis frecuentes da mostra LD2020 en tres mostras aleatorias de 336 informantes xeradas a partir desta.

Lema	LD2020.1	LD2020.2	LD2020.3
auga-refresco	54	57	46
leituga-tomate	56	54	57
mazá-pera	56	49	48
carne-pescado	46	42	43
auga-zume	46	46	49
carne-peixe	38	37	35
cervexa-viño	39	42	36
mazá-plátano	34	34	30
queixo-xamón	35	34	37
laranxa-mazá	29	32	29

Por último, comparamos grafos lineais obtidos aplicando un filtro considerable (peso da aresta >15) nos CI alimentarios para ver as asociacións máis frecuentes e a estrutura das comunidades que compoñen o grafo. Ante a dificultade de comparar os grafos xerados a partir das mostras LD2020.1, LD2020.2 e LD2020.3 cos obtidos da mostra LDGC, nesta comparación teremos en conta os grafos da mostra LD2020.1, que son moi semellantes ós das outras dúas submostras. Finalmente recapitulamos os resultados e comparamos algúns dos valores cos obtidos a partir dos cuestionarios dos CI *A roupa* e *Os xogos e as distraccións*.

5.5.1. Valores globais

Para obter as características xerais dos grafos de 2008-2009 e 2020-2021 empregamos grafos lineais dos que se desbotaron as unidades producidas por unha única persoa. Aplicamos esta operación ás mostras LDGC e

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

LD2020.1, LD2020.2 e LD2020.3 nos CI relacionados coa alimentación. Nestes grafos, na configuración de LexPro, considéranse relacionadas as unidades que están a cinco respostas de distancia ou menos. Os valores que obtivemos para as mostras extraídas aleatoriamente a partir dos datos de 2020-2021 e para a mostra de 2008-2009 son moi semellantes, presentámolos na Táboa 5.40, na que se percibe que non hai diferenzas relevantes entre a estrutura das redes que constitúen as unidades recollidas nas mostras.

Con respecto aos indicadores expostos na táboa, en primeiro lugar presentamos o valor para o grao medio (AD). Nos grafos, o grao é o número de arestas que conectan un determinado nodo, é dicir, o número de nodos veciños que se conectan con este. O grao medio, polo tanto, é a media do grao de todos os nodos do grafo (Diestel 2017). Nos grafos non dirixidos coma os que empregamos, o grao medio obtense dividindo a suma do grao de todos os nodos entre o total de nodos do grafo. Un maior grao medio indica que o grafo é denso, que ten máis conexións, mentres que un grao medio máis baixo indica que o grafo é máis disperso ou está menos conectado. Na táboa móstrase que cada un dos tres CI relacionados coa alimentación obtivo resultados para este indicador moi semellantes en 2008-2009 e nas mostras de 2020-2021 derivadas da mostra LD2020.

Outra das métricas que se emprega na teoría de grafos é a da lonxitude media do camiño (APL). Este indicador mide a media das distancias máis curtas entre os nodos que forman o grafo. Para obtelo tense en conta cal é o camiño máis curto entre cada par de nodos e calcúlase a media destes valores (Chen et al. 2008). As lonxitudes medias de camiño que se corresponden cun valor baixo son propias dos grafos onde os nodos están máis próximos, indican que o grafo está moi conectado e son características das redes de mundo pequeno. A maioría das redes complexas son de mundo pequeno: aínda que o tamaño da rede é grande, o camiño entre calquera dos seus nodos é relativamente curto (Albert & Barabási 2002). Igual ca no caso do grao medio, os resultados que se obteñen nas mostras LD2020.1, LD2020.2 e LD2020.3 en cada CI son moi próximos entre si e tamén son case idénticos ós obtidos na mostra LDGC.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Táboa 5.40. Valores globais para os grafos lineais dos CI alimentarios descartando os lemas producidos por un único informante. AD: grao medio, APL: lonxitude media do camiño, CC: coeficiente de agrupamento, Mod.: modularidade.

CI	Mostra	AD	APL	CC	σ[11]	Diámetro	Mod.
05	LDGC	64,42	1,90	0,60	2,87	3	0,25
	LD2020.1	62,69	1,93	0,56	3,12	3	0,25
	LD2020.2	62,07	1,93	0,56	3,07	3	0,25
	LD2020.3	61,99	1,93	0,56	3,13	3	0,24
06	LDGC	39,19	1,78	0,72	2,08	3	0,17
	LD2020.1	41,80	1,77	0,70	2,00	3	0,15
	LD2020.2	42,02	1,77	0,70	1,96	3	0,14
	LD2020.3	41,11	1,77	0,71	2,00	3	0,16
07	LDGC	50,81	1,84	0,65	2,34	3	0,18
	LD2020.1	53,78	1,82	0,66	2,33	3	0,18
	LD2020.2	54,54	1,83	0,64	2,33	3	0,18
	LD2020.3	53,56	1,82	0,66	2,38	3	0,17

O coeficiente de agrupamento (CC) dun nodo mide o grao no que os seus veciños están conectados entre eles (Barabási 2017). Se aplicamos esta medida ó total do grafo, esta é a media dos coeficientes de agrupamento dos nodos do grafo. O valor que se obtén para esta métrica, que está entre 0 e 1, proporciona información sobre a presenza de grupos de nodos intimamente ligados no grafo. Os valores máis baixos indican un agrupamento máis disperso ou aleatorio. Igual ca nos outros indicadores, os resultados obtidos para o coeficiente de agrupamento tamén son semellantes nos datos de 2008-2009 e nos de 2020-2021 en cada un dos CI contrastados.

Outra das métricas que extrae LexPro, cuxos resultados proporcionamos, é o valor de σ, que está asociado ás redes de mundo pequeno. As redes de mundo pequeno caracterízanse por un coeficiente de agrupamento alto e unha lonxitude de camiño baixa (Albert & Barabási 2002). Nestas, se dous nodos teñen relación con outro, é altamente probable que tamén estean relacionados entre eles. Un coeficiente de σ maior ca 1, que se obtén en todas as mostras para as que extraemos os

[11] Aínda que en estatística se emprega σ para representar a desviación estándar, no contexto da teoría de grafos σ é o coeficiente que indica se unha rede é de mundo pequeno.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

datos, é un indicador que identifica o grafo como unha rede de mundo pequeno (Telesford et al. 2011).

Tamén proporcionamos os valores para o diámetro do grafo, que indica a maior distancia que hai entre dous nodos de todos os que constitúen a rede (Albert & Barabási 2002). Como se observa na táboa, o valor é idéntico nas mostras comparadas.

Por último, incluímos os resultados obtidos para a modularidade (Mod.), que é un indicador que mide a forza da división dunha rede en módulos ou comunidades (Fasino & Tudisco 2014). As redes cunha modularidade alta teñen conexións fortes entre os nodos dentro de cada módulo e menos conexións entre os nodos de comunidades distintas. Baséanse na modularidade os algoritmos de detección de comunidades, que empregan os padróns de conectividade e a estrutura da rede para identificar grupos de nodos que están conectados entre eles máis densamente que cos doutras comunidades. Igual ca no caso dos anteriores valores, os resultados obtidos nas mostras son moi próximos entre eles.

Os valores que se achegan na Taboa 5.40 proporcionan información sobre as características dos grafos que se obteñen a partir dos datos que contrastamos. Distintos indicadores dos proporcionados indican que, tanto nos grafos que se extraeron da mostra LDGC coma nos exportados a partir das submostras, os datos de DL en lingua galega dos informantes da provincia da Coruña conforman redes de mundo pequeno. Consideramos que describir e interpretar en detalle as características topolóxicas destas redes non entra dentro dos obxectivos deste traballo, pero facer énfase nas similitudes que se observan entre os grafos de datos recollidos en distintos períodos temporais contribúe a saber máis sobre a estabilidade e o cambio no léxico dispoñible do galego. As diferenzas entre as redes que se forman en 2008-2009 e en 2020-2021, segundo todos os indicadores cuxos datos incluímos, son mínimas: as redes que conforman os datos da mostra LDGC e das submostras derivadas dos datos de 2020-2021 son formalmente moi semellantes en todos os CI relacionados coa alimentación.

5.5.2. Cambios nas asociacións

Para estudar os cambios nas asociacións que se producen entre os lemas recollidos entre 2008-2009 e 2020-2021 xeramos distintos grafos a partir de bigramas, parellas de palabras que aparecen contiguas nun determinado cuestionario. Neste caso, non aplicamos ningún tipo de filtro ó grafo,

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

xa que nos interesaba unicamente a frecuencia das asociacións. Para a análise, exportamos a matriz de adxacencia que emprega LexPro para realizar o grafo, que contén o número absoluto de veces en que se dá a coocorrencia de dúas unidades, é dicir, o número de informantes que produciron unha asociación determinada, para todas as parellas de lemas rexistrados en contacto.

Realizamos esta operación coa mostra LDGC e coas mostras derivadas dos datos de 2020-2021 LD2020.1, LD2020.2 e LD2020.3. Centrámonos no contraste entre o peso da asociación nos datos da mostra LDGC e o peso da asociación na media das submostras derivadas da mostra LD2020, motivo polo cal, nalgunhas ocasións, o peso da asociación nos datos máis recentes estará expresado en valores con decimais en lugar de en números enteiros.

O grafo do que extraemos os datos é non dirixido, o cal quere dicir que non ten en conta a dirección das asociacións. Polo tanto, cando presentamos os resultados de asociacións como *melón-sandía*, o peso que proporcionamos correspóndese tanto cos contextos en que a orde en que se rexistran é *melón-sandía* como con aqueles en que é *sandía-melón*. Aínda que hai asociacións nas que hai unha dirección maioritaria (nos datos da mostra LD2020, por exemplo, *aceite-vinagre* é máis frecuente ca *vinagre-aceite*), non teremos en conta este aspecto neste traballo e a presentación das asociacións que decidimos empregar é alfabética.

Así mesmo, nesta sección é especialmente importante precisar que os datos cos que traballamos extraéronse das mostras unha vez procesadas e, como eliminamos algunhas unidades no tratamento dos datos (por consideralas unha realización inadecuada da tarefa ou por estaren repetidas nun mesmo cuestionario, por exemplo), algunhas das parellas rexistradas na matriz de adxacencia non se corresponden realmente con respostas contiguas nos cuestionarios. Para solucionar esta limitación, centrámonos principalmente nas asociacións producidas por máis do 2 % de informantes (sete ou máis persoas), xa que consideramos que é unha frecuencia suficiente para garantir que a adxacencia non se debe á aleatoriedade ou ó método de procesamento da información.

5.5.2.1. Os alimentos e as bebidas

Ata o momento, a análise que realizamos nesta tese demostrou unha alta estabilidade do LD en galego, especialmente no referido ós lemas que xa

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

ocupaban posicións destacadas na mostra LDGC. Os resultados obtidos no contraste dos bigramas do CI *Os alimentos e as bebidas* corrobora que a estabilidade non só se produce nas palabras que se recollen, senón que tamén coinciden en gran medida as asociacións máis frecuentes que inclúe nas enquisas o alumnado de ambas as mostras.

A maioría das asociacións producidas por máis do 2 % dos informantes na mostra LDGC tamén se recolleron nos datos de 2020-2021. Só desaparecen as asociacións *bisté-carne*, *espaguetes-pataca*, *café-chocolate* e *cervexa-licor*, que son únicas da mostra de 2008-2009 e foron producidas por sete ou oito informantes. En canto ós datos do curso 2020-2021, as únicas asociacións novas rexistradas nos cuestionarios de máis dun 2 % de persoas participantes son *doce-salgado*, *ensalada-tomate* e *cocido-garavanzo*, que obteñen un peso de 13,33, 7 e 7, respectivamente na media das submostras. Algúns dos lemas presentes nestas asociacións, como é esperable, correspóndense con unidades das que comentamos diferenzas de frecuencia na sección 5.1. Entre outros exemplos, a frecuencia do lema *doce* aumenta e este lema está presente na asociación nova máis frecuente, o lema *salgado* é o lema novo máis frecuente e dispoñible do CI e tamén aparece nesta asociación e os lemas *garavanzo*, *ensalada* e *cocido* aumentan de frecuencia significativamente e están presentes en asociacións novas. Nas asociacións que desaparecen tamén se ve relación coas unidades cuxa frecuencia diminúe significativamente (*bisté*, *carne*, *pataca*, *licor*). Porén, no caso de *café-chocolate*, a diferenza dáse na asociación, mais non se observan cambios destacables de frecuencia e dispoñibilidade nestes lemas.

Con respecto ás asociacións que se recollen con máis frecuencia, das 10 máis frecuentes nas mostras que contrastamos coinciden oito (Táboa 5.41). Das que non coinciden, todas foron recollidas na outra mostra, aínda que non estiveran en postos tan altos. As asociacións *laranxa-mazá* e *laranxa-limón*, que son a oitava e a novena máis frecuentes nos datos da mostra de 2008-2009, doce anos despois ocupan as posicións 11 e 18 das asociacións máis frecuentes e foron producidas, de media entre as mostras LD2020.1, LD2020.2 e LD2020.3, por 30 e 21 persoas. En canto ás asociacións que só aparecen nestas posicións na mostra máis recente, *auga-refresco*, que foi producida en 2020-2021 (de media entre as tres submostras) por 55,67 persoas, rexistrárase en 2008-2009 nas enquisas de 25 informantes. A diferenza de frecuencia entre as mostras é menor para

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

a asociación *mazá-plátano*, que na mostra LDGC produciron 28 persoas e nos datos de 2020-2021 ten un peso medio de 32,67.

En resumo, estes resultados complementan os obtidos ó comparar unicamente as unidades léxicas rexistradas e dan información sobre a estabilidade das asociacións observadas. Como sucedía coas voces recollidas, a maioría das asociacións frecuentes teñen continuidade no tempo, mais hai algunhas que son únicas dunha das mostras e que teñen unha frecuencia considerable. Para coñecer en profundidade as diferenzas e interpretalas sería necesaria unha análise detallada dos mecanismos que empregan os informantes de 2008-2009 e os de 2020-2021 na realización da tarefa.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Táboa 5.41. Comparación das coocorrencias máis frecuentes no CI *Os alimentos e as bebidas* en 2008-2009 e en 2020-2021.

Mostra LDGC				Submostras 2020-2021			
Pos.	Asociación	Peso	% de inform.	Pos.	Asociación	Media peso	% de inform.
1	mazá-pera	67	19,94	1	leituga-tomate	55,67	16,57
2	carne-pescado	51	15,18	2	auga-refresco	52,33	15,58
3	leituga-tomate	48	14,29	3	mazá-pera	51,00	15,18
4	carne-peixe	45	13,39	4	auga-zume	47,00	13,99
5	auga-viño	45	13,39	5	carne-pescado	43,67	13,00
6	auga-zume	44	13,10	6	cervexa-viño	39,00	11,61
7	cervexa-viño	41	12,20	7	carne-peixe	36,67	10,91
8	laranxa-mazá	37	11,01	8	queixo-xamón	35,33	10,52
9	laranxa-limón	33	9,82	9	mazá-plátano	32,67	9,72
10	queixo-xamón	31	9,23	10	auga-viño	31,33	9,33

5.5.2.2. Os obxectos colocados na mesa para a comida

Todas as asociacións rexistradas en 2020-2021 no CI *Os obxectos colocados na mesa para a comida* que foron producidas (de media entre as tres submostras) por máis do 2 % de participantes tamén se atopan recollidas nos cuestionarios de 2008-2009. Non obstante, na mostra LDGC hai unha asociación que foi producida por máis dun 2 % de informantes (sete persoas) que non se recolleu doce anos máis tarde: *pocillo-pratiño*. Nesta asociación que desaparece intervén o lema máis frecuente e dispoñible das listas de lemas únicos de 2008-2009 (*pratiño*), xunto co lema cuxa frecuencia diminúe significativamente *pocillo*.

En canto ás asociacións máis frecuentes do CI, das 10 que foron producidas por máis informantes, nove coinciden entre as dúas mostras (Táboa 5.42). A que só aparece nestes postos en 2008-2009 é *coitelo-prato*, que se rexistra nos datos de 2020-2021, de media, nas enquisas de 46,67 informantes e que está no posto 12 das máis frecuentes. A asociación que só se rexistra entre as máis frecuentes na media das mostras de 2020-2021 é *servilleta-vaso*, que está presente nos cuestionarios de 49 participantes da mostra LDGC e tamén aparece no posto 12 das unidades que con maior frecuencia se recollen contiguas nos cuestionarios.

Con estes resultados constátase a estabilidade do léxico dispoñible do CI *Os obxectos colocados na mesa para a comida*, fronte a outros que sofren máis modificacións entre 2008-2009. Neste campo asociativo non só coinciden boa parte dos lemas rexistrados, senón que tamén hai coincidencias maiores ca noutros ámbitos semánticos nas relacións que se establecen entre as unidades en ambas as mostras. Con todo, sería conveniente facer unha análise cuantitativa en profundidade para comprobar se, a pesar de que moitas das asociacións frecuentes están presentes en 2008-2009 e en 2020-2021, hai diferenzas significativas entre a frecuencia destas en cada mostra.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Táboa 5.42. Comparación das coocorrencias máis frecuentes no CI *Os obxectos colocados na mesa para a comida* en 2008-2009 e en 2020-2021.

Mostra LDGC				Submostras 2020-2021			
Pos.	Asociación	Peso	% de inform.	Pos.	Asociación	Media peso	% de inform.
1	coitelo-culler	160	47,62	1	coitelo-culler	141,00	41,96
2	prato-vaso	111	33,04	2	coitelo-tenedor	95,00	28,27
3	coitelo-tenedor	106	31,55	3	prato-vaso	89,00	26,49
4	coitelo-garfo	92	27,38	4	coitelo-garfo	85,67	25,50
5	culler-tenedor	85	25,30	5	culler-tenedor	75,67	22,52
6	mantel-servilleta	77	22,92	6	culler-garfo	71,67	21,33
7	copa-vaso	68	20,24	7	mantel-servilleta	59,67	17,76
8	culler-garfo	67	19,94	8	copa-vaso	57,00	16,96
9	coitelo-prato	56	16,67	9	culler-prato	54,00	16,07
10	culler-prato	54	16,07	10	servilleta-vaso	53,67	15,97

5.5.2.3. A cociña e os seus utensilios

No CI *A cociña e os seus utensilios* todas as asociacións que produciron máis do 2 % de informantes nas enquisas de 2008-2009 foron rexistradas doce anos despois nos datos máis recentes. Pola contra, hai dúas asociacións entre as producidas en 2020-2021 por máis do 2 % dos participantes (de media entre as submostras que xeramos) que non se recolleron nos datos da mostra LDGC. Son *forno-lavapratos* e *espátula-sartén*, que nos dous casos produciron oito persoas nos seus cuestionarios. Na segunda das asociacións, as unidades que aparecen contiguas son lemas cuxa frecuencia aumenta significativamente en 2020-2021.

Igual ca nos CI anteriores, a maioría das asociacións máis frecuentes foron recollidas en ambas as mostras que contrastamos (Táboa 5.43). No caso de *A cociña e os seus utensilios* son nove as que están tanto nos datos da mostra LDGC como na media das mostras LD2020.1, LD2020.2 e LD2020.3 entre as 10 máis frecuentes. As que non coinciden nestes postos tamén aparecen na outra mostra, mais foron producidas por menos persoas. Son *(forno) microondas-neveira*, que aparece na media das mostras de 2020-2021 nas enquisas de 22 informantes e no posto 16 das asociacións máis frecuentes e *culler-tenedor*, que en 2008-2009 incluíron 33 informantes nas súas enquisas e ocupa o posto 11 das asociacións máis frecuentes da mostra LDGC.

Nos resultados obtidos para o CI *A cociña e os seus utensilios* tamén se observa estabilidade nas asociacións e percíbese que algunhas das unidades léxicas cuxa frecuencia cambia están presentes nas asociacións en que hai diferenzas entre mostras. Este CI tamén é dos máis estables en canto a lemas e respostas. Para comprender mellor a natureza dos cambios nas relacións entre os lemas deste campo asociativo sería necesario profundar na análise cuantitativa das mudanzas entre as mostras, pero no contraste das asociacións máis frecuentes, igual ca nos outros CI alimentarios, non se observan diferenzas destacables.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Táboa 5.43. Comparación das coocorrencias máis frecuentes no CI *A cociña e os seus utensilios* en 2008-2009 e en 2020-2021.

Mostra LDGC				Submosotras 2020-2021			
Pos.	Asociación	Peso	% inform.	Pos.	Asociación	Media peso	% inform.
1	forno-(forno) microondas	87	25,89	1	forno-(forno) micro(ondas)	83,67	24,90
2	pota-sartén	78	23,21	2	pota-sartén	79,67	23,71
3	pota-tixola	59	17,56	3	coitelo-culler	63,00	18,75
4	coitelo-culler	58	17,26	4	coitelo-garfo	62,67	18,65
5	mesa-silla	52	15,48	5	culler-garfo	50,00	14,88
6	conxelador-neveira	49	14,58	6	conxelador-neveira	43,00	12,80
7	coitelo-tenedor	44	13,10	7	pota-tixola	37,33	11,11
8	coitelo-garfo	43	12,80	8	coitelo-tenedor	36,33	10,81
9	culler-garfo	40	11,90	9	mesa-silla	34,00	10,12
10	(forno) microondas-neveira	36	10,71	10	culler-tenedor	32,00	9,52

5.5.3. Análise de comunidades

Para obter outro punto de vista distinto das características das redes que conforma o LD en 2008-2009 e en 2020-2021 empregamos a opción de LexPro dos grafos lineais. Os grafos que xera o programa cando se escolle esta opción tamén son non dirixidos, pero, a diferenza dos grafos que empregan bigramas, non só se considera que estean asociadas as unidades adxacentes nas enquisas para establecer as relacións entre lemas. A ferramenta asígnalles un peso 1 ás unidades que aparecen contiguas nunha enquisa, que diminúe segundo a distancia ata un mínimo de 0,2 cando esta é de cinco palabras. Estes grafos lineais reflicten mellor o proceso de produción das tarefas de DL, dado que é frecuente observar relacións entre unidades non contiguas, e complementan a visión que proporcionamos coa análise dos bigramas.

Co obxectivo de centrármonos só nas asociacións máis frecuentes, decidimos filtrar o grafo segundo o peso da aresta, establecemos o criterio >15 para todos os CI. Ó tomar esta decisión, prestamos especial atención ás unidades máis fortemente conectadas e descartamos da análise algunhas asociacións que probablemente se deban ó azar. Esta escolla dá lugar a grafos máis sinxelos e de máis fácil representación gráfica. Igualmente, para facilitar a visualización dos grafos, no Apéndice 9 proporcionamos as figuras que xeramos, para que poidan ser ampliadas, e os valores cuantitativos asociados.

A diferenza da decisión tomada nos dous apartados anteriores, neste comparamos os resultados da mostra LDGC só cos da submostra LD2020.1. Consideramos que as semellanzas que observamos entre as tres submostras na análise previa nos permiten tomar esta decisión, aínda que somos conscientes de que é posible que empregar na comparación algunha das outras dúas submostras podería proporcionar resultados lixeiramente distintos. Para cada un dos CI alimentarios proporcionamos unha descrición das unidades cun maior grao (número de nodos ós que están conectadas), que son tamén as máis centrais[12], e realizamos unha análise dos nodos por comunidades, que son conxuntos de nodos máis densamente conectados entre eles que cos nodos de fóra do grupo. Para obter as redes que presentamos nesta sección exportamos os datos dos grafos lineais de LexPro co fin de procesalos coa ferramenta Gephi.

[12]A centralidade mide a que fracción de nodos dos totais está conectado un determinado nodo.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Empregando Gephi, aplicamos o algoritmo de detección de comunidades de Blondel et al. (2008) usando os valores predefinidos da aplicación[13].

Aínda que LexPro tamén identifica e distingue comunidades, Gephi permítenos seleccionar manualmente as cores coas que representar as agrupacións que detecta o algoritmo, algo que cremos que é útil para a visualización das semellanzas entre ambas as mostras. De entre as opcións de Gephi, escollemos para a presentación visual do grafo o algoritmo Fruchterman Reingold, conxuntamente cos algoritmos de mellora da visualización Noverlap e Label Adjust. Nos grafos que presentamos o tamaño dos nodos é proporcional ó seu grao e o grosor das arestas é proporcional ó peso da asociación. Non presentamos os valores do peso da aresta nas figuras para facilitar a lectura, mais estes datos poden consultarse no Apéndice 9. Na maioría dos grafos cada comunidade está representada por unha cor, agás nos grafos do CI *Os alimentos e as bebidas*, nos cales empregamos a mesma cor en varias comunidades pola complexidade das redes destes. Nos casos en que observamos comunidades que coinciden nos nodos que as compoñen nas mostras LDGC e LD2020, coloreámolas coa mesma cor para marcar as semellanzas, mais hai comunidades marcadas cunha mesma cor que non coinciden entre as dúas mostras, precisarémolo na análise.

5.5.3.1. Os alimentos e as bebidas

O CI *Os alimentos e as bebidas* é o máis produtivo dos que estudamos en número de respostas. Os grafos deste CI tamén son os máis complexos dos xerados co filtro por peso de aresta maior ca 15. Na mostra LDGC hai 54 lemas que se manteñen na rede despois do filtro, na mostra LD2020.1 hai 49. En 2008-2009, os lemas máis centrais e cun grao máis alto do grafo son *pataca* (22), *auga* (21), *carne* (11), *viño* (10) e *zume* (9). Nos datos de 2020-2021, na mostra LD2020.1 as unidades con maior centralidade e cun maior grao son *auga* (20), *pataca* (9), *mazá* (8), *carne* (7) e *laranxa* (7).

[13] Os algoritmos de detección de comunidades, polo seu funcionamento, poden obter resultados lixeiramente distintos ó aplicarse varias veces sobre os mesmos datos. Consideramos que é importante ter en en conta na interpretación dos datos presentados que algunhas das unidades rexistradas poderían aparecer noutras comunidades en diferentes iteracións do algoritmo empregado.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Neste campo asociativo non hai asociacións con pesos tan altos coma os que acadan algunhas dos CI *Os obxectos colocados na mesa para a comida* e *A cociña e os seus utensilios. Os alimentos e as bebidas* é un CI máis difuso e as posibilidades de asociación que poden darse entre as unidades rexistradas neste son máis variadas; ningunha chega a un peso maior ca 100. A asociación cun maior peso neste CI na mostra LDGC é *mazá-pera* (75,8), seguida de *auga-zume* (71,2) e de *auga-viño* (70,6). Nos datos da mostra LD2020.1 o peso de asociación máis alto tamén é o de *mazá-pera* (71,4). Séguenо *auga-refresco* (67,4) e *leituga-tomate* (65,4).

En canto ás comunidades que identifica o algoritmo que emprega Gephi, estas son máis ca as identificadas nos datos dos CI menos produtivos (Figuras 5.1 e 5.2). As comunidades detectadas na mostra de 2008-2009 son nove e na submostra de 2020-2021 son 11. En ambas aparecen subgrafos non conectados co resto das unidades despois de aplicar o filtro. Para a análise das diferenzas, presentamos as comunidades observadas en 2008-2009 e comprobamos se tamén hai equivalentes en 2020-2021 que agrupen as mesmas unidades.

Unha das comunidades que se observa na rede da mostra LDGC, que coloreamos en azul claro, agrupa algúns dos nomes de froitas que hai no grafo (*plátano*, *pera*, *mazá*, *laranxa*, *limón*). En 2020-2021 tamén se agrupan estas froitas conxuntamente nunha comunidade, engádese ó grupo o lema *mandarina*.

Outra das comunidades que identifica o algoritmo de detección na mostra de 2008-2009 agrupa maioritariamente nomes de bebidas Coloreámolo en laranxa. Os lemas que pertencen a esta comunidade son *auga*, *viño*, *zume*, *leite*, *refresco*, *cervexa*, *whisky*, *Coca-Cola**, *ron*, *cola*, *Fanta**, *limoada*, *gasosa*, *vodka* e *pan*. Algunhas destas unidades (*auga*, *zume*, *refresco*, *viño*, *leite*, *pan* e *cervexa*) tamén se rexistraron formando unha comunidade en 2020-2021, xunto cos lemas *café* e *té*, que non están presentes no grafo filtrado de 2008-2009. Chama a atención a inclusión do lema *pan* nesta comunidade, que se produce en ambas as mostras.

O algoritmo tamén identifica unha comunidade que inclúe nomes de grupos de alimentos en 2008-2009 (marcada en verde). Contén os lemas *carne*, *pasta*, *peixe*, *pescado*, *froita* e *verdura*. Todos os lemas da comunidade, excepto *pasta*, tamén se agrupan conxuntamente en 2020-2021 (*pasta* non aparece no grafo da mostra máis recente) e súmanse

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

a este grupo os nomes de animais concretos *polo*, *tenreira* e *porco*. Así mesmo, aparecen conxuntamente nunha mesma comunidade nas dúas mostras (en azul escuro) os lemas *queixo*, *chourizo* e *xamón*; en 2008-2009 tamén se inclúe nesta comunidade o lema *iogur*. Aínda que tres das unidades fan referencia a produtos de chacinaría, quizais a aparición do lema *iogur* xunto con estes no grafo da mostra LDGC teña relación con que todos son produtos que se consomen habitualmente na hora da merenda.

Outro dos grupos que se forma en 2008-2009 (en amarelo) inclúe nomes de alimentos e preparacións variados: *pataca*, *leituga*, *tomate*, *polo*, *arroz*, *ovo*, *caldo*, *cenoria*, *cebola*, *repolo*, *filete*, *grelo*, *legume*, *tortilla*, *sopa*, *allo* e *lacón*. En 2020-2021 observamos unha comunidade que agrupa algúns destes nomes referidos a vexetais (*pataca*, *leituga*, *tomate*, *cenoria*, *cebola*, *allo*) xunto cos nomes de alimentos *pizza* e *hamburguesa*.


Na mostra LDGC *pizza* e *hamburguesa* formaban unha comunidade propia (coloreamos en laranxa escuro distintas comunidades formadas por parellas de lemas), igual ca *ameixa* e *mexillón*, *espaguetes* e *macarróns* e *sandía* e *melón*. Estas dúas últimas parellas aparecen tamén soas formando comunidade na mostra LD2020.1. Na análise tamén hai agrupacións que se dan exclusivamente na mostra máis recente. Crean comunidade na mostra LD2020.1 *ron* e *xenebra*, *comer* e *beber*, *azucre* e *sal*, *caldo* e *cocido* e o grupo de tres lemas (en gris) *arroz*, *lentella* e *garavanzo*.

A modo de resumo, neste CI coinciden tres dos lemas con maior grao en ambos os grafos presentados (*auga*, *pataca* e *carne*). Porén, para a unidade *carne* o grao baixa desde 22 ata 9, o que quere dicir que esta é unha unidade con menor número de conexións con outras na mostra máis recente. En canto ó peso das asociacións, *mazá-pera* son os lemas que máis veces aparecen asociados nas mostras contrastadas, pero as seguintes asociacións con máis peso non coinciden (en ambas involucran lemas que experimentan diferenzas significativas de frecuencia). Con respecto ás comunidades que identifica o algoritmo, na mostra de 2008-2009 estas son nove, mentres que na mostra LD2020.1 son 11. Hai coincidencias relevantes entre a natureza das comunidades que interpreta o algoritmo en ambos grafos, aínda que os membros que as constitúen non son exactamente os mesmos e reflicten algúns dos cambios neste CI que presentamos anteriormente no capítulo. Na mostra LD2020.1 o

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA


algoritmo identifica máis parellas de lemas que conforman en si mesmos unha comunidade ca na mostra LDGC.

Figura 5.1. Grafo lineal con filtro por peso de aresta >15 realizado a partir da mostra LDGC. CI *Os alimentos e as bebidas*.



USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Figura 5.2. Grafo lineal con filtro por peso de aresta >15 realizado a partir da mostra LD202.1. CI *Os alimentos e as bebidas*.



5.5.3.2. Os obxectos colocados na mesa para a comida

A rede que obtivemos despois de aplicar o filtro por peso de aresta ó CI *Os obxectos colocados na mesa para a comida* na mostra LDGC inclúe 26 lemas (Figura 5.3), estruturados en dous subgrafos. Destes lemas, os que teñen un maior grao son *vaso* (18), *servilleta* (18), *culler* (17), *coitelo* (15), *mantel* (14) e *fonte* (14), que tamén son os que teñen maior centralidade. A asociación máis forte obténse entre *coitelo* e *culler*, que ten un peso de 245,6. Porén, aínda que esta é a única asociación cun

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

peso maior de 200, hai numerosos exemplos de asociacións con peso >100 (*coitelo-prato* teñen unha asociación con peso 167,6; o peso da asociación *coitelo-tenedor* é 152,6; o de *prato-vaso* é 167,8). A rede que xera LexPro para o CI na submostra LD2020.1 co mesmo filtro inclúe 24 lemas que tamén obtiveron índices de dispoñibilidade moi elevados (Figura 5.4). Os lemas con maior grao (con máis conexións con outros nodos) son *vaso* (19), *mantel* (18), *servilleta* (17), *coitelo* (15) e *culler (15)*, que son, igualmente, os lemas que teñen unha centralidade maior. A asociación máis forte que observamos, igual ca nos datos dos grafos de bigramas, establécese entre *coitelo* e *culler* e ten un peso 224,8. Igual ca nos datos de 2008-2009, en 2020-2021 esta tamén é a única parella cun peso maior ca 200. Tamén é posible atopar outros exemplos con peso maior ca 100 coma *coitelo-vaso* (158,8), *culler-vaso* (153,4) e *coitelo-prato* (145,4), entre outros. O CI *Os obxectos colocados na mesa para a comida* é máis compacto, contén menos palabras e as asociacións entre as máis dispoñibles son moi fortes.

O algoritmo de detección de comunidades identifica tres comunidades, tanto na mostra LD2020.1 coma na mostra LDGC. Nos datos de 2008-2009 e nos da mostra LD2020.1 hai comunidades que teñen en común gran parte dos lemas que as compoñen. No grupo que coloreamos en azul en 2008-2009 (Figura 5.3) rexístranse as unidades *servilleta*, *mantel*, *xerra*, *bandexa*, *pan*, *fonte*, *copa*, *pota*, *botella* e *salvamanteis*, que tamén están agrupadas baixo unha mesma comunidade nos datos da mostra LD2020.1. En canto ás non coincidentes, na mostra LDGC están nesta comunidade *espumadeira*, *cullerón*, *ensaladeira* e *taza*, que non se observan no grafo da mostra LD2020.1. Na mostra LD2020.1 o grupo inclúe (Figura 5.4) os lemas *auga*, *pano*, *sartén*, *cunca* e *comida*, que non aparecen na rede de 2008-2009 e mais *vaso*, que si está no grafo da mostra LDGC, pero está agrupada dentro doutra comunidade.

O outro grupo que comparte características coloreámolo en amarelo. Na mostra LDGC inclúe os lemas *culler*, *coitelo*, *tenedor*, *vaso*, *prato*, *garfo*, *prato chan*, *prato fondo*, *culleriña* e *prato sopeiro*. Destes lemas, *tenedor*, *prato*, *coitelo*, *culler*, *garfo* e *culleriña* tamén están nunha mesma comunidade en 2020-2021 na submostra LD2020.1. En 2020-2021, o lema *vaso* está agrupado noutra comunidade e ós lemas *prato chan* e *prato fondo* asígnaselles unha comunidade propia. Coloreámola en verde. O lema *prato sopeiro*, cuxa frecuencia diminúe significativamente entre


USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

2008-2009 e 2020-2021, desaparece do grafo das unidades con asociacións con maior peso na mostra máis recente. Na mostra LDGC, o algoritmo de detección de comunidades tamén identifica unha comunidade con só dúas unidades (coloreámola en verde igualmente). Esta inclúe os lemas *azucreiro* e *saleiro*, que non aparecen no grafo máis recente e que están desconectadas do grafo principal.

Os grafos lineais destes CI son moi semellantes en 2008-2009 e na mostra LD2020.1. En primeiro lugar, o total de lemas que se inclúen no grafo despois do filtro é 26 na mostra LDGC e 24 na mostra LD2020.1. En canto ó grao dos nodos das dúas redes contrastadas, *vaso*, *mantel*, *servilleta*, *coitelo* e *culler* están entre os nodos con maior grao en ambos os grafos. Así mesmo, destaca o feito de que o algoritmo detecte un mesmo número de comunidades para os datos das dúas mostras. Dúas das tres comunidades coinciden en parte dos lemas agrupados nestas, a terceira agrupa só dóus lemas: *prato chan* e *prato fondo* na mostra LD2020.1, que en 2008-2009 estaban incluídos noutro grupo, e *azucreiro* e *saleiro* na mostra LDGC, unidades non incluídas no grafo de 2020-2021.


USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Figura 5.3. Grafo lineal con filtro por peso de aresta >15 realizado a partir da mostra LDGC. CI *Os obxectos colocados na mesa para a comida*.



USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Figura 5.4. Grafo lineal con filtro por peso de aresta >15 realizado a partir da mostra LD2020.1. CI *Os obxectos colocados na mesa para a comida.*



5.5.3.3. A cociña e os seus utensilios

No grafo lineal do CI *A cociña e os seus utensilios* que obtivemos aplicando o filtro de peso de aresta >15 á mostra LDGC hai 34 lemas (Figura 5.5). Os que teñen un maior grao son *forno* (20), *pota* (19), *(forno) microondas* (17), *neveira* (14) e *coitelo* (13), que tamén son as unidades máis centrais do grafo. Nos datos da mostra LD2020.1 son 30 as unidades que se inclúen no grafo (Figura 5.6), as que teñen un maior

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

grao e son máis centrais son *pota* (18), *forno* (17), *coitelo* (16) e *sartén*, *culler*, *(forno) micro(ondas)* e *neveira* (todas elas teñen grao 12).

As asociacións con máis peso obteñen valores máis baixos ca as do CI anterior, pero máis altos ca os do CI *Os alimentos e as bebidas*. En ningunha das mostras se obtiveron conexións cun peso maior ca 200. Nos datos da mostra LDGC só hai unha asociación cun peso maior ca 100 (*forno-(forno) microondas* obtén un peso de 108,4) e nos datos da mostra LD2020.1 só teñen un peso maior ca 100 *coitelo-culler* (112,4), *pota-sartén* (102,4) e *forno-(forno) microondas* (101,6).

O algoritmo de modularidade asigna para este CI catro comunidades, tanto para a mostra de 2008-2009 coma para a mostra LD2020.1. Igual ca nos CI anteriores, hai coincidencias importantes entre os grupos que o algoritmo xunta en ambas. Na comunidade coloreada en azul, o algoritmo agrupa principalmente, mais non só, nomes de electrodomésticos nas dúas mostras: *forno*, *(forno) micro(ondas)*, *neveira*, *conxelador*, *batedor*, *fregadeiro*, *frigo(rífico)*, *lavavaixelas*, *vitrocerámica*, *lacena*, *campá (extractora)*. Agrúpanse nesta comunidade en 2008-2009 as unidades que non están presentes no grafo de 2020-2021 *lavalouza*, *cociña*, *espremedor* e *lavadora*. Na mostra LD2020.1 aparece nesta comunidade o lema *lavapratos*, que non se inclúe no grafo da mostra LDGC.

En canto ás comunidades que coloreamos en verde en ambas as mostras, estas agrupan algúns dos lemas que acabamos de presentar nos grafos do CI *Os obxectos colocados na mesa para a comida*, que son nomes de obxectos que serven para consumir e servir os alimentos e bebidas (*coitelo*, *culler*, *prato*, *garfo*, *tenedor* e *vaso*). Nos datos de 2008-2009 están tamén neste grupo os lemas *fonte* e *copa*, que non se rexistran no grafo de 2020-2021. Na mostra LD2020.1 inclúense na comunidade os lemas *tesoiras* e *espumadeira*. O primeiro é exclusivo do grafo de 2020-2021, o segundo recóllese dentro doutra comunidade no grafo da mostra LDGC. O algoritmo tamén detecta en ambas as mostras unha comunidade composta polos lemas *mesa*, *cadeira* e *silla*, que coloreamos en laranxa.

As últimas comunidades dos grafos, que coloreamos en amarelo, agrupan principalmente elementos que serven para preparar e servir os alimentos. As unidades *pota*, *sartén*, *ola*, *tixola*, *cazo* e *cullerón* están agrupadas nas dúas mostras. Porén, os lemas *espumadeira* e *fritideira*


USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

son exclusivos desta comunidade na mostra de 2008-2009 e *espátula* só se rexistra no grafo realizado cos datos de 2020-2021.

En resumo, na análise dos grafos deste CI tamén se perciben semellanzas entre a rede xerada con datos de 2008-2009 e a elaborada con datos de 2020-2021. Con respecto ó número de lemas que inclúen, o grafo da mostra LDGC contén 34, mentres que o da mostra LD2020.1 inclúe 30. Algunhas das voces conectadas con máis nodos (cun grao maior) coinciden entre os dous grafos (*pota*, *forno*, *coitelo*, *neveira*, *(forno) micro(ondas)*). Así mesmo, a asociación con maior peso da mostra LDGC (*forno-(forno) microondas*) tamén obtén un peso maior ca 100 na mostra LD2020.1. Tanto neste CI coma en *Os obxectos colocados na mesa para a comida*, o algoritmo de detección de comunidades identifica un mesmo número de grupos para as mostras comparadas, neste caso son catro. Parte dos lemas que agrupan cada unha delas coinciden entre as mostras e unha das comunidades inclúe exactamente as mesmas unidades (*mesa*, *cadeira* e *silla*) nos grafos de 2008-2009 e 2020-2021. A análise dos resultados deste CI reflicte unha situación de estabilidade.


USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Figura 5.5. Grafo lineal con filtro por peso de aresta >15 realizado a partir da mostra LDGC. CI *A cociña e os seus utensilios.*



USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Figura 5.6. Grafo lineal con filtro por peso de aresta >15 realizado a partir da mostra LD2020.1. CI *A cociña e os seus utensilios.*



5.5.4. Resumo dos resultados da análise con grafos e contraste cos CI *A roupa* e *Os xogos e as distraccións*

Nesta sección recompilamos os resultados obtidos empregando ferramentas da teoría de grafos para o estudo do cambio no léxico dispoñible do galego no ámbito da alimentación. Así mesmo, contrastamos as diferenzas observadas nos CI *Os alimentos e as bebidas*, *Os obxectos colocados na mesa para a comida* e *A cociña e os seus utensilios* coas que

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

mostra a análise dos CI *A roupa* e *Os xogos e a distracción*. Consideramos que a comparación dos resultados do LD relacionado coa alimentación cos dos outros ámbitos dos que contamos con datos complementa a nosa análise e axuda a coñecer mellor en que medida son estables as características dos grafos que forma o LD en lingua galega e as asociacións que se constitúen entre as unidades rexistradas.

A análise que proporcionamos empregando grafos complementa os resultados previos sobre os cambios, mais tamén reforza a visión do LD como relativamente estable no tempo. En primeiro lugar, no contraste dos resultados globais obtidos a partir de grafos lineais nos que se descartaron as unidades producidas por un único informante, observamos valores case idénticos en cada un dos CI, tanto para o grafo xerado a partir da mostra LDGC coma para os xerados cos datos das mostras LD2020.1, LD2020.2 e LD2020.3. Como se pode comprobar na Táboa 5.44, o mesmo sucede nos resultados para os CI non alimentarios. Todos os grafos xerados para as dúas mostras son redes de mundo pequeno.

Táboa 5.44. Valores globais para os grafos lineais dos CI *A roupa* e *Os xogos e as distraccións* descartando os lemas producidos por un único informante. AD: grao medio, APL: lonxitude media do camiño, CC: coeficiente de agrupamento, Mod.: modularidade.

CI	Mostra	AD	APL	CC	σ	Diámetro	Mod.
Roupa	LDGC	50,36	1,83	0,68	2,51	3	0,14
	LD2020.1	50,53	1,87	0,63	2,72	3	0,15
	LD2020.2	50,28	1,88	0,63	2,73	3	0,15
	LD2020.3	50,03	1,88	0,62	2,75	3	0,16
Xogos	LDGC	40,95	2,02	0,57	3,34	4	0,26
	LD2020.1	37,46	2,06	0,54	3,79	4	0,28
	LD2020.2	37,61	2,03	0,54	3,58	4	0,26
	LD2020.3	37,36	2,05	0,53	3,67	4	0,27

Con respecto ós resultados que obtivemos na comparación dos bigramas, nos tres CI alimentarios a maioría das 10 asociacións máis frecuentes coinciden (Táboa 5.45). Son nove nos CI *Os obxectos colocados na mesa para a comida* e *A cociña e os seus utensilios* e oito no CI *Os alimentos e as bebidas*. En *A roupa* coinciden catro das asociacións máis frecuentes, dúas delas ocupan a primeira e a segunda posición das máis frecuentes na mostra LDGC e na media das mostras de 2020-2021

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

(*camisa-camiseta* e *camiseta-pantalón*), as outras son *calcetín-zapato* e *tenis-zapato*. As parellas de unidades que só están entre as 10 máis frecuentes na mostra LDGC son *bragas-tanga*, *bragas-calzón*, *bota-zapato*, *pantalón-xersei*, *calcetín-media* e *bufanda-guante*. Os lemas que ocupan estes postos nos datos de 2020-2021 son *suadoiro-xersei*, *abrigo-chaqueta*, *camisa-pantalón*, *gorra-gorro*, *calcetín-pantalón* e *saia-vestido*.

Táboa 5.45. Asociacións coincidentes entre as 10 máis frecuentes na mostra LDGC e na media das submostras de 2020-2021.

CI	Asociacións coincidentes
02	4/10
05	8/10
06	9/10
07	9/10
15	5/10

En canto ó CI *Os xogos e as distraccións*, cinco das asociacións coincidentes sitúanse entre as 10 máis frecuentes na mostra LDGC e nos datos das submostras de 2020-2021. Nos datos deste campo asociativo destaca a baixada de posicións da asociación *baloncesto-fútbol*, que pasa de ocupar o primeiro posto ó noveno e de rexistrarse nos cuestionarios de 62 persoas a ser producida (de media entre as submostras) por 21 participantes; case tres veces menos que doce anos antes. As asociacións que coinciden son as cinco máis frecuentes da mostra LDGC: *baloncesto-fútbol*, *(xogo da) (pilla) pilla-escondite*, *(xogo da) oca-parchís*, *damas-xadrez* e *parchís-xadrez*. Das non coincidentes, as que só están nestas posicións en 2008-2009 son *parchís-(xogo de) cartas*, *baloncesto-tenis*, *ordenador-(video)consola*, *ordenador-tele(visión)* e *brisca-tute*. As que só están entre as 10 primeiras na media das mostras de 2020-2021 son *pelí(cula)-serie*, *móbil-ordenador*, *(video)consola-videoxogo*, *móbil-tele(visión)* e *bailar-cantar*.

Igual ca nos CI que xa presentamos, a maioría das asociacións producidas por máis do 2 % de participantes están presentes en ambas as mostras, aínda que hai algunhas que só se recollen nunha delas. Observamos algunhas diferenzas cuantitativas entre o peso que obteñen algunhas asociacións asociacións en 2008-2009 e o peso medio que obteñen en 2020-2021; por exemplo, a asociación *froita-verdura* tiña un peso 7 en 2008-2009 e obtén de media un peso 19,43 nas submostras de 2020-2021.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Porén, non comparamos as diferenzas no peso das asociacións nesta análise.

Na análise a partir dos bigramas observamos que son moi poucas as asociacións producidas por máis do 2 % de informantes nunha das mostras que non foron recollidas na outra mostra. Na Táboa 5.46 presentamos, para cada CI, o número de asociacións producidas por sete ou máis informantes (na mostra LDGC e na media das submostras xeradas a partir da mostra LD2020) e a cantidade destas que só se rexistran nunha das mostras contrastadas. Na maioría dos CI son moi poucas as asociacións con peso 7 que non se recollen na outra mostra, a porcentaxe máis alta está nos datos de 2020-2021 do CI *Os xogos e as distraccións*, no que 6 das 49 asociacións producidas por máis do 2 % de informantes non se rexistran entre os datos de 2008-2009. A maioría delas inclúen nomes de aparellos dixitais (*ordenador-tableta*, *móbil-tableta*, *móbil-rede social*, *videoxogo-(xogo) de mesa*), mais tamén é unha innovación a asociación *baralla-(xogo de) cartas*[14]. A asociación producida por máis de 7 informantes neste CI que é exclusiva do LDGC é *natación-tenis*.

Táboa 5.46. Porcentaxe de asociacións producidas por máis do 2 % de participantes que só se recolleron nunha das mostras.

Mostra	CI	Únicas >2 % inform.	Total >2 % inform.
LDGC	02	1,40 % (2)	143
	05	3,23 % (4)	124
	06	1,06 % (1)	94
	07	0 % (0)	89
	15	1,89 % (1)	53
Submostras 2020-2021	02	0 % (0)	132
	05	2,63 % (3)	114
	06	0 % (0)	97
	07	2,27 % (2)	88
	15	12,24 % (6)	49

En canto ó CI *A roupa*, recóllense só na mostra LDGC as asociacións *faldra-minifaldra* (o lema *minifaldra* é o segundo lema máis frecuente e máis dispoñible dos que só se rexistran na mostra de 2008-2009) e *bailarina-bota* (a diminución de frecuencia de *bailarina* é significativa na proba de khi-cadrado). Non hai na media dos resultados das mostras

[14]Na mostra LDGC rexístrase a asociación *naipes-(xogo de) cartas*.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

LD2020.1, LD2020.2 e LD2020.3 ningunha asociación producida por máis do 2 % de participantes que non se recollera na mostra anterior.

Cómpre mencionar que unha parte importante das asociacións foron producidas por un único informante, o que dá conta da variedade de asociacións que poden darse de entre as múltiples posibles. Na Táboa 5.47 presentamos datos sobre a frecuencia destas asociacións segundo distintos valores de corte, cos que queremos mostrar a baixa frecuencia da maioría das asociacións que se observan nos nosos datos. Comparamos os datos da mostra LDGC e da submostra LD2020.1. En todos os CI considerados a porcentaxe de asociacións producidas por unha única persoa supera o 65 %, os valores máis altos para este indicador obtéñense no CI *Os xogos e as distraccións*, no que as asociacións únicas acadan valores de máis do 80 % en ambas as mostras. En xeral, as asociacións producidas por máis do 10 % de persoas non chegan ó 1 %, só se supera este valor no CI *Os obxectos colocados na mesa para a comida*, cuxo carácter pechado explica as coincidencias entre as respostas dos informantes. En canto ás asociacións que producen máis do 2 % de participantes, tamén se observan diferenzas entre CI: as porcentaxes máis altas acádanse en *A roupa* e *Os alimentos e as bebidas*. Como se observa na táboa, os valores que acadan os indicadores escollidos en ambas as mostras para cada un dos campos asociativos son moi semellantes. A proximidade entre os resultados das dúas mostras, que observamos en distintos puntos do noso traballo, reforza a idea de que os CI como categorías funcionan dunha maneira estable, cando menos cuantitativamente. Aínda que xa coñeciamos a estabilidade na produción de valores nestes CI, o noso traballo contribúe a achegar datos sobre a estabilidade con que as asociacións que aparecen nestes se constrúen.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Táboa 5.47. Asociacións nas mostras LDGC e na mostra LD2020.1 segundo a súa frecuencia.

Mostra	CI	>10 % Inform.	>2 % inform.	Producidas por 1 inform..	Total asociacións
LDGC	02	0,55 % (15)	5,21 % (143)	69,01 % (1.893)	2.743
	05	0,18 % (8)	2,72 % (124)	75,27 % (3.428)	4.554
	06	1,05 % (16)	6,20 % (94)	67,90 % (1.030)	1.517
	07	0,37 % (10)	3,33 % (89)	74,57 % (1.991)	2.670
	15	0,15 % (5)	1,55 % (53)	81,74 % (2.788)	3.411
LD2020	02	0,25 % (8)	4,07 % (132)	75,57 % (2.453)	3.246
	05	0,17 % (9)	2,20 % (114)	78,94 % (4.082)	5.171
	06	1,12 % (18)	6,04 % (97)	71,42 % (1.147)	1.606
	07	0,29 % (8)	3,14 % (88)	73,99 % (2.077)	2.807
	15	0,08 % (3)	1,37 % (49)	85,79 % (3.072)	3.581

Por último, en canto ás diferenzas observadas na análise por comunidades, só presentamos o resumo dos resultados dos CI alimentarios, sobre todo debido á complexidade da estrutura do CI *Os xogos e as distraccións*, que requiriría unha análise extensa e detallada que queda fóra do alcance da nosa investigación. Os grafos obtidos son semellantes para os tres CI en ambas as mostras e boa parte das asociacións máis frecuentes e das comunidades que xeran mantéñense tanto en 2008-2009 coma en 2020-2021.

Os grafos filtrados do CI *Os alimentos e as bebidas* conteñen máis nodos ca os dos outros e non se observan nestes diferenzas no grao dos nodos que os compoñen tan grandes coma os que se perciben nos centros de interese máis compactos. Neste CI identifícanse varias comunidades que agrupan, parcialmente, os mesmos nodos. Algunhas das diferenzas que observamos neste capítulo quedan reflectidas no grafo: aparece un nome de froita máis (*mandarina*) e desaparecen algúns nomes de bebidas alcólicas. Tamén chama a atención a aparición do grupo que inclúe *arroz*, *lentella* e *garavanzo* e o rexistro dun maior número de comunidades con só dous elementos nos datos da mostra LD2020.1.

En canto ó CI *Os obxectos colocados na mesa para a comida*, rexístranse neste as únicas asociacións con peso >200 en ambas as mostras. Nos dous casos o algoritmo identifica 3 comunidades, das cales dúas comparten un número elevado de nodos. Na mostra LDGC, a terceira comunidade fórmaa a parella *azucreiro-saleiro*; na mostra LD2020.1 está constituída polos lemas *prato chan* e *prato fondo*, que foran recollidos como parte doutra comunidade (xunto con *prato sopeiro*) nos datos de 2020-2021.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Para o CI *A cociña e os seus utensilios* tamén se observa o mesmo número de comunidades nos grafos contrastados e hai coincidencias entre os nodos que as compoñen, aínda que hai unidades que só están no grafo dunha das mostras.

Aínda que non realizamos unha análise en profundidade das asociacións semánticas dos nosos datos, é posible atopar exemplos de tipos de asociacións frecuentes nos traballos de dispoñibilidade. Baseámonos na clasificación dos mecanismos cognitivos de asociación que se emprega en Mahecha Mahecha & Mateus Ferro (2020) para proporcionar algúns exemplos. Atopamos, entre outras, relacións semánticas de coordinación (*mazá-laranxa*, *culler-tenedor*, *sartén-pota*), funcionais (*bisté-tenedor*), de oposición (*frío-quente*) e de hiponimia/hiperonimia (*froita-laranxa*, *coitelo-cuberto*). Tamén atopamos asociacións formais de derivación (*servilleta-servilleteiro*), composición sintagmática (*culler-culler sopeira*) e outros casos en que a asociación parece estar motivada ou reforzada polas semellanzas fonéticas (*xamón-xenebra*, *palillo-pastilla*, *polo-repolo*, *zorza-arroz*). Tamén hai exemplos das asociacións que Mahecha Mahecha & Mateus Ferro (2020) denominan culturais emerxentes como *lagostino-turrón* e *churrasco-xouba*. Porén, como é frecuente nos traballos de DL, non sempre é sinxelo coñecer a motivación da asociación ou clasificala de maneira inequívoca.

Noutras disciplinas hai exemplos de traballos que estudan as asociacións entre palabras para analizar percepcións, opinións e ideoloxías (Putten et al. 2020, Rojas-Rivas et al. 2022) e, aínda que cremos que esta é unha liña de investigación relevante na que sería de interese seguir afondando, a información deste tipo que nos proporcionan os nosos datos está presente en asociacións pouco frecuentes, o que dificulta a análise. Porén, consideramos que hai casos concretos en que podemos ver diferenzas que quizais garden relación con cambios nas actitudes ou nas preocupacións dos informantes, como mostran as diferenzas entre dous grafos lineais extraídos de LexPro a partir das conexións que se establecen co lema *san* nas mostras LDGC e LD2020.1. Como se observa nas Figuras 5.7 e 5.8 (Apéndice 10), o número de relacións que establece o lema *san* na submostra LD2020.1 é moito maior ca o dos nodos ós que se conecta na mostra LDGC, as características das unidades cas que se asocia tamén son máis variadas nos datos máis recentes. Con todo, as

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

interpretacións que podemos facer ó respecto en base ós datos cos que contamos son limitadas.

A nosa investigación é o primeiro traballo de DL dos que temos constancia que emprega grafos para complementar unha análise diacrónica. Consideramos que estas ferramentas son de utilidade na nosa investigación para comprobar as diferenzas nas parellas de palabras que se producen, nas redes que forma o léxico nas dúas mostras e para observar como se agrupa o léxico novo nos grafos. Na análise con grafos observamos que hai relacións entre unidades que se dan con frecuencia e que son estables no tempo, mais que a maioría das asociacións rexistradas só aparecen nos cuestionarios de informantes concretos. Ademais, comprobamos que as características das redes que forman os CI en 2008-2009 e en 2020-2021 son moi semellantes. Cremos necesario seguir afondando nesta perspectiva para comprender os cambios no LD, mais tamén para aumentar o coñecemento sobre o proceso de recuperación do léxico no contexto galego.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA




Figura 5.7. Grafo lineal das asociacións do lema *san* en 2008.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA




Figura 5.8. Grafo lineal das asociacións do lema *san* en 2020. Mostra LD2020.1.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

6 Cambio no léxico da alimentación: análise sociocultural

Como expuxemos na sección 2.3, a alimentación é un fenómeno complexo e multidimensional. Tamén parecen entendelo así os participantes da mostras LDGC e LD2020, que a partir do estímulo *Os alimentos e as bebidas* producen formas léxicas tan diversas como *Sprite**, *arando*, *asqueroso*, *discoteca*, *vaixela*, *adelgazar*, *caro*, *sesta*, *ulir*, *adicción* e *piscifactoría*.

Neste capítulo partimos da premisa que propoñen Capitani et al. (1999), que consideran que as diferenzas observables entre individuos (no seu caso en relación coa variable xénero en distintas categorías en probas de fluencia semántica) poden gardar relación co seu contexto e a súa biografía (1999: 277):

> Possibly, while trying to retrieve names, subjects use a mental imaging strategy to locate themselves in a particular context, e.g., a factory or a workshop for tools, and a greengrocer shop for fruits. In this way, different autobiographical experiences would influence the recall of items of a given category in the short time of 1 minute granted for the task.

Cremos que, se imaxinar contextos concretos é unha estratexia frecuente para a recuperación de léxico, quizais algúns dos cambios ou diferenzas que percibimos se deban a que os supermercados de 2020-2021, as comidas familiares, os restaurantes ós que van os informantes e as cociñas das súas casas non son idénticos ós de 2008-2009. Quizais, a pesar da importancia da variación individual, hai experiencias compartidas entre o alumnado da mostra LDG2020, distintas parcialmente das do alumnado da mostra LDGC, e quizais estas quedan reflectidas nas enquisas. En Lago Caamaño (2024) explicamos que é moi frecuente

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

nos traballos de DL atopar comentarios que fan referencia a factores contextuais ou extralingüísticos como explicacións posibles para os resultados obtidos. Nesta tese dedicámoslle moito espazo a este tipo de comentarios, mais queremos establecer esta relación dun xeito máis explícito e por iso intentamos documentalos coa información que nos proporcionan outras disciplinas.

A continuación, presentamos algúns aspectos relacionados cos hábitos de consumo de alimentos e con tendencias alimentarias contemporáneas que consideramos que se materializan dalgunha maneira nas enquisas de dispoñibilidade que estudamos. Centrámonos nos datos do CI *Os alimentos e as bebidas*, que é o máis produtivo e é no que atopamos maior información sobre a alimentación en sentido amplo; cando fagamos matizacións que afecten ós outros CI relacionados coa alimentación (*Os obxectos colocados na mesa para a comida* e *A cociña e os seus utensilios*) precisarémolo. Aínda que hai traballos dos estudos alimentarios que empregan técnicas de asociación de palabras, as probas asociativas que nós realizamos non están deseñadas para ser representativas do consumo, nin é o seu obxectivo, polo que non é esperable obter unha relación directa entre consumo e dispoñibilidade para todos os nomes de alimentos rexistrados. Repetimos que son numerosos, e algúns dificilmente controlables, os factores que poden explicar que unha unidade apareza, ou que non se rexistre, nunha enquisa. Porén, cremos razoable asumir que algúns dos cambios, incluso os que afectan a unidades en posicións baixas, poden darnos información cualitativa sobre a alimentación das persoas participantes ou a percepción que teñen estas deste aspecto da vida humana.

En primeiro lugar, contrastamos algunhas das diferenzas que observamos no Capítulo 5 con traballos de consumo alimentario. Empregamos como fonte principal para a obtención dos datos de consumo os paneis anuais de 2008 e 2020 que elabora o Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación (2008, 2020), que ofrecen datos de consumo per cápita en quilos para a comunidade autónoma de Galicia para distintos alimentos e bebidas. Non pretendemos dar unha visión global sobre o que acontece con todos os alimentos, centrámonos nas diferenzas que consideramos máis salientables. Despois, comentamos outros exemplos de como distintas tendencias relacionadas coa alimentación se manifestan nas enquisas. Nos dous casos a análise que realizamos é maioritariamente

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

cualitativa e prestamos atención fundamentalmente ás innovacións da mostra LD2020 respecto ós datos anteriores, xa que é moi curto o período de tempo que pasa entre as dúas recollidas de datos e tanto o léxico rexistrado nas nosas enquisas coma a información da que dispoñemos sobre a conduta alimentaria reflicten máis semellanzas que diferenzas. Algunhas das características cualitativas do léxico presente nos CI estudados para toda Galicia xa foron descritas no volume derivado do LDG López Meirama & Álvarez de la Granja (2014), xa que nos criterios de procesamento desta obra hai unha relación detallada do léxico que se conserva nas listas de cada un dos ámbitos semánticos.

No marco da DL, e tendo en conta que un dos nosos obxectivos é avaliar a estabilidade dos datos recollidos no tempo, unha análise coma a que presentamos contribúe a comprender o posible impacto do contexto e das transformacións sociais nos resultados recollidos en dous momentos temporais. Coñecer mellor o impacto destes factores externos nas listas finais de palabras que se recollen pode ser especialmente interesante de cara ós usos aplicados da DL (ensino e aprendizaxe de linguas, avaliación de competencias, etc.).

6.1. Dispoñibilidade e consumo

6.1.1. Bebidas

Unha das particularidades que observamos no Capítulo 5 é a menor presenza de léxico relacionado coas bebidas alcólicas na mostra máis recente. No CI *Os alimentos e as bebidas*, dos 211 lemas recollidos en 2008-2009 que non se recolleron en 2020-2021, o 25,12 % son nomes de bebidas alcólicas (*brandy*, *vermú*), de combinados que as conteñen (*mojito*, *Malibú* con piña*) e de marcas de alcol (*Cacique**, *Absolut**). Se temos en conta a frecuencia absoluta das voces rexistradas só na mostra LDGC, o 32,15 % das 311 respostas que se corresponden con lemas non coincidentes (case un terzo) son bebidas alcólicas[1]. Tamén hai voces relacionadas coas bebidas alcólicas recollidas só en 2020-2021

[1]Como explicamos anteriormente, para algunhas das unidades que consideramos como bebidas alcólicas nesta clasificación existen versións non alcólicas, como é o caso das marcas de cervexa ou dalgúns combinados, por exemplo. Porén, incluímos todas estas voces nesta categoría ante a falta de indicación de que estean facendo referencia ás alternativas non alcólicas. Non estamos incluíndo entre os valores que

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

(*viño do país*, *pinta*, *clara de limón*, *Seagram's**, *Tanqueray**), mais estas teñen un peso menor no conxunto de voces novas: son o 2,11 % dos lemas novos (13 lemas de 615) e supoñen o 1,65 % das respostas (18 das 1.089 respostas que se corresponden con lemas únicos da mostra LD2020). En canto ás diferenzas na proporción de persoas que producen estas voces, hai 12 lemas relacionados co alcol cuxa frecuencia diminúe significativamente: son o 25,53 % das unidades que experimentan unha diminución da frecuencia significativa. Atópanse nesta lista as unidades *whisky*, *vodka*, *viño*, *ron*, *licor café* e *anís*, entre outras[2].

En canto ás diferenzas de posición, observamos que entre as 15 unidades máis dispoñibles o lema *viño* pasa do posto 4 (LDGC) ó 12 (LD2020). Entre as 200 unidades máis dispoñibles da mostra LDGC, na lista de lemas que máis postos descenden, aparecen *cana*, *champaña* e *calimocho*. Así mesmo, os lemas *anís* e *asente* atópanse entre os lemas con maiores descensos de posición en valores absolutos.

Dado que observamos que o léxico que fai referencia a bebidas alcólicas ten menor presenza na mostra máis recente, contrastamos estes resultados cos datos de consumo de alcol dispoñibles para o grupo de idade estudado. Para isto, botamos man principalmente da información que proporciona a enquisa bienal ESTUDES sobre o consumo de drogas na educación secundaria en España. Na análise empregamos os informes elaborados con datos de 2008 e de 2021 (Observatorio Español de las Drogas y las Adicciones 2008, 2022).

Os resultados da enquisa ESTUDES tamén mostran varios indicios dun menor consumo de alcol nos estudantes en 2021 respecto dos de 2008. Entre 2008 e 2021, a idade na que os adolescentes de entre 14 e 18 anos comezan a tomar alcol en España pasa dos 13,7 anos ós 14, a porcentaxe de persoas desta idade que consumiron alcol algunha vez na vida baixa do 81,2 % ó 73,9 % e as persoas que tomaron alcol nos últimos doce meses pasan de ser o 72,9 % dos enquisados a ser o 70,5 %. O informe de 2021 tamén indica un menor consumo de alcol respecto dos datos de 2019 e atribúe este descenso ás restricións que se aplicaron

presentamos lemas coma *borracheira* (LDGC), *cocteleira* (LD2020) e *coma etílico* (LD2020).

[2]En todos os rexistros do lema *anís*, agás nun da mostra LDGC, esta voz aparece contigua a outros nomes de bebidas alcólicas, polo que consideramos este lema na lista de bebidas alcólicas na análise e non cremos que o alumnado estivese pensando noutras acepcións do nome.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

ó sector do ocio nocturno motivadas pola Covid-19, que estaban vixentes durante a realización do traballo de campo da enquisa (Observatorio Español de las Drogas y las Adicciones 2022: 44). Cómpre recordar que unha parte dos nosos informantes son menores de idade e que terían dificultades para acceder a bebidas alcólicas nas súas casas.

A hipótese da pandemia é coherente cos resultados, sobre todo se temos en conta o feito de que a prevalencia do consumo de alcol nos últimos 30 días é exactamente a mesma en 2008 ca en 2018 (Observatorio Español de las Drogas y las Adicciones 2019) —58,5 % entre as persoas de 14 a 18 anos—, pero non parece suficiente para explicar a baixada se consideramos tamén os datos da enquisa de 2023 (Observatorio Español de las Drogas y las Adicciones 2023). O consumo de alcol nos últimos 30 días, nos datos de 2023, é do 56,6 %: é maior ca o consumo na pandemia, mais é igualmente dos valores máis baixos rexistrados desde 1994, ano no que se comezou a realizar a enquisa ESTUDES. Seguramente o feito de que, moi probablemente, o consumo de alcol entre os informantes que cubriron as enquisas en 2020-2021 fose menor ca o que facían os participantes de 2008-2009 explique (cando menos en parte) a diferenza que se observa entre as enquisas das mostras LDGC e LD2020.

Por outra parte, contrastamos os nosos datos de DL cos que proporcionan os paneis do Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación (2008, 2020) para Galicia, que teñen en conta a poboación globalmente e achegan datos sobre distintas bebidas específicas (non cuantifican globalmente o consumo de alcol). Aínda que seguramente os hábitos de consumo de alcol varíen segundo a idade, hai algunhas tendencias que coinciden entre os paneis e as nosas enquisas. Entre 2008 e 2020 descendeu o consumo de viño, un lema menos dispoñible e frecuente na mostra LD2020 ca na mostra LDGC e aumentou o consumo de xenebra, que é dos poucos lemas relacionados co alcol que foi producido por unha porcentaxe maior de informantes mostra LD2020, aínda que para este lema a diferenza de frecuencia non chega a ser significativa. Non obstante, no relativo a outros nomes de bebidas alcólicas, as tendencias non sempre seguen a mesma dirección nos paneis e nas enquisas.

No CI *Os obxectos colocados na mesa para a comida* tamén identificamos unidades léxicas que desaparecen, que son menos frecuentes ou que son menos dispoñibles que fan referencia a algunhas bebidas alcólicas. Só están nas listas de 2008-2009, entre outras, *lata de cervexa*,

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

vaso de chupito, *cunca de viño*, *bebida alcólica*, *botella de cervexa* e *vaso de whisky*; son (significativamente) menos frecuentes *xerra de viño* e *copa de viño* e experimentan cambios de posición destacables os lemas *copa de viño*, *botella de viño* e *xerra de viño*.

En canto ás bebidas non alcólicas, entre 2008-2009 e 2020-2021 desaparece das listas o lema *bebida refrescante* e aparece o lema novo *bebida azucrada*; baixan de frecuencia significativamente os lemas *laranxada*, *Coca-Cola**, *limoada*, *Fanta**, *leite*, *mosto* e *zume*; aumenta significativamente a frecuencia de *bebida enerxética* e *refresco* e experimentan baixadas de posicións relevantes *mosto*, *Kas**, *tónica*, *limoada* e *Pepsi**.

Os datos dos paneis de consumo mostran unha subida no consumo de bebidas refrescantes (de 33,54 kg en 2008 a 38,35 en 2020). Nos nosos datos, os nomes de moitas delas desaparecen ou son menos frecuentes, mais a voz *refresco* aumenta significativamente de frecuencia. En canto ás bebidas enerxéticas, o seu consumo non se rexistra no panel en 2008, mais aparece no de 2020, o que nos fai pensar que estas teñen un peso suficiente nos hábitos de consumo se se tomou a decisión de incluílas nos informes máis recentes. O consumo deste tipo de bebidas altas en cafeína tamén se rexistra na enquisa ESTUDES desde 2014. En 2021, no informe derivado da enquisa indicábase que a "prevalencia de consumo de bebidas energéticas en 2021 es la mayor de toda la serie analizada" (Observatorio Español de las Drogas y las Adicciones 2022: 70). No informe de 2023 repítese a afirmación (Observatorio Español de las Drogas y las Adicciones 2023). Estes valores parecen indicar que, ó contrario ca no consumo de alcol, estas bebidas seguen unha tendencia semellante á que seguían antes da Covid-19.

Neste ámbito semántico, cando menos no relacionado cos bebidas alcólicas, a relación entre consumo e dispoñibilidade parece clara, xa que está documentada unha baixada no consumo de alcol no grupo de idade estudado entre os anos nos que os nosos datos foron recollidos e hai distintos indicadores que mostran unha menor presenza de bebidas alcólicas e lemas relacionados na mostra LD2020. Para outras bebidas, non podemos afirmar co mesmo grao de seguridade que exista relación entre consumo e dispoñibilidade, aínda que é probable que o aumento significativo de frecuencia do lema *bebida enerxética* garde relación co maior consumo destas que se rexistra nas fontes que presentamos.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

6.1.2. Carne e produtos cárnicos

Nas voces relacionadas coa carne tamén observamos diferenzas entre ambas as mostras. Entre as unidades que desaparecen hai 41 que consideramos que fan referencia a produtos cárnicos (*rabo de porco*, *chuleta de tenreira*), nomes de animais comestibles (*capón*, *corzo*) e a elaboracións que conteñen carne (*macarróns á boloñesa*, *carne guisada*)[3]. Estes lemas constitúen o 19,43 % dos 211 lemas únicos da mostra LDGC e o 18,97 % das respostas non coincidentes desta. Tamén hai unidades únicas da mostra LD2020 que fan referencia á carne (*xamón cocido*, *croca*, *segredo*, *lágrima de polo*, *churrasco ao forno*), son 81: o 8,63 % dos lemas novos e o 7,44 % das respostas asociadas a estes.

Así mesmo, atopamos nomes de produtos cárnicos na listaxe de lemas que experimentan unha diferenza de frecuencia significativa. A maioría destes nomes son menos frecuentes nos datos da mostra LD2020 (*touciño*, *carne de porco*, *carne asada*, *chourizo*), o único lema relacionado coa carne cuxa frecuencia aumenta significativamente é *tenreira*. Neste caso, hai paralelismos entre o comportamento destas unidades nas nosas enquisas e a tendencia que se observa nos paneis do Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación (2008, 2020, 2021) para Galicia, tanto para o total de produtos cárnicos en xeral coma para a carne fresca: o consumo de ambos baixa entre 2008 e 2020-2021.

En canto ós lemas novos deste ámbito semántico, quizais algunhas voces non rexistradas anteriormente gardan relación coa aparición de novos nomes para distintos cortes de carne que se popularizaron nas cartas de restaurantes e nas etiquetas dos supermercados (*croca*, *segredo ibérico*, *pluma ibérica*). Aínda que é difícil atopar información sobre a entrada no mercado destes produtos, o nome *croca* co significado de peza de carne só se rexistra no corpus CORGA a partir de 2008 (Centro Ramón Piñeiro para a investigación en humanidades 2024). Tamén queremos destacar a recollida do lema *cachopo* nas enquisas da mostra LD2020,

[3] Igual que anteriormente consideramos bebidas alcólicas produtos que teñen alternativas non alcólicas, nos valores que presentamos para a carne consideramos que fan referencia a produtos cárnicos unidades coma *hot dog* (LDGC), *nuggets* (LD2020) e *kebab* (LD2020); aínda que poidan existir alternativas vexetais para estes produtos. Non temos en conta no reconto unidades xenéricas nas que a carne pode ou non estar presente, pero non é o ingrediente principal (*ramen*, *guiso*), agás se se mencionan explicitamente.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

unha preparación típica da cociña asturiana que se popularizou nos últimos anos.

Na análise dos datos para a carne e os produtos derivados desta obsérvase unha relación entre a baixada no consumo destes alimentos que reflicten os traballos de consumo alimentario e unha menor presenza dos nomes que os designan nas enquisas de 2020-2021. Esta menor presenza maniféstase tanto na abundancia de lemas relacionados coa carne na lista de voces que desaparecen coma no descenso significativo de frecuencia de nomes de produtos cárnicos. Non obstante, a frecuencia da voz *tenreira* aumenta significativamente e tamén se rexistran en 2020-2021 nomes novos de alimentos relacionados coa carne.

6.1.3. Peixes e mariscos

Os nomes relacionados co consumo de peixes, moluscos e crustáceos tamén son máis frecuentes e máis dispoñibles en 2008-2009 ca en 2020-2021. Nos datos que presentamos no Capítulo 5 hai 25 lemas desaparecidos que gardan relación con estes alimentos. Tamén se observan nomes de peixes e mariscos na lista de unidades cuxa frecuencia experimenta cambios significativos. Destes lemas, todos agás *dourada* foron producidos por unha proporción maior de persoas na mostra LDGC. Por último, se temos en conta as diferenzas de posición, *faneca* é o lema que máis postos baixa de todos os do CI *Os alimentos e as bebidas*, mais tamén hai outros exemplos de peixes e mariscos que ocupan postos máis baixos na lista dos maiores descensos de posición (*faneca*, *zamburiña*, *cigala*, *rape*). Entre as unidades deste ámbito semántico que máis posicións soben están os lemas *dourada*, *polbo á feira* e *ollomol*. Ademais, en base ós resultados expostos en Lago Caamaño (2024), no CI *Os alimentos e as bebidas* o léxico relacionado con este ámbito semántico pasa de constituír o 11,82 % dos lemas da mostra LDGC a supoñer o 8,25 % dos da mostra LD2020. Estas voces, que en 2008-2009 se correspondían co 10,42 % das respostas totais rexistradas, doce anos despois constitúen o 7,82 % das recollidas en 2020-2021. Outro indicador destacable que se empregou no traballo, que contribúe a expoñer o menor peso destas unidades na mostra máis recente, é a porcentaxe de informantes que produciu nas súas enquisas léxico desta categoría. Dos participantes da mostra LDGC, o 77,68 %

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

incluíu algunha unidade deste ámbito semántico nas súas enquisas, na mostra LD2020 esta porcentaxe é o 66,80 %[4].

No caso destes alimentos, tamén parece haber unha relación entre dispoñibilidade e consumo. Os datos consultados (Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación 2008, 2020, 2021) apuntan a un descenso do consumo per cápita de peixe, moluscos e crustáceos en Galicia, que pasa dos 34,33 kg en 2008[5] ós 30,27 en 2020 e baixa ata os 26,54 en 2021. Nos traballos sobre os hábitos alimentarios durante o confinamento (Pérez-Rodrigo et al. 2020, Sinisterra-Loaiza et al. 2020)[6], as persoas enquisadas declararon un maior consumo de peixe —os valores para o consumo de peixe, crustáceos e moluscos no panel de 2019 (Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación 2019) tamén son menores que en 2020— polo que sería interesante comprobar en datos máis recentes se a presenza de nomes destes produtos é aínda menor, para poder establecer unha relación máis segura entre consumo e dispoñibilidade.

Igual ca nos outros grupos de alimentos, se observamos os valores de dispoñibilidade ou frecuencia e consumo per cápita en especies concretas, apréciase que algunhas seguen a mesma tendencia (o atún e o salmón son máis consumidos en 2020-2021 e *atún* e *salmón* son máis frecuentes e dispoñibles na mostra LD2020), mais outros, por exemplo *polbo* e *dourada*, seguen a tendencia contraria: son máis dispoñibles, pero menos consumidos. En Lago Caamaño (2024) chegamos á conclusión de que os nomes de especies máis dispoñibles son nomes de especies moi consumidas, pero non todos os peixes e mariscos moi consumidos son altamente dispoñibles.

Por último, para este grupo de alimentos decidimos contrastar as listas de palabras que unicamente produciron as persoas de centros educativos en poboacións costeiras nas dúas mostras. Hai 4 lemas deste ámbito semántico que foron producidos só por alumnos de centros costeiros tanto en 2008-2009 coma en 2020-2021. Destes lemas, só un deles foi producido por máis dun informante en ambas as mostras: o lema *choupa* (só inclúe a variante *choupa* en 2020-2021 e inclúe as variantes

[4]Na metodoloxía empregada no traballo inclúense no reconto, ademais de nomes de especies e de tipos de animais (*marisco*, *peixe*, etc.), nomes de receitas que inclúen peixe e voces como *piscifactoría*, *peixeiro-a* e *lonxa*.

[5]Os valores presentados son os que inclúen os paneis nomeados como *total pesca*.

[6]Os datos do traballo de Sinisterra-Loaiza et al. (2020) son de participantes de Galicia, pero a media de idade dos informantes deste traballo é superior a 60 anos.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

choupa e *choupas* nos datos da mostra LDGC). As outras unidades coincidentes son *xiba*, *marraxo* e *anchoa*, que, cando menos nunha das mostras, foron producidas só por un informante. Aínda que estes son lemas pouco frecuentes, é posible que o hábitat facilite o coñecemento destes nomes ou que estas voces veñan á mente dalgúns falantes durante as probas, xa que a media de unidades relacionadas cos peixes é os mariscos nos cuestionarios tamén é lixeiramente superior nos centros educativos costeiros. Os resultados que se obtiveron en traballos previos sobre a presenza do galego no léxico dispoñible do español de Galicia (Álvarez de la Granja 2011, Álvarez de la Granja & López Meirama 2013) tamén mencionan esta relación entre o hábitat costeiro e a produción nas enquisas de voces relacionadas co mar, entre as cales destacan os nomes de peixes presentes nas costas galegas e de escasa comercialización (Álvarez de la Granja 2011: 60).

6.1.4. Verduras, froitas e outros alimentos vexetais

Así como algúns produtos de orixe animal (carnes, peixes, ovos e algúns lácteos) son menos frecuentes e menos dispoñibles na mostra LD2020, no caso das verduras, froitas e outros alimentos de orixe vexetal a tendencia é, en xeral, a contraria. Non hai exemplos de froitas nin verduras entre os 15 lemas que desaparecen máis dispoñibles e, en posicións máis baixas das listas de DL, tampouco abundan os nomes de alimentos de orixe vexetal que só se rexistraran na mostra LDGC. Citamos, a modo de exemplo, os lemas *croucho* e *cebolo*, que ningún participante de 2020-2021 incluíu nos seus cuestionarios. O primeiro deles foi producido por 2 persoas, o segundo só por un informante. A frecuencia dalgunhas voces do ámbito dos vexetais diminúe significativamente (*nabo*, *nabiza* e *pataca*[7]). O caso de *pataca* é destacable, xa que, a pesar da diminución de frecuencia, segue sendo o segundo lema máis dispoñible da mostra LD2020 e mantense no mesmo posto que ocupaba doce anos antes. Xavier Castro considera este alimento como "un dos arquetipos identitarios máis representativos"

[7] A frecuencia do lema *ameixa*, que pode facer referencia tanto a un molusco coma á froita da ameixeira, diminúe significativamente entre 2008-2009 e 2020-2201. Porén, o contexto en que se recolle este lema parece indicar que, nunha alta porcentaxe de casos, o nome parece facer referencia unicamente ó molusco. Por esta razón non interpretamos o seu descenso de frecuencia conxuntamente co doutros produtos vexetais.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

galegos (2010a: 110), os paneis de consumo mostran un consumo de pataca en Galicia maior ca a media de España e os lemas equivalentes en castelán nas listas de dispoñibilidade doutras localizacións tamén están, en xeral, en postos inferiores ca o que ocupa *pataca* nas listas do galego. Nos resultados do LDEG (López Meirama 2008) *patata* ocupa o quinto posto, o cuarto se temos en conta só os datos do LDEG da provincia de A Coruña. Trataremos esta particularidade na sección 6.2.2.

Nos datos de 2020-2021 hai máis lemas exclusivos da mostra que fan referencia a produtos vexetais ca nos datos de 2008-2009. Rexístranse por primeira vez na mostra LD2020 lemas como *avea*, *feixoa*, *alubia*, *batata* e *boniato*. Todos estes exemplos foron producidos por entre 3 e 5 informantes, polo que non son moi dispoñibles. En canto ós lemas cuxos aumentos de frecuencia son significativos, atopamos na lista nomes de froitas (*amorodo*, *mandarina*, o xenérico *froita*, *arando*, *uva*, *sandía*, *melón*, *caqui*), vexetais (*cabaza*, *brócoli*, *berenxena*, *ensalada*, *cabaciña*, *aguacate*), o nome dun froito seco (*améndoa*) e o nome dun legume (*garavanzo*). En canto ás diferenzas de posición, dos 15 lemas máis dispoñibles rexistrados no CI *Os alimentos e as bebidas*, todos os que daban nome a froitas ou hortalizas na mostra LDGC mantivéronse no mesmo posto (*pataca*, *leituga*) ou subiron posicións en 2020-2021 (*tomate*, *mazá*, *laranxa*); o lema *plátano*, que non estaba entre as 15 máis dispoñibles na mostra LDGC (estaba na posición 18) chega ata o posto 13 na mostra LD2020. Ademais, o lema *berenxena* sobe desde o posto 328 ata o 119 entre 2008-2009 e 2020-2021.

Así mesmo, os datos dos paneis mostran un aumento do consumo per cápita de froita en Galicia entre 2008 e 2020: o consumo de froita aumenta máis de 10 quilos (de 101,88 a 110,76) e o de hortalizas frescas sobe 8 quilos (de 50,41 a 58,85) (Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación 2008, 2020). En canto ó impacto da Covid-19 no consumo, en Pérez-Rodrigo et al. (2020) os participantes de menor idade (18-34 anos), de distintas localizacións de España, indicaron que durante o período de confinamento consumiron máis verduras e froitas do habitual. Os participantes do traballo sobre Galicia de Sinisterra-Loaiza et al. (2020) tamén aumentaron o seu consumo de verduras, froitas e legumes neste período, aínda que a media de idade dos informantes deste traballo é moi superior á dos nosos informantes. En Galicia, en datos publicados máis recentes (Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación 2022), o

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

consumo per cápita de hortalizas é de 46,27 quilos e o de froitas de 87,47. Son valores moi inferiores ós datos de 2020 e incluso menores ca os do consumo destes alimentos en 2008.

6.2. Globalización, tradición e tendencias alimentarias nos sistemas alimentarios do S. XXI

Como explicamos na introdución do Capítulo 6, nas enquisas de DL rexístrase léxico vinculado con distintos aspectos da vida das persoas. Nos resultados expostos no apartado 6.1 relacionamos os datos recollidos co consumo de determinados alimentos e bebidas, nesta sección centrámonos en contrastar os datos dos cuestionarios con outras tendencias relacionadas coa alimentación, a partir de léxico vinculado con estas tendencias que os informantes consideraron pertinente incluír nas enquisas en relación cos estímulos das tarefas.

Na caracterización dos sistemas alimentarios modernos e tradicionais que realizan Alan Beardsworth e Teresa Keil (1997: 33) inclúense os seguintes trazos como definitorios dos sistema modernos: a produción dos alimentos está deslocalizada, industrializada e altamente especializada; a maioría da poboación está desvincula da produción alimentaria e os alimentos están dispoñibles para consumilos independentemente da estacionalidade, sempre e cando as persoas teñan medios económicos para acceder a eles. Os debates sobre a adecuación e a sostibilidade deste modelo de produción e consumo tamén son unha das características destes sistemas.

Os autores consideran propia das sociedades postindustrias a erosión da confianza no sistema alimentario, que se produce debido á desaparición das pautas tradicionais, á desconexión respecto da produción dos alimentos e ós dificilmente accesibles (e ás veces mal divulgados) discursos que explican que se debe comer. A erosión da confianza na alimentación fai que aumente a ansiedade en relación coa comida e leva a que coexistan, nestes sistemas alimentarios, discursos científicos sobre a alimentación e discursos alternativos:

> Despite the fact that common-sense ideas and 'alternative' views on food manage to persist, it is the professionally accredited voice

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

> of the nutritionist, the dietician, the physician, the microbiologist, the toxicologist and the physiologist which speak with the greatest authority on matters nutritional. [...] Scientific knowledge can be subject to disturbing and bewildering changes of revolutionary significance, and its ideas are often largely inaccessible, except in the broadest terms, to those outside a specific discipline. Thus, scientific discourses on food and nutrition do not necessarily produce reassurance and confidence in the public mind. Indeed, the possibility exists that such discourses may also actively generate public anxiety (Beardsworth & Keil 1997: 159).

Tomando a descrición destes autores sobre os sistemas alimentarios modernos como punto de partida, a continuación comentamos particularidades do léxico rexistrado nas mostras que reflicten algunhas das características que propoñen Beardsworth & Keil (1997). A alimentación en Galicia no período estudado non experimentou cambios radicais, mais a nosa análise parece indicar que o alumnado da mostra máis recente produce máis voces relacionadas con novos alimentos e receitas de diversas culturas gastronómicas, coa saúde e a nutrición, coa produción e a orixe dos alimentos e con dietas baseadas en produtos vexetais.

6.2.1. Globalización e novos alimentos

No traballo de Contreras Hernández & Gracia Arnaiz (2005: 370-371), os autores explican que, a pesar da tendencia á homoxeneización ou mundialización no consumo alimentario, nas sociedades en que se dá esta homoxeneización tamén se desenvolve o interese por incorporar "los que podrían denominarse «alimentos étnicos»". A este feito súmase outra característica que os autores consideran que pode aplicarse a todos os continentes: o interese especial das persoas mozas pola comida rápida, exemplificada con alimentos coma as hamburguesas e os kebabs.

Na mostra de 2020-2021, *kebab* é o único nome de alimento que se rexistrou entre as 15 unidades novas máis dispoñibles do CI *Os alimentos e as bebidas*. Este nome fai referencia a unha preparación que ten a súa orixe en Oriente Medio, que se introduciu en Alemaña nos anos 70 e que na actualidade é unha comida rápida popular en toda Europa. En Galicia converteuse, nos últimos anos, nunha das opción de comida rápida presente nas cidades galegas e en moitas vilas. Na

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

análise presentamos *kebab* como lema novo, xa que non se rexistra na mostra LDGC e está presente na mostra LD2020. Porén, este lema xa se recollera nos datos de toda Galicia e fora producido por tres persoas (0,38 % dos informantes) doutras provincias coas grafías *kebab*, *kebap* e *kebbap*. Na mostra máis recente, o lema *kebab* foi producido por 10 persoas (2,06 % dos informantes), das cales nove empregaron a grafía *kebab* e unha empregou *kebap*. Tamén teñen a súa orixe en Oriente Medio alimentos coma o *faláfel*, que se vende con frecuencia nos mesmos establecementos ca os kebabs e o *hummus*. Estas dúas preparacións, que só se rexistraron na mostra LD2020, non conteñen carne e son habituais nas dietas das persoas vexetarianas.

Así mesmo, hai outros cambios nas enquisas que afectan a alimentos relacionados coa comida rápida. Por exemplo, o lema novo *McDonald's** só se recolle na mostra de 2020-2021 e os lemas *pizza* e *hamburguesa* aumentan de frecuencia e dispoñibilidade e están en postos máis altos na mostra LD2020.

Volvemos botar man do traballo de Contreras Hernández & Gracia Arnaiz (2005: 398), cuxos autores explican que a comida rápida ou comida lixo "es una forma de comer que puede identificar a los adolescentes frente a los adultos; de la misma manera que pueden identificarse, también, mediante una determinada forma de vestir, de hablar y por los lugares que frecuentan". Outro exemplo das preferencias deste grupo de idade atopámolo no traballo de hai máis de dez anos de Crawley (1993) sobre a alimentación dos adolescentes en Reino Unido, no que a autora explica que decidiu incluír información sobre alimentos de especial importancia nas dietas adolescentes, tales como hamburguesas, kebabs, pratos "étnicos" e pratos vexetarianos. Estas afirmacións lévannos a pensar que quizais algunhas destas voces serían menos dispoñibles e frecuentes se se realizaran as enquisas a poboación adulta.

Nas enquisas de 2020-2021 tamén aparecen nomes novos de alimentos, bebidas e preparacións doutras procedencias. Hai exemplos que podemos considerar, en sentido moi amplo, procedentes de Sudamérica e Centroamérica: *iuca*, *nachos*, *nachos con queixo*, *fajita guacamole burrito*, *batata*, *boniato*, *zapallo*, *tequeño*, *mate*, *taco*. Tamén hai lemas novos que fan referencia a produtos de orixe asiática (*kimchi*, *ramen*, *gyudon*, *mochi*, *edamame*, *curry*, *salsa de soia*, *tofu*, *wok*), a preparacións típicas doutros países europeos (*risoto*, *calzone*, *macaron*, *gofre*) e a produtos

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

que decidimos categorizar como procedentes dos Estados Unidos ou relacionados coa cultura estadounidense (*tortita*, *brownie*, *crema de cacahuete*, *crema de maní*, *cup-cake*.). A influencia cultural deste país, que mencionan Contreras Hernández & Gracia Arnaiz (2005) en relacion coa homoxeneización dos hábitos alimentarios no mundo, e a influencia do inglés poderían ser os motivos polos que unha persoa da mostra LD2020 produciu a forma coincidente co inglés *avocado* para referirse ó aguacate.

Algúns dos alimentos procedentes doutros continentes que se rexistran na mostra LD2020 entraron no mercado como superalimentos (*semente de chía*, *chía*, *quinoa*), comidas ás que adoitan asociarse propiedades beneficiosas para a saúde e que teñen as características de seren "new and unknown foods" (Franco Lucas et al. 2021: 6). É probable que outros nomes de alimentos rexistrados nas enquisas, coma o lema novo *xenxibre* ou o lema que aumenta de frecuencia significativamente *aguacate*, tamén leven asociadas connotacións de saúde positivas. No caso do *aguacate*, o consumo per cápita deste produto procedente do continente americano pasou de 0,27 quilos á 1,59 entre 2008 e 2020 (Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación 2008, 2020) e nas enquisas pasou de ser producido polo 1,79 % dos informantes de 2008-2009 a que o producise o 4,74 % en 2020-2021. En canto ó posto que ocupa nas lista de DL, sobe do posto 262 ó 123.

É complexo delimitar a que lle chamamos *novos alimentos* nesta sección, tomamos como punto de partida os datos de 2008-2009 e observamos as principais diferenzas. Tampouco temos información da orixe do alumnado que produce estes lemas, dos seus intereses e do consumo que fai das comidas e bebidas que cita. Non podemos saber se os ve nos supermercados ós que vai, se se comen na súa casa, se se venden en restaurantes da localidade en que vive nin se os viu nun vídeo en internet dunha receita de cociña. Porén, hai algúns casos particulares dos que podemos inferir parte desta información. Unha das persoas participantes da mostra LD2020, por exemplo, incluíu no seu cuestionario os lemas *gyudon*, *ramen* e *curry* no CI *Os alimentos e as bebidas*. Tamén incluíu no CI *Os xogos e as distraccións*, entre outras, a resposta *manga*. Podemos pensar que, neste caso, é moi posible que este informante teña un especial interese pola cultura xaponesa, mais quizais as causas de que outros participantes inclúan lemas semellantes sexan diferentes. O que sabemos con certeza é que na mostra LDGC tamén había exemplos, en menor

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

medida, de alimentos de procedencias diversas (*perrito caliente*, *crepe*, *dátil*, *lima*), algúns dos cales volven a rexistrarse nos cuestionarios en 2020-2021. Ambas as mostras recollen exemplos que mostran a natureza dos sistemas alimentarios modernos, nos que é posible adquirir unha grande variedade de produtos e alimentos e nos que existe contacto entre distintas gastronomías. Estas influencias doutras culturas parecen estar máis presentes na mente do alumnado ó cubrir as enquisas en 2020-2021.

6.2.2. O tradicional, o típico e a lingua galega

Nos lemas recollidos para o CI *Os alimentos e as bebidas* hai un grupo que se caracteriza por considerarse tradicionalmente como identificativos do modelo alimentario galego da primeira metade do século XX (Castro 2010a, Leis Trabazo et al. 2019). No contraste entre as mostras percibimos que algúns destes lemas baixaron de frecuencia entre as dúas recollidas de datos (*viño*, *pataca*, *nabo*, *chourizo*, *touciño*, *carne de porco*, *pan*, *nabiza*). Os datos dos paneis do Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación (2008, 2020) indican que entre 2008 e 2020 baixou o consumo de viño, de pataca (especialmente o consumo de pataca fresca, que baixa case 4 quilos), de chourizo, de carne de porco e de pan (hai case 10 quilos de diferenza).

Nos datos de DL tamén hai lemas que designan alimentos e comidas que acostuman considerarse típicas galegas. Os lemas *polbo*, *polbo á feira*, *xarda*, *xouba*, *churrasco*, *cachelo*, *cocido* e *filloa* son máis frecuentes nos datos de 2020-2021, aínda que a diferenza só é significativa para *cocido*. Outros lemas que fan referencia a estes alimentos son únicos da mostra LD2020 (*botelo*, *pastelón*, *polbo á galega*, *polbo galego*, *calleiro*, *lamprea*). Nesta mostra tamén aparecen como innovacións respecto da anterior os adxectivos *caseiro* e *tradicional*. Porén, hai nomes de produtos típicos ou tradicionais que son máis frecuentes na mostra de 2008-2009 (*broa*, *cacheira*, *lacón con grelos*).

Consideramos que esta falta de correspondencia só é aparente. Por unha parte, nas últimas décadas estase a producir unha modificación do modelo de consumo alimentario en Galicia que se afasta do tradicional, como demostran algúns estudos (Consellería de Sanidade 2008). Con todo, a pesar da existencia nas culturas alimentarias modernas de influencias de distintas gastronomías e da posibilidade de acceder a produtos de diferentes procedencias, é un trazo destes sistemas alimentarios a

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

revalorización dos alimentos tradicionais e caseiros como resposta á alimentación industrializada (Contreras Hernández & Gracia Arnaiz 2005, Medina 2005). Neste contexto, cabe destacar a recollida nas enquisas de nomes de indicacións de calidade e procedencia como *Tenreira galega** na mostra LDGC, *presa ibérica* e *segredo ibérico* na mostra LD2020 e *cocido galego* e *caldo galego* nas dúas mostras. Ademais, algunhas das voces recollidas son alimentos e preparacións protagonistas en distintas festas gastronómicas galegas (*filloa*, *lamprea*, *botelo*, *cocido*, *polbo*). É posible que, nalgúns casos, a aparición de lemas que dan nome a produtos típicos poida estar relacionada cunha valoración positiva destes alimentos ou coa reivindicación da tradición ou da identidade galega que se asocia con estes.

Tamén consideramos que a lingua da enquisa pode axudar a explicar a maior presenza de lemas que designan produtos típicos na enquisa máis recente. Unha parte dos informantes que participaron nas enquisas non empregan o galego como idioma de uso habitual única ou maioritaria e esta porcentaxe é maior en 2020-2021. Para algunhas destas persoas, ademais, o galego tampouco é unha lingua ambiental coa que teñan contacto con frecuencia máis alá da clase de galego. Se se produciu un aumento no alumnado que non se considera competente en lingua galega (IGE 2019) e se esta é unha lingua que algunhas persoas só escoitan na clase, é posible que boten man de léxico diferencial (que non coincide co castelán) para cubrir as enquisas por inseguridade e para evitar interferencias. Este recurso tamén podería estar sendo empregado por alumnas e alumnos independentemente da súa competencia, xa que as interferencias son fenómenos propios e esperables debido á situación de contacto de linguas.

Estas circunstancias poderían ser un dos motivos do aumento nas listas de voces diferenciais en varios dos CI estudados: aumentan de frecuencia significativamente algunhas palabras inequivocamente galegas *xantar*, *amorodo*, *cadeira*, *candea*, *candil*; e, en canto á posición, *ollomol* é o segundo lema que máis postos sobe entre 2008-2009 e 2020-2021 do CI *Os alimentos e as bebidas*. Outro exemplo que atopamos no CI *A roupa*, e que cremos que contribúe a reforzar a nosa hipótese, é o aumento significativo de frecuencia do lema *diadema*. Aínda que *diadema* non é propiamente unha forma diferencial, a non coincidencia entre o xénero gramatical que se lle asigna en galego e en castelán a este

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

substantivo fai que se trate nas clases de galego para corrixir o uso non normativo frecuente "a diadema". Nos datos da mostra LD2020, entre o alumnado que produce esta unidade hai tres persoas que a inclúen entre as primeiras respostas que producen no CI; unha delas prodúcea como primeira resposta e outra persoa escribe nas enquisas "o diadema", posiblemente para marcar que coñece o xénero do substantivo (non engade artigo ás outras respostas que proporciona). Na mesma liña, consideramos que outro dos recursos que emprega o alumnado da mostra LD2020 con maior frecuencia ca o alumnado do curso 2008-2009, ademais dos diferencialismos, é a produción de nomes de alimentos típicos galegos.

Entendemos que é posible que a menor presenza do galego como lingua habitual nas persoas participantes desta mostra poida estar a favorecer esta lectura do idioma como lingua marcada á que se asocian uns determinados valores (rural, tradicional). Este fenómeno recorda ó que se observa nalgúns traballos de español como lingua estranxeira (García Naranjo 2019, Sifrar Kajan 2012), nos que lemas que designan alimentos típicos de España (*tortilla*, *paella*, *jamón*) adoitan ser máis dispoñibles en aprendices de español como lingua extranxeira que nas enquisas de persoas que teñen o español como primeira lingua. Queremos destacar o feito de que, tanto na mostra de 2008-2009 coma na mostra de 2020-2021, é posible atopar, en distinta proporción, informantes que incluíron lemas coma *polbo* e *grelo* entre as 5 primeiras unidades dos seus cuestionarios —en 2008-2009 hai 11 persoas (3,27 %) que incluíron *grelo* entre as cinco primeiras palabras das súas enquisas e unha (0,30 %) que incluíu *polbo* nestas primeiras posicións, en 2020-2021 son 16 (3,30 %) as que inclúen *polbo* nestes postos e 12 (2,47) as que producen *grelo*—. En relación con isto, sen ter en conta o aspecto diferencial, cremos que é destacable o feito de que os lemas coincidentes entre ambas as linguas *licor (de) café*, *churrasco* e *percebe* son menos dispoñibles nos datos do LDEG (López Meirama 2008) ca nos do LDG (López Meirama & Álvarez de la Granja 2014), mais nos lemas *pizza* e *hamburguesa*, en datos separados no tempo 2 anos, sucede o contrario. Consideramos que estas diferenzas exemplifican os distintos valores que poderían asociar os participantes a cada unha das linguas na comunidade e mostran como estes valores poderían repercutir nas voces rexistradas nas enquisas.

Ante a imprecisión do concepto de tradición, un termo do que probablemente xa abusamos, queremos finalizar esta sección explicando

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

que, mentres que algúns dos lemas que baixan de frecuencia designan alimentos moi comúns na dieta habitual da poboación galega da primeira metade do século pasado, que parecen estar en retroceso tanto nas enquisas coma nos datos de consumo; outros asociados con produtos típicos galegos, sexan ou non consumidos, aumentan ou son novos na mostra máis recente. Consideramos que están relacionados con este feito tanto a revalorización da gastronomía tradicional propia dos sistemas alimentarios modernos coma os valores concretos asociados ás linguas da comunidade estudada. Porén, non cremos que sexa posible confirmar esta última hipótese con seguridade cos datos cos que contamos na actualidade. En traballos futuros sería de interese medir, de xeito experimental, a influencia destes factores.

6.2.3. Os obxectos nas cociñas

Nas mostras que analizamos identificamos algunhas diferenzas que gardan relación cos nomes de obxectos presentes nas cociñas. Ao contrario do que sucede co léxico que designa alimentos e bebidas, que podemos contrastar cos resultados de distintas investigacións para analizar se existe relación entre a dispoñibilidade e o consumo, non existen fontes a partir da cales coñecer cales eran as características maioritarias das cociñas en 2008-2009 e en 2020-2021 e que obxectos e utensilios estaban presentes nestas.

Por este motivo, neste apartado limitámonos a presentar algunhas diferenzas que observamos entre o léxico que producen as persoas participantes nas dúas mostras, sobre todo no CI *A cociña e os seus utensilios*, mais tamén no CI *Os obxectos colocados na mesa para a comida*, para comprobar que elementos presentes na cociña e na mesa están rexistrados nos cuestionarios dos informantes da mostra LDGC e da mostra LD2020.

Se atendemos ás unidades recollidas no CI *A cociña e os seus utensilios* da mostra LDGC, destaca a desaparición de lemas relacionados co gas e co lume (*gas butano*, *chave do gas*, *fogueira*, *forno de pedra*). Tamén podemos relacionar con estas unidades os lemas que desaparecen *macheta* (cando menos algunhas das ocorrencias desta unidade) e *trespés*, o primeiro dá nome a un obxecto que ten cabida nunha cociña na que se use a leña, o segundo nomea un utensilio que se emprega para cociñar no lume. Ademais destas unidades que desaparecen, os lemas *cociña de butano*, *lareira* e *cociña de ferro* diminúen de frecuencia significativamente.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Tamén diminúe a frecuencia do lema *cociña eléctrica*. En canto ás diferenzas de posición, dos lemas que estaban na mostra LDGC entre os 100 lemas máis dispoñibles, queremos resaltar que baixan posicións *cociña de ferro*, *cociña eléctrica*, *leña* e *bombona*. Aínda que *cociña eléctrica* tamén está entre as unidades cuxa frecuencia diminúe, quizais a menor presenza na mostra máis recente de léxico relacionado coas cociñas de gas, as cociñas de ferro e as lareiras teña que ver con que sexan menos habituais nas cociñas que coñecen as persoas que cubriron as enquisas de 2020-2021. En relación cos cambios nas cociñas, queremos mencionar a desaparición do lema *artesa*, propio das cociñas tradicionais galegas e que só foi producido nos datos da mostra LDGC. Con todo, esta unidade só fora rexistrada nun único cuestionario en 2008-2009.

Estes resultados parecen coherentes cos que se obtiveron na mostra LD2020 no mesmo CI: *indución* é un dos lemas novos máis dispoñibles; aparecen entre os lemas novos *cociña de vitrocerámica*, *placa*, *cociña de indución* e *fogón eléctrico*; o lema *vitro(cerámica)* aumenta de frecuencia significativamente e *vitro(cerámica)* sobe do posto 15 ó 8 dos lemas máis dispoñibles. Aínda que o lema *forno de leña* tamén é exclusivo da mostra LD2020, parece que a tendencia xeral é a que se recollan máis lemas que fan referencia á cociñas que empregan a electricidade que a cociñas ou métodos para quecer a casa que empregan leña ou gas.

Na mostra LD2020, así mesmo, aparecen abundantes exemplos de utensilios de cociña, cuxos nomes non se recolleran antes, que teñen funcións especializadas (*untador*, *termómetro*, *tamizador do tomate*, *centrifugadora de leituga*, *cortagalletas*, *soprete*) e pequenos electrodomésticos (*robot (de cociña)* —o lema novo máis dispoñible deste CI—, *iogureira*, *arroceira*, *máquina de café*, *panificadora*, *pota intelixente*). Non podemos saber cales deles xa estaban presentes nas casas galegas durante a recollida de datos do curso 2008-2009, mais consideramos interesante citar estes elementos que só se mencionaron en 2020-2021. Ademais destes obxectos, queremos resaltar a aparición do lema *móbil*, aínda que só un informante incluíu esta voz no seu cuestionario. Esta unidade non se recollera na mostra previa.

En canto á información que podemos obter a partir do CI *Os obxectos colocados na mesa para a comida*, chama a atención o feito de que desaparecen os lemas *palilleiro* e *escarvadentes* (*palilleiro* foi producido por cinco informantes en 2008-2009, *escarvadentes* por dous) e diminúe

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

significativamente a frecuencia de *palillo*. En relación con este fenómeno, non temos posibilidade de comprobar se este produto é menos frecuente nas mesas dos informantes de 2020-2021 do que era en 2008-2009. Tamén cremos relevante mencionar que son menos frecuentes algúns lemas relacionados co viño (*xerra de viño*, *copa de viño*) e desaparece o lema *cunca de viño*. Pola contra, *garrafa* é o lema novo máis dispoñible do CI (probablemente o alumnado tiña en mente unha garrafa de auga ó incluír esta unidade) e a frecuencia de *auga* aumenta significativamente. Por último, en relación con algúns nomes de obxectos, no contraste entre a mostra obsérvase que aumenta significativamente a frecuencia de *espátula* e diminúe a de *espumadeira*, *cuenco* aparece entre os lemas novos máis dispoñibles e *bol* aumenta de frecuencia significativamente.

Pola natureza dos nosos datos, non sabemos en que medida o léxico recollido nos CI *A cociña e os seus utensilios* e *Os obxectos colocados na mesa para a comida* é reflexo das cociñas e das mesas do alumnado enquisado nin que tipo de mesas ou cociñas teñen en mente para recuperar o léxico. Ademais, os dous CI nos que nos baseamos para extraer a información sobre os espazos son campos asociativos menos produtivos ca *Os alimentos e as bebidas* e as diferenzas danse, en xeral, entre unidades pouco frecuentes e dispoñibles. Por este motivo, son limitadas as conclusións que podemos extraer, mais consideramos de interese rexistrar estes cambios nos lemas recollidos nas enquisas, e na frecuencia destes, que poderían estar relacionados con cambios nos espazos domésticos da poboación estudada.

6.2.4. Vexetarianismo e veganismo

Xa comentamos que na mostra LD2020 son máis frecuentes e dispoñibles algúns lemas relacionados con vexetais e froitas. Así mesmo, nos datos analizados tamén observamos un aumento do léxico que fai referencia ás dietas nas que non se consomen produtos de orixe animal. Un exemplo é o lema *vexetariano*, que está presente entre os lemas novos máis dispoñibles e aparece nos cuestionarios de seis informantes. Na mostra completa do LDG para toda Galicia, só unha persoa incluíu esta palabra no seu cuestionario. Nos datos de 2020-2021 hai máis exemplos de lemas novos relacionados con este ámbito semántico en postos máis baixos das listas: *vegano*, *pescetariano*, *ovolactovexetariano*.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Tamén son máis frecuentes nas enquisas da mostra máis recente algúns produtos habituais neste tipo de pautas alimentarias. Aparecen entre as respostas das enquisas nomes de produtos altos en proteína vexetal antes non recollidos como *seitán* e *soia texturizada* (o lema *tofu* xa fora recollido, pero a súa frecuencia é maior en 2020), que son alimentos frecuentes nas dietas vexetarianas e veganas. Tamén se rexistran por primeira vez nomes de alimentos que poden considerarse alternativas vexetais a produtos de orixe animal como *hamburguesa vexetal* e os lemas relacionados coas bebidas vexetais *bebida vexetal*, *leite de soia* e *leite de améndoas*. Este tipo de produtos, como comentaremos a continuación, non só son consumidos por poboación que segue unha dieta vexetariana, senón que son cada vez máis frecuentes entre os consumidores en xeral.

A aparición de léxico relacionado con estas pautas alimentarias na mostra máis recente parece ter relación directa co aumento do número de persoas que as seguen documentado nos traballos sobre alimentación que consultarmos. No informe de Lantern (2021: 4) exponse: "En 2021, el 13,0 % de la población adulta se identifica como veggie, suponiendo 5,1 millones de consumidores veggies mayores de 18 años en España" (eran o 7,9 % en 2017 segundo o informe dese ano). Desta porcentaxe, no informe indícase que o 10,8 % dos españois considérase flexitariano, o 1,4 % vexetariano e o 0,8 % vegano[8]. Parece, polo tanto, que medra, cando menos, a tendencia a tomar menos produtos animais. Nas enquisas de 2020-2021, como exemplificamos nesta sección, rexistramos varios lemas que dan nome a estas pautas alimentarias.

No informe de Lantern (2021) cítase como motivo maioritario para seguir unha dieta flexitariana a saúde, mais parece que entre os vexetarianos a motivación principal é a preocupación polo benestar animal. As persoas que deciden evitar ou reducir o consumo de produtos animais tamén se preocupan pola sostibilidade. Non temos información sobre os hábitos alimentarios das persoas que participaron nas nosas enquisas, mais a inclusión nos cuestionarios de lemas como *matadoiro*, *maltrato animal*, *explotación económica* e *ecolóxico* no CI *Os alimentos e as bebidas*, xunto con outras coma *explotación*, *explotación de menores*, *explotación infantil*, *explotación laboral*, *contaminación* e *consumismo* no CI *A roupa*, lévanos

[8]No informe consideran *veganas* aquelas persoas que non consomen ningún produto de orixe animal, *vexetarianas* as que consomen lácteos, ovos e mel ademais de produtos vexetais e *flexitarianas* as que levan maioritariamente unha dieta vexetariana, pero toman esporadicamente carne, peixe e marisco.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

a pensar que algúns dos participantes da mostra LD2020 parecen estar preocupados por aspectos coma a ética e a sostibilidade na produción industrial.

No estudo de Lantern (2021) tamén se explica que as persoas que seguen dietas principalmente vexetais consomen con frecuencia produtos industriais que son alternativas a produtos animais, porén, tamén comentan que hai consumidores omnívoros que adoitan consumir este tipo de produtos, nomeadamente bebidas vexetais, mais tamén outros coma as hamburguesas vexetais. O panel de 2008 (Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación 2008) non inclúe datos sobre o consumo de bebidas vexetais, mais si que hai datos sobre o consumo destes produtos en 2020 (Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación 2020). Aínda que o consumo destas bebidas é moi inferior ó do leite de vaca, o feito de que fosen incluídas recentemente nos informes lévanos a pensar que o seu consumo é máis relevante do que o era en 2008.

No ámbito semántico do vexetarianismo e doutras pautas alimentarias relacionadas, os hábitos de consumo e as preocupacións das persoas participantes quedan recollidos nas enquisas de dispoñibilidade.

6.2.5. Nutrición, saúde e aspecto físico

Nesta sección comentamos a recollida nas enquisas de distintos lemas relacionados coa saúde, coa nutrición, co peso e co aspecto físico. As unidades deste tipo teñen claramente máis presenza nos datos da mostra LD2020 e moitas delas son novas ou aumentan de frecuencia entre 2008-2009 e 2020-2021. Nos datos da mostra LD2020 observamos que aparecen novos lemas relacionados coa saúde como *saúde* (é o quinto lema novo máis dispoñible), *enfermidade*, *problema vascular*, etc. Tamén aparecen só na mostra máis recente nomes de profesionais sanitarios (*nutricionista*, *endocrinólogo*), léxico relacionado con alerxias e intolerancias (*intolerancia*, *alerxia*) e cos alérxenos ou alimentos que as producen (*glute*, *sen lactosa*) e os nomes relacionados con medicamentos e suplementos *fármaco* e *melatonina*. Este último fai referencia a un composto presente en produtos para axudar a durmir.

En 2020-2021 tamén abundan os lemas que fan referencia a aspectos biolóxicos relacionados coa nutrición, a nutrientes e tipos de nutrientes e á composición ou calidade nutricional dos alimentos. Algunhas destas unidades foron recollidas por primeira vez en 2020-2021 (*enerxía*, *glícido*,

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

lípido, *caloría*, *sal mineral*, *calcio*, *nutrición*, *comida saudable*, *non saudable*, *bebida azucrada*, *hidratar(se)*, *hidratación*, *comida basura*, *aparello dixestivo*, *ciclo de Krebs*, *sistema dixestivo*, *bioloxía*, *pirámide alimentaria*, *nutriente*), outras, que xa foran recollidas na mostra de 2008-2009, experimentaron aumentos de frecuencia significativos (*graxa*) ou non significativos (a diferenza entre a proporción de persoas que producen *proteína* fronte ás que non na mostra LDGC e na mostra LD2020 obtén na proba de khi-cadrado un valor de p=0,054). Consideramos interesante a aparición dalgúns lemas relacionados con reclamos de saúde como *baixo en mineralización* ou *bífidus*, que quizais se recollan por influencia da linguaxe publicitaria. Na mostra LD2020 tamén se rexistran dous lemas únicos que fan referencia a molestias físicas relacionadas coa alimentación: *dor de barriga* e *dor de ventre*.

Ademais, entre os cuestionarios desta mostra hai lemas novos relacionados co peso (*engordar*, *dieta*, *adelgazar*, *obesidade*, *sobrepeso*, *perder peso*, *déficit calórico*, *IMC*) e lemas relacionados con trastornos da conduta alimentaria (*trastorno alimentario*, *trastorno da conduta alimentaria*, *anorexia*, *bulimia*) ou con sintomatoloxía asociada con estes (*obsesión*, *control*, *atracón*). As voces que teñen que ver con estes trastornos recóllense en cadeas como *adelgazar-control-obsesión* e *anorexia-bulimia-atracón*. Na mostra LDG para toda Galicia *anorexia* rexistrouse no CI *O corpo humano* unha vez e aparece en dúas enquisas de *A roupa*, mais ningún dos 800 informantes a incluíu no CI *Os alimentos e as bebidas*. Así mesmo, cremos de interese resaltar que nun dos cuestionarios aparece a resposta *llorar* ó final da lista de palabras do CI *Os alimentos e as bebidas*, que non chegou a lematizarse nin a incluírse nas listas debido ós criterios de procesamento. Aínda que esta é unha ocorrencia única e unha excepción, é un exemplo máis da aparición nas enquisas da concepción da comida como causante de malestar que describen Beardsworth & Keil (1997).

Outros lemas que podemos asociar co malestar neste CI son *adicción* e *desintoxicación*, rexistradas na mostra máis recente. A primeira delas, nunha das enquisas en que se recolle, rexístrase entre *coma etílico* e *bulimia*, polo que podería estar facendo referencia a unha conduta relacionada tanto co alcol coma coa alimentación. Na outra enquisa en que se rexistra aparece na cadea *bulimia-adicción-desintoxicación*.

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Na mostra LDGC tamén se rexistrou léxico destas categorías e algúns dos lemas que consideramos que gardan relación coa saúde e a nutrición aparecen en ambas as mostras. A maioría destas voces son máis frecuentes en 2020-2021 (*vitamina*, *proteína*, *hidrato (de carbono)*, *fibra*, *dixestión*, *san*), aínda que a diferenza só é significativa nún caso (*graxa*). Outros lemas coincidentes foron producidos por unha maior porcentaxe de persoas en 2008-2009 ca na mostra máis recente (*colesterol*, *deshidratación*). Entre as unidades relacionadas coa nutrición e a saúde que só se recolleron en 2008-2009 aparecen *gordo*, *obeso*, *omega 3*, *bebida light*, *ácido graxo*, *bebida sen azucre*, *deshidratar* e *desnutrido*. Todos estes exemplos teñen frecuencia 1.

A interpretación destes datos é complexa. Sabemos que nas sociedades occidentais está medrando a preocupación por saber que é comer ben ou comer de maneira saudable (Biltekoff 2012), mais non temos suficiente información para afirmar inequivocamente que a aparición de unidades como *engordar*, *obesidade* ou *perder peso* se deban a un interese por mellorar a saúde ou por baixar de peso por parte do alumnado. Non obstante, hai investigacións que indican que os adolescentes prefiren ser delgados e que esta preferencia está máis relacionada co interese en seren aceptados socialmente que cunha preocupación pola saúde (Rees et al. 2011). Este é o motivo polo que incluímos o aspecto físico no título desta sección, xa que consideramos probable que o feito de que o alumnado enquisado teña en mente cuestións relacionadas coa nutrición (ó escoitar o estímulo *Os alimentos e as bebidas*) pode gardar máis relación coa imaxe que coa saúde, cando menos para unha parte das persoas participantes. Cremos que a preocupación polo aspecto físico como un requirimento para a aceptación social que Rees et al. (2011) atribúen ás persoas deste grupo de idade podería explicar a aparición dos lemas novos *gordofobia* e *inseguridade* no CI *Os alimentos e as bebidas* na mostra de 2020-2021. Tamén é difícil interpretar o significado que poden ter para os participantes nas enquisas lemas como *dieta*. Este e outros lemas rexistrados poderían facer referencia simultaneamente á saúde, á nutrición e ó aspecto físico.

As diferenzas entre a presenza destas unidades sobre o total das producidas en ambas as mostras é un dos cambios que consideramos máis destacables na comparación dos datos de 2008-2009 e 2020-2021, xa que hai varios exemplos de lemas relacionados coa saúde e a nutrición entre

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

os 15 novos máis dispoñibles no CI *Os alimentos e as bebidas* (*comida basura*, *saúde*, *bebida azucrada*, *engordar*, *nutrición* e *dieta*). Ademais, na análise observamos que estes lemas non son producidos por informantes de características sociais específicas: aparecen en 2020-2021 lemas dos mencionados en enquisas de homes e mulleres de distintos hábitats, niveis socioculturais e centros educativos.

Para contextualizar os datos que obtivemos na mostra LD2020, cómpre volver mencionar o impacto da Covid-19. Hai distintas investigacións realizadas con datos de España (Pérez-Rodrigo et al. 2020, Romeo-Arroyo et al. 2020, Sinisterra-Loaiza et al. 2020) que apuntan a que houbo persoas que durante o confinamento intentaron adoptar hábitos alimentarios máis saudables ou consumiron máis alimentos saudables. É posible que esta preocupación polos hábitos repercutise na aparición destas unidades nas nosas enquisas. Porén, nos traballos consultados tamén se indica que houbo persoas ás que o estrés da situación as levou a empeorar os seus hábitos, a realizar máis inxestas, a comer alimentos menos saudables e, nalgúns casos, a aumentar de peso (Romeo-Arroyo et al. 2020, Sinisterra-Loaiza et al. 2020). En Pedreira Massa (2020), nun traballo que trata o impacto na saúde mental da infancia e na adolescencia en relación coa Covid-19, documéntase a tendencia a comer máis doces e alimentos procesados neste grupo de idade durante a pandemia, así como outras alteracións relacionadas coa alimentación. Quizais, se os hábitos dalgúns participantes empeoraron ou se estes estaban menos conformes co seu aspecto físico, estas preocupacións poidan explicar a aparición de léxico relacionado coa nutrición ou co peso nos seus cuestionarios.

En relación coa aparición de léxico relacionado cos trastornos alimentarios, hai fontes que explican que durante a pandemia da Covid-19 aumentaron os casos deste tipo de patoloxías en adolescentes ou empeoraron os síntomas das persoas que xa os tiñan diagnosticados (Solmi et al. 2021). Non obstante, incluso se non temos en conta a pandemia, no traballo de Galmiche et al. (2019), no que se teñen en conta os resultados de máis de 100 investigacións, descríbese un aumento claro da prevalencia destes trastornos en Europa entre os anos 2000 e 2018. A pesar de que a información que consultamos apunta a un aumento recente de casos destas patoloxías, no traballo de Lameiras Fernández et al. (2003: 28) con informantes universitarios do sur de Galicia xa se observaba que a maioría das mulleres enquisadas (70 %) e máis da metade dos homes

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

(52,8 %) desexaban pesar menos e tiñan medo a subir de peso. As autoras comentan no traballo que a insatisfacción corporal é unha das condutas de risco que poden derivar na aparición de trastornos relacionados coa alimentación.

Non podemos asegurar con certeza a motivación que levou a cada informante a incluír algunhas das unidades mencionadas nos seus cuestionarios, pero queda igualmente claro que os participantes de 2020-2021 tiveron máis presentes lemas relacionados con estes ámbitos cando responderon ó estímulo *Os alimentos e as bebidas*. Sería de interese contrastar as tendencias que observamos con datos sobre o galego recollidos pasada a pandemia. En datos semellantes sobre o español, no traballo inédito de Delgado-Olmos et al. (2023), as autoras contrastaron datos de 2021 e 2022. No CI *El cuerpo humano* observaron que o lema *trastornos alimenticios* se rexistrou por primeira vez en 2022 (no posto 134 das listas de dispoñibilidade) e que sucedeu o mesmo co lema *complejos*, que tamén aparece só nas listas de 2022 no CI *La ropa*. Estes resultados poderían indicar que despois da Covid-19 non necesariamente diminuíron os lemas relacionados coa preocupación polo aspecto físico.

6.2.6. Produción, orixe, procesamento e adquisición dos alimentos

Nos datos da mostra máis recente recolleuse léxico que non figuraba nas enquisas de 2008-2009 e que está relacionado coa orixe e produción dos alimentos, coa súa distribución, adquisición e conservación e co seu procesamento.

Con respecto á orixe dos alimentos que se consomen, podemos citar os lemas únicos da mostra LD2020 *piscifactoría*, *granxa*, *horta*, *lonxa*, *matadoiro*, *gandería*, *cultivar* e *cultivo*. As persoas participantes tamén produciron léxico relacionado co método de produción dos alimentos e co seu procesamento (*ecolóxico*, *transxénico*, *natural*, *artificial*, *bollería industrial*, *industria*, *(alimento) procesado*, *comida procesada*, *precociñado*, *embotellado*), coa súa distribución (*provedor*, *etiquetar*, *código de barras*, *marca*) e coas condicións da produción (*maltrato animal*, *explotación económica*). É probable que a inclusión destas dúas últimas unidades nos cuestionarios se faga desde un punto de vista crítico.

Os participantes da mostra LD2020 tamén teñen presentes á hora de cubrir as enquisas nomes de establecementos onde se poden comprar

USC UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

comidas e bebidas que non se recolleran nos datos de 2008-2009 (*tenda de comestibles*, *tenda*, *quiosco*, *praza de abastos*, *ultramarinos*, *panadería*, *peixería*, *supermercado* —a cuarta palabra nova máis dispoñible—, *mercado*, *carnicería*) e nomes de lugares onde poden consumilas (*pub*, *taberna*, *bar*). En 2020-2021, ademais, recolléronse nomes das profesións que se desenvolven nalgúns dos lugares mencionados (*cociñeiro*, *repoñedor*, *barman*, *camareiro*, *froiteira*, *peixeiro-a*, *caixeiro*) e voces relacionadas coa adquisición de produtos alimentarios: *compra semanal*, *comprar*, *mercar*, *oferta*. O alumnado que participou na recollida de datos máis recente tamén incluíu nas súas enquisas léxico relacionado co estado de conservación dos alimentos: *data de caducidade*, *data de expiración*, *en bo estado*, *caducar*, *podre*.

Así mesmo, destaca nos datos de 2020-2021 unha maior presenza de nomes relacionados cos envases e os materiais. No CI *Os alimentos e as bebidas*, *botella* é a sexta unidade nova máis dispoñible, mais tamén hai outras únicas da mostra LD2020 coma *pack*, *paquete*, *plástico*, *envase* e os nomes de preparados derivados do procesamento industrial *pos* e *preparado alimenticio*. No CI *Os obxectos colocados na mesa para a comida* son novos, entre outros, os lemas *garrafa* (é o lema novo máis dispoñible deste CI), *envase*, *bote de Cola Cao**, *bote de maionesa*, *caixa de cereais*, *bote de mostaza*, *bolsa de patacas*, *bote de maínzo*, *bolsa de leituga* e *Tetra Brik* de zume*.

